

ANTROPOLOXÍA MARIÑEIRA

Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía
In Memoriam Xosé Filgueira Valverde

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

ANTROPOLOXÍA MARIÑEIRA

ANTROPOLOXÍA MARIÑEIRA
Actas do Simposio Internacional in memoriam Xosé Filgueira Valverde

Pontevedra
10-12 de xullo, 1997

Presidente de Honra
ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Coordinador
FRANCISCO CALO LOURIDO



**CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**
Ponencia de Antropoloxía Cultural
Santiago de Compostela, 1998

Simposio Internacional Antropoloxía Mariñeira (1997. Pontevedra)

Antropoloxía Mariñeira: Actas do Simposio Internacional in memoriam Xosé Filgueira Valverde, Pontevedra, 10-12 de xullo de 1997 / [organizado pola] Ponencia de Antropoloxía Cultural ; coordinador, Francisco Calo Lourido. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, 1998. — 361 p. ; 24 cm

D.L. C-1.947-98. — ISBN 84-87172-37-7

1. Antropoloxía cultural-Congresos e asembleas, I. Ponencia de Antropoloxía Cultural, org. II. Calo Lourido, Francisco, coord.

39:061.3

EDITA:

ISBN: 84-87172-37-7
D.L.: C-1.947/98

IMPRIME:
Gráficas ATV

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

É ben certo que o Consello da Cultura Galega non foi creado coa finalidade de organizar xuntanzas nin simposios; pero si está explicitada estatutariamente a súa misión de incitador de temas relevantes para a cultura galega e que, polas razóns que sexa, non tiveron nin teñen a consideración debida. Que Galicia foi e é un país cun importantísimo potencial humano e económico adicado ás actividades relacionadas co mundo do mar é innegable. Chegue con dicir –sen entrar agora nos aspectos do marisqueo ou acuicultura- que ocupa o primeiro lugar, en canto ó total de tonelaxe das embarcacións, de entre tódolos estados que conforman a U.E. (270.577 t fronte ás 259.981 que ten Italia, a segunda na lista); pero, por coñecidas razóns, os investigadores, tanto historiadores como antropólogos, case sempre se mantiveron de costas a esta importantísima faceta da realidade galega.

Cando un dos organizadores deste simposio redactou o prólogo á súa memoria de licenciatura, elaborada sobre un porto de mar e defendida en 1974, e máis tarde considerada obra pioneira dentro do estado español, fixo notar que, se ben ós antropólogos lles interesa o alleo á súa cultura, o chocante, case todos –el tamén– teñen unha querencia especial por estudia-lo máis inmediato. Se isto é así, e a experiencia non ten trazas de negalo, non é de estrañar que, sendo naturais das cidades ou do rural campesiño a case totalidade dos grandes historiadores e antropólogos que ata hoxe produciu Galicia, a investigación do mundo mariñeiro estivera practicamente orfa de cultivadores. Isto foi o que motivou á Ponencia de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega a organizar un simposio que servira de revulsivo á comunidade científica galega.

Acordouse adicalo á memoria de D. Xosé Filgueira Valverde, Presidente que foi do Consello, fortemente vinculado ós membros da Ponencia noutras diferentes institucións e, sobre todo, con fondos lazos persoais, e investigador -tan esplendidamente bo como en tantos outros eidos da nosa cultura- que nos deixou traballos sobre os mareantes da súa ben amada cidade. E aí, precisamente, en Pontevedra, a gran vila mariñeira de antano, situouse a celebración das xornadas, deixando un día para traballar na illa que vixía a bocana da súa ría, o baluarte de Ons. As datas do mesmo foron os días 10-12 de xullo de 1997. Invitouse a especialistas de toda España, incluídas, como non podía ser menos, Baleares e Canarias, de Portugal, de Francia, dos EE.UU., de Suecia... Acudiron os que puideron, e xustificaron a súa ausencia os poucos imposibilitados de facelo, facilitando mesmo nomes de colegas interesados en participar. E transcorreron os días traballando conxuntamente os especialistas e un público novel interesadísimo sobre case tódolos aspectos relacionados co mundo mariñeiro, desde unha análise da obra do profesor Filgueira ó estudio da familia, do traballo no mar,

dos coñecementos empíricos, das crenzas, da relixiosidade, da arte popular, da musealización deste tipo de vida e cultura, da exposición etnográfica como punto de referencia comparativo de comunidades afastadas, de prácticas de pesca xa desaparecidas aquí, pero aínda vivas –posiblemente por pouco tempo- nas costas portuguesas, ou do papel da muller nas fábricas de conserva ata a territorialidade nos esquemas mentais dos pescadores.

O noso desexo inicial de converter Pontevedra nun foro de debate e posta a punto das diferentes vías de penetración antropolóxica nos eidos do mar resultou completamente satisfactorio; pero un simposio non remata ata que as actas, a transcrición do que nel se dixo, sae á luz e se pon a disposición de todos. Isto sucede precisamente agora, e facemos votos para que, unha vez na rúa, se esperten novas ansias e vocacións investigadoras que decidan marca-la derrota, seguindo o ronsel que aquí se trazou.

Non podemos rematar sen deixar constancia do noso agradecemento ó Instituto de Bacharelato "Torrente Ballester" de Pontevedra pola desinteresada e total cesión das súas instalacións para a celebración das sesións de traballo. Igualmente debemos lembrar aquí ó Museo de Pontevedra, do que D. Xosé foi **alma mater**, *e onde, loxicamente, se celebrou a sesión de clausura, acto que contou coa presencia do Excmo. Sr. Casares Mouriño, actual Presidente do Consello da Cultura Galega, a quen lle agradecemos as súas verbas. O persoal do Consello xogou un papel transcendental desde a preparación e desenvolvemento das actividades ata as correccións lingüísticas dos textos, os cales, seguindo a praxe habitual desta Ponencia, aparecen na lingua orixinal pola que optaron os diferentes autores. Para todos vaian, outra volta, as nosas gracias.*

Antonio Fraguas Fraguas. Presidente

Francisco Calo Lourido. Coordinador

INAUGURACIÓN DO SIMPOSIO

Antonio Fraguas Fraguas

DON XOSÉ FERNANDO FILGUEIRA VALVERDE

Imos facer unha presentación dun ilustre pontevedrés que pasou día a día, primeiro aprendendo e logo ensinando, pero sempre traballando. Un rapaz moi intelixente, seu pai era ilustre médico e un grande humanista; el, fillo único, acompañaba a seu pai ós parladoiros de moi sabios homes.

En silencio e sempre moi respectuoso con todos, atento ós dicires de homes tan ilustres como eran Caballero, catedrático e director do Instituto Xeral e Técnico de Pontevedra, único en toda a provincia; Landín Tobío, ilustre avogado, director do *Diario de Pontevedra* e director da Escola Normal. Valioso parladoiro onde Xosé Fernando, sentado ó lado de seu pai, escoitaba e aprendía. Ansioso de saber, de volta para a casa e na casa requiría algunha explicación a cousas das que no parladoiro se comentaran. E, con moito gusto, seu pai poñía en claro as dúbidas que lle expoñía. Por ser rapaz dunha memoria extraordinaria foi almacenando saberes dos que dispuña en todo momento.

No Instituto foi un alumno distinguido; eu coñecino cando vin estudiar por oficial en terceiro ano; el, algo máis novo ca min, levaba dianteira; Filgueira xa estudiaba cuarto cando eu estaba en terceiro.

Entrou na Universidade de Santiago no ano 1923 e alí, o 12 de outubro, un grupo de escolantes da Facultade de Filosofía e Letras foron de visita académica á Casa Grande de Ortoño, onde Rosalía pasou os dez primeiros anos da súa vida. Tal lembranza, cargada de emoción, e tal data foi a sinalada para a fundación do Seminario de Estudos Galegos. Sen sabelo, un grupo de amigos do Instituto de Pontevedra fundámola Sociedade da Lingua. Coincidencias de ansias por traballar polas cousas de Galicia. Ó chegar á facultade Sebastián González García-Paz, o meu grande amigo, por indicación de D. Antonio Losada Diéguez fomos traballar ó Seminario, do que xa era presidente D. Salvador Cabeza de León.

Xosé Fernando era o que máis traballaba, era o que facía as notas para a prensa, organizaba o intercambio, e preparou a publicación de *Arquivos*, onde se inclúe o seu traballo sobre os maios.

No ano 1933 fai, coma min, os Cursos de Selección en Madrid, e pouco despois opositou a cátedras e gañou a praza en Barcelona, de onde veu trasladado a Lugo e de Lugo para Pontevedra, cidade onde se xubilou.

Por ningunha cousa quixo saír de Pontevedra, negouse a ser catedrático de Lingua e Literatura Galegas na Universidade de Santiago, para vence-la negativa dixéronlle que podía desempeña-los cargos que tiña en Pontevedra pero non o convenceron; respondeu, entre outras razóns, que había moito que facer en Pontevedra. Aquí tiña o Instituto e o Museo, os dous centros de máis traballo. Preocupoulle sempre a cidade, só por iso lle agradou ser alcalde. Interesouse polo que podemos chama-los suplementos do Instituto: viaxes e coro; e no Museo polos proxectos como a obra magna de D. Casto Sampedro, que era preciso continuar, e D. Xosé Fernando foi ese discípulo que acabou revalorizando traballos e desenvolvendo proxectos de D. Casto. Endexamais descansou. Filgueira, volvemos dicir, traballou noite e día; foi prosista e poeta, historiador e arqueólogo; escribiu e publicou miles de artigos, máis de medio millar de libros e folletos, pronunciou tamén un milleiro de conferencias, que tiveron lugar en tódalas rexións españolas, en Portugal, Alemaña, Suíza, Italia, Francia e Inglaterra, e en América en Venezuela, lugares que eu recordo.

Foi nomeado Dr. Honoris Causa polas Universidades de Vigo e Santiago, asistiu a centros de congresos de tódalas preocupacións do Saber humano, tanto da terra coma do mar. D. Xosé Fernando Filgueira Valverde foi un dos grandes sabios que tivo Galicia.

En lembranza e ó redor da súa personalidade comeza este Simposio de saberes mariñeiros, amparo de lembranzas de murmurios que cantan as ondas do mar.

NOVO ACHEGAMENTO Á OBRA DE DON XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE: PONTEVEDRA E O MAR

Xosé Manuel González Reboredo
Ponencia de Antropoloxía Cultural do CCG
Sección de Etnografía do Instituto de Estudios Galegos "P. Sarmiento"

1. INTRODUCCIÓN

A presencia de Galicia e de investigadores galegos nas grandes sínteses de Antropoloxía feitas en Europa ou en América é realmente microscópica ou nula. Isto non é de estrañar se temos en conta que a antropoloxía española, na que se nos adoita enmarcar sen apreciar matices, tampouco está intensamente representada nese tipo de obras. Como exemplo, entre outros, podemos tomar o *Diccionario de Etnología y Antropología* dirixido por P. Bonté e M. Izard, publicado no orixinal francés en 1991 e traducido ó español en 1996[1]. Un percorrido de urxencia polo mesmo permitiunos contar un total de 231 colaboradores, cunha abafante maioría dos franceses, o que resulta lóxico pola procedencia da obra; pero, xunto con eles, tamén aparecen investigadores doutras nacionalidades e estados. Mentres Gran Bretaña está representada por 12 colaboradores, Canadá por 11, EE.UU. por 10, Brasil por 4, Italia por 3, ou Bélxica, Portugal e Alemaña por 2, España figura cun único colaborador, xunto con países como Burkina Faso, Camerún, Suíza, Malasia ou a India. Escuálida representación que inmediatamente nos fai sospeitar que Galicia non só non figura con algún representante, senón que nin sequera é citada unha soa vez ó longo do texto. En definitiva, para calquera estudiante ou licenciado en Antropoloxía que, dentro ou fóra das nosas fronteiras, acuda a esta básica obra de consulta, Galicia non existe como lugar onde se desenvolva unha investigación antropolóxica de relevo.

Podería argumentarse que o *Diccionario* mencionado é unha obra na que se tende a falar de grandes áreas culturais e xeográficas máis que de países concretos. De tódolos xeitos esa nula presencia da nosa terra segue a ser manifesta cando consultamos algunha obra de publicación recente na que se aborda un tema tan interesante para nós, e tan candente na Galicia actual e pasada, como a etnicidade e o nacionalismo. Efectivamente, o investigador T. H. Eriksen, un especialista noruegués de contrastada solvencia, autor dunha destacada obra sobre o asunto, non cita nin unha vez a Galicia no seu texto[2].

---

1 P. BONTÉ e M. IZARD (eds.): *Diccionario de Etnología y Antropología*. Madrid, Akal, 1976.

2 Th. HYLLAND ERIKSEN: *Ethnicity & Nationalism*. London, Pluto Press; Colorado, Boulder, 1993.

Máis fortuna poderá te-lo lector se acode a obras de síntese editadas en España. O *Diccionario histórico de la Antropología española*, dirixido por C. Ortiz García e L. A. Sánchez Gómez e editado polo CSIC[3], inclúe unha boa lista de etnógrafos e institucións da Galicia do s. XIX e primeira parte do XX. Pero tamén aquí atopamos algunhas lagoas que son de lamentar nunha obra que pretende ser unha recompilación da antropoloxía hispana –entendida *lato sensu*– dende as súas orixes ata tempos recentes. É, por exemplo, mágoa que non se dedicasen aquí unhas liñas, cando menos, á sociedade "El Folklore Gallego", fundada na Coruña en 1883, ou tamén que se omitise algún etnógrafo, como o noso benquerido D. Antonio Fraguas.

Afastada da Universidade durante décadas, semella que a Antropoloxía en Galicia e feita por galegos (o mesmo que as súas irmás, o Folclore, a Etnografía e a Etnoloxía) non produciu nada de especial relevancia, ou os seus cultivadores non mereceron destacada atención por parte dos grandes santuarios da fe antropolóxica. Mais, de fronteiras para dentro, todos sabemos que, a partir especialmente do s. XIX, Galicia contou cunha manchea de investigadores nestes eidos, movidos as máis das veces polo amor á terra e polo entusiasmo que por unha profesionalidade ó servicio de institucións de ensino ou investigación. ¿Por que logo esta cativa presencia nos foros internacionais? ¿Será que os nosos etnógrafos, folcloristas e antropólogos non investigaron algo que merecese a pena? É posible que así sexa para aqueles que se moven en parámetros teóricos ou técnicas de achegamento ó obxecto de estudio distantes dos que se manexaron na nosa terra. Tamén é posible que esta nosa "pequena tradición" carecese dunha axeitada difusión que permitise dar a coñecer de maneira intensa os seus escritos máis alá das nosas fronteiras –lembro, con respecto a isto, que hai poucos anos, durante un Simposio dedicado a F. Bouza-Brey, unha investigadora non galega preguntoume quén era "ese señor"–. Fose polo que fose, o certo é que nós temos hoxe unha dobre obriga moral e intelectual. Por unha banda temos que esforzarnos por estudia-los antecedentes da nosa disciplina en Galicia, tratando de que eses antecedentes sexan coñecidos máis alá de Pedrafita, canto máis alá mellor (recorrendo, mesmo, a intentar escribir en publicacións estranxeiras e nos idiomas máis usuais nelas)[4]; por outra é preciso construír en Galicia unha investigación antropolóxica cada vez máis rigorosa, facendo as cousas nós sen que veñan facérnolas os de fóra (ou algún de aquí con mentalidade "foránea"), reclamando para iso a colaboración das autoridades na potenciación deste tipo de estudios e esforzándonos por elaborar unha antropoloxía verdadeiramente "nosa", unha antropoloxía *at home* sen complexos nin mimetismos aplicados mecanicamente.

As xa longas consideracións iniciais que acabamos de facer a xeito de insinuación perseguen un fin que cremos de interese neste simposio. É este o de chama-la atención sobre unha desas figuras do noso pasado á que este encontro está dedicado, inten-

---

[3] C. ORTIZ GARCÍA e L. A. SÁNCHEZ GÓMEZ (eds.): *Diccionario histórico de la Antropología española*. Madrid, CSIC, 1994.

[4] Neste sentido son de destacar algunhas propostas recollidas en J. R. LLOBERA: *La identidad de la Antropología*. Barcelona, Anagrama, 1990, p. 123-124.

tando unha nova lectura da súa producción etnohistórica, bastante descoñecida noutras terras. Referímonos, por suposto, a don Xosé Filgueira Valverde, erudito de variados saberes e home que serviu á cultura galega ó longo dunha dilatada vida. Comezaremos o noso achegamento facendo unha serie de consideracións xerais sobre a etnografía galega da primeira metade deste século, época de formación e consolidación de don Xosé, pasando logo a analizar algún dos seus escritos máis polo miúdo.

2. A ESCOLA ETNOGRÁFICA GALEGA DA PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XX

Galicia coñeceu a eclosión dunha importante xeración de estudiosos a finais dos anos dez e comezos dos vinte do presente século. Nacidos á vida intelectual nun momento de definición do galeguismo da preguerra civil –que creou movementos como o das *Irmandades da Fala*, que aglutinou a varias figuras na chamada *Xeración Nós* e que, en definitiva, deu lugar a unha institución de grande importancia científica e cultural, o *Seminario de Estudos Galegos*–, todos eles van ter unha concepción unitaria dos estudios que daquela se chamaban de Etnografía ou de Folclore, reservando o termo Antropoloxía para a Antropoloxía Física. Vicente Risco, Fermín Bouza-Brey, Xaquín Lorenzo Fernández, Xosé Ramón Fernández Oxea, A. Fraguas Fraguas, X. Filgueira Valverde, os irmáns Carré Alvarellos e, algo máis tarde, X. Taboada Chivite son algúns nomes deste grupo que deben figurar na historia dos estudios etnográficos ou etnohistóricos de Galicia. Dalgún en particular e de todos en xeral ocupáronse diversos estudiosos en tempos recentes, e nós mesmo temos estudiado a producción e conceptualizacións baralladas por eles en varios traballos[5]. Pero non quero deixar de abordar de novo este asunto

5 Entre os diversos escritos dedicados ó asunto destacámo-los seguintes:

M. MANDIANES: "Folklore, Etnografía y Etnología en Galicia". En A. AGUIRRE (ed.): *Historia de la Antropología española*. Barcelona, Boixareu, 1992, p. 57 e ss.

X. RODRÍGUEZ CAMPOS: "La Etnografía clásica en Galicia: ideas y proyectos". En VV.AA.: *Antropología de los pueblos de España.*. Madrid, Gredos, 1991, p. 99 e ss.

———— "Cultura e experiencia humana na Antropoloxía romántica de Galicia". *Actas do Simposio de Antropoloxía "In memoriam Fermín Bouza Brey"*. Santiago, Consello da Cultura Galega, 1994, p. 41 e ss.

X. M. VÁZQUEZ VARELA: "A Etnografía na obra de Fermín Bouza-Brey: un pasado con futuro". *Actas do Simposio de Antropoloxía "In memoriam Fermín Bouza Brey"*. Santiago, Consello da Cultura Galega, 1994, p. 49 e ss.

No que se refire ós nosos traballos sobre esta temática, son os que seguen:

X. M. GONZÁLEZ REBOREDO: "Elementos de identidade nos historiadores e etnógrafos galegos da primeira metade do século XX". *Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía Identidade e Territorio*. Santiago, Consello da Cultura Galega, 1990, p. 215 e ss.

———— "Xesús Taboada Chivite etnógrafo". *Actas do Simposio de Antropoloxía "Lindeiros da galeguidade II"*. Santiago, Consello da Cultura Galega, 1993, p. 15 e ss.

———— "Fermín Bouza-Brey, etnógrafo e folklorista". *Actas do Simposio de Antropoloxía "In memoriam Fermín Bouza Brey"*. Santiago, Consello da Cultura Galega 1994, p. 25 e ss.

———— "Vicente Risco e a Antropoloxía galega". *Congreso Vicente Risco*. Santiago, Xunta de Galicia, 1995, p. 235 e ss.

de maneira sintética, acudindo para comezar a verbas propias referidas a don Vicente Risco, extensibles ó noso homenaxeado e demais nomes antes citados:

> *... él y los demás etnógrafos de su tiempo compartían creencias como la de que la Etnografía es no solamente un saber específico, sino también una disciplina al servicio de la reconstrución de pasado, por lo que el historicismo es cuestión recurrente en sus escritos y la historia conjetural una constante a la búsqueda de horizontes histórico-culturales que justifiquen los datos manejados. Asumían todos –o casi todos–, además, un credo ideológico sustentado en el dogma de que Galicia es un país con peculiaridades físicas y culturales bien definidas, distintivas, dentro de un marco más amplio de civilización europeo-occidental de orientación atlántica, a pesar de las imposiciones foráneas que alejaron a los gallegos de este su universo «natural». Estaban, asimismo, influidos por un idealismo romántico en las interpretaciones generales, pero mezclado con un positivismo que les inclinaba a clasificar los fenómenos culturales como «hechos» más o menos objetivables, comparables y aislables de su contexto, del mismo modo que el químico puede aislar un elemento del complejo en que está incluído naturalmente (el oxígeno del agua, por ejemplo). Desde el punto de vista de las técnicas de trabajo de campo, combinaron en desiguales dosis, según la disponibilidad, la información escrita, el dato obtenido directamente y aquel otro dato procedente de informes de intermediarios, como las respuestas a cuestionarios. Les interesaban mucho las "cosas" y solamente de manera secundaria los "procesos" o el contexto amplio y sincrónico en que aquéllas se incardinan, por lo que buscaban respuestas genéricas y no se recreaban (salvo en aspectos como la literatura oral porque ésta era para ellos un documento) copiando verbalizaciones nativas... Se preocupaban por la forma y la comparación de formas, y se sentían atraidos por el dato más o menos insólito y original, o pretendidamente original. Estaban obsesionados por la pérdida de manifestaciones culturales del pueblo y trataban afanosamente de registrarlas antes de su desaparición. La cultura para ellos, en definitiva, aunque resida en la mente humana, se muestra en "objetos", en "cosas" (una cantiga, un refrán, un carro, una fiesta, un*

———— "A obra etnográfica de D. Xaquín Lorenzo Fernández". *Tecnoloxía tradicional: Dimensión patrimonial e valoración antropolóxica. Actas do Simposio Internacional In Memoriam Xaquín Lorenzo. Santiago*, Consello da Cultura Galega, 1996, p. 21 e ss.

———— *La construcción del texto etnográfico a través de dos autores*. Santiago, Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos (CSIC), MCMXCVI.

———— "Notas para una historia de la Antropología en Galicia". *Actas del II Congreso de Historia de la Antropología Española*. Badaxoz, Asociación de Psicología de Extremadura, 1996, p. 707 e ss.

santuario, una leyenda...), las cuales son reflejo de un sentimiento peculiar plural, pero con un número limitado de variantes que pueden ser tipificadas y clasificadas porque la unidad de las culturas particulares es premisa inevitable al admitir la existencia de un alma o "psique" colectiva y diferenciadora de los pueblos[6].

Os principios que acabamos de citar, moi vinculados a certas formas historicistas que presentou a Etnoloxía e o Folclore en Europa e na Península, presentan diversos matices segundo os autores, e mesmo segundo os estadios polos que pasa a súa produción. Mais, na maior parte da literatura etnográfica galega que vai de 1923 ata os anos setenta –con prolongación ata o presente nalgún caso concreto–, moitos deles son unha constante omnipresente. A Etnografía, ou tamén o Folclore, é un saber subordinado á Historia, á reconstrucción dun pasado que, en boa parte, aínda pervive agachado na tradición oral. Resulta por iso evidente que os nosos etnógrafos se achegasen á tradición histórico-cultural centroeuropea e, pola contra, se mantiveran á marxe da nacente Antropoloxía social cultivada esencialmente polos británicos, mais tamén con iniciadores e continuadores en Francia. Como temos indicado en máis dunha ocasión, o esforzo dos nosos etnógrafos céntrase fundamentalmente en recompilar e reconstruír, non en explicar ou interpretar, aínda que poidamos admiti-la reconstrucción como unha forma de explicación. Con esta postura non resulta raro que Historia e Etnografía vaian da man en moitos traballos, que o achegamento histórico teña unha clara tintura "étnica" e que o investigador tome documentos do pasado e testemuños etnográficos do presente –ou do pasado-próximo vivo na mente dos máis vellos– para descubri-las singularidades do noso pobo e as posibles relacións de afinidade xenética ou formal con outros pobos da nosa área de civilización. Se algún estudioso do desenvolvemento da Antropoloxía hispana afirma que este tipo de discurso, baseado na identidade, está moi afastado do discurso científico, máis , hai que entender esta crítica, ó noso xuízo, como unha crítica ás consecuencias que esta óptica pode traer consigo, é dicir, ás instrumentalizacións que se poidan facer dos datos presentados e da análise dos mesmos, ou da súa presentación descritivista; pero non cremos acertado deducir disto que os nosos etnógrafos careceron de rigor á hora de aplicar un método que, aínda tendo importantes deficiencias, non peca de moito menos "obxectivo" ca outros dos desenvolvidos noutras correntes polos mesmos tempos. Pois, se acusamos ós nosos etnógrafos e historiadores de manipuladores dos datos en función das súas crenzas particularistas, ¿non poderiamos acusar tamén, por exemplo, á Antropoloxía británica de estar vinculada a un fenómeno tan extra-científico como é o colonialismo?

Partindo do principio de que toda antropoloxía, ou etnografía, é en boa medida unha interpretación, ¿por que non admitir que esa interpretación pode xogar nun amplo

[6] X. M. GONZÁLEZ REBOREDO: *La construción del texto etnográfico...*, op. cit., p. 21.

[7] Sobre esta perspectiva ver, por exemplo, J. PRAT: "Historia. Estudio introductorio". En VV.AA.: *Antropología de los pueblos de España*. Madrid, Gredos, 1991, p. 13 e ss.

abano de posibilidades que van dende a identidade ata o universalismo? Á fin e ó cabo, se os homes son por unha banda iguais e todos participan de elementos comúns (linguaxe, cultura, sociedade...), por outra non podemos negar que as concrecións en que se manifesta esa unidade son plurais e diversas (linguas diferentes, estructuras sociais distintas, crenzas e valores contrapostos...). Dende esta perspectiva, tanto ten que o investigador elabore un discurso identitario ou un discurso universalista. Os dous dan conta de aspectos tan fundamentais do home como son a unidade do xénero humano e a pluralidade en que se manifesta. Establecer pontes entre unha e outra concepción é labor non só recomendable, senón tamén necesario, fuxindo así de particularismos radicais; criticar certas maneiras de recompila-los datos de campo, de seleccionalos e de interpretalos tamén é algo positivo. Mais negar que dende a identidade se pode construír un discurso antropolóxico coherente, mesmo creativo, parece ser unha hipercrítica esaxerada. Os galegos aprendemos dos etnógrafos/historiadores aquí citados unha cousa antropoloxicamente aceptable e non censurable culturalmente: deducimos o que era ser galegos polo que eles nos dixeron ou pola maneira que tiveron de interpreta-los trazos de cultura que estudiaron. A nosa tradición, neste sentido, non foi precisamente inventada, senón recomposta e readaptada a unha nova esfera sociocultural. O mesmo sucedeu noutras terras peninsulares e europeas, algunhas tan afastadas como Noruega, onde tamén unha nacente burguesía comezou a mirar para o mundo rural, atopando nel as chaves dunha identidade emerxente[8].

Calquera pode aducir que esa pretendida identidade é un constructo baseado máis nos prexuízos ideolóxicos que nunha interpretación seria dos feitos. Á fin e ó cabo, sería moi doado atopar numerosísimos elementos en Galicia, en Cataluña, en Bretaña, en Castela, en Noruega, etc. que non se diferencian dos presentes noutros pobos; mesmo sería posible atopar dentro da propia Galicia fondas desemellanzas. Todo isto era sabido polos nosos etnógrafos, pero non é impedimento para que se preguntasen por que, a final de contas, sempre hai un complexo de trazos culturais que son vivenciados globalmente como algo diferencial de cada pobo, tanto para os seus compoñentes como para os alleos. Nun recente achegamento a Vicente Risco, debido a J. L. Varela, aparece citada unha carta deste ilustre etnógrafo e pensador galego na que se fai eco da teoría de que o popular é sempre unha reproducción do elaborado pola cultura superior (a "Gran Tradición" como diría Redfield); mais Risco en seguida matiza este principio xenérico da maneira seguinte:

> "... mientras Ortega, comentando el mismo hecho, decía que lo único verdaderamente popular, en materia de indumentaria, es el andrajo. Pero el andrajo es universal, y el traje bávaro se distingue del gallego. El chambergo bávaro es del s. XVIII, el pucho de lá del XV y la montera posiblemente del XIV. Algo hay, pues, de diferente en lo

[8] O exemplo de Noruega tomámolo da xa citada obra de T. H. ERIKSEN: *Ethnicity & Nationalism*, p. 101 e ss.

popular. *El espíritu popular no produce, sino que reproduce. Ahora bien, produce algunas formas, otras las rechaza. ¿Por qué?*"[9].

As verbas de don Vicente, que conducen no seu caso a un diferencialismo historicista, son aplicables a tódolos etnógrafos galegos dos que estamos a falar, e tamén a don Xosé Filgueira Valverde. Como veremos a continuación, don Xosé, sen teorizacións previas, sen insistir en diferencialismos forzados, vai elaborar traballos que poderiamos clasificar na Etnohistoria e nos que debuxa un cadro de singularidade pontevedresa a partir de datos que, illadamente, poderían corresponder a calquera outra localidade, mais en conxunto xeran unha visión de pontevedresismo e de galeguismo indiscutibles.

3. PONTEVEDRA E O MAR

O profesor Filgueira deixounos algún escrito en que se comporta como etnógrafo, no que fai o que poderiamos chamar "etnografía tradicional" para distinguila da etnografía derivada da tan manida "observación participante". Un exemplo pode se-lo traballo dedicado á festa dos Maios, publicado no ano 1927. Del ocupámonos noutras ocasións e non imos insistir nos seus contidos por estar en grande parte afastado da cultura mariñeira[10]. Falaremos polo miúdo dalgún no que Pontevedra e o mar son protagonistas destacados, e no que o pasado histórico ocupa un lugar central.

No ano 1946 publica don Xosé o libro *Archivo de Mareantes*[11]. Trátase fundamentalmente dun inventario de toda a documentación referida ó vello gremio pontevedrés dos mareantes, que se gardaba e garda no Museo de Pontevedra. Pero o inventario documental vai precedido dun estudio introductorio que ocupa as primeiras 75 páxinas e que centrará o noso interese.

Unha primeira cuestión a mencionar de maneira xeral é que don Xosé trata de evocarnos o que era o arrabalde da Moureira e o citado gremio pontevedrés en tempos pasados, valéndose principalmente de documentación de arquivo e de tradicións e restos materiais, pero tamén fai un esforzo para amosar que a vinculación de Pontevedra ó mar non desapareceu de todo no presente século, malia a perda de capacidade portuaria por razóns naturais e culturais. Xa no primeiro capítulo, dedicado a "Pontevedra

---

[9] J. L. VARELA: "Sociedade e cultura xermanas en Risco". *Congreso Vicente Risco*. Santiago, Xunta de Galicia, 1995, p. 255 e ss. As frases en cursiva estaban en alemán na carta orixinal de Risco, mais nós incluímo-la traducción ó castelán que fai J. L. Varela para facilita-la comprensión do lector que non coñeza a lingua xermana.

[10] X. M. GONZÁLEZ REBOREDO: "Achegamento á obra etnográfica de D. Xosé Filgueira Valverde". *Actas do III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía Aplicada,* Santiago, Instituto de Estudios Galegos, 1997. Vol. 1, p. 19 e ss. Tamén se pode ver unha versión da nosa interpretación deste escrito de don Xosé na nosa colaboración titulada "O home e o erudito" e publicada en: *Primeiro Nadal sen Filgueira*. A Coruña, Hércules de Ediciones, 1996.

[11] J. FILGUEIRA VALVERDE: *Archivo de Mareantes*. Pontevedra, Museo de Pontevedra, MCMXLVI.

y las riquezas del mar" (pp. 1-7), advírtenos que en 1904 aínda contaba a vila do Lérez "con treinta y siete xeitos,que producían unas noventa y dos mil quinientas pesetas anuales, en total; siete jábegas, con un producto de setenta mil; veinte chinchorros, con cincuenta mil, y seis trabuquetes, con cuarenta y cinco mil..." (p. 5). Esta presencia dos pontevedreses nas actividades pesqueiras seguía, segundo o autor, nos tempos en que redacta o traballo, por moito que a Moureira tivese xa daquela perdida boa parte da súa faciana mariñeira.

Convén destacar que o profesor Filgueira establece unha continuidade entre o pasado, que el primordialmente estudia, e o presente, nun documentado intento de amosar que a tradición non morreu totalmente en Pontevedra. Esta mesma actitude podemos atopala noutra obra súa posterior, *El Corpus viejo de Pontevedra*, publicada no ano 1974[12]; tamén aquí don Xosé trata de poñer de manifesto que o Corpus aínda conserva curiosas pegadas gremiais que lembran tempos pasados. Calquera lector destes traballos ten a impresión de que Pontevedra segue a manter, encistado aquí ou acolá, o testemuño de vellas tradicións. O feito, ó noso modo de ver, ten unha certa importancia e require, en consecuencia, unha explicación. ¿Por que ese afán implícito de mirármonos no espello do pasado?

Unha primeira explicación, a máis elemental, xorde do feito de que don Xosé se enmarca, como antes dixemos, nunha tradición historicista na que o pasado serve de soporte e de explicación de cousas do presente. Un pasado que, para el e para os seus compañeiros de escola, non morre de todo para o home, como diría Fustel de Coulanges. Pero, afondado máis na mentalidade do noso persoeiro a partir do conxunto da súa obra, podemos deducir facilmente que para el Galicia chegara en tempos idos a un equilibrio entre os distintos compoñentes sociais que permitiu o mantemento dunha esencia galega ó longo dos séculos. Non importa que a dependencia política dos reis de Castela fora intensa; o que realmente lle importa é recalcar que os galegos, mesmo nesa situación, souberon manter tradicións, constituír corporacións e chegar a unha situación de complementariedade entre os distintos grupos sociais. En resumo, para o profesor Filgueira Galicia conservou ata o século XIX un conglomerado sociocultural que favoreceu a pervivencia dunha personalidade específica. A chegada de novas ideas, procedentes dun "novo réxime" que se implanta paseniñamente dende esas datas, vai ir metendo no trasteiro ese mundo idealizado na súa mente, aínda que a tradición, resistente a desaparecer, sobreviva en íntimos recunchos da vida local pontevedresa. Xa o profesor X. R. Barreiro Fernández, que se ocupou recentemente da figura do noso homenaxeado, destacou que tanto el coma os demais compoñentes do "Seminario de Estudos Galegos" respondían ó seguinte compromiso intelectual:

"Moi lonxe das taxonomías sociolóxicas que empezaban a circular por Europa no seu tempo, nun proceso de idealización simplifican a diversidade social a través do concepto cultural da etnia. A etnia, ou pobo, é o suxeito depositario e xerador da específica

[12] J. FILGUEIRA VALVERDE: "El Corpus viejo de Pontevedra". *El Museo de Pontevedra*. Pontevedra. Tomo XXIX (1974), p. 259 e ss.

cultura galega. O pobo está formado por labregos e mariñeiros, artesáns e menestrais, cregos e fidalgos; e todos eles, aínda que con funcións e estados diferenciados, constitúen unha unidade cultural solidamente integrada. Esta convivencia secular, de tensións minimizadas pola cohesión íntima da pertenza á propia cultura, é o que chamamos *pax gallaica*, modelo idealizado da sociedade galega que se mantén inalterable ata o século XIX"[13].

Estamos, sen dúbida, ante unha proposta romántica que dirixe as miradas á historia para atopar uns ideais que, se ben non se poden resucitar integramente no presente, poden servir para consolidar unha identidade galega –ou pontevedresa neste caso– baseada nese mundo ido. Esa sensación de equilibrio ideal manifféstase, na nosa opinión, mesmo nas descricións que nos fai da cidade de Pontevedra e do barrio mariñeiro da Moureira no capítulo segundo, titulado "La Moureira, arrabal marinero de Pontevedra" (pp. 9-13). Aquí distingue, primeiramente, os dous grandes sectores en que se dividía a vella Pontevedra: "el núcleo eclesiástico y mercantil, de murallas adentro; la «villa» itineraria y el Arrabal, por antonomasia, la «Moureira» de los pescadores" (p. 9). Mais non atopamos na lectura de todo este capítulo, nin nos outros, nada importante que nos fale de antagonismos insalvables, de "loitas de clase" ou conflictos tan habituais noutros historiadores e mesmo antropólogos. Despois de nos dar unha coherente interpretación etimolóxica do topónimo Moureira, que relaciona co latín «muria», compoñente de «sale muria», é dicir, salmoira (moi vinculada á conservación do peixe), don Xosé emprende a tarefa de debuxar un fermoso cadro de como eran a vila e o arrabal de antano. A dicotomía abaixo/arriba é utilizada topograficamente, pero tamén retoricamente, para delimitar ámbolos compoñentes do conxunto urbano da maneira seguinte:

> "En lo alto, dominando y protegiendo el Arrabal, la iglesia de Santa María, y los palacios arzobispales, sobre un otero, donde en la época romana había estado el foro y donde radicaban las torres mayores de la muralla... Abajo, los hogares marineros, cuyas ventanas se abrían sobre el mar, tendían, aguas adentro, los tentáculos de sus peiraos, con escalera central y alas laterales para la descarga. Cada uno de estos muelles caseros, familiares, era sede de una de aquellas comunidades de trabajo que fueron los cercos. El «cerco» llevaba muchas veces el nombre del «peirao» donde se constituía..." (p. 11).

Como se pode apreciar lendo o conxunto do escrito, non hai na descrición, da que demos unha pequena mostra, cousa que apunte cara a enfrontamentos graves, que faga pensar que entre ese "arriba" vilego, eclesiástico e señorial, e ese "abaixo" mariñeiro e gremial exista tensión que chegue máis alá dalgunhas rifas xudiciais ou enfrontamentos

[13] X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ: "Historiador de Galicia". En *Primeiro Nadal sen Filgueira*. A Coruña, Hércules de Ediciones, 1996, p. 31.

por cuestións de prevalecencia e protocolo. Estamos ante un deseño consciente desa citada *pax galaica* na súa versión de *pax* pontevedresa, reforzada por unha plurisecular delimitación de espacios e competencias: no Arrabalde só podían vivi-los que do mar se sustentaban, como indican as Ordenanzas de 1557, citadas por don Xosé. El mesmo completa esta descrición intriducíndose no texto ó final do capítulo para confirmar esa visión da que estamos falando. Velaquí as súas significativas palabas:

> "Tal fue el barrio pescador de Pontevedra, cuyos moradores, viviendo la cristiana y equitativa economía comunal de los cercos, desconocieron tanto la opulencia como la pobreza, y prefirieron, con arrogancia marinera, mejor que vivir ostentosamente, empeñarse en la obra colectiva de una colosal iglesia" (p. 13).

Trala descrición dos espacios físicos ocupados polo Arrabalde, segue o estudio cun capítulo III, titulado "Los orígenes del Arrabal y la formación del gremio" (p. 15-23), no que atopamos en plena acción o método historicista para buscar en tempos remotos as orixes do barrio e dos mareantes. Seguindo unha moda moi acorde coa escola en que don Xosé se enmarca, mergulla o autor no pasado afastado, detectando restos arqueolóxicos galaico-romanos e mesmo alusións das fontes clásicas que permiten asegurar "... la existencia de una población protohistórica que adquirió amplio desarrollo en la época romana..." (p. 16). Tamén acode ós restos do que el chama "mitoloxía popular", é dicir, á tradición oral pontevedresa, que conserva catro destes mitos ós que el presta atención: O «Urco», «As tres irmás», as «Lavandeiras» e o «Teucro». Non podemos facer un comentario polo miúdo do que o noso autor di destas lendas locais. Pero si procede insistir en que esta fusión do pasado arqueolóxico co presente etnográfico é unha práctica moi común na etnografía historicista, que acepta as tradicións do presente como ecos ou supervivencias doutros tempos, como documentos que persisten na memoria colectiva. O feito de que o cetro levado polo Vigairo dos mareantes se chame "O Teucro" e que se conserve a tradición de que Pontevedra foi fundada por este heroe clásico non é, para o profesor Filgueira, máis que unha substitución a partir do Renacemento dunha máis vella crenza que tiña a súa orixe no culto a Hércules, quen está representado precisamente no citado cetro dos mareantes. Como bo practicante do método de investigación baseado na posibilidade de distinguir diversos estratos temporais mediante a combinación de testemuños arqueolóxicos, históricos e folclóricos, pretende confirmar que na tradición local pervive, trastornada polo tempo, unha moi vella divindade pagá. Calquera que lea os escritos dos etnógrafos e historiadores do Seminario de Estudios Galegos sabe perfectamente que esta práctica era común e usual, o mesmo que sucedeu cos antropólogos e etnólogos europeos de finais do século XIX e comezos do presente (lembremos como exemplo que tamén Frazer combinou datos prehistóricos, da Antigüidade, da etnografía exótica e da tradición oral europea para construí-la súa teoría sobre a evolución das crenzas e a supervivencia de moitas delas; lembremos tamén que os etnólogos xermanos trataron, pola súa banda, de compaxinar presente etnográfico con pasado para reconstruí-los distintos niveis ou "círculos" de cultura).

De tódolos xeitos, don Xosé é consciente, e así o manifesta, de que todas estas vellas e fragmentarias pervivencias non xustifican a aparición dunha organización gremial que, en sentido estricto, non se pode documentar nin en Pontevedra nin noutra parte ata a Idade Media. Unha cousa sería, polo tanto, o xurdimento dunha entidade de poboación máis ou menos vinculada co mar e outra a constitución dun gremio de xentes do mar. A presencia deste último só se pode datar mediante a documentación dispoñible, da que se nos dá unha serie de referencias que arrincan do ano 1169, cando o monarca Fernando II concede *Fuero* a Pontevedra, e que se van consolidando a partir do século XIII. Para el é pouco probable que o gremio de mareantes derive dunha "sodalitas" romana, como insinuara D. Casto Sampedro, inclinándose por unha orixe medieval, aínda que contemple tamén a posibilidade de que existise unha organización pregremial que xustificaría a aparición posterior do poderoso "Gremio de Mareantes".

* * *

Establecido o marco físico no que vivían os mareantes pontevedreses, e fixadas as máis remotas orixes da vila e do gremio, completa don Xosé o seu percorrido histórico con tres capítulos titulados "El gremio como Cofradía religiosa: la advocación del Corpo Santo, la iglesia de Santa María y las solemnidades del Corpus" (pp. 25-39), "El 'Fuero' de los mareantes de Pontevedra" (pp. 41-46) e, por último, "El Gremio y su organización" (pp. 47-59). Sustentado o escrito a partir de aquí nunha máis ou menos abundante documentación, o conxunto dos tres capítulos pretende dar unha visión detallada da vertente relixiosa dos mariñeiros de Pontevedra, dos seus dereitos e prerrogativas específicas e tamén do seu funcionamento interno. En toda esta parte do escrito atopamos, nembargantes, algunhas cuestións que témo-la intención de comentar brevemente.

No primeiro deles fálanos de tres confrarías gremiais (amais doutras de devoción) que constituíron os mariñeiros da vila do Lérez, a do Corpo Santo, a máis importante e controlada polos armadores do cerco; a de San Miguel, constituída polo menos dende o s. XV e que agrupaba ós pescadores do xeito; e a de San Xoán, formada polos calafates e carpinteiros de ribeira. Das tres a máis destacada, a que podemos considerar como consubstancial co Gremio, era a do Corpo Santo. Seguidamente don Xosé ocúpase de clarexar quen era o patrón desta confraría e por que se trata de Pedro González Telmo ou, sinxelamente, Pedro Telmo. Aludindo de paso a que xa na paganía os fogos fatuos eran vistos polos navegantes como indicio de boa ou mala sorte na singradura, sinala a continuación que na Idade Media se desenvolveu un importante culto arredor dos corpos incorruptos. Precisamente isto sucedeu despois de 1246 co corpo do frade dominicano Pedro González, quen en vida foi un dos mais famosos predicadores da súa orde, con sona de milagreiro en relación co lume e coas tempestades. Invocado nas treboadas polos mariñeiros e asociado ó "fogo de Sant Elmo" que aparecía nos mastros das embarcacións, pasou o seu nome por unha evolución que, segundo o profesor Filgueira, sería a seguinte: 1- "Corpo Santo de Fray Pedro González", 2- "Fogo do Corpo Santo de Fr. Pedro González" e 3- "Fogo do Corpo santo de Fray Pedro González Telmo", ou, simplificado, "San Pedro Telmo". Converteuse así este frade en padrón de moitas confrarías de mareantes de Galicia ata que, tras substitucións

locais, os nosos mariñeiros optaron paseniñamente pola devoción á Virxe do Carme nos dous últimos séculos.

O asunto de San Pedro Telmo, unha impecable dedución historicista, vai acompañado neste capítulo da enumeración de prácticas devocionais que eran obrigadas para os mareantes pontevedreses, e tamén da construcción da igrexa de Santa María, importante obra do século XVI que foi súa grande empresa colectiva. Santa María, efectivamente, chegou a ser un referente simbólico fundamental para as mariñeirías locais, e por extensión para toda a vila. A súa construcción e o seu uso cotián por parte dos mariñeiros é unha boa mostra de como as comunidades humanas están necesitadas de contar con referentes simbólicos que conformen e sancionen "ad intra" a unidade ideal proclamada, pero que tamén sirvan como sinais "ad extra" da identidade do grupo, unha unidade que o texto do profesor Filgueira parece confirmar, malia a presencia de máis dunha confraría no seo da grande familia mariñeira pontevedresa, algo que faría sospeitar que ese ideal de unidade non sempre se logrou plenamente no plano simbólico, e posiblemente tampouco no real. A visión do noso investigador, dominada por ese principio de debuxar unha sociedade sen quebras importantes, segundo antes indicamos, non é propicia para descubrir detrás destes indicios de disonancia o soporte para un ensaio sobre o conflicto social. Para el os mareantes pontevedreses formaban un todo unido ó resto do corpo social por unha oculta lei "étnica" de complementariedade harmónica. A dialéctica do conflicto ten pouca cabida na concepción filgueiriana da historia e dos pobos. Facemos esta afirmación sen dar ás nosas verbas unha dimensión de crítica fonda do seu método; a visión idílica das sociedades ou comunidades foi practicada tamén no campo da Antropoloxía por eminentes investigadores da primeira metade do noso século, especialmente aqueles que, baseándose nunha óptica funcionalista, nos pintaron os grupos humanos que estudiaban como conxuntos perfectamente encaixados, sen fendas internas. Esta é, por exemplo, a tan coñecida visión dos trobriandeses por parte de Malinowski, ou a máis recente e próxima a nós da cultura andaluza de Pitt-Rivers, por citar dous exemplos sobranceiros. O que sucede é que as razóns que levan a estes antropólogos a construír un modelo idealizado das comunidades estudiadas non son as mesmas que guían a don Xosé. Eles son observadores dos homes dende a distancia cultural e afectiva, por moito que practicasen a "observación participante". Don Xosé foi, pola contra, un historiador e etnógrafo *at home*, que aspiraba a poñer diante dos galegos e pontevedreses un modelo do pasado para que lles servise de referente de identidade e de moral.

O segundo destes tres capítulos, dedicado ó «Fuero» dos mareantes, recolle diversos privilexios que actuan como tal *fuero* á falta de texto específico do mesmo. Monarcas, arcebispos-señores, dereitos con relación ó rexemento da vila e diversas franquías e privilexios consuetudinarios configúranse, segundo a presentación de don Xosé, como factores dun corpus legal que manifesta a importancia da corporación dos mareantes e dos seus cabezaleiros, denominados *vigairos*, que tiñan o tratamento de "Muy Magníficos" ou de "Muy Honrados Señores". De tódolos xeitos, consciente que todo este conxunto legal é xa cousa do pasado, pero mantendo o seu principio de que existiu unha vella e ideal *pax* pontevedresa da que poden quedar cativas reminiscencias,

remata este apartado cun parágrafo que podemos considerar como un canto saudoso duns tempos idos. Dí así o noso profesor:

> "Y hoy sólo queda de todo el «Fuero de Marcantes» aquel viejecito que, cada año, ante la custodia del Corpus, empuña el cetro de Hércules-Teucro, y esos otros seis que llevan, en compás de bogada, las varas de un desteñido palio barroco"(p. 46).

Como se pode apreciar, don Xosé xoga aquí con recursos retóricos para xerar no lector un sentimento de saudade do pasado. Expresións afectuosas como "viejecito", que coa sua idade avanzada é unha sorte de imaxe metafórica vivente doutros tempos, ou a lembranza da actividade mariñeira na expresión "compás de bogada", ou tamén o "desteñido" palio barroco son outros tantos medios expresivos para xerar no noso ánimo unha empatía para un período fondamente idealizado polo investigador-creador Filgueira Valverde.

Finalmente, e antes de entrar nunha descrición da documentación conservada, o noso autor dedica o terceiro dos capítulos antes citados á organización interna do gremio. Ordenanzas da actividade pesqueira, dereitos e sistema de elección dos «Vigairos» e outros cargos gremiais, concordias con outros portos ou a representación dos mareantes no Rexemento da vila son presentados como unha mostra máis da importancia dos homes de mar na vila de Pontevedra, reforzando a impresión de coherencia social e cultural que xa se viña consolidando nos capítulos anteriores.

* * *

Centrámo-las páxinas que anteceden na descrición-comentario dun escrito do profesor Filgueira no que se nos amosa como un investigador minucioso, atento ó que nos di a documentación conservada, pero tamén como un autor creativo, que constrúe unha imaxe específica e persoal do pasado pontevedrés. O seu texto non ten un carácter de mera enumeración de *res gestae*, senón que entraría máis ben dentro dunha historia interpretativa con proxección e futuro; o seu obxectivo último é crear unha conciencia moral do pasado para reafirmar unha identidade pontevedresa e galega baseada na historia. Nun xa citado escrito noso anterior descubrimos esta mesma actitude no seu traballo *El Corpus viejo de Pontevedra*. Pero tamén está presente noutros artigos, algúns de carácter divulgador, como o titulado "As touradas do mar", incluído nunha recompilación de escritos diversos seus no ano 1979[14]. Fálanos aquí das "corridas de arroaces", populares en Pontevedra ata ben entrado o século XIX e consistentes en cercar a esta especie de golfiño no fondo da ría, cabo da Moureira, para proceder a unha peculiar corrida na que, dende chalanas ou botes, os mariñeiros e vilegos xogaban e arpoaban a estes cetáceos. Unha vez máis, as súas verbas son evocación dun pasado visto a través dun espello para o que o autor mira con agarimo, non só no que se refire ás

[14] J. FILGUEIRA VALVERDE: " As touradas do mar". En *Adral*. Sada (A Coruña), Ediciós do Castro, 1979, p. 152 e ss.

corridas en si mesmas, senón á tradición conservada en moitas casas de Pontevedra de evocar un popular poema debido a José Benito Amado –"a poesía pontevedresa máis famosa de todo o século XIX", segundo el nos di–, no que, entre outras cousas, se fala destes famosos e, á vez, desventurados arroaces.

4. REMATE

Quedan aínda moitos outros escritos do profesor Filgueira Valverde que merecerían comentario polo miúdo. Mais o tempo e o espacio para esta achega están xa esgotados. Os exemplos aducidos e as consideracións iniciais que realizamos son unha boa mostra da concepción que tiña o noso querido don Xosé Filgueira, e tamén os seus compañeiros de xeración, do que debía se-la Historia ou a Antropoloxía. Estas disciplinas son concibidas, dende a súa perspectiva, como ferramentas de utilidade para que os homes do presente recompoñan a súa conciencia identitario-moral mediante a mirada no espello do pasado. Insistiremos aquí en que esta maneira de facer Historia/Antropoloxía ten unha nada desprezable carga de creatividade do autor. Malia presentarnos numerosos datos documentais que achegan "obxectividade" ó discurso, o que predomina como pano de fondo é unha interpretación propia do pasado na que o investigador-autor-creador se fai presente con claridade. Non é isto algo que nos deba estrañar, pois xa os grandes *capitostes* da chamada antropoloxía posmoderna teñen insistido reiteradamente nesta dimensión creativo-interpretativa do investigador[15]. E esta capacidade de reinterpreta-lo pasado é algo que temos que agradecer a don Xosé Filgueira (independentemente de que se comparta ou non a súa óptica), investigador e home de cultura que deixou un intenso traballo feito para ben de Galicia e da súa querida Pontevedra.

En discursos como o que acabo de presentar resulta case obrigado rematar cun eloxio do personaxe homenaxeado. Outros participantes neste simposio falarán moito e ben del. Eu, pola miña banda, voume limitar a repetir aquí o dito noutro lugar a xeito de despedida. Don Xosé publicou alá polos anos vinte un relato breve en prosa titulado *O vigairo*, centrado precisamente na figura que presidía o gremio de mareantes pontevedrés. Inclúe o noso persoeiro nesta obra creativa un parágrafo que nós pensamos no seu día que era tamén aplicable a el, pois foi un auténtico Vigairo da nosa cultura, respectado por todos e posuído dunha autoridade posiblemente criticable, mais sempre indiscutible. Isto decía don Xosé do Vigairo e, a xeito de plaxio amistoso, nós aplicámolo á súa persoa:

> "Non lle preguntedes quen é a ninguén na vila, que se moufará de vós, pois o Vigairo é coñecido, de ricos e probes, nos dous alciprestazgos de Morrazo e Salnés que molla a ría"[16].

[15] Baste, como exemplo, lembra-lo tan difundido libro de C. GEERTZ: *El antropólogo como autor.* Barcelona, Paidós, 1989.

[16] Incluímos este parágrafo por primeira vez na nosa colaboración en *Primeiro Nadal sen Filgueira*, citada na nota 9.

INDIVIDUALISMO FRONTE ÓS NOSOS, AFIRMACIÓN LOCAL CONTRA OS ALLEOS E DEFENSA DO TERRITORIO

Francisco Calo Lourido
Ponencia de Antropoloxía Cultural
do Consello da Cultura Galega

O único modo que o home ten de estar no mundo é dialecticamente. Sempre hai un *eu* e un *outro*, un *nosoutros* e un *vosoutros*. Non vou entrar nesta comunicación na relación, sempre conflictiva, entre os homes de mar e os labregos, entre o mariñeiro e "o que pisa onde pisa o boi", o que "troca cunca de leite por cunca de aceite", o que "non dá puntada sen nó", o que se presupón que "ten sempre millo no hórreo" ou "forra agachada", o que, en versión portuguesa da Póvoa de Varzim, non é máis que "peixe de coiro" (Cf. CALO, 1978 e GRAÇA, 1932). Do que me vou ocupar agora é de dar unhas cantas pinceladas sobre as tensas relacións laborais intracomunitarias para nunha segunda parte, sumados, pero non esquecidos, os intereses individuais dunha poboación, tratar da defensa colectiva, da afirmación como pobo, ou mellor como pragmática comunidade de intereses, fronte ós doutras poboacións, pola súa vez estructuradas cunha dialéctica idéntica.

Vou evitar intencionadamente traer a aquí, como vén sendo habitual neste tipo de traballos, unha batería de publicacións (e estando en inglés mellor) que veñan avalar ou contrastar en resalte o que eu vou dicir. Hai algunhas cuestións que coido que non resisten nin unha cativa discusión. Cando, en arqueoloxía, se escava un castro do s. I d. C., de época augusta, os achados e resultados son previsibles; cando se estudia unha comunidade de pescadores, os resultados, a priori, serán tamén semellantes ós de tódalas demais da mesma época e que conten cunha tecnoloxía semellante. Penso, por conseguinte, que, tanto nun caso coma no outro, o que pode ter interese é facer traballos teóricos, procurar discrepancias ou cartografar similitudes (o que será o máis probable). É evidente, despois do enunciado, que non penso descubrir cousas estrañas e disonantes, senón simplemente engadir uns datos máis, centrados nunhas comunidades específicas, a todo o publicado, e, en moitos casos, moi ben, pero, igual que agora, repetitivamente.

Despois de todo canto temos feito de traballo de campo e de todo canto temos lido sobre comunidades de pescadores dos máis variados países, non nos queda a menor dúbida de que os mariñeiros son necesariamente individualistas. A literatura antropolóxica ocupouse frecuentemente dos traballos comunitarios no mundo rural e, en ocasións, a impresión que sacamos, se tratamos de facer comparacións ou extrapolacións, é que hai que dar por feito que os homes de mar son, non só solidarios, senón mesmo de tendencia cooperativista. Concordamos, tan só como regra xeral, no primeiro, no da solidariedade, pero discrepamos case absolutamente no segundo; o cooperativismo só aparece nos mariñeiros cando se trata de defender intereses comunitarios fronte ós doutros

portos. Dito doutro xeito, cando se trata de defende-lo que se considera o territorio de explotación en propiedade.

O individualismo do mariñeiro vén inducido e fomentado xa desde o propio berce, e para demostrar isto chega con considerar unha pequena batería de datos. Vexamos.

Titulei un capítulo dun libro meu como "Un pouco de terra e un moito de mar" (CALO, 1996). Dentro dese pouco de terra está a cativeza da casa mariñeira. Sen entrar aquí en detalles, direi que era bastante habitual que estas casas constaran dunha cociña traseira e un cuarto dianteiro onde se gardaban aparellos, outro cuarto que servía de habitación ó matrimonio e, como moito, dous máis, un para tódolos fillos varóns e outro para as nenas. Nalgún lugar escribín que, cando os mociños chegaban a certa idade, deixaban pola noite a casa para ir dormir ó barco en que xa traballaban como "rapaces". Se, por unha banda, había unha saturación de persoas nun espacio reducido, por outra xa moi cedo ían deixando sitio para dormir mesmo en barco alleo. Agrávase esta situación pola necesidade que as familias tiñan de medrar, de ter moitos fillos varóns, pois "eran quiñóns que entraban na casa". É evidente que todo isto os ía desleigando do núcleo familiar.

No mundo labrego sempre hai que distinguir entre os que tiñan casa e terras e os caseteiros, bodegueiros, cabaneiros, etc., é dicir, os que non tiñan nada. Estes últimos eran os primeiros que emigraban, cando as circunstancias incitaban a isto, por non ter nada que os amarrase ó lugar. "A casa precisa de terra para enraizar os ocupantes" (ALMEIDA, 1986: 122-123). Unha casa labrega pode funcionar cunha familia extensa dentro, en relación directa á terra que teña, mentres que unha casa mariñeira é algo completamente diferente. Cando Lisón dicía que se prefería desface-la familia antes que desface-la casa non se estaba a referir precisamente a unha casa mariñeira (Cf. LISÓN, 1973: 117).

Se no Porto do Son se quere facer referencia a un labrego, o habitual é dicir: "Vén sendo da casa dos...", mentres que, ó falar dun mariñeiro, sempre se suprime a palabra casa. Hai clara conciencia de que non significa o mesmo. A casa mariñeira é exclusivamente un lugar físico, unha construcción, mentres que a labrega ten unha serie de connotacións moito máis complexas que non é do caso tratar aquí.

A familia mariñeira é tradicionalmente nuclear e, sempre que é posible, neolocal: "O casado casa quere". Nin o pai nin o sogro teñen capacidade de aglutinar debaixo nin ó redor deles unha familia extensa, pois as casas eran minúsculas e os bens escasos. O habitual era que o mariñeiro non tivera máis medios de producción que unha ou dúas liñas para pescar. El traballaba en barco alleo e percibía a cambio o seu quiñón. Os fillos, conforme ían chegando a unha certa idade, máis elevada segundo nos achegamos a hoxe, empezaban a ir ó mar en diferentes barcos; tiñan que ter tamén unha liña e, conseguintemente, xa posuían, para se manter, tanto coma o pai. Se eran mellores pescadores ca el, logo se sabía; se o barco no que andaban tiña mellor patrón, tripulación ou sorte, pescaban máis e cobraban á semana, o día de "face-las contas", unha cantidade superior a dos seus proxenitores; cantidade que, coma el, entregaban integramente á nai, pero iso é outra historia. Unha boa estratexia era te-los fillos distribuídos en diferentes barcos para compensar vicisitudes ou golpes de fortuna.

Evidentemente, en canto un fillo casa, independízase, e a familia nuclear base perde un quiñón. Nada disto varía no caso de que o pai sexa o patrón-armador, o dono do barco e dos aparellos, pois aínda así conviña, pola mesma estratexia anterior de prever e cubrir riscos, ter os fillos espallados en diferentes barcos, levando no propio incluso os doutros patróns. Era moi frecuente que un pai e un fillo nunca foran ó mar no mesmo barco, o cal os convertía en productores absolutamente independentes e, por razóns de tripulación, mesmo antagónicos, sen prexuízo de que, mentres durara a soltería do segundo, este achegara todo o diñeiro gañado á comunidade familiar.

Ter barco de seu é importantísimo e prestixioso nunha comunidade de pescadores, pero non ten o mesmo significado que no mundo labrego posuír terras, pois estas sempre estarán, mentres que os barcos saen para o mar "e moitas veces tórcense as cousas e non voltan, quedando alá moitos finadiños", como nos teñen contado no Porto do Son, e "o aparello que dorme fóra non é teu, porque non estás con el de guardia. A ti pícaseche o mar e lévacho. Non era teu porque era do mar, deixábalo alí e xogábalo". (Cf. GARCÍA ALLUT, 1996: 90). Os bens do pescador con medios son sempre inseguros, están diariamente expostos a desaparecer, polo que o fillo dun armador pode andar máis ou menos fachendoso, pero sen esquecer que a fortuna é veleidosa.

E así, xa desde que o rapaciño encomeza a vivir o mundo laboral que lle espera, ten moi presente que tan só pode contar co seu propio traballo, esforzo e sorte na vida. Nada pode esperar dos pais, pero, polo mesmo, sabe que ó casar, cousa que con frecuencia se facía ó volver do servicio militar, cando xa "viña cumplido", traballará exclusivamente para si e a súa muller, logo para os fillos que lle nacerán, agardando a que estes o fagan tamén para el ata que, chegado o tempo, igualmente, se independicen. Deste xeito se sucedían as xeracións.

Nalgún lugar describín o sinxelo ceremonial dos casamentos entre membros de familias de pescadores (Cf. CALO, 1978). Dun día para outro, sen solución de continuidade -pois se a voda se facía hoxe, mañá había que volver ó mar- o mozo pasaba de entrega-lo producto do seu traballo a súa nai a darllo á súa muller. Temos escoitado repetidas veces unha frase que sempre se emprega en sentido irónico cando un fai algo mal: "A calquera home de mar se lle pode dar unha filla", facendo alusión a que non tódolos mariñeiros son igualmente expertos e capaces para "defender" o seu traballo e sacar adiante unha familia.

Supoñamos que quen casa ten barco de seu, xa sexa porque o herdou, porque tiña uns aforros e o mercou, porque lle "deron un a mandar"... ou, desde a década dos 60, porque, despois de pasar uns anos na emigración, xuntou para el. Vai ser patrón, e isto implica unha responsabilidade moi grande, en función do número de tripulantes enrolados no barco. Un patrón que leve a bordo catro ou cinco mariñeiros casados sabe que son outras tantas familias as que dependen sobre todo do seu bo facer, polo que "...as compensation he was the absolute master of the boat, and often a real tyrant..." (CALO, 1984: 270). O mariñeiro debe saber pescar e facelo, pero o que ten que poñe-lo barco no lugar onde haxa pesca é o patrón e, ademais, se de liña se trata, non quedar por baixo dos demais en número de capturas. Dicía un patrón do Porto do Son, avó de quen isto escribe: "Se o mariñeiro pesca máis que o patrón, mal vai a cousa, pero se o patrón pesca máis que o mariñeiro, a cousa tampouco vai ben". Nesta frase queda condensado

que o mariñeiro ten que ser coñecedor do seu oficio, o patrón o mesmo e, ademais, saber leva-lo barco ó sitio. Se a pesca se fai habitualmente con aparellos, como desde hai uns anos vén sendo habitual, a importancia do rol do patrón aínda se distancia moito máis da do mariñeiro. Hai que ser moi fino marcando para poñe-lo barco xusto enriba dos peixes se se trata de collelos por medio dunhas liñas, pero pode ser que un mariñeiro, fondeados alí, teña mellor man que a do propio patrón, mentres que cando o que hai que facer é botar ó mar unhas redes non se necesita tanta precisión, pero o traballo do mariñeiro tamén é moitísimo menos técnico. Hai anos distinguíase moi ben nos portos de mar entre pescadores (de liña) e mariñeiros (xenérico ou de aparellos).

A vida dun patrón poderíase cualificar como de continua incerteza. Día tras día, e así sempre, ten que decidir a que mar enfila a proa do barco, sabendo que, se ten éxito, gañará sona entre os veciños e sacará adiante a súa familia e a dos homes que van con el, mentres que, se repetidamente non atina, vai perde-lo prestixio e a tripulación, que procurará barcos máis pescadores. Na linguaxe actual diriamos que se trata dunha vida altamente stressante. Sempre houbo bos patróns e "boieros", nome este que oín no Porto do Son para se referir a aqueles que espían e persiguen os barcos dos que saben ou largan as redes onde xa ven boias alleas. Estes non me interesan agora, pois todo o que vou dicir é obvio que o teñen acrecentado. Refirireime só ós bos patróns.

O pensamento único que, relacionado coa súa profesión, enche o seu tempo é *onde pescar mañá*. Está no mar e pensa niso; chega a porto e bota o peixe en terra, facéndose cargo da venda a muller, mentres el vai á casa, lávase, come algo e sae a tomar uns viños. Se lle foi ben, ou mellor que ós demais, decide volver mañá ó mesmo sitio e anda cos amigos despreocupado, sen facer maior esforzo, pois a práctica vén de sempre, para non descubrir onde pescou hoxe. Se, pola contra, non lle foi tan ben coma a outro, será el quen procure descubrir onde pescou este. Sabe que llo van negar, que lle van mentir, pero o xogo consiste niso: preguntar ós demais onde pescou fulano, cousa que evidentemente ninguén sabe, e, se ten boa relación co tal fulano, como moito insinuarlle mares onde puido ser que pescara, sen facer nunca a pregunta directa, a ver se deduce algo. Como todos se coñecen e non ignoran os saberes e as carencias dos demais, en moitas ocasións é posible deduci-la posta concreta. Dicíame un patrón falando doutro que ese día pescara moi ben, ó mesmo tempo que minimizaba os seus coñecementos: "Ese sabe unhas cantas pedras en Baia (Pragueira, Fatigueira...), pero sácalo de aí para fóra e non sabe onde está". Con este dato non era difícil dar con el no mar.

Tanto o meu traballo directo en moitos portos galegos como toda a literatura antropolóxica que sobre o mar teño manexado testemuña como características básicas do mariñeiro: o *individualismo*, a *mentira* e a *envexa*. Hai moitas outras, pero non interesan a esta comunicación. É evidente que as tres citadas están absolutamente interrelacionadas: o mariñeiro só conta consigo mesmo, non pode dicir ós demais onde matou o peixe porque o necesita todo para el e, se outro pescou máis, ten que envexalo para se motivar e ganarlle pola man se é posible.

Hai xa ben anos que un autor portugués, nun magnífico traballo para a época, veu isto mesmo na Fuzeta, comunidade de pescadores do sur, e expúxoo con claridade. Transcribamos as súas verbas: "Num condicionalismo desta natureza, onde a subsistência se joga diariamente, um certo grau de incerteza surge como uma característi-

ca estrutural do modo de vida dos pescadores. Face a ela, uma resposta comum parece ser o aumento de intensidade dos processos de competição pelos recursos, verificando-se uma tendência para os indivíduos confiarem e contarem, antes de mais, consigo próprios e agirem, primacialmente, segundo modelos de orientação individualista. Desenvolvem-se, assim, técnicas adaptadas a este tipo de situação -como o sigilo e a deformação relevante para o sucesso ou insucesso nas pescas, por exemplo- e cujo objectivo é alcançar e manter uma posição de relativa vantagem (ainda que temporária) no que respeita ao acesso aos recursos explorados comummente". "No mar não há amigos", "cada um desenvencilha-se como pode", etc. (OLIVEIRA, 1974: 369-377).

Anos máis tarde lemos nun traballo sobre Muxía (A Coruña): "El acceso a ellos (os recursos mariños) está regulado por un control de la información (secreto) que circula muy restringídamente en el interior de la unidad doméstica del marinero, el cual cuidará que no se filtre fuera de su contexto familiar ya que ello es parte del 'capital' que algún día dejará a sus hijos" (GARCÍA ALLUT, 1990a: 102). Neste caso, o autor non se refire tanto á información sobre a pesca do día, como ó coñecemento xeral sobre postas e hábitos dos peixes. Noutro traballo do mesmo autor e ano sobre o porto de Lira (A Coruña) volvemos atoparnos co mesmo (Cf. GARCÍA ALLUT, 1990b: 532-533). Pero, incidindo plenamente no anterior, podemos le-lo seguinte, referido neste caso a un porto asturiano, Cudillero: "El pescador debe arreglárselas por su cuenta y riesgo, confiando en su propio ingenio y trabajo para sobrevivir en un entorno de recursos inciertos y limitados. Los hombres de la mar se muestran poco solidarios entre sí, atribuyendo su éxito y logro al esfuerzo personal". "En la mar cada uno para sí", "cada cual que se safe o despesque", etc. (SÁNCHEZ FERNÁNDEZ, 1992: 111-112). Hai distancia temporal entre o traballo de Oliveira e este último, e moitas millas entre un porto do Algarve portugués e outro asturiano, pero as frases empregadas para explica-lo fenómeno son case idénticas; se se estivera a falar doutro tema, pensaríase en plaxio, pero o que realmente temos aquí é o que dixen ó principio: os mariñeiros, cun nivel tecnolóxico semellante, actúan de xeito similar para sobrevivir. É por isto polo que non ten sentido seguir a multiplicar exemplos idénticos polas costas europeas e americanas.

Desde o principio veño facendo referencia ós patróns, por ser deles a responsabilidade de "poñe-lo barco enriba do peixe"; pero toda a tripulación, por razóns idénticas ás expostas, gardarán o segredo e, neste caso, non hai nin relacións de parentesco; frases habituais nos portos de mar son: "cada quen que se safe", "cada quen ten que busca-la vida", "cada quen que faga por si", etc. Os compañeiros forman un bloque entrementres andan no mesmo barco, pero son moi frecuentes os cambios. Isto fai que os patróns nunca lles ensinen as marcas de pesca ós alleos (coñecemento que se reserva para eles e que plasmarán nas rutas que herdarán os fillos), pois, cambiando de barco, axudarían ó novo patrón a chegar ás postas máis pescadoras do anterior. Hai unha grande unión e un pacto tácito de silencio e segredo entrementres se é compañeiro, pero calquera motivo é suficiente para que o mariñeiro cambie de unidade productiva, polo que non se estraña en absoluto de que o patrón reserve para si os seus coñecementos. Considerando unha sociedade destas características, xunto coa posibilidade de que o fillo dun patrón-armador herde unha embarcación, non é infrecuente que haxa verdadeiras dinastías familiares de patróns. Estamos nunha clarísima e, para quen ignore o que veño dicindo, anacrónica sociedade gremial.

Os bens mobles do mariñeiro -barco con tódolos útiles e aparellos- dormen fóra, no mar ou no porto, polo que están expostos a que apareza "surrateiramente um engraçado, de mão leve, que se faz desatendido e corre a aguardar em lugar recatado a 'coisa achada" (LARANJEIRA, 1984: 509). Desviaríame -ou quizais non- do asunto agora tratado intentar, non xustificar, pero si explica-lo porqué de que o mariñeiro non teña excesivos poblemas de conciencia á hora de respecta-los bens alleos. Esta peculiaridade, por negativa e fea *a priori*, se non se tenta para ela unha razón ou xustificación, non aparece case nunca nin sequera citada nas monografías sobre comunidades de pescadores. Case como excepción atopámola ben detallada, e mesmo posta en relación directa co individualismo que nos está a ocupar, o que considero acertado, nun traballo sobre unha comunidade do litoral alentexano, Azenha do Mar (MENESES e MENDES, 1996: 102 ss.). No fondo todo participa desa loita, na que son válidas case tódalas artimañas, pola supervivencia individual.

É evidente que quen mellor coñece a un mariñeiro é outro mariñeiro veciño e por eso, tentando evita-lo anterior, van aparecer as marcas de propiedade, esas marcas que individualizan (sempre o individuo fronte ó grupo) e testemuñan a lexítima pertenza a un mariñeiro concreto. Despois do espléndido traballo de Graça sobre a Póvoa de Varzim (GRAÇA, 1932) son ben coñecidas as marcas que aqueles homes deixaron mesmo nas portas da igrexa de Sta. Tegra (A Guarda), a onde subían para revira-la tella, impetrando ventos do norte que os levaran de volta á Póvoa. Hai publicadas marcas de Esposende (NEIVA, 1987: 217-233), A Guarda (ALONSO, 1987: 121-136; FERREIRA LORENZO, 1995) e mesmo un catálogo dunha exposición na Póvoa de Varzim con abondosa bibliografía (S/A, 1979). Por non continuar con citas do noso mar, direi que tamén atopamos isto no Mediterráneo: "Con todo, las redes tejidas por la mujer, la barca, las estacas y demás pertrechos son de propiedad individual. Dichos pertrechos llevan bordado o grabado un signo o número que los identifica como pertenecientes a su dueño. Tales signos -'els senyals'-, junto con los instrumentos de pesca, son transmisibles por herencia" (SANMARTÍN, 1979: 140-141).

A vida do mariñeiro, facendo unha simplificación, redúcese a pescar e a procurar saber onde pescou outro barco que trouxo máis fartura. A tripulación deste, necesariamente, vese obrigada a ocultalo, e así entramos nesa dialéctica de silencios, enganos, medias verdades e falsidades, xogo no que todos participan, intercambiando os papeis segundo sopre a veleidosa sorte. Sae hoxe para o mar o que onte máis pescou e sabe que o seu rumbo está a ser controlado por outros, de aí que inicialmente colla para norte cando o que quere é ir ó sur; se xa está fondeado e pescando e ve vir un barco, manda ó proeiro que cobre ou arrie varias brazas o calamento para situarse fóra do sitio. Deste xeito, mentres o outro mire, non pescará peixe ningún e, se este é hábil e colle as marcas, non lle van valer de nada. Teño estado cun bo abadexo no anzol varias brazas por baixo da quilla e non poder metelo a bordo, por orde do patrón, ata que "o que ven á husma" se largue; por suposto, nunca antes da consabida e impertinente pregunta que, indefectiblemente leva por resposta: "Aquí non hai nada". Como din os mariñeiros: "O peixe hai que botalo enriba do muelle". No mar nunca hai nada. Nunha obra sobre pescadores nas Illas Canarias volvemos novamente ver reflectido todo canto levo dito, mesmo narrando situacións similares ó exemplo persoal que acabo de poñer (Cf. PASCUAL, 1991: 190).

Volvo repeti-lo que dixen ó encomezar este relatorio: non vai ser doado ver situacións novas analizando comunidades de pescadores cun grao tecnolóxico semellante. O chocante sería atopar unha poboación en que a fraternidade e a socialización con intercambio sincero de coñecementos e circunstancias de pesca fora o habitual. Se isto sucedera, coido que estaría moi berrado o concurso entre etnógrafos polo privilexio da exclusividade do seu estudio. Entrementres conformémonos con seguir punteando con cousas similares un mapa do mundo pesqueiro.

Entremos agora na segunda parte do que anuncia o título. As individualidades van formar un colectivo perfectamente identificado e homoxéneo soamente en dous casos. O primeiro, e absolutamente diferenciado, fronte ós labregos; o segundo, motivado exclusivamente polos mesmos intereses que os levan ó individualismo, ó engano e ó segredo dentro da propia comunidade, fronte ós mariñeiros doutros portos. Vexamos isto.

Seguindo coas premisas iniciais, non teño intención ningunha de traer a aquí citas de autores falando da súa idea da territorialidade no ámbito pesqueiro. Facer referencia agora, entre outros, a Hardin e á súa "Traxedia dos comuns" (HARDIN, 1968) non ten máis valor que incluírme na nómina de autores que recorren a el; pero non sendo este un traballo académico, non ten sentido citar por citar. Postos a iso, preferiría recorrir a traballos de autores máis próximos (ós que, estrañamente, nunca se fai referencia) como é o caso de José Luis GARCÍA (1976), quen, por certo, resalta continuamente as notas de exclusividade positiva e negativa que sempre leva implícitas a idea de territorio. Se isto se entende así para un territorio terrestre, sen ter isto presente resulta absolutamente inintelixible un territorio mariño. Cando Ferreira de ALMEIDA (1981) estudiou as freguesías no norte de Portugal, notou que os lindeiros das mesmas son máis precisos canto máis dispersa vive a poboación, precisamente para, deste xeito, afirma-la unidade parroquial. Unha freguesía cun único asentamente poboacional está moito máis cohesionada ca outra dividida en varios agrupamentos habitacionais, polo que non precisa duns lindeiros tan definidos, mentres que no segundo caso son moi necesarios, pois un dos lugares pode estar moito máis preto da matriz doutra freguesía limítrofe que da propia e corre o risco de deixar esta para engrosar aquela. Un porto de mar é un único núcleo de poboación, máis ou menos grande, cuns límites terrestres (os propios da freguesía), pero cuns lindeiros marítimos fluctuantes e sempre imprecisos.

Cando un mariñeiro do Porto do Son fala de Baia ou de Mar de Nebra está a citar postas de pesca *propias*. Refírese a elas como se realmente tivera escrituras de propiedade, mentres que se se trata das Basoñas, polo sur, ou do Profondo, polo norte, recoñece que son mares a compartir "de toda a vida" cos de Aguiño no primeiro caso e cos de Muros no segundo. Os pesqueiros próximos ó porto son indiscutiblemente para uso dos mariñeiros locais e calquera alleo que apareza por alí é considerado un intruso; pero cando as postas equidistan ou están moi lonxe de dous ou máis portos, en principio concordan en que teñen todos o mesmo dereito a pescar. Non é cousa de falar aquí de historia, pero quizais non sobre lembrar que os primeiros portos galegos, nacidos no s. XII, estaban situados no fondo de saco das diferentes rías (Noia, Pontevedra, Betanzos...). Pontevedra chegou a ter xurisdicción desde Baiona a Aguiño, pero realmente as súas pesquerías desenvolvéronse durante séculos no interior da propia ría; nos douscentos anos seguintes nacerán os portos situados nas entradas das rías (Muros, Porto do

Son, Cangas, Portonovo...) e tentarán competir cos anteriores nas postas do interior. Diferentes ordenanzas e preitos impediránllelo, polo que non teñen outra opción, para sobrevivir, que lanzarse a descubrir novos caladoiros de puntas para fóra. Deste xeito irá nacendo un territorio submarino que cada porto considerará da súa exclusiva propiedade por razóns de descuberta e explotación.

Ás postas de máis a fóra chegarían de xeito máis ou menos simultáneo os portos próximos con tecnoloxía naval semellante e os dereitos de explotación terán que ser, nunca de boa gana, compartidos. Este estado de cousas motivará que entre estes vellos enclaves da Baixa Idade Media as rivalidades foran constantes, chegando esta situación, aínda que hoxe sexa expresada dun xeito máis ou menos lúdico, ata os nosos días. Verifiquei nalgunha ocasión que canto máis próximo se atopa un porto doutro, precisamente por traballar nos mesmos mares, os problemas e o distanciamento entre eles son maiores. Poñamos un exemplo doutro nivel, pero clarificador. Un estreito río Miño separa Salvaterra de Monção, están a tiro de pedra; pero uns falan galego e tocan a gaita e outros exprésanse en portugués e tocan o acordeón, cando na citada Baixa Idade Media aínda falaban a mesma lingua e tocaban os mesmos instrumentos. Van alá moitos séculos de mala convivencia.

Vexamos agora unhas manifestacións do que aínda hoxe sucede entre Muros e Porto do Son, fronte por fronte na bocana dunha das rías e con intereses pesqueiros semellantes. Neste caso non hai imposicións foráneas de estados rivais, como sucedeu no exemplo anterior, o que non quita que se diga a coñecida frase de "todos eran galegos, menos o capitán que era de Muros". A competitividade pola exclusividade territorial dos caladoiros comúns fixo que no decurso dos tempos se rexistraran preitos de longa duración, se chegara a situacións violentas que se dirimiron múltiples veces, tanto no mar como en terra, en calquera das dúas costas. Houbo liortas, piques de boias e de aparellos no mar e de amarras en terra, con nocturnidade, para que os barcos foran ó garete, roubos, etc. ¿Que temos hoxe? Quedan unhas cancións tipo: "Os do Son son, / ¿e que son? / son ladróns, / ¿e que rouban? / rouban betas e risóns". Claro que os do Son tentan tamén ofender cantando: "Eu fun a Muros pescar / pesquei unha muradana, / se a pesquei fixen ben / durmín con ela na cama". Certamente, tampouco os de Fisterra podían ver moi ben ós do Son, pois doutro xeito non lles cantarían. "O Cristo de Fisterra / ten unha pistola d'ouro / pra meter medo ós do Son / por riba de Montelouro". Pola contra, non somos quen de saber, pola letra, onde naceu esta última cántiga: "Os de Muros son bos mozos, / os de Fisterra morenos, / os de Noia, zapateiros / e os do Son bos mariñeiros". Aínda hoxe, no Porto do Son, se di dunha persoa moi morena que é negra como os de Fisterra.

Os de Muros celebran a festividade do Carme na súa propia data, o 16 de xullo. Ata hai ben poucos anos (e hoxe aínda algún vello anda niso) os do Porto do Son estaban na "praia" espectantes para cronometra-lo tempo e a frecuencia dos foguetes que botaban durante a procesión; pola tarde saían os barcos do Son cargados de xente para a festa dos veciños. O Carme no Son celébrase o 8 de setembro (por razóns de cambio de aparellos que non vén agora a conto tratar). Ese día ten que haber moitos máis fogos que en Muros, onde tamén os están escoitando. Ó día seguinte é a festa e romería de Nosa Sra. do Loreto e os barcos de Muros, cheos de xente, atracaban na praia da Aguie-

ra para celebra-lo por eles chamado Lerete. Certamente tanto nun caso coma noutro, os desembarcos adoitaban ser bastante máis pacíficos que os reembarques ó remate das respectivas verbenas. Pero temos que recoñecer que isto non se debía exclusivamente ás tensións pola colisión de intereses pesqueiros, pois o mesmo sucedía en tódalas partes cos foráneos que chegaban á festa. Falando deste tema con vellos mariñeiros de Bueu, dicíanos un deles: "Os de Beluso viñan a Bueu a pelear, Os de Cangas ighual. Viñan os de Aldán... peleas seghidas".

Pero hai algo realmente significativo para percibi-la tradicional falta de (boas) relacións: as diferencias evidentes que se observan no vocabulario mariñeiro dos dous portos veciños. Ó que os de Muros chaman *bireles*, chaman os do Son *boureles*, e para estes son *mestas* o que para aqueles son *mitras*, e tantas outras variantes. Pero curiosamente podemos verificar que na veciña ría da Arousa os chamadeiros son idénticos ós do Porto do Son, cando resulta que os *xeiteiros* (estes nomes forman parte do vocabulario do xeito) que habitualmente traballaban xuntos eran os da propia ría. Este tema require un estudio máis polo miúdo, pero, como dixen ó principiar este apartado, semella que os portos máis próximos son precisamente os máis antagónicos e peor levados ata o extremo de procurar falar diferente.

Abundando nesta conflictiva relación entre comunidades próximas, traerei aquí un exemplo da costa norte portuguesa, concretamente de Vila do Conde e a súa case limítrofe Póvoa de Varzim. No extremo da primeira, pola banda do mar, está o barrio de pescadores da Cachina e practicamente ó lado están as casas dos mariñeiros da Póvoa. Como non podía ser menos, as relacións entre ámbolos dous grupos son tensas. Nun vello traballo feito coa metodoloxía da alemana escola de "Palabras e cousas" podemos le-lo que un rapaciño da Cachina lle dicía á investigadora: "Ólhi, Sinhora, bote tamém isto nos sês escritos, nû s'isqueça: os càtchinos sã munto bôs, num sã com'òs da Póboa que têm más (mais) corage pôs bê (vêem) o mal e num le *bótu*-na mõu" (NETTO, 1949: 25). Lembro agora unha anécdota que agradezo ó Dr. Costa Pinto. É ben sabido que os portugueses pescaban o bacallao desde, cando menos, o alborear do s. XVI (Cf. MOUTINHO, 1985). Empregaron durante varios séculos a mesma técnica: unha embarcación que transporta moitos homes e botes, os *doris*. Chegado o barco ó lugar elixido, alá nos bancos de Terranova, arría tódolos *doris* cun pescador a bordo; afástanse estes do barco e encomezan a pescar á liña; andan así todo o día e, á caída da tarde o sino do barco chama a todos a recollerse coa pesca. A chamada faise tamén cando o capitán ve que se vai calar un temporal ou se vai pechar de néboa (dous fenómenos habituais nesas latitudes). Nunha ocasión, e aí vai a anécdota, o barco chama ós *doris* e estes chegan ó costado; vaise botar enriba un equinocio, e o capitán, posiblemente de Aveiro, di: "Poveiros a bordo" e ve como soben un fato de mariñeiros, pero moitos outros quedan nos seus pequenos botes... e o mar xa estaba enriba. O capitán non sabe que pasa e alguén lle aconsella que diga: "Cachinas a bordo". Dito e feito; soben todos. Un cachina prefire quedar no mar correndo un temporal antes que se refuxiar no barco se se mencionou só ós veciños poveiros.

Porque desde sempre coñecín a conflictiva situación entre os do Porto do Son e os de Muros e souben de casos como o que acabo de relatar, quixen verificar se as peores relacións no mundo do mar se deron sempre entre os máis próximos. A min nun-

ca me convenceu a idea que OLIVEIRA (1974: 369-377) agradece ó profesor Twig Johnson da Universidade de Columbia, quen lle dixo, resumindo, que, se diferentes portos de mar próximos ou que actúan sobre os mesmos caladoiros se especializan en diferentes artes, non terán conflictos entre eles. É máis, a historia estábame a indica-lo contrario. Só a xeito de exemplo, direi que no ano de 1585 os veciños do Porto do Son poñen un preito que durará máis de 25 anos contra os de Noia, porque estes traballaban cos cercos reais e os do Son con xeitos (Cf. FABEIRO, 1968). Os do Son empregan xeitos, pero xa neste mesmo século XVI cambian ás volantas e angarellos, o que traerá un novo preito, este de varios séculos de duración, contra os de Muros, neste caso xeiteiros (Cf. RODRÍGUEZ PAZOS, 1972). Xa antes, en 1436, os deste porto de Muros entran en litixio contra as artes de pesca de Cee, Fisterra e Muxía (Cf. GARCÍA ORO, 1987: 195). Podería facer referencia a unha manchea de preitos por mor das diferentes artes de pesca mesmo sen necesidade de saír da ría de Pontevedra, cidade na que agora estamos e que impón a súa xurisdicción e o seu cerco real contra Marín, Combarro, Aldán, Portonovo..., pero non é isto o que agora me interesa.

O que realmente quixen facer foi verificar se a maior proximidade levaba sempre aparellada unha peor relación de veciñanza, como patentizaba o caso dos do Porto do Son e Muros. Escollín, para verificar isto, dous portos importantes aínda hoxe, que naceron, como os anteriores, na Baixa Idade Media e que, coma eles, están situados na bocana dunha ría. A priori podería pensar que as relacións tiñan que ser idénticas ás xa coñecidas. Os portos elixidos foron os de Portonovo e Bueu na ría de Pontevedra. E principiei o traballo de campo polo primeiro deles.

Efectivamente, en Portonovo faláronme de vellos contenciosos con Bueu, pero non atopei a ninguén que fixera especial incidencia nisto. É máis, facendo unha gradación de veciños incómodos, nin sequera ocupaba este porto a primeira praza. Cómpre adiantar que tódolos meus informantes estaban a piques de cumprir ou pasaban xa dos 70 anos de idade. A única queixa real contra os de Bueu era que estes traballaban coas rapetas, mentres que os de Portonovo eran pescadores de liña ou empregaban aparellos de enmalle e, segundo nos din, "nosoutros, os mariñeiros, andábamos, ó mellor, ca poteira e viñan eles e rodeábanos" e amais "mataban o peixe pequeno e iso non nos ghustaba". Pero realmente, tódolos nosos informantes querían deixar claro que os en verdade inimigos eran os de Sanxenxo. Son moitas as frases que temos recollido; velaí unha mostra: "Nós cos de Sanxenxo tamén nos levamos mal", "con Sanxenxo é sempre mal", "son moi envidiosos", "o levarse mal vén de toda a vida", "nunca foron pescadores", etc. Cando o investigador profunda nisto ve que a enemistade non ten nada que ver co mundo do mar. Sanxenxo, na beira do mar, chegou a ter unha importante frota de cargueiros, pero nunca tivo importancia como porto de pescadores. O problema con Portonovo deriva de que a capitalidade do concello radica en Sanxenxo, cando os mariñeiros de Portonovo consideraban -e consideran hoxe- que a riqueza, polo traballo, se xera no seu porto. Non interesa, pois, a este traballo a malquerencia cos de Sanxenxo.

Pero os vellos informantes amplían o círculo e introducen entre os "non gratos" ós de Loira. Esta poboación queda ó outro lado da ría e hoxe practicamente non ten mariñeiros, pero nas primeiras décadas deste século si había moitos. A raíz do conflicto con estes viña de que, segundo os de Portonovo, eran todos uns "boieros", é dicir, "pes-

cabas ti unha cabala e a eles xa os tiñas peghados ó costado, e eso a nós non nos ghustaba. E había, había follóns; paos non cheghou a haber, pero follóns si".

E, finalmente, resulta que o principal problema non estaba con ningún dos portos próximos, senón con Rianxo, no interior da veciña, polo norte, ría da Arousa. Resulta que os de Rianxo, xeiteiros todos eles, chegaban a Portonovo na seifa da sardiña, polo verán, e facían vida neste porto, no que vendían o que noite pola noite pescaban. Pero, segundo os informantes, o conflicto non se producía durante a estadía ou a pesca coas redes do xeito, senón "na retirada, cando se iban para a casa e roubaban o que podían... risóns...".

Como segundo paso no traballo de campo quixen coñece-lo que pensaban os de Bueu. Os meus informantes foron todos da mesma quinta que os de Portonovo e, ademais, alí tiven oportunidade de entrar en relación con vellos mariñeiros nativos da Illa de Ons e, desde hai uns anos, afincados coas súas familias na capital do seu concello. Mesmo puiden participar en tertulias conxuntas de mariñeiros de Bueu e da Illa nas que cada quen opinaba ó seu xeito. Por exemplo, un de Bueu, que confesaba que sempre o trataran moi ben en Portonovo, mesmo ofrecéndolle dormir alí cando se calaba unha surada e el andaba a pescar coa dorna, defendía ós mariñeiros de rapeta dicindo que xa vén de vello que "a posta hai que respectala. A posta da arte hai que respectala". Un pescador coa poteira "pode ir hasta o barco pescando luras no medio do aparello, que non lle din nada... pero eles teñen dereito a arrodear". Os de Ons non están de acordo, pois din que iso vale na propia costa, pero que non se pode ir rodear ós pescadores alleos na súa, e que certamente os de Bueu facían iso cos de Portonovo, pero tamén o facían con eles na mesma Illa. Engaden que "cando iban os de aquí (Bueu) ó bou, que iban alí á Illa, tamén os vellos lle facían o mismo. Botábanlles pedras, botábanlles ramadas de pino, picábanlle o risón...".

Tamén me contaron os de Bueu que, efectivamente, os de Loira andaban perseguindo ós barcos que sabían pescar para poñer se ó seu carón, pero, a diferencia dos afectados de Portonovo, xa que aqueles, como estamos a ver, eran mariñeiros de aparello, xustifican ós "boieros" cun vello refrán: "Pescar, non pescar, ca barquería andar".

Comentan entre eles os alcumes que se chamaban uns ós outros; así, os de Ons eran os "Jalos", os de Bueu "Cabalos", os de Portonovo "Carolos" e os de Marín -que por certo nunca aparecen como competidores- "Caghas na cubeta". Pero no que tanto os de Bueu como os da Illa de Ons coinciden é en dicir que os peores elementos eran os de Rianxo. Nisto opinan igual cós de Portonovo. Dicíame un deles: "Viñan antes os do Norte, os dalá do Norte... (Escarabote, Rianxo) nuns botes ghrandes, neghros e nós o nome que lles tíñamos: están os burros na ría". Hai unanimidade cando din que os de Rianxo eran ruíns. Dicíanme os de Ons que cando botaban as pezas a secar na Illa que se mataban entre eles por colle-los mellores secadoiros, que ían á taberna a mercar algo e non se falaban nin no camiño... Esta é a idea que os da bocana da ría de Pontevedra (Illa de Ons, Portonovo, Bueu) teñen dos mariñeiros de Rianxo.

Con esta investigación puiden comprobar que a veciñanza próxima non sempre é o factor desencadeante de malas relacións no mundo do mar. A cuestión é moito máis complexa do que eu imaxinaba, partindo do exemplo Muros-Porto do Son. Descubrín que é posible levarse peor con xentes de máis lonxe, sempre e cando haxa un choque

de intereses ou un comportamento agresivo por parte dos foráneos. No caso de Bueu había certamente un problema cos de Rianxo motivado sobre todo polo interese en apropiarse dos bancos de sardiña que entraban na ría de Pontevedra. Os primeiros eran uns instrusos, arriscados e ben coñecidos en máis dunha ría pola súa profesión de xeiteiros; os segundos tamén tiñan xeitos, pero traballaban preferentemente coas artes, coas rapetas. Vemos, pois, un choque de técnica, unha confrontación por uso de diferentes artes incidindo na captura dos mesmos peixes.

Os de Portonovo non podían ver ós de Rianxo, porque disque lles roubaban aparellos, cabos e rizóns cando remataba a temporada. Os de Bueu e Portonovo ou os de Bueu e a Illa de Ons tropezaban por ser bolicheiros os primeiros e "asoballar" coa superioridade das súas artes ós pobres pescadores de liña e dorna que eran os segundos. En fin, se algo queda claro é que a especialización de diferentes portos en artes distintas non conduce, como pensaba Twig Johnson, a unha eliminación de problemas entre eles. Os conflictos existen sempre no mundo da pesca, partindo da base de que os recursos son limitados e de que a envexa ten necesariamente que funcionar como categoría, tanto entre veciños do mesmo porto como entre distintas comunidades, para que o espírito de superación funcione e o mariñeiro poida sobrevivir, fronte ós demais, sen outras armas que o seu instinto, o seu coñecemento e mesmo a súa malicia.

A Moureira, xullo de 1997

BIBLIOGRAFÍA

ALMEIDA, Carlos Alberto Ferreira de (1981): "Território paroquial no Entre-Douro-e-Minho. Sua sacralização". *Nova Renascença.* Vol. I. Tipografía Camões. Póvoa de Varzim, 202-212.

ALMEIDA, Carlos Alberto Ferreira de (1986): "A paróquia e o seu território". *Cadernos do Noroeste. Sociedade, Espaço, Cultura. Minho terras e gente.* Universidade do Minho. Braga, 113-130.

ALONSO, Eliseo (1987): *Gamelas y marineros.* Excma. Diputación Provincial. Departamento de Publicaciones. A Guarda.

CALO LOURIDO, Francisco (1978): *La cultura de un pueblo marinero: Porto do Son.* Monografías de la Universidad de Santiago de Compostela, 41. Madrid.

CALO LOURIDO, Francisco (1984): "The Seafaring Fishing Family as an Economic Community in Porto do Son, Galicia, Spain". In BELA GUNDA (Ed.): *The Fishing Culture of the World.* Akadémiai Kiadó. Budapest, 261-280.

CALO LOURIDO, Francisco (1996): *Xentes do mar. Traballos, tradición e costumes.* Biblioteca A Nosa Terra. Nós os galegos. Edicións A Nosa Terra. Vigo.

FABEIRO GÓMEZ, Manuel (1968): "La Villa de Noya: Defensas, Posesiones y Regalías". *Compostellanum.* Vol. XIII, n.º 4, Santiago, 573-656.

FERREIRA LORENZO, Antón (1995): *As marcas dos mariñeiros da Guarda.* Asociación Naturalista Baixo Miño. A Guarda.

GARCÍA, José Luis (1976): *Antropología del territorio.* Taller Ediciones JB. Madrid.

GARCÍA ALLUT, Antonio (1990a): "Del libre acceso a la propiedad comunal: El caso de la comunidad pesquera de Muxía (Galicia)". *Eres (Antropología),* vol. 2, 99-114.

GARCÍA ALLUT, Antonio (1990b): "Estudio etnográfico dun espacio central na vida dos pescadores de Lira (A Coruña). *Grial,* 108. Galaxia, Vigo, 519-534.

GARCÍA ALLUT, Antonio (1996): "A 'outra' ciencia: saberes artesanais e adaptación en dúas poboacións mariñeiras galegas". *A Trabe de Ouro.* T. I. Ano VII. Sotelo Blanco, 25. Santiago, 87-101.

GARCÍA ORO, José (1987): *Galicia en los siglos XIV y XV.* T. II. Galicia Histórica. Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa. Pontevedra.

GRAÇA, António Santos (1932): *O Poveiro.* Póvoa de Varzim.

HARDIN, Garret (1968): "The tragedy of the commons". *Science, 162: 1243-1248.*

LARANJEIRA, Lamy (1984): *O Furadouro. O povoado, o homem e o mar.* Câmara Municipal de Ovar. Ovar

LISÓN TOLOSANA, Carmelo (1973): *Ensayos de Antropología Social.* Editorial Ayuso, Madrid.

MENESES, Inês Salema e MENDES, Paulo Daniel (1996): *Se o mar deixar. Comunidade e género numa povoação do litoral alentejano*. Edições do Instituto de Ciências Sociais da Universidade de Lisboa. Viseu.

MOUTINHO, Mário (1985): *Historia da pesca do bacalhau. Por uma antropologia do"fiel amigo"*. Imprensa universitária, n.º 40. Editorial Estampa. Lisboa.

NEIVA, Manuel Albino Penteado (1987): "As marcas dos pescadores de Esposende". *Actas do Colóquio Manuel de Boaventura*. Câmara Municipal de Esposende. Esposende, 217-233.

NETTO, María Teresa de M. Lino (1949): "A linguagem dos pescadores e lavradores do concelho de Vila do Conde". Sep. da *Revista Portuguesa de Filologia*. Vols. I e II, Coimbra.

OLIVEIRA, Carlos Ramos de (1974): "A abordagem ecológica no estudo de populações de pescadores - um estudo de caso". *In memoriam António Jorge Dias*. Vol. 1. Lisboa, 369-377.

PASCUAL FERNÁNDEZ, José (1991): *Entre el mar y la tierra. Los pescadores artesanales canarios*. Ministerio de Cultura. Dirección General de Cooperación Cultural. Editorial Interinsular Canaria.

RODRÍGUEZ PAZOS, P. Manuel (1972): *Un pleito de pesca en la Ría de Muros y Puerto del Son*. Edición Especial del Sindicato de la Pesca. Madrid.

SÁNCHEZ FERNÁNDEZ, Juan Oliver (1992): *Ecología y estrategias sociales de los pescadores de Cudillero*. Siglo Veintiuno de España Editores, S. A., Madrid.

SANMARTÍN ARCE, Ricardo (1979): "Modo de vida y estrategias tradicionales de los pescadores de la Albufera de Valencia". In CÁTEDRA TOMÁS, M.ª e SANMARTÍN ARCE, Ricardo: *Vaqueiros y pescadores. Dos modos de vida*. Akal Editor, Madrid.

S/A (1979): *Siglas poveiras. Catálogo da exposição documental e bibliográfica*. Museu Municipal de Etnografia e História da Póvoa de Varzim. Póvoa de Varzim.

EL PAPEL DE LA FAMILIA EN LA POBLACIÓN DE PESCADORES DE CUDILLERO

Juan Oliver Sánchez Fernández

Así, o "espacio mariño" preséntasenos non como un simple soporte pasivo onde o pescador desesenvolve a súa actividade, senón como un marco de acción espacio-temporal, de respostas comportamentais ós problemas xerados polo medio. Dito doutro xeito, a necesidade de coñecer por parte do pescador a dinámica do medio mariño supón en última instancia unha práctica de subsistencia que serve tanto para incrementa-la súa seguridade física sobre un medio "perigoso" como para "administrar" os recursos que se atopan nel e son imprescindibles para a súa "alimentación".

"Mais vale ser pobre na terra que ter fartura no mar": o traballo nun medio inestable

En actividades como a agricultura ou a pesca tradicionais, o comportamento climático ten unha incidencia substancial no desenvolvemento das mesmas. Pero mentres na agricultura a repercusión do clima ten máis que ver directamente coa productividade[2], no caso da pesca está ademais estreitamente imbricado á seguridade física do productor[3]. Pode dicirse, neste sentido, que ámbalas actividades lévanse a cabo en dous medios onde a maior diferencia radica no grao de "domesticación" por parte do ser humano.

Pero non só o clima constitúe unha fonte de risco. As peculiaridades orográficas que presenta o litoral e a plataforma mariña de Lira e Muxía contribúen tamén enormemente a engadir un factor máis de incerteza.

Ata tal punto esta cuestión faise evidente en Galicia que no período que abrangue dende o 20 de outubro de 1990 ata o 20 de febreiro de 1995, o número de pescadores galegos mortos e desaparecidos ascende a 188[4], unha cantidade sumamente preocupante, que reflicte a dimensión e efecto deste factor medioambiental sobre a flota pesqueira.

Autores como Poggie, Pollnac & Gersuny referíndose o caso dos EE.UU. subliñan:

> *A pesca comercial é unha actividade perigosa. É moito máis perigosa en termos de perdas humanas que a máis perigosa ocupación en terra na nosa sociedade -a minería do carbón. En 1965 as pesquerías*

---

2 O ciclo agrícola está intimamente vinculado á estacionalidade do clima. Da relación clima e agricultura existe un avultado refraneiro galego. Pódese tomar como referencia: *Refraneiro Galego* (Escolma) de Enrique Gippini, 1991.

3 É interesante ver como a relación entre clima e perigosidade se reflicte en grande parte dos refráns populares no eido do mar. A recompilación de Clodio González Pérez na súa obra *O Refraneiro do Mar* supón unha importante achega.

4 A fonte consultada é a Dirección Xeral de Pesca e Industrias Pesqueiras, Xunta de Galicia. Este censo corresponde exclusivamente ós mariñeiros mortos con licencia de pescador, é dicir, en situación legal. O número real de persoas mortas ou desaparecidas no mar incrementaríase sensiblemente se incluímos aqueles que non estando en situación de legalidade desempeñaban actividades pesqueiras.

comerciais dos Estados Unidos tiveron 21,4 mortes por millón de días traballados (Office of Merchant Marine Safety, 1972) en contraste a 8,3 na minería do carbón (U.S. Bureau of Census, 1970)... (1976:258-9).

O perigo e a incerteza son, polo tanto, sensacións que acompañan a cotío ós nosos pescadores, pero sobre todo ós daquelas poboacións onde as características meteorolóxicas, topográficas e de dotación infraestructural portuaria son adversas para afrontalas con garante[5], tal e como lles ocorre ós pescadores artesanais que pescan en *chalanas*, *botes* ou *motores* de Lira e Muxía.

"O mar ten sempre desaoito anos... ventos fortes e mar de fondo": o coñecemento selectivo como factor necesario no proceso adaptativo

Sempre están pendentes "do tempo", de se cambiará para ben ou mal, se se manterá o vento calmo, se o mar se picará esa noite... Dalgún xeito están a mercé das condicións climáticas que se presentan cada momento, cada día, nunha nova xornada de pesca.

A grande variedade de tipos de situacións climáticas colócaos nunha especie de "corda frouxa" ou limiar en que as decisións de pescar entrañan baixo aquelas circunstancias un risco ás veces pouco calculado. Pero esta estimación non só atinxe ó barco e tripulación senón tamén ós aparellos e artes:

> *o aparello que dorme fóra non é teu, porque non estás con el de ghuardia. A ti pícaseche o mar e lévacho. Non era teu porque era do mar, deixábalo alí e xoghábalo.*

Só un meticuloso coñecemento dos efectos da dinámica meteorolóxica sobre tódolos aspectos relacionados coa pesca lles permite "aventurarse" con certo control sobre un medio dominado pola volubilidade do clima, de xeito que poden predicir ata certo punto as súas variacións.

Nas dúas comunidades pesqueiras pérdense moitos días de traballo ó ano por mal tempo. Tal e como nos dicía un pescador de Lira, afirmacións que poden ser aplicadas co mesmo rigor ós pescadores de Muxía:

> *[...] aquí o que máis afeta na cuestión de pescar son o mar e o vento [...] esto no tempo de inverno pode ser un inferno. A mitá do ano casi que a pasamos en terra...*

Os factores climáticos que máis directamente interveñen no desenvolvemento da actividade productiva son os **ventos** e o **estado do mar**. Estes elementos meteorolóxicos

[5] En Galicia só os pescadores que traballan no interior das rías ven atenuadas en parte estas constriccións.

constitúen dúas circunstancias fundamentais no funcionamento das estratexias pesqueiras, comportándose como constriccións primarias en tanto a intensidade con que se manifestan impide calquera actividade de pesca ou conduce á modificación dos plans de pesca a curto, medio ou longo prazo.

A estimación da situación atmosférica baséana na observación do ceo. Falan neste sentido de *mira-lo semblante*, como escenario do que emanan datos e información relevante que unha vez interpretados e seleccionados permítelles *sentir* ou *anunciar* as condicións climatolóxicas que probablemente se imporán nun curto espacio de tempo. Emiten xuízos sobre se o tempo *clarea* (que vai mellorando), se está *declarado* (afianzado ou definido) ou se é un *tempo claro* (seguro, estable).

> *[...] entonses empesa a levanta-lo semblante tipo ovella de lan. Todo o miramos polo aspeto do semblante. Pois outra teoría non a hai.*

Os pescadores *buscan o semblante* e miran *para onde corre*, as trazas que leva, a densidade, tamaño e forma das nubes, ou como *o vento xogha con elas*..., así din que hai *nubes ghordas, trobóns, nubes ghaiadas, nubes livianas*[6], etc. Decátanse tamén dos tons e matices da cor: *nubes neghras, nubes ghrises, nubes blancas*[7]... E observan a dirección así como a altura e a velocidade con que se moven. Deste xeito os ventos poden ir *altos* ou *baixos, correr muito* ou *pouco*.

En Lira, con relación ós ventos, agrúpanos en función da dirección en: *ventos de fora* (de compoñente SW, W e NW), *ventos de terra* (E e SE), *Nortes*, (NE e N) e *ventos de abaixo* ou *vendavales* (S). Esta clasificación, que só fai referencia ó lugar de onde proveñen os ventos, modifícase segundo a situación do asentamento poboacional.

Aínda que a parroquia de Lira así como a vila de Muxía se atopan situadas baixo unha mesma unidade climática, existen algúns elementos específicos en cada un dos contornos que orixinan pautas climatolóxicas diferenciadas. Muxía, por exemplo, está moito máis exposta ós efectos dos ventos dominantes (maior intensidade) e pola súa situación (está máis orientada cara ó noroeste) presenta claras diferencias co caso anterior: así os *ventos de arriba* serían de compoñente N, NE, e NW, os *ventos de abaixo* ou *ventos foranos* (S e SW), os *ventos da costa* (E e SE) e os *ventos de travesía* (W).

Á vez, distinguen elementos asociados ó vento como a temperatura: *ventos fríos, ventos quentes*...; o grao de humidade: *ventos que traen chuvia, ventos secos*; a intensidade: *ventos fortes* ou *ventos duros, ventos frescos*[8], etc., adquirindo distinto significado dependendo do mes ou estación do ano en que se manifeste.

---

6 Segundo o comentario dun pescador de Muxía: *hai nubes máis ghordas e menos ghordas. As que paresen montañas aquí chamámoslle trobóns. Despois hai ghaiados, que paresen raíses [...] tamén as hai livianas, de pouco peso, tipo fume...*

7 Clasificadas en *nubes escuras* e *nubes claras*. As primeiras poden traer chuvia e as segundas anuncian vento.

8 Empregada en Muxía. En Lira, en cambio, "un vento fresco" é na maioría das ocasións un vento frío que provén do norte.

Cada vento ten unhas características únicas: o vento do norte *é un vento de estío de frío, esclavo,... bravo*. O vento do sur *é amoroso e mornaqueiro*, é dicir, é suave, cálido e adoita vir acompañado de orballo. O vento do leste polo xeral *fai burleos no mar* pola fortaleza con que adoita presentarse, e o vento do oeste *nunca é amoroso por mui moderado que se presente*. O vento do noroeste pode facer *cascarradas* cando se presenta só polo día e *vai morrendo á nuitiña*, etc.

Para a clasificación do mal tempo empregan distintas denominacións, distinguindo factores como a estación do ano, a intensidade e dirección do vento, a duración, a ausencia ou presencia de chuvia, etc.; así, temos que as condicións climáticas máis recorrentes para a definición do mal tempo son: *a trebonada*, defínena como unha turbulencia atmosférica repentina (*reventa dun momento para outro*) que orixina fortes ventos e marusía no mar e é específica do verán; case nunca trae chuvia; a súa duración é curta, dende cinco ou dez minutos ata dúas horas como máximo; a *borraxeira* ou *borraxa*, acontece tamén durante o verán e caracterízase por unha *barra* de néboa acompañada dun cambio no estado do mar (mar de fondo ou mar picado)[9]; o *siclón*, que é un vento moi forte e racheado; acostuma darse tanto no verán coma no inverno; no verán pode durar ata quince días e no inverno convértese en *temporal* cando os fortes ventos están acompañados de chuvias e mar tempestuosa; o temporal vaise formando progresivamente *empesa por pouco e vai aumentando, aumentando [...] xa o ves vir*; esta situación pode durar incluso dous meses, etc.

A personificación de fenómenos desta ou outra natureza forman tamén parte do "xogo" na busca de sentido. Así hai *ventos bravos, ventos bos ou malos, ventos falsos, ventos amorosos*, etc.

Un modo clasificatorio tecido sobre a base de observacións e experiencias acumuladas xeración tras xeración e que permite ser aplicada cunha infinidade de matices e combinacións a tódalas actividades pesqueiras que constitúen a práctica diaria, e que só nesta adquire total significado.

As prediccións dos cambios de tempo, *o reboque*[10], non só se deixan *sentir* pola análise do aspecto. Fan tamén unha atenta lectura das, ás veces imperceptibles, variacións e cambios que se observan nas estrelas, na lúa, etc., así como certos comportamentos dalgunhas especies animais como as gaivotas, os arroaces, etc. funcionando como indicadores que poden achegar unha información relevante: *o sirco da lúa*, o *becho* ou *as barbas do sol, a luserna*[11], etc.

> *[...] ca luna tamén nos orientamos muito, e tamén co sol, pois ás veses fai un becho, chamámoslle becho porque é un tipo de manchón. Hai ve-*

[9] Os de Muxía din que *despois dunha trebonada é fásil que derreta a borraxeira*. En Lira *a borraxeira vese como vai vindo desde fóra e anunsia sur declarado*.

[10] Expresión empregada en Muxía e descoñecida en Lira.

[11] *[...] de nuite serrada vemos ó millor un brillo nas nubes, como si quixera poñerse o sol, pero no medio da nuite, ó millor as dúas ou tres da mañán, [...] e non hai sol, [...] son as lusernas...* Esta narración parece describi-lo que meteoroloxicamente se coñece por nubes noctilucentes.

ses que levan un manchón polo sur ou polo norte, destaca o color que leva [...] e cando se pon, quere desir vento a contra [...] e non falla; si o becho está no sur, vén vento de norte. Tamén cando o sol sale e mete uns destellos como si foran un faro, pois cando hai eso nós desimos que o sol ten barbas [...] ¡coño!, ventos de arriba, de norte. A luna hai veses que cando leva así un color rosado, é que nos pon cara de chuvia. E outras veses leva un sirco, o sirco da luna, a este non hai que terlle medo, dános chuvia. O do sol si, cando o sol leva sirco, [...] mal tempo, [...] e sabes quen cho di esatamente [...] os cabróns dos arroases, cando empesan a brincar arriba e abaixo...

A consistencia da area da praia, as correntes *cando fan corsos de mar coma nos ríos*, a transparencia da agua *si están neghras e hai reghas de aghua é que avisan que van arrimar pesteadas* (tempo de SW con "borraxeiras"), *as pulghas da area cando brincan como tolas* anuncian tempo do sur, etc., constitúen só algúns dos abundantes exemplos que os pescadores toman da observación da natureza e poñen en relación cun determinado suceso climatolóxico.

Semellante riqueza léxica achámola no caso da voz "mar"; referíndose ó seu estado identifican varios matices dentro dunha mesma categoría: na clase de "mar picado", distinguen *mar de travesía*, *mar de ondas*, *bagha de mar*, *bagha de mar campal*, *mar roleiro*, *mar de fondo*, *media bagha de mar*, ... aludindo en cada unha destas referencias ás diferentes variantes e graos que pode manifesta-lo estado do mar. Simultaneamente asocian outros indicadores como: claridade das augas, forza e dirección do vento, forza e direción das ondas, e incluso a frecuencia con que estas baten na costa etc., subliñando aqueles elementos definidores dunha situación específica e que difícilmente un profano podería percibir.

Aínda que tamén descubrimos matices noutros campos da meteoroloxía local en ámbalas dúas comunidades (clases de neboas, chuvias, etc.), estes parecen funcionar nun primeiro momento como factores asociados as dúas variables principais: *o vento* e *o estado do mar*[12]. Factores que o pescador emprega para, non só definir unha situación concreta, senón de cara a tomar decisións nun sentido ou noutro[13].

"O aparello é quen che insina": aproximación á imaxe dun medio oculto á percepción inmediata

Os trazos xeolóxicas e topográficos determinan nas dúas comunidades unha singular orografía mariña, configurando unha paisaxe visible: a superficie do mar cos seus accidentes, *illas*, *puntas*, *coídos*, *restinghas*..., e outro oculto, *o fondo*. Ambos requiren

[12] Que non necesariamente van correlacionados. Poden darse moitas circunstancias nas que haxa bastante mal mar sen intervir para nada o vento.

[13] En determinadas situacións pódese decidir saír ou non a pescar. Noutras afectará a elección do lugar de pesca ou incluso a tecnoloxía a empregar.

un coñecemento prolixo, a fin de esquivar contratempos que poñan en perigo a seguridade dos pescadores así como a de posibilita-la pesca en puntos productivos.

Iniciarse na pesca require en Muxía, pero sobre todo en Lira, incluso antes que calquera outra aprendizaxe, coñece-la localización exacta das *pasantías* e *carreiras* polas que teñen que navega-os barcos para zafarse dos *baixos* perigosos.

> *O primeiro de todo é aprende-las carreiras. É o máis difísil de todo, [...] as carreiras hai que conoselas por marcas porque sinón estás perdido, estás a risco de perde-la vida a calquera hora. Si nas conoses escusas de ir ó mar [...].* ***Aquí hai muitos baixos, ti sabes que a tres millas de terra tócase, e por terra do Cabo de Fisterra e por terra de Mexidos é unha serranía,*** *ahora ti que che colla un mal tempo, unha serrasón no mar. E si non tes unha práctica da navegasion local [...] eres home perdido...*

O coñecemento dos lugares máis productivos é outro dos requisitos básicos para poder exerce-la pesca. Agora ben, a distribución dos recursos sobre o espacio mariño non é unha cuestión azarosa e producto da casualidade, senón que está unido a factores como o tipo de substrato do fondo, a temperatura, a profundidade, correntes, etc.

Pero, ¿como se obtén esta información? xa que boa parte destas áreas marítimas son economicamente improductivas dende o punto de vista do pescador.

> *[...] no mar non todo son peixes [...] ao millor ti estás ensima dunha extensión de terreno e xa podes larghar calquer aparello que é unha casalidá que che veña algho, [...] si fora así pescaba calquera.*

Non é factible desenvolver tarefas pesqueiras sobre calquera lugar, senón que existen uns puntos, *unhas paraxes, sitios presisos* nos que só é posible que as actividades extractivas rematen cunha maior probabilidade de éxito.

Pártese dunha imaxe xeral do ecosistema mariño que parece erixirse sobre a base dunha transposición analóxica da topografía terrestre:

> *[...] é ighual que en terra. No fondo do mar hai valles, colinas, llanuras, [...], sabémolo a forsa de muitos anos de práctica, pois o aparello é quen che insina. Un día enghanchas na pedra, é ves que é brava [...] e ves que outro día traes cunchas no aparello, e ves que é limpo [...] E tamén ves que hai altos que son como montes e canales fondos que seméllanche valles [...] e de aí vas sacando a geometría terrestre, ¿ves?, é ighual. É ighual que en terra,...*

Pero a percepción do mar dende a productividade require unha imaxe procesual de tipo funcional que facilite a memorización de datos das características do fondo e recursos así como a súa situación e posición, construída e contrastada con datos empíricos que proveñen dun continuo tentear na actividade pesqueira diaria. Ó recoller un aparello a bordo, como nos di o informante, non só pode vir peixe senón que o acompañan, segundo onde se estea pescando, certo tipo de algas, cunchas, pedras, *tixeiras e tallantas*[14], etc., trazas do substrato mariño que representan unha información accesoria e útil para unha representación aproximada da imaxe do fondo. Información que unha vez contrastada se almacena na memoria, como un novo dato susceptible de ser utilizado en futuras incursións pesqueiras.

O coñecemento do fondo, das características topográficas así como as dos biótopos e biocenoses do ecosistema mariño representan polo tanto a condición necesaria para desenvolve-la actividade pesqueira. Deste xeito, os pescadores para referirse ó *fondo* crean dous grandes grupos, *o que é pedra* e *o que é limpo* e designan para cada un deles diferentes acepcións. Nos fondos de pedra recoñocen non só a disposición e tipos de pedras: *laxeado, boleiras, pedra brava, pedra mansa, chans, argaseira*[15]... ou a forma: *rodas, petóns,*[16] etc. senón tamén a profundidade a que se atopan: *secos, baixos, altos, cabesos, cantiles,* etc. así como as especies asociadas a cada un deles, ocorrendo outro tanto para referirse ó fondo de area ou *limpo*: *oiados, veiradas, plaias, cuncharales, lameiros*[17]..., etc. Correspondendo a cada denominación, ecosistemas e nichos diferentes, que os mariñeiros discirnen perfectamente e o coñecemento dos cales lles permite aproveita-los recursos que alí se atopan.

> *No mar hai petóns, oiadales de limpo, ratoeiras de pedra no limpo, veiradas. As ratoeiras de pedra que son boas pás fanecas, e cando hai mares picados pa o congrio [...] Os pintos están nos pentóns, as robalisas tamén, pero camiñan máis...*

Pero incluso, ante determinados fenómenos biolóxicos (afloramentos[18]), os pescadores detéctanos e vinculan, acertadamente, ás conexións naturais que existen entre

---

[14] Estrelas de mar (*Marthasterias glacialis*) e arañas de mar (*Ophiocomina nigra*).

[15] *Boleiras*, zona de seixos de diferentes dimensións; *laxeado*, rochas chans e de pouco relevo; *pedra brava*, son pedras moi erosionadas e con moitas regañas. Dise brava polo efecto pernicioso sobre os aparellos de rede, xa que "os queima" (rompe). O antagónico é a *pedra mansa*; *arghaseira*, zona de substrato pedregoso na que medran as algas en grande cantidade; *chans*, fondos de pedra que a penas manifestan elevacións.

[16] *Rodas*, pequena extensión de pedras situada no medio dun areal; *petóns*, pedras que sobresaen en altura con respecto ó nivel do fondo; *baixos*, fondos de pedra relativamente afastados da costa e que sobresaen en altura, podendo chegar a sobrepasa-lo nivel da superficie do mar.

[17] *Ollados*, zonas de pedra ciscada en substrato de area; *veiradas*, son os límites que marcan a fronteira entre a pedra e o limpo; *plaias*, importantes extensións de area no medio dunha zona pedregosa; *cuncharales*, zonas areosas onde se acumulan os restos de cunchas de bivalvos, normalmente de diferentes especies de ameixas, navallas...; *lameiros*, superficies de area branda e negra,...

[18] Coñecida no ámbito biolóxico como *up-welling*, que en termos simples corresponde a unha concentración de plancto nas capas altas e que procede das capas fondas do océano.

as cadeas alimenticias dos peixes, baseándose presencia ou non de determinadas *comedurías* ou *comedillas* que xorden previsiblemente nalgúns meses do ano, normalmente en maio e agosto. Este tipo de coñecementos permítelles ós pescadores relacionar unhas especies con outras aínda que algunha delas non sexa obxecto directo de captura. Dous comentarios, un é dun pescador de Muxía e outro dun de Lira, describen o mesmo fenómeno baseándose en idénticos mecanismos tróficos.

> *Cando veñen esas aghuas lodas, que veñen de afora, unhas aghuas así mui neghras, traen unha comidilla, que é como si fora un camaronsiño pequeno, un peixiño pequeno que vén con el, acompañándoo. Esas aghuas suelen vir hasta terra, chocan con ela e son os millores meses de pesca aquí en terra.*
>
> *Hai unha pesca que cando atraca, é unha pesca desa que é xoubiña [...] cando vén á costa esta trae peixe con ela, e cando vén o peixe bolo, ese vén de fóra, e cando vén o boquerón pequeniño, trae sempre o peixe a terra. A robalisa, o badeixo, veñen a comer detrás deles. Son os millores meses para pescar na costa. E o millor mes de todo o ano é cando baixan esas aghuas quentes pa terra. Cando faltan esas pescas que che dixen antes entonses mal ano. Esa pesca que vén cas aghuas quentes trae incluso o calamar [...] vén con ela diante, veñen montes delas.*

Este conxunto de elementos, pedra ou area, algas, peixes, correntes, afloramentos, etc. son os que configuran e crean (en certas condicións) os nichos ecolóxicos susceptibles de ser explotados comercialmente[19].

> *son sonas amenas nos que atracan esas pescas, porque hai sitios millor ca outros [...] hai sitios en donde atraca millor a pesca porque lle fai máis covo, xa de costumbre, de vello [...] ten bo pasto e aposenta. Faiselles máis aghusto alí, [...] están máis proteghidos de outros animales,...*

Nunhas ocasións corresponde con grandes zonas, de ata varias millas cadradas de extensión, dentro das cales adoita haber enclaves onde a concentración de recursos pesqueiros é maior. É o caso dos *mares* ou *caladoiros* de "Regho de Aghua", "Mar do Crimen", "o Quebral"... en Muxía, ou dos "Baixos de Meixide" en Lira, onde se localizan subzonas máis productivas e que teñen *nombre propio* como "a Punta", "o Sesto", "La-

[19] Os "pesqueiros" tecnicamente son espacios marítimos instalados sobre un nicho ou unha rede de nichos bioproductivos onde diferentes especies se concentran nun número variable, de xeito permanente ou estacional, ocupando diferentes niveis dos mesmos (Tait, 1987).

xa de Meixide", "o Petón do Profundo", etc. Os lugares de pesca adoptan tamén a forma de pequenos enclaves moi puntuais, onde polo seu tamaño e pola arte que empregan só unha embarcación ten capacidade para operar sobre el, como sucede cos *cascos*, *petóns*, *traitos*, *selas*, *ratoeiras*, *changüeiras*..., que, en definitiva, representan os *oghetivos* que, distribuídos sobre a área de pesca de Lira ou Muxía, os pescadores tentarán localizar tanto no espacio coma no tempo. Para a localización espacial empregan un sistema de *marcas* visuais, recorrente en moitas poboacións pesqueiras do mundo (Jorion, 1978), capaz de guialos ata o sitio desexado, e que consiste basicamente no seguinte: o pescador, unha vez no mar, colle o rumbo aproximado cara a onde se atopa o *oghetivo*, sempre encamiñado por unha referencia visual situada no litoral e que consta de dous puntos fixos a través dos cales pasa unha liña recta imaxinaria. A medida que se vai acercando con ese rumbo *busca a outra enfilasión en terra* ata facela coincidir en intersección coa primeira.

> *[...] son marcas tipo uve, son enfilasións geométricas de dúas retas que seghún te moves valas fasendo coinsidir onde a ti che interesa.*

Cada *marca* consta da enfilación de dous *puntos*: un de *fóra*, que ten que ser *alto* e corresponde co máis afastado (lombas, bicos dos montes...), e outro de *terra* ou *baixo*, como pode se-lo campanario dunha igrexa, unha casa, etc. Para construír un sistema de "coordenadas" precísanse catro puntos, tomados de dous en dous.

> *[...] por exemplo si queres pescar na Roda de Xan Filloa tes que enfilar [...] a Torre da Ighlesia de Carnota ca caída do Bico do Monte e [...] despois ir traendo a Pedra do Lobo hasta fasela coinsidir ca casa de Pepe de Pila [...], e cando se cortan esas líneas é que estás no oghetivo.*

O grao de precisión das "marcas" depende, ademais da nitidez do día ou da noite ("con lúa"), da distancia a que se atopa o lugar de pesca da costa, se está *mui aforado* ou *aterrado*. Así, hai *marcas finas que che levan ó sitio* e *marcas falsas* que che dan unha aproximación. De tal xeito que, para evitar perde-lo día de mar, os pescadores posúen unha bagaxe de "marcas" alternativas dun mesmo lugar por se algunha delas non se fai visible no momento de situarse.

Pero o concepto de "lugar de pesca" vai intimamente unido ó de recurso e á natureza do mesmo.

> *[...] hai peixes máis undeiros, que son peixes que comen cando lle parese, como a xulia ou o pinto. No inverno afondan máis, aghóchanse nas fuchanqueiras, [...] e no vran xurden os secos a comer mexillón, nécoras pequenas e ourisos, [...] e métense debaixo dos cachopos como quen se aghocha debaixo dun árbol. Outros como a faneca xa é un peixe que se recolle no inverno (nas fanequeiras) ó abrigho do frío e máis é un peixe dos que lle afeta máis a luna...*

Estes están sometidos a continuas variacións debidas tanto ó ciclo vital de cada especie (migracións, costumes alimenticias, etc.) como á variabilidade no tamaño da súa poboación. Este carácter móbil dos recursos obrígalles ós pescadores a unha permanente busca. Localizar, espacial e temporalmente, os "pesqueiros" que poden ser productivos nun momento determinado é unha tarefa complexa e que trata de resolverse sobre o procesamento selectivo dos datos que cada pescador foi acumulando ó longo da súa vida. O coñecemento sobre a potencialidade de certos "pesqueiros" debe ser reactualizado, tanto dende as súas últimas experiencias como as dos demais e que circulan no interior do grupo social. Deste xeito os datos convértense en información significativa e a imaxe do medio mariño nunha estructura informativa de carácter anticipatorio encamiñada a planificar e organiza-la acción[20].

"No mar hai secretos como cousas saghradas que non se poden saber": O control da información no caso de Lira

Comunmente, estes coñecementos que posúen os pescadores acostuman ser un resultado da propia experiencia en conxunción coas ensinanzas recibidas polo pai ou outros familires achegados á unidade doméstica a través dunha aprendizaxe previa.

> *todo o que sei débollo ó meu cuñado. E el todo canto sabía aprendiuno con seu pai a base de sacrifisio, [...] desde rapás.*

Pero o nivel de coñecementos é loxicamente diferente en cada un dos pescadores, e faise especialmente patente no transcurso da actividade pesqueira en tanto afecta o éxito nos resultados. Polo tanto, aínda que cada pescador posúe un mínimo de bagaxe que lle permite acceder ó proceso productivo, existe unha tendencia a desexa-la información que posúen aqueles que están demostrando maior eficacia.

Os recursos pesqueiros ó ser limitados e estar sometidos á lei de rendementos decrecentes son máis sensibles ás intervenciós extractivas ca outros sobre os que se pode exercer un maior control, como no caso da agricultura.

Para as embarcacións de Lira, a actividade pesqueira oriéntase a un rango de recursos relativamente pequeno: o polbo, a nécora (*Nécora puber*), a centola (*Maja squinado*) e o camarón (*Palaemon serratus*), empregando sobre todo a nasa para a súa captura, e cun número medio de nasas por barco moi alto. De tal xeito que na actualidade entendemos que os recursos descritos aínda que son relativamente predicibles[21],

---

[20] Algúns autores como Jorion (1978), Lynch (1972) falan de "mapas cognitivos" como metáfora de representación da imaxe ambiental. Pero estes "mapas" non hai que tomalos como unha estructura estática, senón máis ben como un proceso constructivo de razoamento espacial que nos permite resolver moitos problemas de localización, orientación, comprensión e desprazamento, tal e como subliña Downs (1981).

[21] Nestes momentos só unha importante cantidade de nasas por embarcación, un prezo medio-alto das especies e unha intensificación dos tempos de pesca xustifica que ás veces se obteñan resultados rendibles.

debido ó excesivo esforzo pesqueiro exercido, sobre todo dende 1982, son percibidos como escasos. Dende 1993, como resposta a esta escaseza e ó réxime de vedas ó que están sometidos, comézase a empregar máis a miúdo artes de mallas como o trasmallo, betas e miños, sobre outras especias: pinto e maragota (*Labrus berylta*), faneca (*Trisopterus luscus*), sargo (*Diplodus sargus*), etc.

Ante unha situación de poucos recursos e un número alto de pescadores, comezar a pescar non é doado.

Unha das principais cuestións que se fai a si mesmo a cotío o pescador é decidir a onde ir a pescar. A formulación desta pregunta marca o inicio da actividade pesqueira, pois a partir dela o pescador pretenderá construír un plan organizativo e de acción, como veremos, ás veces tan fluctuante como o propio medio. De feito, tomar esta decisión diariamente non é un acto automático nin froito dunha elección arbitraria, senón que é unha das fases máis "complexas" de todo o proceso productivo e que se atopa condicionada tanto polas diferentes clases de constriccións antes nomeadas, como pola conducta e decisións do resto dos pescadores. Estámonos a referir ó control sobre a natureza física do medio e os seus recursos e ó control sobre os "outros", do que din pero sobre todo do que fan ou poden facer.

> *desde que cheghas do mar rómpeste a cabesa pensando a onde irás mañán, [...] esa xa é unha cousa das prinsipales que temos por aquí. O tempo pode cambiar [...] e logho ó millor levas unha idea e sempre hai alghún cabrón que che fai cambiar [...] e muitas veses aínda o estás pensando mentras vas de camiño.*

As circunstancias cambiantes que poden incorrer neste intervalo de tempo comprenden aspectos puntuais referidos a cuestións como: a meteoroloxía, oscilacións dos prezos no mercado, resultados conseguidos o día anterior por el mesmo e polos outros, etc. A partir destas variables, que entendemos como fundamentais, o pescador decide a onde ir pescar e con que tipo de arte.

Pero, individualmente, o pescador non ten á súa enteira disposición os recursos que lle ofrece o mar, pois este é percibido como de *todos*[22]. Convive e traballa xunto a outros que perseguen os mesmos fins ca el. Debe, polo tanto, "compartilo", creándose na conxunción de obxectivos unha "carreira" por aqueles espacios mariños que supostamente se presentan máis productivos.

O pescador tenta controla-lo acceso a estes *oghetivos* por medio da información e coñecementos relevantes que posúa manténdoa en "secreto". Deste xeito, está limitando o acceso dos demais, podendo anticiparse con maior éxito ós movementos e *xoghadas*

[22] Dende unha perspectiva ecolóxica, a explotación dos recursos de propiedade comunal está relacionada cun debate teórico de enorme importancia, a denominada **traxedia dos comúns**, que presidiu a producción científica así como os proxectos relativos á xestión e desenvolvemento dos ecosistemas costeiros, dende os anos 70.

dos seus competidores (Andersen, 1972; Durrenberger & Pálsson, 1986), aínda que moitas veces é imposible evitalo.

> *[...] temos estado pescando e terlle que escapar ós barcos, porque si ti andabas ó mar, e eu sabía alí un bo sitio de peixe e ti no sabías, entonces ti estabas á expectativa cando me viras pescar, procurando colle-las enfilasións do meu barco, salíasme ó encuentro para ver si podías agharrarme o oghetivo, [...]* ***eso chámase colle-lo mar a outro*** *[...] porque muitas veses non había forma de evitalo, pois ó estar no mar tantas horas traballando, un non se daba conta dos outros barcos.*

O "secreto" aparece como unha resposta adoptada polo productor e que consiste basicamente en ocultar ou reter información relevante con respecto ás áreas e puntos de pesca que están presentándose especialmente productivas, capacitándoo a el para monopolizala.

A característica principal da información gardada polo pescador é a de ser valiosa, xa que en último caso é susceptible de ser traducida a cartos. Pero é valiosa non só para el, senón tamén para aqueles pescadores que, por carecer dela, desexarán procurala.

> *[...] esto é como quen vai de casa con muitos cans e uns van detrás de outros, como haxa un can que sepa leva-lo rastro [...] a outra ghauría vai toda detrás e aquí pasa o mismo: ti aquí podes levar 20 anos de mariñeiro e ti sabes, entonses un que queira empesar preghunta [...] ¡coño! ¿quen é o que millor pesca de Lira? [...] pois supón que é Daniel [...] pois ben [...] pois eu non me vou a separar das boias de Daniel nin para dormir, e entonses si ti non eres tonto [...] marcas ao medio de donde eu largho e ao millor hoxe non caes ben pero mañán vas a caere e como vexas que alí lle sacas marisco non se che olvida máis.*

A información significativa ó ser reservada abre maiores posibilidades e expectativas, e pode ser administrada coma se doutro patrimonio se tratase. O control do coñecemento preséntase entón como unha resposta a outros productores, paliando con iso unha competitividade extrema polos espacios de uso común. Cumpre a funcionalidade de rendibiliza-la producción e con iso asegurar a curto prazo a supervivencia da unidade doméstica.

> *[...] eso é saghrado [...] si non o mundo sabería tanto coma min e eu non quero que o mundo sepa tanto coma min. Entonses si hai un secreto, si hai unha gherra atómica, eu non quero que as nosas armas as sepan as outras nasións porque si non abateríannos. Non pode ser,*

[...], cada un ten os seus secretos. Hai oghetivos que os sabe muita xente, pero hai outros que os sabes ti sólo, e si os sabe aquel e mais o outro entonses xa os sabemos todos. No mar hai secretos como cousas saghradas que non se poden saber...

Esta información gárdase, *a pliego serrado*, evitando sempre que transcenda máis alá de seu círculo de extrema confianza[23], xa que o coñecemento expresa un capital intelectual e económico que posibilita incrementa-lo éxito na pesca, e, polo tanto, contribúe á reproducción social da unidade doméstica do pescador. E é, ó meu xuízo, a ligazón da información coa unidade doméstica, a que lle dá un carácter de "saghrado" e xustifica a actitude de "silencio".

A modo de corolario

Fronte á credibilidade e respecto manifestado ó coñecemento xerado pola ciencia normal, existen outros coñecementos, propios de certos oficios, que gozan de escasa ou ningunha consideración fóra do marco en que se producen. É claro que entre ambos existen importantes diferencias sobre todo polo que respecta ós modos de xerar enunciados acerca do mundo da experiencia. A distinción máis básica xorde dende o punto de vista formal. Neste sentido, poderemos dicir que no caso concreto da pesca, os saberes orixinados neste ámbito carecen do método, terminoloxía e sintaxe consensuadamente propostos, do alcance universal establecido convencionalmente por unha cultura dominante, dunha historiografía sistematizada e do apoio sociopolítico e económico necesarios para a producción de máis e mellor coñecemento. Sen embargo, un e outro tipo de saberes nacen analogamente do intento de resolución de problemas que derivan dos campos de experiencia nos que se moven, e ambos depositan no contraste con ela a confianza e verdade dos seus enunciados.

O feito é que constitúen dous dominios culturais diferentes e asimétricos con desigual repercusión social. Sen embargo, cada un no seu ámbito persegue obxectivos semellantes: exercer un certo "control" sobre a natureza, pero nun caso baixo a forma de explicacións causais enmarcadas en complexas teorías de longo e medio alcance, e noutro recorrendo a outras estratexias explicativas que precisan dunha interpretación rápida a fin de ser capaces de tomar decisións efectivas e puntuais.

Só variará a fe na certeza destes saberes dependendo do medio en que un é socializado, xa que é nel onde aprendemos a aceptar e a confiar nuns enunciados ou noutros, pois o coñecemento adquírese activamente e é algo eminentemente social.

Como di un pescador: *[...] todo o aprendimos por nosos vellos, [...] a forsa de oílos e ve-la súa maneira de traballar [...] Despois xa vas ti conosendo, comprobando que aquelo era verdá.*

[23] Procúrase que non traspase os límites da súa unidade doméstica, co fin de que só os compoñentes da mesma poidan utilizalas para o seu beneficio. Neste sentido, valórase como criterio para a elección da tripulación o feito de que as posibilidades de que este coñecemento traspase as fronteiras da propia unidade doméstica sexan mínimas.

O noso enfoque pretendeu destaca-la importancia de que os coñecementos dos pescadores deben ser entendidos non só como unha historia de prácticas, onde se aprenden e transmiten técnicas de traballo[24] (Delbos e Jorion, 1984:13), senón tamén de consideralos como unha historia da representación e intelección do medio en que se desenvolven[25]. Deste xeito o coñecemento ademais de estar ligado á práctica como un *savoir-faire*, como un *ter xeito*, estao tamén a unha rede conceptual de coñecementos espaciais e medioambientais tan esenciais ou máis que a "cultura manual e técnica"[26]. Todo iso xurdindo dun proceso que presupón un suxeito cognoscitivo activo en constante interacción entre o traballo mental e manual, e entre este e seu contorno (campo de referecia e acción).

O saber dos pescadores sobre o que acontece no seu contorno mariño é, ademais dun saber contrastado pola acumulación de información ó longo de xeracións, un coñecemento actualizado na medida en que recolle os últimos cambios e dinamismos acontecidos no medio mariño local. E é precisamente baixo esta relación onde a afirmación de que os propios pescadores son os que mellor "coñecen" o contorno social e ecolóxico da súa comunidade é un feito; non obstante, os que planifican as políticas de xestión deses recursos son os políticos profesionais en colaboración co asesoramento dos biólogos, economistas e técnicos dende as administracións, e fano unilateralmente prescindindo totalmente do saber que os pescadores teñen sobre o seu ámbito de experiencias.

Esta ausencia de diálogo entre ambos, probablemente propiciada pola escasa valoración con que son percibidos os saberes dos pescadores, favorece ó meu xuízo o fracaso na xestión de certas políticas pesqueiras. Algúns exemplos alcanzados en Galicia nestes últimos anos poden ilustralo: a finais dos anos 80 a Administración Autonómica alentou a adopción dun tipo de nasa, diferente da clásica[27], para a captura de polbo

---

24 Segundo estes autores: *o saber é a escoria do traballo [...] Só hai transmisión do traballo.*

25 Dun xeito bastante trivial pódese dicir que a cultura afecta ó pensamento determinando os "contidos" representados no sistema cognitivo, pero iso non significa, e está moi lonxe de poder aceptarse, que os saberes manexados no ámbito da pesca non estean guiados nalgunhas ocasións por estratexias de razoamento ás veces tan complexas como no caso do pensamento científico.

26 Francoise Breton (1990: 144) defende que se transmite traballo e tamén saber como un "corpus" de coñecementos "manuais" e simbólicos.

Gladwin (1970) e Lewis (1972) expuxeron a complexidade do razoamento analóxico sobre contidos teóricos e prácticos (rede conceptual de coñecementos espaciais, astronómicos e ambientais) do sistema de navegación tradicional *etak* dos *puluwatanos* das illas Carolinas, na Polinesia. E como subliñaron Downs & Stea (1977), a mellor proba de eficacia do *etak* é o seu valor de supervivencia. Os accidentes mortais entre navegantes polinesios son practicamente inexistentes, e as viaxes deste tipo, ás veces de máis de mil km, son rutineiros dende hai séculos.

27 A nasa cadrada foi proposta dende a Administración como alternativa á nasa clásica (cilíndrica) que viña sendo empregada polos pescadores dende os anos cincuenta. Tratábase de que a nasa cadrada fora tan eficaz como a anterior pero máis selectiva. É dicir, que capturase exclusivamente polbo, e non afectase a outras capturas que se trataban de preservar (nécora, camarón). O feito é que esta nova nasa non conseguiu os resultados prácticos esperados.

(*Octopus vulgaris*), que resultou un revés económico para os pescadores artesanais; a construcción dun porto de abrigo en Lira entre os anos 1992 e 93 baixo un deseño feito polos técnicos e sen atende-las obxeccións iniciais dos pescadores conduciu á necesidade de modifica-la súa traxectoria dous anos despois; o mesmo ocorreu cos portos de Laxe e Malpica, tendo que facer na actualidade millonarios investimentos para remedia-lo que os pescadores xa previran. Por outro lado, sábese que algunhas das estratexias productivas do pescador se adecúan ó ciclo vital de moitas especies pesqueiras, pero ás veces esta boa adaptación vese rachada polas normas e lexislacións pesqueiras implementadas pola Administración. Existe, polo tanto, unha relación pescador-medio disposta non tanto polas respostas de adaptación positiva do pescador como polas normativas ordenadas dende fóra. Ambas, moitas veces, en desafortunado desequilibro ou contradicción[28].

Non se trata dunha minusvaloración do que din os técnicos senón máis ben de mostra-la necesidade de que estes escoiten o parecer dos pescadores nas cuestións que lles afectan directamente.

Os técnicos son os emisores que están socialmente definidos como productores cualificados de coñecemento, pero dunha clase de coñecemento que fala só de certos tipos de "verdades", cun alcance que está limitado a aquelas destrezas que os pescadores non poden alcanzar:

> *[...] eles* [os biólogos] *saber, saben máis ca nós [...] para algho estudiaron, [...], pero a súa teoría é a dos libros. Fan análises das faunas, e ó millor dinche esatamente, sin fallar nin en un ¡eh!, cantas ovas produse unha nécora ou un peixe calquera, ou sábenlle os nomes dos peixes, que aquí por esta sona xa lle damos os que queremos [...], pero ninghún soupo desernos por que os camaróns non se collen de Maio para diante, [...] e nós sabemos que o camarón está aí no descanso, [...], pero, ¿ por que non entran nas nasas? [...] eso ninghún soupo desermo, e sin embargho nós sabémolo matematicamente.*

Os economistas, pero sobre todo os biólogos que traballan en colaboración coas administracións, deberían posuír coñecementos precisos sobre a realidade concreta de cada comunidade pesqueira. O traballo de campo, sen mingua-lo de laboratorio, sería un xeito eficaz de achegarse a unha visión etno-científica do mundo dos pescadores. Os futuros deseños de xestión pesqueira deberían ter en conta, ademais desta fonte, a opinión e información que poden achega-los pescadores. Implicalos neste campo suporía corresponsabilizalos no porvir das pesquerías. Non facelo posiblemente favorecería seguir deseñando modelos de xestión pesqueira creadores de escaseza.

[28] Un claro exemplo disto acontece coa imposición de réxime de vedas con respecto á nécora. Nalgunhas comunidades, por exemplo en Lira nos anos 1993 e 1992, as nécoras puideron capturarse segundo esta normativa xustamente cando se atopaban no período de desova.

BIBLIOGRAFÍA

ANDERSEN, R. (1979): "Public and Private Acess Management in Newfounland Fishing". En ANDERSEN, R. (comp.): *North Atlantic Maritime Cultures: Anthropological Essays on Changing Adaptations*. La Haya, Mouton, pp. 299-336.

BRETÓN, F. (1990): "El prendizaje del oficio del pescador: saber y transmisión del saber en los pescadores de arrastre". *Eres*. Vol. 2. Tenerife, Museo Arqueológico y Etnográfico.

BENNETT, John W. (1976): *The ecological transition: Cultural anthropology and human adaptation*. Oxford, Pergamon Press.

CALO LOURIDO, F. (1978): *La cultura de un pueblo marinero: Porto do Son*. Santiago, Serv. de Publicac. da Univers.

CHAREST, P. (1981): "Contraintes ecologiques et pécheries sédentaries sur la base cote-nord du Golfe Saint Laurent". *Antropologies et Societes* 5 (1):29-56.

DELBOS, G. & JORION (1984). *La transmission des savoirs*. París, Éditions de la Maison des Sciencies de l'Homme.

DOUGLAS, M.: *How Institutions Think*. New York, Syracuse University Press, 1986.

DURREMBERGER, E. P. & PALSSON, G. (1986): "Findin Fish: The tactics of Iceland Skippers". *American Ethnologist* 13 (2):213-229.

DOWNS, R. M & STEA, D. (1977): *Maps in Mind*. New York, Harper and Row.

FERNÁNDEZ PÉREZ, C. (1993): *O Refraneiro do Mar*. Sada (A Coruña), Ediciós do Castro.

GALVÁN TUDELA, A. (1984): "La Antropología de la Pesca: problemas, teorías y conceptos". En *Actas del coloquio de Etnografía Marítima*. Santiago de Compostela (En prensa).

GALVÁN TUDELA, A. (1989): "Economía y Sociología de las Comunidades pesqueras". *Madrid M.A.P.A.*, pp. 595-510.

GARCÍA ALLUT, A. (1994): "From Open Access to Communal Property: The Case of the Fishing Community in Muxía". En CATANZANO et al. (ed.): *Proceedings of the sixth conference of the International Institue of Fisheries Economics and Trade*. París, Institut Francaise de Recherche pour l'Exploitation de la Mer.

GIPPINI ESCODA, E. (1991): *Refraneiro galego*. Sada (A Coruña), Ediciós do Castro.

GLADWIN, T. (1970): *East Big Bird*. Cambridge, Mass: Harvard University Press.

JORION, P. (1978):"Marks and rabbits furs: Location and Sharing of grounds in coastal fishing". *Peasant Studies VII* (2).

LEWIS, D. J. (1972): *We, The Navegatiors*. Australian National University Press.

LYNCH, K. (1984): *La imagen de la ciudad*. Barcelona.

MARTÍNEZ VEIGA, U. (1985): *Cultura y Adaptación*. Barcelona, Anthropos.

POGIE, J.; POLLNAC, R. & GERSUNY, C. (1976): "Risk as basis for taboos among fishermen in southern New-England". *Journal for de Scientific Study of Religion* 15 (3):257-262.

TAIT, R. V. (1987): *Elementos de Ecología Pesquera*. Zaragoza, Ed. Acribia.

IDENTIDADES DE GRUPO Y DE CULTURA EN LOS MARINEROS DE BAJURA DEL NOROESTE DE GALICIA


Staffan Mörling & Xosefa Otero Patiño

A mi mujer, Xosefa Otero Patiño, hija de marinero y oriunda de la aldea de Canesol en la Isla de Ons, le llaman la atención las diversas manifestaciones de identidad que ella observa entre la gente marinera y analiza con su natural conocimiento del ámbito y con algunos de los conceptos que actualmente se manejan en la etnología sueca.

Efectivamente, las nociones de identidad ocupan una posición central en la investigación antropológica. Las resume la etnóloga sueca Ella Johansson en su estudio de los obreros que, antes de los tiempos de la mecanización, se ocupaban de la tala de árboles y del transporte de sus troncos en el norte del país (1994, 170-171). Haciéndose eco de pensamientos generalizados entre los etnólogos, Johansson compara el concepto de identidad con un campo de tensión entre dos polos. Uno de ellos es psicológico y nos hace necesitar de una identidad "para funcionar y encontrarnos a gusto"; por lo tanto precisamos también de una identidad colectiva y cultural. El otro polo está analítica-filosóficamente influído. En lo que respecta al tema de Johansson, su aplicación dice que la identidad de los trabajadores forestales es lo que convierte a éstos en trabajadores forestales; hace el grupo idéntico a sí mismo y hace de él una cultura definida, posible de limitar para enfocar en ella el oportuno estudio. Aunque Johansson muestra escepticismo hacia el elemento psicológico y funcionalista, admite que hay que contar con un instinto inherente, que tiene por objeto encuadrar y articular una cultura. Concluye que el objetivo buscado por las culturas es una identidad, sea a raíz de una causa emocional y supraindividual o porque la identidad es el *sine qua non* de las culturas. Johansson reconoce que existe una suposición tácita en el sentido de que las personas necesitamos ser más o menos iguales a los grupos de semejantes, para poder funcionar como agentes culturales.

No que atinxe á fecundación, nos machos os espermatozoides producidos polo testículo son empaquetados en espermatóforos producidos polas glándulas asociadas ó testículo ou glándulas espermatofóricas e son almacenados na bolsa de Nedham, onde permanecen ata ser expulsados no momento da posta. Nas femias o ovario desemboca nun ou dous oviductos ós que pode ter asociadas glándulas productoras de substancias que envolven o ovo, que serven para pegalo ó substrato onde se fixa. A fecundación adoita ser externa, depositándose os espermatóforos en distintas partes das femias mediante un brazo modificado do macho chamado hectocotilo. A posta realízase unha vez ó ano e unha vez na vida dos exemplares. Só excepcionalmente algunhas femias conseguen recuperarse e madurar para desovar de novo ó ano seguinte. Debido á alta taxa de mortalidade, o número de ovos, aínda que variable, ten que ser grande. Chegouse a contar ata 402.000 ovos nunha femia madura, aínda que é máis común valores inferiores comprendidos entre 130.000 e 260.000. Tamén se ten observado que "un macho pode copular con varias femias e que transfire os espermatóforos, dende o seu aparato xenital ó da femia, ó traverso da canle do hectocolito e valéndose da língula. A cópula pode durar unha hora ou máis, período no cal o macho deposita, preto da saída dos oviductos, varios espermatóforos, a exaculación dos cales é intermitente. Unha vez nos oviductos, e mediante contracións peristálticas, os espermatóforos pasan ás glándulas nidamaterias, onde ceiban ós espermatozoides que fecundan ós óvulos" (GUERRA, 1979:80). No período embrionario as femias non comen, e despois da eclosión dos ovos quedan en tal estado de extenuación que non se poden recuperar para desovar de novo no mesmo período; e morren polo xeral desovando unha soa vez na vida.

Unha vez nacidos, os polbos deben crecer e madurar. A primeira etapa de vida é a máis crítica posto que a mortalidade nos estados máis cedos adoita ser moi alta debido á alta competencia polo espacio, a alimentación necesaria e, sobre todo, a que estes cefalópodos novos adoitan ser voraces depredadores. O desenvolvemento do polbo pasa por varias etapas de crecemento, das que a primeira fase é embrionaria, tranformándose posteriormente os embrións en larvas[3], que nalgunhas especies de polbos pa-

[3] Unha larva (de polbo) é, en sentido amplo, un estadio de desenvolvemento dun exemplar xuvenil antes de adquiri-los caracteres de adulto.

récense máis ós ascendentes adultos ca noutras[4]. A taxa de crecemento durante o período embrionario e larvario resulta difícil de precisar, aínda que se sabe que é rápido debido a que nun ano poden alcanzar pesos por riba dos 3 quilos, chegando algúns exemplares a conseguir tallas moi grandes[5]. As observacións levadas a cabo sobre esta especie por A. Guerra na costa Atlántica de Finisterre (Cf. GUERRA, 1981), e na do Mediterráneo catalán por K. Mangold-Wirz (Cf. MANGOLD-WIRZ, 1963) e por A. Guerra (Cf. GUERRA, 1975:397-416), mostran que o proceso de desenvolvemento e maduración sexual do polbo común é similar en ámbolos biotipos, comprendendo o devandito crecemento e maduración varias fases, que son nas femias as de: *Inmadurez, Desenvolvemento-predesova, Madurez* e *Posdesova,* e nos machos as de: *Inmadurez, con espermatóforos* (*ou madurez*) e *posdesova*. Por outro lado, sabemos por J. M. e J. Wells que factores ecolóxicos como a luminosidade, a temperatura e a salinidade das augas poden influír nestas fases de desenvolvemento e maduración sexual do polbo común (Cf. WELLS e WELLS, 1959:1-33).

En relación coas femias, A. Guerra comprobou igualmente que a **fase de inmadurez** "corresponde a femias inmaduras onde os seus ovos son dun tamaño inferior a 0,7 mm, o ovario moi pequeno e branco e as glándulas estreitas e sen zonación"; a **fase de desenvolvemento-predesova** represéntana "femias en desenvolvemento-prefeza, nas que os ovos miden entre 0,7 e 1,8 mm, o ovario é maior e as glándulas mostran unha típica rexión denticulada de intensa cor branca"; a **fase de madurez** é o período de desenvolvemento sexual das femias maduras no que o "seu ovario é moi voluminoso e o tamaño dos ovos oscila entre 1,9 e 2,4 mm; as glándulas oviductais son de maior tamaño que nas etapas precedentes"; por último, a **fase de posdesova** representa ás femias co ovario fláccido e sen ovos, que son "fácilmente recoñecibles porque a súa gónada se atopa en clara regresión (Cf. GUERRA, 1975:409). En canto ós machos, a **fase de inmadurez** comprende o estado en que o animal carece aínda de espermatóforos; a **fase con espermatóforos ou madurez**[6], que empeza a partir do momento en que o animal inicia o almacenamento de espermatóforos na bolsa de Nedham[7]; e a **fase de**

[4] En varias especies de polbos de ovos grandes e larvas bentónicas, estas parécense moito ós adultos, e, en cambio, nalgunhas outras de ovos pequenos e larvas planctónicas, estas parécense moito menos ós ascendentes. Por esta razón a estes descendentes chámaselles "larvas planctónicas" e a aqueles "xuvenís bentónicos", evitando aplicarlle-lo termo larva (Cf. GUERRA e PÉREZ GÁNDARAS, 1984:9).

[5] Constata A. Guerra que "o tamaño máximo [...] que pode acadar un polbo no Mediterráneo é de 30 cm de talla (lonxitude dorsal do manto) e arredor dos 11 Kg de peso, mentres que no Atlántico centro-oriental chega ós 40 cm e 20 Kg. Os maiores polbos capturados no Mediterráneo, e debidamente referenciados, eran machos e nunca sobrepasaron os 12 Kg [...]. No Atlántico, nós mesmos poidemos observar un macho de 14 Kg, cunha lonxitude total de 1,60 m" (GUERRA, 1979:82). Pola miña parte engadirei que varios dos informantes pescadores de polbo manifestaron capturar nalgunha ocasión, nas rías galegas, exemplares de polbo de 7, 8 e 9 quilos de peso. Aínda que se trata de pesos e tamaños que aparecen moi por debaixo dos que proporcionan os nosos científicos nas súas investigacións, xa son merecedores da nosa mención.

[6] Prescíndese do termo "madurez" nos machos e subtitúese polo de "con espermatóforos", posto que se descoñece o número de espermatóforos mínimo que se necesita para que un macho estea realmente maduro.

[7] De acordo coa hipótese de Ángel Guerra "os machos están maduros a partir do momento en que contan cuns poucos espermatóforos almacenados na bolsa de Nedham" (GUERRA, 1975:408).

posdesova, que corresponde á fase en que os polbos maduros se desprenderon dos espermatóforos por emparellar.

Rematada a última fase de desenvolvemento sobrevén a morte do animal. Nas femias a morte adoita producirse na fase de posdesova, despois da eclosión dos ovos. En todo caso, as máis lonxevas non superan os dous anos de vida, e os machos poden durar algo máis que as femias.

3. Aspectos ecolóxicos: área xeográfica e hábitat mariño do polbo

Aínda que se trata dunha especie estrictamente litoral, o polbo é un molusco cosmopolita moi abundante en augas temperadas do Atlántico oriental e occidental, do Mediterráneo e do Pacífico oriental e occidental. É unha especie sedentaria que fai uns desprazamentos curtos polo día e máis longos de noite, gregaria no sentido de que viven moi xuntos aínda que independentes uns doutros, e territorialista, o que os leva a defende-la súa zona impedindo que outros se mesturen. Tradicionalmente aparecían facilmente en plena area (cunchais), alimentándose das diversas variedades de mariscos dos areais, pero hoxe co devastador arrastre dos barcos maiores non atopan un lugar seguro onde desenvolverse normalmente. Os pescadores de polbo teñen que acudir ós sitios areosos, rochosos e incluso semilodosos, onde agora habitan.

Polo que respecta ó polbo que nos é máis familiar, o *Octopus vulgaris*, trátase dunha especie "estrictamente litoral que rara vez baixa máis alá dos 150 m de profundidade" (VARIOS, 1992:269). Esixe para vivir unhas condicións de salinidade que se cifran sempre superiores ó 27/1000 e unha temperatura de non menos de 6° C, situándose a óptima entre os 10° e os 20° C. Tamén precisa un PH e concentración de osíxeno adecuados, que posúen as augas das rías e costas onde viven e se reproducen os membros desta especie. Pero condicións desta natureza posúenas numerosas augas mariñas que espallan a especie pola maior parte dos litoriais do mundo. Servíndose das achegas de varios investigadores e das súas propias, A. Guerra delimita do seguinte modo a área xeográfica do polbo común. Escribe o investigador:

> *No Atlántico oriental, o Octopus vulgaris pódese atopar dende as costas inglesas deica o cabo de Boa Esperanza (Rees, 1950), situándose os lindeiros da súa distribución septentrional nas badías de Dublín e Liverpool, probablemente en relación coa isoterma de 6°C na auga do fondo (Rees e Lumbi, 1954). A especie é común nas costas meridionais inglesas e máis en toda a costa francesa. Ó sul do mar do Norde ten sido citada nas costas belgas, holandesas e alemanas, pero non se atopa nas costas danesas, suecas e noruegas (Rees, 1950). Nas costas atlánticas españolas e portuguesas é común dabondo (Magaz, 1934, Nobre, 1932), tendo sido así mesmo citado nas illas Madeira e máis na costa noroccidental africana, onde existe a pescaría desta especie máis importante do mundo, que abrangue dendo o cabo Bojador deica o cabo Branco e da que se teñen tirado, entre 1964 e arestora,*

de 80 a 100 milleiros de toneladas anuais. No Atlántico occidental a especie exténdese dende as costas de Carolina do Norte deica o sur da Arxentina. Moi frecuente en todo o Mediterráneo, a historia da pescaría do polbo e mailos métodos de captura remóntanse ó tempo dos gregos, sendo xa descritas por Aristóteles. As capturas máis abondosas lévanse ó cabo na conca central e máis na zona occidental do Mediterráneo. No Pacífico ourental distribúese dende Alaska deica as costas do sul de Chile, se ben non constitúe pescarías de importancia comercial. No Pacífico occidental, en troques, resulta abondante e péscase con fartura nas costas do Xapón e maila China, extendéndose deica Australia. No Océano Indico ten sido citada varias vegadas, pero non existen pescarías propias desta especie (Voss, 1973) (Cf. GUERRA, 1979:76-77).

Polo que respecta ás nosas rías e costa galegas, sabemos que o polbo que as poboa non tolera variacións de salinidade moi grandes, e que non se atopa en augas con menos de trinta e cinco partes de sal por mil de auga, o que explica que soamente achemos polbo xunto ós demais cefalópodos -potas, luras, chocos-, cara á desembocadura das rías e no sector nerítico da nosa costa. Na ría de Vigo en concreto, onde a profundidade máxima é de 45 metros, o polbo que saen captura-los pescadores vive entre os 4 e 33 na parte central e externa da mesma, nos fondos de lodo con abundantes restos de cunchas, area, pedras e algas. Tamén aparece boa concentración de polbos nas enseadas de Limens e de Barra, nas zonas norte do extracto central da ría, nas zonas rochosas próximas ás illas Cíes e en varios puntos situados ó leste da illa de Toralla (GUERRA, 1984:346). Trátase dun hábitat moi similar ó que caracteriza aqueloutro que habita nas rías de Pontevedra e de Arousa, onde para capturalo seguen empregándose variados aparellos e instrumentos de pesca tradicionais.

O polbo é un carnívoro voraz, que pode comer ó día máis dun 6% do seu peso corporal. Aliméntase preferentemente de crustáceos, moluscos, peixes, podendo darse incluso o canibalismo. A partir das observacións levadas a cabo con eles en condicións experimentais, sábese que a dieta alimentaria dos polbos componse fundamentalmente de crustáceos, pero tamén de peixes e varios moluscos, e que non varía sensiblemente nin co tamaño, nin co sexo, nin coa época do ano, pero si pode variar coa profundidade e características específicas do biotopo en que habitan. Polo que respecta ó *polbo común,* achámonos diante unha especie oportunista que, segundo os estudios de A. Guerra, pode actuar "tanto como depredadora de numerosos tipos de organismos, como de preeira cando as circunstancias lle obrigan" (Cf. GUERRA, 1978:162).

Por último, para pór remate a estas consideracións tanto morfolóxicas coma fisiolóxicas e ecolóxicas da especie, noméanse as *principais pesquerías de polbo común.* Seguindo neste punto a A. Guerra (Cf. GUERRA, 1979:75-94), as zonas de captura importantes, nas que traballan as flotas de barcos dedicadas exclusivamente á captura de cefalópodos, serían as seguintes:

– As pesquerías das costas de África noroccidental, principalmente entre os 26º e 13º de latitude N. Aquí traballan as flotas de Corea, Xapón e España, con artes de arrastre de fondo, coas que se capturan moitas ducias de miles de toneladas anuais.

– A pesquería do mar interior do Xapón. Nela practícase a pesca do polbo sobre todo coas artes de arrastre, pero tamén se fai con nasas, corricán, liñas e anzois, tendo cada arte o seu período de pesca. Os principais explotadores desta pesquería son os pescadores xaponeses.

– A pesquería do Mediterráneo oriental e central. É unha zona onde o polbo se pesca coas artes de arrastre, con nasas e trasmallos de distinto tipo, con arpóns, anzois, etc. A esta zona van pescar polbo as flotas de España, Italia, Iugoslavia e Francia.

– As pesquerías da costa atlántica americana (México, Brasil, Arxentina). As flotas que se dirixen a estas zonas empregan sobre todo as artes de arrastre na pesca do polbo. Pero interésanse tamén -e sobre todo- pola pesca doutras especies como por exemplo o camarón.

– A pesquería das costas do atlántico nordeste (Inglaterra, Canal da Mancha, Francia, España, Portugal). Nesta zona o polbo tamén constitúe unha especie de importancia comercial; empréganse na pesca as artes de arrastre e outras.

– A pesquería do litoral galego, onde o polbo foi sempre relativamente abundante, e a súa captura coa arte da raña veu sendo practicada dende hai séculos polos nosos pescadores de baixura.

II. ASPECTOS TECNOLÓXICOS: OS SISTEMAS DE PESCA DO POLBO

1. Antigüidade e control da pesca do polbo

Dende moi antigo a pesca do polbo estivo sometida a determinados controis e restriccións de lugar, tempo e artes de pesca impostos polas Ordenanzas gremiais e os acordos de Xuntas de pesca destrictais que regulan cando, por onde e con que artes os pescadores podían saír capturalo. Dentro do ámbito da ría pontevedresa, nas Ordenanzas do Gremio e Confraría do Corpo Santo e do Gremio de Mareantes de Pontevedra, recollidas por C. Sampedro (SAMPEDRO, 1896-1904), aparecen algunhas interesantes indicacións específicas sobre a pesca do polbo, que informan por onde e con que artes a levan a cabo os pescadores desta zona nos séculos XVI, XVII e XVIII. Xa daquela se lles restrinxían as zonas a onde ir capturalos, o tempo cando realiza-la pesca e os aparellos a empregar na captura desta clase de cefalópodo.

No tocante ás zonas de pesca, na 1ª Ordenanza de 1552 prescríbese "por los vicarios y mareantes, que ningún polveiro ansí de la villa de Pontevedra como de Marín e toda terra de Morraço e Combarro e Samieira e Rajo e Sangenjo e Portonobo e Aldán no sean osados de andar a los polvos de seis braças para dentro e toda la ría de Pontevedra e Aldán sopena de perder los aparejos e que se les queme el barco" (SAMPEDRO, III, 1904:278); e a 19ª das Ordenanzas dadas en 1564 insiste na mesma prescrición disponendo que "ninguna persona que anduviera a tomar y pescar pulpos no pueda pescar ni andar a ellos salvo de altura de seis braças para tierra" (SAMPEDRO, III, 1904:278). Tamén a Ordenanza 4ª de 1568 prohíbelles ós pescadores de polbo exercer

"su oficio si no fuere de seis brazos para tierra; y ni aún dentro de los seis brazos si en el punto donde pesquen hubiera Cercos" (SAMPEDRO, III, 1904:279). Dando un salto de case dous séculos, a Ordenanza 25ª das de 1750, de Sarmiento, formula a prescrición de saír pesca-lo polbo a seis brazas de altura, dende Cabicastro e Udra para dentro, e dende *Festiñáns* e *San Cremencio* cara á ría, "mientras lo hagan los Cercos" (SAMPEDRO, III, 1904:279).

Tamén o tempo de pesca e as artes de pesca do polbo se atopan regulamentadas. No que atinxe ó tempo, pola 1ª das Ordenanzas xerais prescríbese pesca-lo polbo con calquera tipo de artes durante os tres meses de marzo, abril e maio, en que se está criando a especie (SAMPEDRO, III, 1904:279). Trátase dunha prolongada restricción que se mitiga na Ordenanza 4ª autorizando pescar durante eses meses de veda "llevando únicamente un cangrejo al extremo del cordel", e na 5ª permítesellles pescalos "echando en lugar del cangrejo, una espiga de maiz, o bien choco, centolla u otro cebo semejante" (SAMPEDRO, III, 1904:280). A 2ª refírese ó emprego da raña e a 3ª ó da garabeta, cualificadas ambas de artes necesarias para a captura do cefalópodo. Aquela prescribe que "La raña, fuera de la temporada de veda, solo ejercerá su pesca en la costa, bajo pena de perderla con el pescado, para repartir su valor entre los pobres del Gremio", e, en canto á garabeta, dise que "no ha de estar armada con más de un gancho, el cual tendrá, a lo menos, una pulgada de vuelta" (SAMPEDRO, III, 1904:279-280). Pero aínda soportando todas estas restriccións de ordenanzas gremiais e de acordos das Xuntas destrictais, o polbo sempre foi abundantemente pescado nas nosas rías, obedecendo á importante demanda desta especie por parte dos habitantes do interior. Tal como deixou constatado M. Lobo sobre os pescadores da segunda metade do século XIX, estes facían "gran cosecha de pulpo que llevado a tierra no tienen más que curarlo al sol y enseguida venderlo a la Maragatería que toman a un ínfimo precio" (LOBO, fol. 165). Pero por esta época exportábase ó interior de León, Castela, Portugal, Arxentina e Brasil, onde tivo importantes mercados, así como a algúns países mediterráneos, dos que é un exemplo Grecia, que mandaba mercadores face-la compra do noso polbo común.

Moitos pescadores de polbo actuais continúan empregando os vellos botes polbeiros[8] e as artes da raña e da garabeta, ás que se incorporaron outras novas buscando

[8] É moi frecuente ver hoxe a un único home nas embarcacións dedicadas á captura do polbo, que sae de mañá e regresa ás catro ou cinco da tarde. Pero o desenvolvemento da tarefa non foi así tradicionalmente. Dende moi antigo á captura do polbo saíuse en pequenas embarcacións -chalanas, gamelas, dornas- tripuladas xeralmente por un mariñeiro e un ou dous mozos que se encargan de remar lentamente, a fin de que os aparellos cos que pesca vaian rastrexando polo fondo de forma conveniente para chama-la atención do polbo e para permitirlle ó pescador lanzalos e manexalos a conveniencia. Tradicionalmente estes pescadores saían á captura do polbo nas anteditas "lanchas do polbo" ou "botes polbeiros", que miden 3 e 4 m de quilla e empregan para a marcha remos manexados polos mareantes ou ben a vela cadrada ("vela latina"). Varios pescadores informantes seguen aínda confirmando a boa adaptación para a pesca do polbo destes pequenos botes. Recoñecen a tradición das escasas "dornas polbeiras" que xa quedan, empregadas sobre todo polos pescadores da illa de Ons, Ribeira e Carreira no desenvolvemento deste oficio; tamén a tradicional "curuana", bote polbeiro empregado polos pescadores de Cangas, Baiona e A Guarda; e o chamado "bote polbeiro" e "burro polbeiro", especial para a pesca con raña, que empregaban para este labor os pescadores de Bueu. Pero hoxe xa quedan poucos botes destes tipos, absorbidos polos actuais modelos de planadoiras con motores fóra-borda e de barcos con motor incorporado, que facilitan o transporte de persoal e aparellos así como o desenvolvemento do oficio sobre o lugar de traballo.

unha maior eficiencia no desenvolvemento da actividade. Atópanse na actualidade dous procedementos complementarios encamiñados a satisface-la demanda actual desta especie de crustáceo. Dun lado áchase a pesca de polbo que levan a cabo os nosos armadores en caladoiros das nosas costas e noutras moi afastadas, con series de nasas e palangres, e coas "artes de arrastre de altura", é dicir, co emprego de redes resistentes de arrastre (rapeta, baca) tiradas por un ou dous potentes barcos de pesca; e doutro lado está a pesca de polbo que continúan practicando os nosos pescadores de baixura nas nosas rías e no litoral costeiro co emprego de pequenas embarcacións e os aparellos e instrumentos de pesca tradicionais. Aínda que estes pescadores de polbo de baixura seguen sendo abundantes, o volume de capturas de polbo é moi inferior ó alcanzado por aqueles que traballan nas pesquerías importantes do Mediterráneo, do banco canario e do Atlántico sur, co emprego das modernas artes de arrastre actuais. Pero uns e outros profesionais do oficio son experimentados coñecedores das artes, aparellos e instrumentos de pesca do polbo, do manexo adecuado dos que empregan nas capturas, así como do comportamento dos membros da especie naqueles caladoiros concretos ós que se dirixen para pescar.

2. Os vellos e os novos sistemas de pesca da especie

Na procura de poñer orde á serie de datos de campo e de arquivo dispoñibles sobre os artefactos que existen para a pesca do polbo, adóptase nun principio a vella distinción que facía, no 1911, B. Rodríguez Santamaría, cando diferenciaba entre as artes, aparellos e instrumentos de pesca que empregaban aqueles pescadores da costa norte e noroeste de España nas primeiras décadas do século actual. Nas "Advertencias necesarias" do inicio do seu *Diccionario... de... Pesca,* avanzaba este investigador que tódolos artefactos que empregaban para a pesca os mariñeiros da citada zona ían aparecer clasificados en: "artes, aparejos e instrumentos de pesca, denominándose artes todos aquellos que para su confección emplean redes; aparejos aquellos que emplean el anzuelo y el cordel, e instrumentos, los que sin emplear la red ni el cordel con anzuelos sirven también para pescar al facilitar el medio de poder hacerlo" (RODRÍGUEZ, 1911:11). A sinxeleza da clasificación representa a mellor base sobre a que estructurármo-la organización dos nosos materiais, de cara a sistematiza-los sistemas actuais de pescar esta clase de cefalópodos. Pero fixémonos máis detidamente en cada unha desas artes, aparellos e instrumentos diferentes dos que dispoñen aínda hoxe os membros do amplo colectivo de mareantes e mariñeiros que desenvolven o oficio da pesca do polbo común.

2.1. As artes de pesca do polbo

O maior volume de pesca de polbo é o que se fai coas "redes de arrastre" (rapeta, baca), tiradas por un ou dous barcos que as levan rañando o fondo do mar (Cf. figura 1). Para fondos con cascallo e pedra emprégase unha rapeta que leva na súa parte antero-inferior unhas grandes esferas de metal, os "burlóns", que ó rodar permiten salva-los obstáculos que non sexan moi grandes. Para fondos limpos pódense empregar outras redes de arrastre, como a baca, que non ten tales proteccións. Ó pasar estas redes polos "jo-




Fig. 1: Redes de arrastre tiradas por un ou dous barcos. Adaptación de *Artes de Pesca: Arrastre*. Xunta de Galicia, Consellería de Pesca, 1988

veiros" (niño, cama guarida), onde se atopan os polbos, estes entran na rede e permanecen metidos no fondo da arte (que chaman "cope" ou "copo") ata que se extraian para o barco. Esta "arte de arrastre de altura" é a máis empregada hoxe polos grandes barcos arrastreiros que traballan nos caladoiros de altura mediterráneos, canarios e do Atlántico sur, que proporcionan a maior parte do polbo que se consume na actualidade. Ó polbo así capturado chámanlle a miúdo os meus informantes: "pulpo do Sahara", "pulpo marroquí" e "pulpo de altura", que contrapoñen ó "pulpo da ría", pulpo gallego", "pulpo da costa gallega", que capturan os nosos pescadores de baixura. Para a pesca do polbo, crustáceos (cigala, nécora, centola) e outras especies de fondo (lirio, linguado, rapante, rodaballo, faneca, merluza ou pescada e outros), os nosos pescadores tamén adoitan traballar coa rede de trasmallo. O trasmallo tradicional está formado por tres lenzos ou panos de rede, de diferentes mallas (de aí o seu nome), nas que quedan prendidos os polbos e peixes ó acudir ó reclamo do cebo. A rede do medio é máis estreita, máis longa e de máis caída, para que ó querer vencela os polbos a leven consigo e se enreden nas máis anchas,

que sempre son as exteriores. A arte fondéase fixa (ás veces solta) en fondos próximos á costa, e fano actualmente pequenas embarcacións de motor de 3 a 6 homes, que substituíron á "dorna", "curuana" e "bote polbeiro" tradicionais[9].

2.2. Os aparellos de pesca do polbo

Á parte das redes de arrastre e tramallos, os pescadores de polbo dispoñen de variados aparellos de pesca para realiza-lo traballo. Tradicionalmente empregáronse as "liñas para polbo", que non son máis que uns finos fios dun calibre de 140 a 180 décimas, pois a máis delgada lastima os dedos, e no extremo instálanse os cebos que atraen a atención do animal. Presentan distintas formas de disposición dos cebos, de aí os nomes diferentes que tamén adquiren, a saber: *a raña* ou *rañeiro*, *a garabeta*, *o cotelo*, *a espiga*, *a gramalleira* e *a táboa do polbo*, esta última foi empregada máis polos pescadores asturianos que polos galegos.

a) *A raña ou rañeiro*: A raña é un aparello axeitado para traballar sobre fondos de area e de pouca profundidade (Cf. figura 2). Consiste nunha peza de madeira (xeralmente un pao) de aproximadamente 18 centímetros de longo e máis ou menos un e medio de groso, chamado "cambelo", sobre a que por medio de ligaduras se fixa unha pedra, algo oval (o "pandullo", "seixo"[10]), que no seu centro por ámbalas caras ten un rebaixe, máis pronunciado nunha delas para que permita encaixa-la barriña de madeira. Sobre esta parte da pedra colócase un cangrexo ou nécora como cebo ("isco", "fieira"),

---

[9] No seguinte fragmento de entrevista obsérvase a diferencia entre quen sae a diario á pesca do polbo pola ría de Vigo e aqueles que saen pescalo fóra, neste caso a flota que traballa no caladoiro marroquí. A información provén dun segmento da entrevista mantida en 1992, na zona portuaria de Vigo, con dous informantes, un almacenista de peixe e outro distribuidor de polbo. Nun momento da entrevista o intercambio de comentarios entre eles transcorre do modo que se reproduce:

Inf. 1: "En la zona de las rías gallegas se pesca con nasa, pero los barcos de arrastre lo hacen con red.

Inf. 2: Yo no lo sé. Yo no sé con que lo hacen.

Inf. 1: Sí, sí, por aquí lo hacen con nasa. Van con nasa a la ría, pero los barcos de arrastre van con red. Tienen unas mallas [pausa]. Ahora Marruecos, por ejemplo, cambió el tamaño de la malla de la red. Creo que lo pasó al tamaño 89 en Octubre. El tamaño 89 es el más pequeño de todos. Es el que va de 0 a 200 gramos de pulpo. ¡Claro!, se cogió mucho y entonces al quitar el pequeño, el grande disminuye. Hace mermar mucho la pesca.

En el caladero marroquí deben estar ahora unos 900 barcos pescando [pulpo], de los que 600 son gallegos. Este barco de pesca va de una marea, generalmente de dos meses, descarga en Las Palmas y vende generalmente para Japón, o sino lo manda para arriba [Vigo] en contenedores. Pero quien lleva el mercado general del pulpo que se pesca con artes de arrastre es Japón; quien marca los precios es Japón. O sea que si Japón compra el pulpo sube muchísimo. Pero también dependemos del dólar. Se depende mucho de como vaya el dólar, porque al pagar Japón en dólares, también la cotización del dólar influye mucho en el precio del pulpo [...]. Pero los barcos de pesca de altura también utilizan las nasas y el palangre en pesca del pulpo" (Extraído da entrevista a D. Manuel Cabaco Mariño (distribuidor de polbo) e a D. Lorenzo González Gómez (almacenista). Vigo, xullo de 1992).

[10] F. Eiroa del Río especifíca que "estas pedras son de forma oval, lisas e labradas pola acción do mar e a súa cor abrancazada. Os pescadores galegos coñécenas por 'seixos'", pero o seu nome pode variar nos portos próximos entre si (EIROA DEL RÍO, 1986:83).



Fig. 2.: A RAÑA é un antigo aparello de pesca-lo polbo. Actualmente as nécoras e os cangrexos substitúense a miúdo por outros cebos máis económicos como os que emprega este pescador de Cangas (Pontevedra)

coa súa parte plana cara a arriba, que se suxeita con fío á variña de forma que non lle estorbe ás patas do cangrexo e poida movelas con maior atracción. O aparello remata xeralmente en dous "ganchos" ou anzois[11]. Emprégase a ollo, é dicir, á vista dende embarcación a remos. O pescador de polbos vai vogando a modo e o aparello vai rastrexando preto do fondo de forma conveniente. O movemento das patas do crustáceo, intentando fuxir sen poder, é o que atrae a atención do polbo, que, ó observalo, o rodea cos tentáculos xunto coa pedra á que vai atado. Cada pescador pode manexar comunmente dous aparellos deste tipo, un en cada man, na tarefa de pesca-lo polbo; pero o número a empregar non é uniforme, dándose o caso de levar, tres, catro e ata seis e máis aparellos o pescador na súa embarcación.

Téñense observado diferentes variantes de raña empregadas polos pescadores de diferentes portos da costa galega e tamén formas variadas de levalas os pescadaores nas súas embarcacións cando saen ó mar. Na seguinte representación móstranse algúns tipos de rañas diferentes empregadas polos pescadores de diferentes zonas da costa galega.

Cando se traballa con seis destes aparellos, o pescador lévaos amarrados: dous ás amuras, dous ós toletes do costado e dous pola popa. Os pescadores da ría de Pontevedra e da illa de Ons, recorda C. Sampedro, largaban polo xeral sete rañas, tres por unha banda e catro por outra, que atan algunha vez ós toletes e ós bancos do barco (SAMPEDRO, 1904:270). Cando o pescador nota que o polbo fixo presa na raña hálao con tempero moderado ata a superficie tendo coidado que non toque o casco do barco, recólleo co salabardo ou truel, unha "especie de salabre hecho con un aro de madera del

[11] Estes anzois do aparello non son para que os trague o polbo, como ocorre nos aparellos de pesca doutros peixes, senón para enganchalos se se desprende do aparello, facendo máis segura a pesca. A raña tamén pode levar anzois, e nese caso os informantes chámanlle "cotelo".

que pende una manga de red en la que cae el pulpo si llega a soltarse; todo ello sujeto a un mango, también de madera, de poco más de un metro de largo" (BERNÁRDEZ, ca. 1930:568), e bótao sobre o barco.

b) *A garabeta*: Trátase doutro tipo de liña con cebo pero que se diferencia un pouco do precedente (Cf. figura 3a, 3b). Este aparello consiste nunha liña, que adoita ser de tanza, á que preto dun extremo vai amarrada unha pedra e na parte superior da mesma un cangrexo, e ás veces ó lado do cangrexo e tamén sobre a mesma pedra afírmase coa mesma ligadura un anaco de peixe de carne dura, por exemplo de chicharro. O anaco de liña que colga dende a instalación do cebo recibe o nome de "pingueira", e tal como expresa sobre ela Eiroa del Río, en augas pouco profundas adóitase amarrar á "pingueira" outro cangrexo polas patas de atrás do mesmo; e se se traballa en augas máis profundas (máis de 15 brazas), no lugar do cangrexo amárrase unha poteira de catro anzois, en previsión da posibilidade de que o polbo solte o cangrexo por ser maior a duración do tempo halado e quede enganchado nos anzois (Cf. EIROA DEL RÍO, 1986:87). No momento en que o pescador sente a presión do polbo na liña, hálaa sen pausa e con velocidade moderada coidando que non se lle achegue ó casco da embarcación para que o polbo non poida adherirse coas súas ventosas, o que faría moi difícil a súa captura. Ó te-lo polbo ó alcance do salabardo (truel, ganapán), captúrase con este e métese a bordo. Xa dentro o pescador crávalle o chamado en Aldán (Pontevedra) "espicho", entre ollo e ollo ou introducíndollo pola boca.

Figura 3 a




Figura 3 b



Figura 3 c



Un complemento destes dous aparellos descritos é a *estronca* (Ons), *cebeiro* (Raxó) ou *can*, que ten por función desatasca-la raña e a garabeta que queden enganchadas debaixo dalgunha pedra ou nas aberturas entre elas. Consiste noutra liña atada a un pao como de trinta centímetros de longo e a este unha pedra regular, que baixan guiadas da liña da raña atascada. Déixase caer varias veces co peso da pedra sobre aquela, e con este obrígalle a cambiar de posición e a librarse do atascamento.

c) *O cotelo*: É outro aparello a mencionar, axeitado para pescar nas zonas rochosas e fondos con cascallo (Cf. figura 3c). O cotelo vén a ser como unha raña sen anzois. Consiste nunha peza formada por un anaco de madeira (normalmente un pao) duns dezaseis centímetros de lonxitude, ó que se lle amarra un cordel que serve para halar. No centro vai un cangrexo que fai de cebo, enganchado de

Figura 3 d




ESPIGA

forma invertida á peza de madeira por medio dunha goma elástica cruzada. Ó carecer de anzois ou ganchos, o aparello ofrece maiores posibilidades de non engancharse nas rochas e cascallos do fondo.

d) *A espiga*: Outro aparello moi empregado polos pescadores das rías galegas foi a espiga (Cf. figura 3d). Emprégase para pescar dende terra, e tamén en barco sobre fondos con cascallo e rochosos. Consiste nunha espiga de millo atada a un cordel dunha lonxitude adaptada ó fondo onde se pesca[12]. Esta espiga de millo faise pasar por diante das rochas dende un barco parado ou marchando a modo por onde se sospeita que están os polbos, e cando o animal ve a espiga agárrase a ela sen soltala ata atoparse a bordo do barco ou en terra. No caso de que o polbo trate de abandona-la súa presa, se está preto da superficie trátase de capturar mediante un truel ou salabardo, ou tamén co bicheiro, que igualmente se empregaba con este fin.


Figura 3 e



Táboa do Polbo

e) *A táboa do polbo*: Este aparello usárono tradicionalmente os pescadores de polbo dalgúns portos asturianos (Cf. figura 3e). B. Rodríguez Santamaría describiuno deste xeito: "Se compone de una tabla de forma rectangular, de dos centímetros de grueso, de cualquier clase de madera, en la que se fija una planchuela de hierro por la parte de atrás, a fin de que la haga bajar al fondo, y en la parte delantera o frente lleva tres anzuelos de los de merluza o congrio mirando hacia el fondo, fijándose en su parte alta un aro de alambre, al que se amarra un cordel largo. Se emplea desde un bote, en el que se va bogando poco a poco, y al halar del cabo hace arrastrar la tabla por el fondo, enganchando los pulpos en los anzuelos, a los cuales se les coloca de antemano un cangrejo vivo, que sirve de cebo" (RODRÍGUEZ, 1911:187).

Figura 3 f



Gradella

f) *A gradella*: Máis que aparello para capturar polbos, a gradella é o recolledor dos principais tipos de "liñas do polbo"; os pescadores deste cefalópodo coñécena tamén co nome de "grade" (Cf. figura 3f). No momento de hala-las liñas, durante a pesca ou ben ó final do traballo, o pescador emprega este aparello para deixalas recollidas e dispostas para o seguinte uso.


[12] "Teño usado a raña, o bichero, a nasa para ir ós pulpos [...] si, si, si a espiga tamén se empleaba, os da parte de Montalbo baixaban das aldeas coa espiga leiteira para os pulpos" (Información de D. Reiner Requejo Escudero. Pescador de baixura da ría de Pontevedra. 77 anos. Combarro (Poio, Pontevedra). Ano 1995).

2.3. Os instrumentos

Como instrumentos de captura do polbo pódense mencionar: *o gancho* e *o bicheiro, o espello, a lañeira, a nasa, o escaravello* e *o palangre*.

a) *O gancho* e o *bicheiro*: O gancho é un instrumento axeitado para pescar en zonas de pouca auga e rochosas, isto é, para a "pesca a la vista" (Cf. figura 4a). Consiste en "una varilla de alambre de uno o dos centímetros de grueso formando en un extremo una asa que sirve para meter la mano y agarrar la vara o gancho, y en el otro un anzuelo para que, una vez enganchado el molusco no pueda escaparse, como pretende la mayoría de las veces" (RODRÍGUEZ, 1919:45). Sempre que se usa este instrumento para enganchalos polbos nas covas ou entre as peñas do fondo vai acompañado dunha vara delgada á que os pescadores amarran un trapo, polbo, sardiñas ou desperdicios de peixes como cebo.

Figura 4 a




BICHEIROS

O bicheiro emprégase xeralmente para pesca-lo polbo dende terra, introducíndose o pescador na auga e metendo o instrumento co cebo nas covas e entre as peñas. Ó sentir que o polbo se agarra ó cebo para comelo, o pescador introduce o gancho, sacando con el da vara ó polbo e extraéndoo para fóra, onde lle dá morte. Se o gancho e a vara van unidos nunha soa peza constitúen outra variedade de bicheiro que nos describe o etnógrafo ourensán X. Lorenzo como o composto basicamente dun pao de madeira cun gancho de ferro nun extremo. O pescador de polbos agarra este bicheiro pola parte do gancho e noutro extremo envolve un trapo que mete entre as rochas[13], aínda que para os pescadores da costa de Foz (Lugo) mellor cebo que o trapo é aínda outro polbo que utilizan a partir da primeira captura atándoo co trapo polo corpo. Nesta técnica, cando sae o polbo, o pescador dálle a volta ó pao e préndeo co gancho (Cf. LORENZO, 1979, II:402).

b) *O espello*: A luz artificial proveniente dun espello tamén se utiliza cando se traballa coa liña e mesmo co bicheiro (Cf. figura 4b). O espello é unha caixa de madeira que adquire o aspecto dun tronco de pirámide, coa base maior en cristal. A súa altura é de 60 cm e a súa base media de 40. Ten pola parte superior dous orificios que serven para agarralo. A parte estreita serve de mira e na ancha é onde leva instalado o cris-

[13] "En tempos de meu avó, e tamén cando eu era novo, para pesca-lo polbo chegaba cun pañuelo branco envolto nunha pedra. Os polbos se tiraban a aquel pañuelo e logo co bichero (gancho) xa se enganchaban" (Información de D. Reiner Requejo Escudero. Pescador de Combarro (Poio, Pontevedra). 77 anos. Ano 1995).

Figura 4 b




ESPELLO

tal, que vai dentro da auga. O mariñeiro ve o fondo mariño con claridade ata os dez metros, pero, como matiza Eiroa del Río, a súa efectividade "depende principalmente de la claridad de las augas y de la composición del fondo" (EIROA DEL RÍO, 1986:39). En circunstancias normais das augas e en fondos propicios, o pescador vai observando o fondo a través do espello e comprobando onde se atopan os polbos. É entón cando se identifican e se capturan co gancho ou bicheiro[14].

c) *A lañeira*: É outro instrumento de captura do polbo en pouco fondo. Consiste nunha vara de tres ou catro metros, que leva no extremo un anaco de corda duns vinte centímetros, da que colga o cebo que pode ser nécora, cangrexo ou peixe duro como xurelo, agulla e outros, ós que se agarra o polbo.

Figura 5 a



NASA ABERTA PARA POLBO

d) *A nasa*: Hai moitos tipos de nasas e para moitos fins. Con elas péscase o camarón, a cigala, a langosta, a nécora, a anguía e, nos últimos anos, tamén o polbo. A nasa do polbo emprégase como instrumento fixo en fondos areosos e próximos a fondos de rochas ou algas. Estas nasas poden ser abertas (Cf. figura 5a) ou pechadas, e consisten xeralmente nunha especie de cesta rectangular ou de forma de pirámide truncada -tamén as hai cilíndricas ou troncocónicas- formada por un enreixado de varas de ferro (arame galvanizado...) ou ben de tipo vexetal (vimbio, xuncos, etc). Entre os pescadores do asentamento mariñeiro de Raxó (Poio, Pontevedra) empréganse ambas na pesca do polbo. Coa nasa aberta péscase no interior da ría e coa pechada cando se sae fóra da mesma[15]. Estes mariñeiros aínda fan referencia a outra nasa, actualmente prohibida na pesca do polbo; nomeárona nasa "que llamamos portuguesa. Es una nasa que tiene unos pinchos que hacen sufrir a los pulpos que tratan de


[14] Un pescador informante comentou deste xeito o momento da identificación e a captura do polbo: "[...] Entonces vas observando el fondo a través del espejo y los distingues, los ves allí todos tapándose con las piedras, y con el bichero los clavas y los sacas. Dan un poco de trabajo porque se defienden, pero nada más. Yo creo que es la forma más bonita de pescar el pulpo" (Información de D. José Manuel Pérez. Pescador de baixura da Ría de Vigo. Ano 1992); e outro informante da ría de Vigo falábanos así da técnica que empregaba para mater limpo o cristal do espello que empregaba: "corto en rodaxas ou pola metade unha pataca crúa e doulle ó cristal con ela para que o deixe limpo". A técnica, aínda que ben rudimentaria, funciona, tal como tiven ocasión de comprobar.

[15] "Por aquí (Raxó, Poio) témo-la *nasa aberta* coa que se pesca dentro da ría, e outra *nasa pechada* cando se vai pescar fóra da ría" (Información de D. Eduardo (Lalo). Pescador. 46 anos. Raxó (Poio, Pontevedra). Novembro de 1992).

liberarse. Ahora no se usa por estar prohibida aquí"[16]. A *nasa aberta* ten o esqueleto metálico recuberto totalmente, excepto pola parte superior, que está completamente aberta. No centro do fondo da nasa está depositada a carnada ou cebo nunha pequena bolsa de rede que ten unha lonxitude de malla de 14 milímetros. A bolsa está asegurada cunhas ligaduras dadas á vara central e dispón dunha xareta para colocar ou retira-lo cebo. En canto á *nasa pechada* que se emprega para o polbo, é similar á propia para o camarón pero de maior dimensión de malla e o funil ou entrada de maior lonxitude. Este tipo de nasa tamén é válida para a pesca da nécora, feito que impide utilizala durante o tempo de veda deste crustáceo.

O pescador que emprega nasas cébaas con xurelo, sardiña, cabala; deposítanse en fondos de entre 5 e 30 brazas. Cando se traballa a pouca profundidade esta non afecta moito ó lastrado da nasa, pero a partir das 10 brazas de fondo faise necesario lastra-las nasas colocando sobre a parte baixa da nasa dúas pedras compensadas para favorece-lo seu afundimento e que se asente sobre o fondo nunha posición normal[17]. Actualmete a pesca de baixura, do polbo, levase a cabo con este instrumento. Como expresaron repetidamente os informantes da ría de Vigo, "hoxe, o sistema que se usa é este da nasa. Hoxe cóllese moito polbo coa nasa. O pescador de polbo pon hoxe moitas caseas de nasas. Unha casea componse de vinte ou trinta nasas, pero póñense moitas [caseas]. Póñense cincoenta, cen e máis nasas. Hai planeadoras que traen ata quinientas nasas. Con este sistema agora cóllense cincoenta, sesenta, e cen quilos de polbo, que se vende na lonxa de Vigo, Bueu, Cangas e así" (Informante da ría de Vigo. Ano 1996).

Figura 5 b




ESCARAVELLO

e) *O escaravello*: É similar á nasa (Cf. figura 5b). Segundo nolo describe un pescador da ría de Vigo (Pontevedra), consiste nun recipiente, unha lata,

[16] Información de Eduardo (Lalo), Pescador de baixura. 46 anos. Raxó (Poio, Pontevedra). Novembro de 1992.

[17] Con todo, varios pescadores informantes criticaban o emprego indiscriminado das nasas nas rías galegas. Unha de tantas críticas emitidas foi esta que se reproduce: "Por esta zona toda pesca do polbo era á liña. Os polbeiros de Bueu eran famosos; tamén os da illa de Ons. Eses toda a vida os pescaron á liña, e traían 30, 40, 50, 60 ou máis quilos de pulpo. Aí por Bueu, Ons e tamén aquí por Raxó, Combarro, era onde máis pescadores de polbo había. Hoxe van pescalo coa *nasa que é a ruína do mar. Nas nasas entra esa cría pequeniña que hai, a cría pequeniña que non a deixan pescar nin vender. Pero toda esa cría que vai ás nasas tráena para a terra os pescadores, e véndena por aí por onde poden*" (Pescador de Combarro (Poio, Pontevedra). 77 anos. Ano 1993). Un problema diferente foi aquel que levou á prohibición do emprego das nasas nas nosas rías no século XVIII. Tal como apunta J. Cornide no seu *Ensayo de una historia de los peces...*, de 1788, naquela época os mariñeiros xa empregaban as nasas furtivamente nas rías galegas, "cargadas de piedras para que vayan al fondo", con ánimo de capturar crustáceos e varios tipos de peixes (robaliza, melgacho, congro, maragota, vello, etc.). E aínda que "está prohibido el uso de estas nasas dentro de las rías, porque con las piedras de su lastre alteran el fondo", sen embargo, segue apuntanto o autor, "los pescadores que las tienen no dejan de usarlas furtivamente" (Cf. CORNIDE, 1788:215-216).

Figura 6




PALANGRE DE LATAS PARA PESCA-LO POLBO

un cacharro ou outro recipiente aberto por un lado que leva un cebo dentro para que se introduza o polbo[18]. Calado a unha profundidade adecuada sobre o fondo de area, o polbo entra nel tentado tanto polo cebo como pola súa tendencia a introducirse nestes ocos, especialmente se son de barro ou metálicos.

f) *O palangre*: Tamén é común o emprego do palangre polos pescadores de polbo (Cf. figura 6). Eiroa del Río descríbenos palangres para o polbo de dous tipos: un que se constrúe a partir de recipientes de folla de lata e outro con gomas das rodas de automóbiles (Cf. EIROA DEL RÍO, 1986:86-91). O sistema de *palangre de latas para o polbo* consiste en depositar sobre o fondo do mar unha serie de recipientes de lata baleiros abertos por un lado, que servirán de habitáculo para os polbos, dado que a esta especie lle gustan estes ocos para vivir. Empréganse a miúdo os recipientes comerciais do aceite para engraxamento dos coches, de 2,5 e de 5 litros, posto que o pronunciado brillo destas "latas de acente" serve de reclamo ó animal mariño. As latas poden estar total ou parcialmente abertas dun lado e a súa base perforada con dous orificios a fín de permiti-lo afundimento do recipiente. Fáiselle outro burato lateral na parte aberta con obxecto de facer firme o delgado cabo que fai de brazolada. Este únese a outro cabo que forma o palangre. Un palangre pode comprender varias decenas deste tipo de latas, que quedan instaladas permanentemente no mar xa que non levan cebo; a distancia entre os recipientes é duns 10 metros e o pescador vainos revisando cada un ou dous días ou ben á vontade posto que os polbos permanecen cómodos por tempo indefinido no seu interior. En canto ó *palangre de gomas para polbo* (Cf. figura 7), parece que os pescadores galegos importárono de Venezuela hai aínda poucos anos. Segundo nolo describe Eiroa del Río, o sistema consiste na utilización de nasas construídas totalmente con cubertas

[18] "O escaravello é un cacharro, unha lata, ou outra cousa, que está aberto só por un dos lados como se fora un cacharro cortado e leva un cebo aí dentro e xa está: o pulpo vén e métese dentro" (Entrevista a D. Manuel Rodríguez Cea. Pescador de baixura da ría de Vigo. Xullo 1992).

Figura 7



PALANGRE DE GOMAS PARA PESCA-LO POLBO

de rodas de pneumático do automóbil, especialmente de turismos. As nasas pódense habilitar de diferentes maneiras, pero en ningunha delas se introduce cebo para atrae-lo polbo. Cada palangre leva un número de gomas comprendido entre 25 e 30 unidades e os pescadores de polbo adoitan largar 4 ou 5 palangres deste tipo, que revisan cada un ou dous días. As nasas e palangres empréganse tanto na pesca de baixura coma na de altura, pero sempre con ánimo de facer abundantes capturas que se levan vender en fresco nas lonxas ou xa se preparan e conxelan directamente nos barcos que saen pescar.

III. OS CAMIÑOS DO POLBO CARA Ó INTERIOR OURENSÁN

1. Do mar á lonxa

Unha vez que o pescador capturou o polbo empregando algunha arte, aparello e instrumento dos nomeados máis arriba, prepárase para desenvolver unha segunda serie de tarefas, que agora recaen sobre o animal. Tratándose dos pescadores de baixura estas tarefas son como mínimo as tres seguintes: a de *dar morte* ó polbo, porque de non facelo o animal volverá para o mar gateando e botándose pola borda. A operación lévase a cabo nun intre introducíndolle pola boca ou cravándolle entre ollo e ollo un pao aguzado nun extremo, chamado "espicho" polos mariñeiros de Aldán (Pontevedra). Unha vez morto o polbo hai que *batelo* ("mallalo"), proporcionándolle contra as pedras un número determinado de golpes. A miúdo constátanse os que deben dárselle, aínda que non hai acordo no número fixo a proporcionar. O etnógrafo X. Lorenzo nas súas referencias ó polbo recolle que ese número é de "oitenta e oito golpes pra que quede en boas condicións" (LORENZO, 1979, II:401). Pola contra, os meus informantes do asentamento mariñeiro de Raxó (Poio, Pontevedra) rebaixárono a máis da metade, expresando que "trinta e tres golpes son os xustos". A outra tarefa a desenvolver no camiño é a de *clasifica-los exemplares* capturados, que na pesca a grande escala se fai durante

o tempo que duran as capturas. Unha vez capturados, a tripulación lávaos, límpalle-la cabeza e clasifícaos por tamaños e peso, antes de introducilos colocados en bandexas no túnel de conxelación. Cando se chega a porto, despois dunha prolongada "marea", descárgase preparado e listo para a primeira venda.

O prezo do polbo tanto na lonxa coma no mercado de venda polo miúdo pode variar moito dependendo dunha serie de factores entre os que están o tamaño e o peso do exemplar, a calidade, a época do ano, a abundancia ou escaseza de capturas, a presión da demanda, o número de intermediarios do sector, etc.

Polo que atinxe ó tamaño, o polbo sae ó mercado clasificado por números que varían dentro dunha escala progresiva T, que vai do 1 ó 9. Canto máis elevado é o número asignado na devandita escala, máis pequeno é o exemplar de polbo e máis baixo o prezo pagado por el. Polos datos recollidos dos informantes, os números intermedios da escala son os mellor aceptados. As polbeiras de Arcos consultadas expresaban que entre elas os tamaños T3, que se corresponden con polbos de entre 3 e 2 quilos, T4 ou polbos de entre 2 e 1 quilo e medio, e T5, isto é, polbos de entre quilo e medio e un quilo de peso, son os preferentes porque, afirman elas, "é o pulpo máis axeitado" para o seu oficio. Por riba de T5 "é un pulpo moi pequeno" e por baixo de T3 "é demasiado gordo e ten pouca aceptación" dos clientes que o solicitan nas feiras, festas, romarías e demais enclaves de preparación e consumo tradicionais.

O prezo final do polbo tamén varia de acordo co número de intermediarios polos que pasa dende o lugar de captura á mesa de consumo. A medida que un exemplar de polbo se achega á mesa do consumidor, pasando desde o sector pesqueiro á lonxa, e desta ó exportador, ó almacenista, ó retallista e ó consumidor, máis incrementa o seu prezo final. Un exportador pode adquirir unha boa partida de polbo ós prezos de referencia que se indiquen, por exemplo, na lonxa de Las Palmas de Gran Canaria, pero transportala ata Vigo implicaralle "un incremento de vinte pesetas en quilo"[19]. A partida pasa en Vigo do armador a un almacenista, que dispón de potentes naves frigoríficas onde o almacena e o garda ata que o distribúe por outras naves secundarias que ten nos asentamentos do interior de Galicia[20]. O polbo sairá cun novo prezo destes enclaves de distribución secundarios cara ós establecementos doutros retallistas e vendedores polo miúdo do ramo como supermercados, peixerías, tendas variadas de alimentación, establecementos de preparación e consumo do mesmo: restaurantes, bares onde se prepare e sirva polbo, e, sobre todo, o colectivo de polbeiras e polbeiros que o comercian cocido sobre os espacios de feiras e festas locais.

No que se refire á calidade, os datos de campo indícannos unha sobrevaloración da calidade do polbo local fronte ó que procede de fóra do país. Nas referencias que fan á calidade do polbo, que tan ben coñecen, os informantes consideran que "existe un polbo bon" ou "de mellor calidade", que é o que procede das zonas de "Cangas, Bueu, Ons,

[19] O dato porporciónao un almacenista vigués en xuño de 1992.

[20] Almacenistas de peixe vigueses como FREIREMAR, VEIRASA, CASA PESCA, BENITO ALONSO, GARSA, e outros, dispoñen no interior de Galicia de grandes naves frigoríficas secundarias a onde transportan polbo e outras especies de peixe, para distribuílo desde eles ós comerciantes do ramo que viven na zona.

O Grove" e en xeral das rías e costas galegas; e outro polbo "máis malo" ou "de peor calidade", que chega a porto en barcos que saen capturalo ó Atlántico sur e mesmo dende o banco canario. Destes polbos dise que "son máis ñoños", "máis tranquilos" e "menos agresivos" cós exemplares das nosas costas e que a calidade non é a mesma aínda que o prezo en lonxa sexa igual.

2. Da lonxa ó interior: camiño de Oseira e de Arcos

Se existe no interior do País galego algunha comunidade que teña estructurada a súa economía doméstica e o seu modo de vida arredor do polbo, esta foi a comunidade parroquial de S.ta María de Arcos, no municipio do Carballiño (Ourense). A tradición oral de Arcos relata que o polbo chegou a esta parroquia ourensá, regada polo río Arenteiro, como consecuencia do tributo que as xentes do mar lles pagaban ós monxes cistercienses de Oseira. Dise que noutros tempos os dominios monacais de Oseira chegaban ata o mar de Pontevedra, onde os fieis pagaban os seus tributos á orde en polbo seco. A partir de aquí a versión popular asígnalles ós arrieiros o transporte do polbo ata Oseira e ós monxes o comercio e difusión como alimento entre os labregos que traballaron as granxas comprendidas no seu dominio. Esta versión popular, que recibín dos polbeiros anciáns da comunidade de Arcos, comenteilla en certa ocasión ó profesor Xosé Filgueira, obxecto deste coloquio, quen me animou a investigar por esta vía co obxecto de fundamentala e validala cientificamente. Durante unha conversa sostida con el, avanzoume outros variados datos sobre a referida hipótese, entre eles estes que se reproducen:

> *A poboación que levaba as terras do priorato de Marín pagaban as súas rendas en especie, sobre todo pescado. Empregaban como pago sobre todo o polbo seco por canto podían almacenalo para face-lo pago, e doutro lado tratábase dunha especie de pescado pouco valorada. Ó recibirse en Oseira maior cantidade deste pescado que é necesaria para consumir, os relixiosos distribuíana entre os pobos de arredor en forma de alimento. Estos campesiños souberon facer dun pescado que non tiña valor unha comida e unha tradición*[21].

Animado por tan versada opinión, tentei obte-la documentación histórica que validara esta hipótese da difusión do polbo dende Oseira ás terras do interior ourensán, tarefa aínda non rematada na actualidade. Con todo, as fontes documentais consultadas semellan confirma-los datos provenientes tanto da tradición oral como da cultura do querido interlocutor. Nela compróbase que o mosteiro de Oseira recibiu do priorado de Marín rendas en diñeiro (reais, marabedís, ducados), en especie (ferrados de centeo, tri-

[21] Información proporcionada no transcurso da visita que lle fixen solicitándolle información sobre o tema. Pontevedra, 3 de febreiro de 1993.

go, maínzo, viño); gando ovino (ovellas), cabrún (carneiros, cabritos), aves (galiñas), etc., e sobre todo peixe (sardiñas, congro, merluza, polbo...); e incluso en servicios, xa que, de non acudir á chamada, deberán pagar dous reais. Din que os marinenses entregaban as rendas en especie e en diñeiro por San Miguel -o 29 de setembro- e por San Martiño -o 11 de novembro-, e, no tocante ós peixes, os monxes recíbenos por "carnes tolendas". Tal e como revelan os documentos, o polbo facía parte dos pagamentos ó convento polo usufructo das casas, as cortiñas, as viñas, etc.[22]. Outras clases de peixe mercábanse, tal como nos revela un documento conservado no concello de Marín, do libro *Tumbo* do século XVI, no que se pode ler que no "ano de 1583 tódolos pescadores do porto de Marín comprometéronse por si e os seus sucesores a dar todo o peixe fresco de congro e merluza que fora mester para advento e coresma a un prezo de 6 marabedís cada libra"[23]. Un tal contrato feito cos pescadores, que posibilita consegui-la libra destas clases de peixe fresco a seis marabedís, posibilitaría non soamente consumilas, senón, por baratas, traficar con elas, cabendo a posibilidade de que o peixe que chega a Oseira por esta época non se limitase soamente ó consumo senón tamén á venda, e de que o interese manifesto do mosteiro de Oseira polo Couto de Marín fora debido á posibilidade que este priorado lle ofrecía de consumo de peixe en épocas determinadas, como a Coresma, en que os monxes non poden comer carne, e de comerciar con el nesas datas e durante todo o ano. En canto ó polbo, moi probablemente fose incluído neste comercio de peixe como unha especie máis, o que repercutiu na súa distribución e difusión polo espacio xeográfico ourensán. Así recibido en Oseira, procedente de Marín, pasaría a comerciarse pola zona, especialmente para servir de alimento polas granxas do convento e no momento das concentracións de campesiños nas feiras e mercados locais.

Unha destas feiras que debeu influír na configuración e permanencia do colectivo de persoas que dende as parroquias ourensás de Santa María de Arcos e San Xoán de Arcos (O Carballiño) viñeron dedicándose ó comercio de polbo cocido, polos lugares máis espallados da provincia de Ourense e lindeiros, foi a localización na actual vila do Carballiño, a partir da segunda metade do século XVII, dunha feira potenciada polo convento de Oseira, na que o consumo de polbo curado estivo sempre presente. A feira foi trasladada desde Cea a esta localidade, debido fundamentalmente a que os frades de Oseira, un pouco celosos dos beneficios que proporcionaba a feria de Maside, pen-

---

[22] Temos constancia deste tipo de pagamentos en fardos de polbo seco que facían ó convento de Oseira no século XV, recollidos por M.ª José Portela e outros. Velaquí dous exemplos como proba: "1483 Lópe Sánchez de Moscos Conde de Altamira aforó a Gonzalo Ríos, mareante, y a su mujer Constanza Ríos, la heredad de Raposeyra por el tiempo que lo tiene de Oseira, por dos liazas de polvos y otros servicios" (Cf. *Repertorio*, 230, en PORTELA et al. 1993:387). E este outro referido á mesma familia: "1487 el Abad Suero de Oca afora a Gonzalo Ríos y su mujer Constanza Ríos una casa, corral, cortiña, la viña de Raposeyra y 20 carballos por 120 maravedís y una liaza de polvos" (Cf. *Repertorio*, 230, en PORTELA et al. 1993:387).

[23] *Tumbo o Libro de donaciones regalias e ynmunidades que el monasterio de Ossera ti/ene en el Cotto de Marín*. Arquivo Concello de Marín. Folio 251.

saron pórlle competencia situando estoutra na súa xurisdicción, á beira do camiño real, onde se foi creando o actual Carballiño. Debido a que o espacio feiral se achaba tamén en dirección a Oseira, o polbo e peixes chegaban a aquí desde o mar transportados polos arrieiros do convento e aqueloutros que os traían para vender á xente congregada na feira local. O polbo procedía sobre todo da zona costeira do Grove, Arousa, Mugardos e outros portos costeiros que o capturaban para curalo e mandalo a estas zonas do interior de Galicia, onde, como nos confirma J. Cornide, se despachaba cocido nas feiras, nas que era "apetitoso regalo para arrieros y traginantes, que lo cuecen de nuevo en sus estómagos" (CORNIDE, 1778:185). As principais encargadas de cocelo para os feirantes e demais aistentes nos espacios feirais foron por tódalas partes as mulleres, tarefa que aínda realizan na actualidade con preferencia ós varóns. Nos libros do *Catastro del Marqués de la Ensenada*, relativos a Santa María e San Xoán de Arcos, cando recollen este oficio fálase de "polbeiras" fronte ó oficio de proporcionar un ingrediente fundamental do aderezo antes de servilo, como é o oficio de "aceiteiro". Pero da revisión dos datos ofrecidos, sobre todo polo "Real de Legos" e o "Interrogatorio" do citado *Catastro*, elaborado en 1752, dedúcense outros aspectos de interese sobre a existencia da actividade de polbeira nestas comunidades rurais. Así, entre os campesiños da parroquia de Santa María de Arcos que din que exercen un oficio ou actividade que combinan coa de labrador áchanse precisamente os de "aceiteiro", nomeado tamén "tratante de aceite", e o de "polbeira"[24], todas estas actividades moi vinculadas co oficio de vendedores de polbo cocido que practica un grande número de familias actuais desta comunidade. No tocante ós habitantes de San Xoán de Arcos, dos 102 cabezas de familia que se relacionan no "Real de Legos" relativo a esta freguesía, 48 deles tamén se dedican a exercer algún oficio que combinan coa actividade xeneralizada de labrador[25]. Se observamos máis en detalle a serie de oficios que se relacionan no "Interrogatorio" desta freguesía e as persoas que os exercen, sexan ou non cabezas de familia, comprobamos como o número delas que practican algunha actividade ou oficio exercidos a tempo completo ou a

[24] Unha constatación dos oficios, e a súa frecuencia, que teñen os 45 cabezas de familia e outros membros, con oficio, censados nesta parroquia de Santa María de Arcos, pode quedar así:

Aceiteiro	5
Costureira	1
Curtidor	4
Panadeira	1
Polbeira	1
Tratante de peixe	4
"Tablejero"	2
Zapateiro	2

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos extraídos de: "Real de Legos", en *Catastro del Marqués de la Ensenada*. Santa María de Arcos. 26/11/1752.

[25] Cf. "Real de Legos", en *Catastro del Marqués de la Ensenada*. San Xoán de Arcos. 1/01/1973. Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

tempo parcial ascende a 90 persoas[26], sen computa-las 19 censadas no "Real de Legos" como "criado" e "criada". Comparando as actividades escollidas polos residentes en ámbalas comunidades apréciase que os membros de cada unha mostran preferencias diferencidas á hora de escolle-la actividade artesá a desenvolver a tempo parcial; mentres en San Xoán de Arcos[27] abundan os curtidores (39 persoas), zapateiros (19 persoas), tecedoras (13 persoas), polbeiras de vender peixe nas feiras e pescadores (9 persoas), na pequena freguesía de Santa María de Arcos son estes tratantes de "peixe" (4 persoas) xunto cos tratantes de aceite (5 persoas) as actividades que máis destacan entre as demais de polbeira, estanqueira, costureira, xastre, carpinteiro, tendeiro, "tablejero", etc. que tamén exercen algúns habitantes.

Sintetizando os datos sobre aquelas actividades que se relacionan dalgún modo co polbo, atopamos en ámbalas freguesías[28] un grupo dunhas 19 persoas que se ocupan

---

[26] Obsérvese esta "relación final de oficios" e a súa frecuencia, que se atopa no "Interrogatorio" do *Catastro del Marqués de la Ensenada*, relativos a esta freguesía:

Carpinteiros	4
Curtidores de coiros menores e maiores	39
Estanqueiros	1
Cirurxián	1
Pescadores de troitas	4
Polbeiras	5
Xastres	2
Taberneiro	1
Tecedoras	13
Tendeiras	1
Zapateiros	19
Total =	90

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos extraídos do *Catastro del Marqués de la Ensenada*: "Interrogatorio". Freguesía de San Xoán de Arcos. 10/09/1752. Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

[27] Que é unha granxa de Oseira.

[28] Revisados tamén os libros do *Catastro del Marqués de la Ensenada* relativos a San Facundo, anexo de San Xoán de Arcos, non atopamos mención ó exercicio destes últimos oficios citados. Unha constatación da "Relación de tódolos oficios, artes e facultades que hai nesta freguesía" pódese presentar así:

Carpinteiros	1
Costureira	1
Curtidores de coiro	3
Estanqueiros	1
Labradores-Xastres	2
Labradores-Zapateiros	3
Taberneiros	1
Tecedoras	6

Fonte: *Catastro del Marqués de la Ensenada*: "Interrogatorio". Freguesía de San Facundo (Anexo de San Xoán de Arcos). 10/09/1752. En canto ós demais veciños, dise: "son labradores de sus propias haciendas sin salir a ganar".

de pescar, tratar con peixe, e con aceite necesario para a súa preparación. Moitos apelidos deste colectivo de profesionais son coincidentes cos que hoxe identifican a familias de polbeiras e polbeiros de tradición residentes nestas parroquias de Santa María de Arcos e de San Xoán de Arcos, o que leva a pensar nunha continuidade, dende a segunda metade do século XVIII ata hoxe, no tocante a este costume ancestral de comerciar co peixe curado nestas parroquias do interior ourensán. Entre a relación que se ofrece das "pulpeiras de vender peixe nas feiras", da freguesía de San Xoán de Arcos, aparecen os nomes de "Pasquía Lorenzo", muller de Tomás Álvarez, "Alberta Valeiras", muller de Juan Sotelo[29], "Christina Felgueira", filla de Bartolomé; veciñas do lugar de Seoane; e "Francisca González", do lugar de Varón"[30]. Pola súa parte Santa María de Arcos conta cos tratantes de "aceite", "pescado" e "pulpo": "Rafael Pereira"[31]; "Ana María García"[32], "Bernardo de Outeiro"[33], "una hija de Francisco do Pazo"[34], todos eles do lugar de Rapariz; "Antonia de Gayosa"[35], "Benito González"[36], "Carlos Rodríguez"[37], "Miguel Valierias"[38], do lugar de Arcos; e "María Rodríguez"[39], do lugar de Framia. Todas estas actividades compartíanas estas persoas coa actividade principal, que era a de labrador. Na actualidade os apelidos Valeiras, González, Rodríguez seguen atopándose no seo das principais familias de polbeiros de Santa María e San Xoán de Arcos, ós que engadiremos, cun similar prestixio profesional, os de Baranda, Domínguez, Pereira, Pérez, Otero, Ruzo, etc., ata completa-lo colectivo de polbeiros de tradición actuais, que en días de feira, romarías e celebracións festeiras de especial actividade chegan a monopoliza-lo traballo dun centenar de membros da comunidade.

---

[29] No folio 5 do "Real de Legos" dise deste Juan Sotelo, marido de Alberta, que é "pescador" e engádese: "Edad de setenta anos casado con Alberta Valeiras de setenta anos trafica en pescado tiene dos hijas, una de mayor edad y otra menor". Aparece tamén, neste mesmo lugar de Seoane, outro Sotelo de nome Joseph, cos oficios de "truchero y tendero", e un pescador chamado "Juán Lorenzo".

[30] *Catastro del Marqués de la Ensenada*. "Interrogatorio" da Freguesía de San Xoán de Arcos. 10/09/1752. A.H.P.O. A relación continúa constatando que "se les regula una utilidad al año a quarenta reales vellón cada una y en todas componen doscientos reales".

[31] "Tratante de aceite".

[32] "Su edad cuarenta años. Tiene en su compañia un hijo de menor edad y dos hijas. Es tratante de pescado".

[33] "Casado, tratante de pescado, su edad tr^{a}. a, y labrador. Uz^{a} 48 R^{v}.".

[34] "Casado, su hermano setenta años tiene en compañía dos hijastras. Su primogénita tratante de pescado".

[35] "Viúda tienen en su compañia un hijo de mayor edad, y una sobrina casada con Lorenzo Pérez. Trat. de azt. y pescado, e lab. Utiliza 30 R^{v}.".

[36] "Labrador, casado su edad treinta y seis años y tiene en su compañía tres hijas. Azetero. Ut^{a}. 30 R^{v}.".

[37] "Soltero. Aceitero su edad veinte y tres años y labrador. Utiliza 28 R^{v}.".

[38] "Casado labrador su edad cincuenta años tiene una hija de menor edad y una hija. Es trtt.^{e} en azeite. Utiliza 32 R^{v}.".

[39] "Viúda tratante en pulpos su heredad tre^{a}. a^{s}.".

3. O transporte do polbo ó interior

Mentres non se adoptou o sistema de conserva-lo peixe por medio do frío, o polbo chega da costa ós enclaves de venda do interior ben sexa fresco, é dicir, acabado de extraer do mar, ou semicurado e curado ó ar e ó sol, e en conserva enlatado en aceite, aínda que isto en menos cantidade. Precisamente o feito de que o polbo non se conserve fresco moito tempo esíxelles ós pescadores curalo no porto, ou ós arrieiros e tratantes do ramo secalo nos asentamentos do interior para poder aproveitalo mellor e telo dispoñible para cando se precisa. En circunstancias normais o polbo secábase fóra, ó ar e ó sol, colgando os exemplares en tendais confeccionados con paos transversais (Cf. figura 8) ou con aramios e cordas dos que se penduran. O polbeiro profesional coida as condicións necesarias dun bo secado, mantendo o polbo o tempo suficiente ó ar e ó sol e protexéndoo da exposición á néboa. Nos tempos tradicionais acontecía a miúdo que o proceso de secado empezábao o pescador no litoral e rematábao a polbeira do interior nos pequenos tendais domésticos dispostos para este fin. Durante o proceso de curación o coidador dáballe as voltas necesarias ó exemplar para que secase igual por tódolos lados. Pero esta técnica, que perdurou viva ata ás últimas décadas, traía a consecuencia do mal olor desprendido polos tendais de polbo secando pendurado ó ar, que soamente os residentes acostumados podían soportar. A circustancia deu orixe a series de atributos descualificativos para a xente destes lugares, dos que soamente se liberaron unha vez que se difundiu o sistema de conxelado do polbo, desprazando este ó do secado natural.



Fig. 8. Os pescadores de polbos tradicionais poñían un coidado especial en mante-las condicións máis idóneas para conseguir un bo secado dos polbos capturados.
Na imaxe, secadoiro de polbo á beira do mar. Extraída de *José Suárez. Álbum*, Vigo, Centro de Estudios Fotográficos, 1993

Os fardos de polbo eran conducidas ás comarcas do interior polos arrieiros, que empregaban carromatos tirados por cabalerías para trasportalo, xunto con outras mercadorías, ou sobre as mesmas que eles conducían. Estes arrieiros mercábano seco, ou ben fresco para secar no interior. Aínda que existiron arrieiros dedicados soamente ó transporte de peixe, máis a miúdo a distribución do polbo polas localidades do interior forma parte dun sistema de intercambio de productos máis amplo, que era sostido entre as localidades da costa e as do interior a través destes arrieiros profesionais. O arrieiro chegaba cos fardos de polbo e outros peixes secos ou salgados (bacallao, sardiñas...) e de marisco (ameixas, mexillóns, berberechos), mercadas nas localidades do litoral, e leváballes a estas as castañas (no tempo), fabas, carne de porco, embutidos (chourizos), queixos, manteiga de vaca e outros productos mercados no interior do País, que eles percorrían. O vello arrieiro informante que nos facilitou os datos detallados sobre este oficio que el mesmo practicou moitos anos, dedicouse sobre todo ó transporte do bacallao, que mercaba nas localidades da costa e comerciaba na feira do Carballiño e nas da comarca. Pero, ademais, esta mercadoría trocábaa polas outras citadas máis arriba, que lle proporcionaban os habitantes das aldeas percorridas por el; tamén se dedicaba ó transporte de polbo que a dona vendía cocido nas feiras e festas da zona. Só unha parte destes arrieiros citados nos informes de que dispoño sobre o tema[40] se dedicaban exlusivamente ó transporte do polbo. Os demais tíñanse que contentar con transportar e traficar con varias mercadorías antes de consegui-lo diñeiro necesario para merca-la carga de polbo coa que emprenden o camiño de volta ó lugar de partida habitual[41].

Estes arrieiros eran os encargados de abastece-los fogares propios, a súa familia e outras veciñas dedicadas á preparación e venda do polbo nas feiras e romarías locais, facendo periodicamente a mesma ruta de ida e volta ó mar. Na ida o noso informante en concreto "saía de Arcos en dirección Ribadavia pola actual estrada do Varón, e seguía ata Porriño facendo paradas en Melón, Quins, Camiña, as Lomas, Arbo, Salvaterra, Ponteareas e Porriño", e desde O Porriño chegaba á costa, por onde facía outra ruta que o levaba a visita-las aldeas e localidades de mareantes e de preto da costa, entre as que cita "Redondela, Arcade, Moaña, Bueu, Marín, Pontevedra e Cambados". Esta ruta de ida lévaballe varios días percorrela, durmindo o noso arrieiro no mesmo carromato que, di el: "ía provisto dunha palla para utilizar de cama, e outra para alimenta-la mula". Tamén levaba "uns cobertores para arrouparse" e para "dormir alí onde se podía ata a mañá que arrincaba de novo", convertendo aquela actividade de arrieiro nun "modo de vida máis duro do que se pensa". A ruta de volta viña coincidindo, neste caso, coa celebración da feira do Carballiño, o 16 e o último día do mes, á que acudía ben provisto de polbo e outras mercadorías traídas da costa. Describe que "cando voltaba dende Cambados, viña vindo ata o alto do Paraño ou o alto do Regueiro, e alí facía noite". Ó día seguinte "de madrugada continuaba para chegar á feira do Carballiño", onde ven-

---

[40] Como os "Carrolas" e os "Pitas" agora asentados en Monforte (Lugo), segundo o noso informante.

[41] Tal é o que se desprende da seguinte información do arrieiro, que dixo: "Facían falla cen pesos para comprar unha carga de polbo na costa. Os que como meu pai que non tiñan os cen pesos iban eles por el. Levaban mercancías e vendíanas. Cos cartos que facían compraban a carga que traían para aquí".

día a "mercancía e o polbo". No caso de que o retorno fose desde a cidade de Pontevedra, entón este arrieiro "viña direitamente á casa" de Arcos (O Carballiño), dado que "a viaxe facíase no día, dende a mañá á noite", e agardaba ó día seguinte para vende-las mercadorías na feira do Carballiño.

Estes arrieiros tamén vendían na ruta os productos cos que trataban, anunciando a presencia nas aldeas co son da "corneta" profesional. A xente interesada saía da casa mercarlles do que ofrecían. Tamén na ruta existían mesóns e fondas económicas onde facían noite e, sobre todo, comían. Cítanse algúns que frecuentaron os nosos informantes como a "pousada de arrieiros A Ferradasa", situada na beira da estrada na saída da cidade de Pontevedra cara a Ourense, trátase dunha fonda económica na que "a comida para dous homes custaba sobre 2,50 pesetas"; e tamén a fonda "O Pedrón", de Pontevedra, no interior da cidade, na que a comida custaba "dúas pesetas por persoa"[42]. Pero fondas como estas había varias salpicadas pola ruta habitual destes homes en camiño, que a miúdo coincidían nelas cos demais profesionais do comercio ambulante tradicional.

Este foi o modo como chegou o polbo ós asentamentos do inteiror ata que foi variando co tempo. No transcorrer do presente século emprégaronse xa os tres sistemas básicos de transporte do polbo e do peixe en xeral:

– O referido transporte en carro, carreta e ó lombo de animais de carga levado a cabo polos arrieiros, que continuou activo nas primeiras décadas do século actual, con características semellantes ás referidas máis arriba.

– Outro foi o transporte en tren de mercadorías e nos autobuses de pasaxeiros en xeral. O transporte en tren inaugurouse no século pasado e foise xeneralizando a medida que os vehículos de tracción mecánica foron desprazando á forza de tracción animal no transporte de mercadorías en xeral, nun principio dende o mar ata os asentamentos do interior, e logo dende os asentamentos das polbeiras ambulantes ata os diferentes enclaves de venda do polbo cocido. Dentro da propia dureza que aínda caracteriza a actividade, a partir da aparición do tren en Galicia, na segunda metade do século XIX, e dos autobuses de liña, o carrexo do polbo empeza a ser máis livián. Empezan a diminuí-los tradicionais arrieiros que o carrexaban en "carros tirados por mulas", "carretillas", "carretas", "carromatos tirados por un só animal" e mesmo pendurando sobre o lombo do animal. Algúns vellos informantes lembraron o paso ó transporte mecanizado do polbo que eles coceron nas feiras e ese declinar progresivo do carrexo con emprego de animais. A data ponse, neste caso, na década de 1920, cando o "Capiro" merca un coche, no que se traslada a xente e o polbo dende a estación do tren de Barbantes ata a localidade de Arcos (O Carballiño), onde residen os polbeiros de tradición. Foi tamén "arredor do ano vintesete [1927] cando o Sisto de Pousadela merca un coche con rodas de goma maciza, o Paxariño de Dacón merca un Chebrolet seis, o Pita, Balado e Sindo mercan outro Chebrolet e o Rivera merca un coche da feira", nos que transportan xente e mercadorías en xeral. Outros carballineses decididos irán fundando progresivamente as

[42] Información de D. Secundino González. Arrieiro a tempo completo, durante unha fase da longa vida profesional. Os prezos a que fai referencia están referidos á década de 1930-40. Máis en concreto refírense a "arredor do ano 1935".

primeiras empresas de autobuses, entre as que se citan as de "Díaz e Súarez" e, despois, "o Deportivo" e o "Auto Industrial", que se fusionarán nunha ó final. Dende agora polbo e polbeiros co instrumental do oficio teñen oportunidade de trasladarse nestes autobuses sempre que o precisan, tanto para acudir mercalo á lonxa de Vigo como para traelo dela ó Carballiño, onde o van recoller. É fundamentalmente este progreso nos medios de transporte mecanizado o que fixo esmorece-lo vello oficio de arrieiro e as súas viaxes por polbo á beiramar.

– O terceiro sistema de transporte que se impuxo sobre os demais foi o actual transporte realizado en camións frigoríficos ou nas furgonetas particulares dos polbeiros profesionais actuais. Estes polbeiros que se dedican ó comercio do polbo a tempo completo[43] polas vilas e asentamentos rurais acostuman ter pescadores de polbo coñecidos ou persoas de confianza que lles mercan na costa a cantidade que precisan, deposítano nunha cámara frigorífica e esperan ata que un día alguén da familia do polbeiro profesional o vaia buscar no vehículo privado do oficio[44]. En canto a outros polbeiros dedicados ó oficio a tempo parcial, autoabasteceranse dos quilos que precisan para cada ocasión nas cámaras frigoríficas que existen preto do fogar ou da localidade onde residen estes profesionais.

4. Os enclaves actuais da venda do polbo

Unha vez provistas do polbo necesario, estas familias de polbeiros profesionais dedícanse a tempo completo ou a tempo parcial a vendelo cocido sobre os espacios de acción profesional distribuídos ó longo da xeografía galega. En concreto o colectivo das polbeiras da localidade de Arcos acostuma frecuenta-las feiras importantes que aínda existen e aqueles asentamentos de feiras hoxe xa desaparecidas, pero ós que a xente da

43 Tal é o caso das principais familias de polbeiros de Arcos (O Carballiño, Ourense).

44 Tentando propoñer unha relación destas tres diferentes modalidades de transporte do polbo coas xeracións actuais de polbeiras que atopamos na localidade ourensá de Arcos (O Carballiño), os datos de que dispoñemos dan pé para dicir que o sistema máis tradicional é o que caracteriza ó colectivo de polbeiras formado por tódalas profesionais das xeracións pasadas ata ás actuais bisavoas e avoas da comunidade; a segunda corresponderíase coa forma máis corrente de autoabastecerse a xeración das polbeiras maiores e mais das polbeiras mozas actuais, antes de mecaniza-lo desenvolvemento do oficio; a terceira corresponderíase co modo preferente de autoabastecerse o actual colectivo de polbeiros de profesión. De datos como estes, proporcionados pola informante dona Concha González, dedúcese como seus avós, por exemplo, se abastecían de polbo sobre todo nos portos de Vigo, Cangas, Bueu e O Grove, o mesmo que o fixeron seus pais e fai hoxe en día ela mesma. Pero tamén especificou que mentres *seu avó* chegaba ós referidos portos como "un arrieiro, vendendo queixos, patacas, vexigas de porco cheas de manteiga de vaca, e outros productos do interior que vendía para regresar cunha carga de polbo e abastecer con ela o seu fogar e outros de polbeiras de Arcos", ós *pais* da informante chegábanlle-los pedidos de polbo, procedentes dos almacenistas de Vigo, "nun tren de mercadorías ou de pasaxeiros ata a estación de Barbantes, onde o deixaban", e de alí era transportado no coñecido coche de "O Capiro", do Carballiño, que ía recollelo e trasladábao a esta localidade. Na actualidade a propia informante segue mercando o polbo que precisa "por xunto" en Vigo, de onde o transporta nun coche da súa propiedade ata o grande conxelador que posúe instalado no fogar.

zona segue co costume de acudir come-lo polbo. Nos últimos anos a progresiva desaparición dos mercados locais fixo que os polbeiros exploraran novas saídas do producto que distribúen, e levounos a dedicarse os domingos e días festivos a cocelo nas rúas da cidade de Ourense, así como nas vilas importantes da provincia, amais en variados asentamentos situados ó lado dunha estrada principal que conten cunha previsible clientela fixa e outra ocasional que lles faga rendible o traballo[45].

Estas feiras e mercados máis frecuentados polos polbeiros de Arcos, que nós coñecemos, poden variar de acordo coa área xeográfica pola que cada profesional desenvolve a actividade. No seguinte calendario mensual de traballo da informante recóllense aquelas feiras ás que esta polbeira asiste dende a súa xuventude. Foi na orde que se citan como ela mesma as proporcionou: Día 1, Allariz; día 3, Verín; día 4, Maceda; día 5, Chantada; día 6, Cea; día 7, Ourense; día 10, Ribadavia; día 11, Verín; día 14, Xinzo; día 15, Allariz; día 16, O Carballiño; día 17, Ourense; día 19, Empalme (Cambeo); día 20, Maceda; día 21, Chantada; día 22, Cea; día 23, Verín; día 25, Ribadavia; día 26, Riós; día 27, Xinzo; día 30 ou 31, O Carballiño[46]; e outro polbeiro de tradición frecuentaba durante o mes estoutra serie de feiras e lugares, a saber: Día 1, Monterroso;



Nas festas gastronómicas e romarías importantes desprázanse ós enclaves de traballo varios membros da familia para colaborar coa polbeira profesional no desenvolvemento do oficio

[45] Con todo, as feiras seguen constituíndo os enclaves de venda máis importantes para estes profesionais, debido á concorrencia de xente que supoñen e a ese ancestral costume que a mesma conserva de mercalo xa preparado para comer.

[46] Información de D.ª Concha González Hermida. Polbeira de Arcos (O Carballiño).



Tal como veu acontecendo desde os tempos tradicionais, as polbeiras de Arcos deben coidar dos membros máis novos do fogar ó mesmo tempo que desenvolven o oficio. Na imaxe, nena descansando ó amparo da calor das caldeiras de polbo na "Festa do Polbo" do Carballiño - 1998

día 2, O Tellado; día 3, San Cibrao; día 4, Maceda; día 5, Chantada; día 6, Cea; día 7, Ourense; día 9, Maside; día 10, A Peroxa; día 11, Amoeiro; día 15, Xinzo; día 16, O Carballiño; día 17, Ourense; día 18, Monterroso; día 19, Palas; día 20, Taboada; día 21, Chantada; día 22, Cea; día 23, Maside; día 27, A Peroxa; día 28, Bouzas; día 29, Castro; día 30, O Carballiño[47].

Durante a tempada de verán estes "enclaves" de venda increméntanse coa saída ás romarías e festas populares, ás que acoden un considerable número de persoas. Aínda que os romeiros tradicionalmente levaban o xantar, acostumaban merca-lo polbo; e as persoas que non o levaban vían nel a solución á fame que chegaba puntual. Co verán tamén chega o retorno coas vacacións da poboación emigrante e os turistas de tódalas partes que visitan o noso país, por iso os membros destas familias de polbeiros viven sen descanso para acudir coce-lo polbo ó maior número de sitios cada día durante toda a tempada de verán. Dende xuño o territorio galego convértese en enclave xeneralizado para o asentamento profesional, que acode ó espacio festivo de calquera santuario de tradición radicado na provincia de Ourense e de Galicia en xeral.

Actualmente estes vendedores de polbo cocido instálanse nos asentamentos dos domingos arredor das 9,30 e rematan as vendas entre as 14,00 h. e as 14,30 horas. Nos

[47] Información de D. Secundino González Pérez. Polbeiro de Arcos (O Carballiño).

asentamentos das feiras instálanse máis cedo, sobre as 8,30 horas, e abandónanos arredor das 15,30 horas. Pero tratándose de romarías importantes, a polbeira profesional chega aínda máis cedo e non abandona o traballo ata que remata a festa. Dependendo do tipo de romaría, feira ou festa popular, a época do ano en que se celebren, etc., as expectativas de éxito comercial mantidas pola profesional animarana a trasladarse ó lugar cunha cantidade de quilos de polbo e pratos de servilo, que pode variar moito dunha a outra. Incluso nun mesmo espacio feiral as vendas poden variar moito en cada celebración. As polbeiras fan referencia a estas variacións en comentarios como o que nos proporciona a seguinte informante, boa coñecedora do tema. Vexámo-lo que di:

> *Nalgunha feira de Maside chego a vender máis de 130 quilos de pulpo e noutra sóbrame con 40 quilos. Nas romerías e feiras ou festas boas pódense vender 1000 quilos* [de polbo] *os dous días. Pero noutras véndese moito menos. Romerías boas son "Os milagros", "O San Benito", "A Magdalena", "A festa do pulpo de Carballino". Feira boa é a feira dos Santos de Monterroso, a do 31 de Nadal de Carballino. Estas feiras de remate de ano son moi boas*[48].



As polbeiras de Arcos (O Carballiño) dedicadas ó oficio a tempo total dispoñen de cámaras conxeladoras de gran capacidade como a que mostra a imaxe

Dependendo da cantidade de quilos de polbo que os profesionais do oficio precisan mensualmente, eles mesmos colócanse en diferenes categorías dentro do colectivo xeral de profesionais do ramo. Así, entre os polbeiros de Arcos (O Carballiño) pódense distingui-las tres categorías básicas de profesionais do ramo, a saber:

a) Un grupo de polbeiros que dispoñen de grandes cámaras de conxelación con cabida para ata 30.000 quilos de polbo. Son os polbeiros dedicados ó oficio a tempo total, cun calendario de saídas que os obriga a desprazarse do fogar case tódolos días do mes.

b) Un grupo de polbeiros que dispoñen de conxeladores, cunha capacidade variable, de acordo co nivel de venda de polbo que ten cada un. Nesta categoría sitúase a maioría do colectivo de polbeiros desta localidade ourensá, que sosteñen a tradición familiar no oficio desenvolvéndoo alternando con outra actividade principal da familia.

48 Información de D.ª Josefa Mosquera Iglesias. Polbeira de Arcos, 45 anos, casada. Ano 1992.

c) O grupo de polbeiros ocasionais ou "domingueiros", que tratan de obter unhas ganancias complementarias desenvolvendo o oficio os domingos e festivos e acudindo a algunha festa ou feira local. Non pertencen ó colectivo de polbeiros tradicionais e tense dito deles que "agora xa son moitos" e que "aínda que non sexan polbeiros saen cocer para gañar algo". Estes polbeiros de ocasión autoabastécense do polbo que necesitan para cada saída nas cámaras que existen na comunidade, non precisando dispoñer de conxelador na maioría dos casos.

Dende antigo este oficio ambulante de venda de polbo cocido veu sendo considerado predominantemente feminino[49]. Aínda hoxe atopámo-los postos de venda de polbo cocido que visitamos rexentados na súa maioría por mulleres, ás que en ocasións axudaba o marido ou un fillo varón, que desenvolvían tarefas complementarias, de recolle-los pratos que deixan os clientes, carrexar leña ou auga, e no caso do marido tamén conversa cos clientes fomentando a relación social. Pero os homes non aparecen como os protagonistas principais no desenvolvemento deste oficio ambulante. Eles non chaman o cliente, non vixían a coción do polbo, non lavan o caldeiro ó final do traballo. Cando acompañan a polbeira permanecen nun segundo plano facendo o que ela lles manda durante o tempo que permanecen desenvolvendo o oficio.

Todos estes polbeiros ambulantes ós que nos referimos, trasládanse actualmente nun coche da súa propiedade ós lugares de traballo nas feiras, vilas e aldeas onde cocen o polbo cada domingo. Os principais postos de venda aparecen suxeitos a unha tradición familiar, a unhas normas e a unhas pautas de comportamento esperado que ningún membro do gremio profesional tenta transgredir. Dá a impresión de que existe un sistema de cultura de oficio no que aparecen as marcas (logotipos) familiares dos pratos, as conductas establecidas e unha serie de dereitos que as familias de polbeiros de tradición conservan dende antigo. Baseándose neles, ningún membro do colectivo de polbeiros tratará de instalarse nun sitio marcado por outro nin de transgredi-las distancias ás que deberán colocarse cando se trata dun asentamento urbano ou feiral. Dise que "se tes costume de poñerte nun sitio, ese sitio telo diante Deus e diante a xustiza". Tanto é así que, cando unha polbeira se dá de baixa por retiro da profesión, o espacio onde se asenta non se perde, pasará xunto co instrumental do oficio a un membro da familia, que herda os dereitos cos que contaba a polbeira falecida durante o tempo de actividade no lugar. Desta forma, "enclave" e utensilios adquiren unha dimensión dinámica de vinculación entre as xeracións, e á vez estática de reproducción do oficio e tradición. A miúdo é a xeración das netas da polbeira de profesión a que acostuma recibi-los utensilios de traballo posto que as fillas xa están provistas deles. E como acontece que moitos instrumentos de traballo están marcados con signos identificativos, estes convértense en elementos de reforzo continuado dos sinais de identidade familiar e da súa tradición de oficio. Detrás de cada marca que presentan os pratos proxéctase un

[49] "O traballo do pulpo é un traballo da muller". Esta frase valídaa a relación de titulares de postos de polbeiros para a festa do polbo celebrada no Carballiño o ano 1993, na que, dos 47 polbeiros inscritos, 32 eran mulleres. Do mesmo modo, dunha relación de 18 profesionais autorizados para distribuír polbo cocido os domingos nas rúas da cidade de Ourense, 13 deles son mulleres.

saber, unha experiencia profesional e unha técnica de oficio, un status e unha tradición familiar, unha modalidade de vida e de traballo que se funde na cadea de xeracións de polbeiros de profesión dedicados ó desenvolvemento desta mesma actividade[50] e nunha gramática culinaria evocadora dunhas preferencias alimentarias e uns gustos reveladores de que comer é algo máis que nutrirse. Tamén é unha actividade humana, social e mesmo comunitaria cando se leva a cabo sobre os espacios lúdico-festivos dos santuarios e das festas gastronómicas locais.

[50] Os polbeiros ambulantes identifican a súa colección de pratos cunha ou dúas letras que os distingue. Son algunhas marcas de pratos observadas por quen isto escribe as seguintes: da familia Valeiras: DV (Domingo Valeiras), AV (Alejandro Valeiras), AV (Avelino Valeiras), PV (Pepe Valeiras); da familia Baranda: JB (José Baranda), CB (Camilo Baranda); da Familia Ruzos: R (Ruzo), CR (Carmen Ruzo); outras marcas son: H (Herminio), JC (Juana Corral), PB (Pilar Barroso), CA (Camilo Álvarez), MF (Mario Fernández), LV (Laura Vázquez), Sira, etc.

BIBLIOGRAFÍA

BERNÁRDEZ, A.: "La pesca en Galicia". En CARRERAS Y CANDI, F. (dir.): *Geografía general del Reino de Galicia*. Barcelona, Casa Editorial Alberto Martín, ca. 1930.

CATASTRO DEL MARQUÉS DE LA ENSENADA: "Interrogatorio". Feligresía de San Juan de Arcos. 1752. M.H.P.O. [Museo Histórico Provincial de Ourense].

CATASTRO DEL MARQUÉS DE LA ENSENADA: "Interrogatorio". Feligresía de San Facundo (Anexo a San Juan de Arcos). 1752. M.H.P.O.

CATASTRO DEL MARQUÉS DE LA ENSENADA: "Real de Legos". Santa María de Arcos. 1752. M.H.P.O.

CORNIDE, J.: *Ensayo de una historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia, arreglado al sistema del caballero Carlos Linneo. Contratado de diversas pescas y de las redes y aparejos con que se practican*. En oficina de D. Benito Cano, 1788.

EIROA DEL RÍO, F.: *La pesca artesanal en Galicia*. Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1986.

GARCÍA CABRERA, C.: "Pulpos y calamares en aguas del Sahara Español". *Publ. Técn. Dir. Gen. Pes. Mar.* N.º 8 (1969), pp. 75-103.

GUERRA, A.: "Determinación de las diferentes fases del desarrollo sexual de *Octopus vulgaris Lamarck*, mediante un índice de madurez". *Inv. Pesq.* N.º 39, 2 (outubro 1975).

GUERRA, A.: "Aspectos da bioloxía do polbo común (*Octopus Vulgaris, Cuvier, 1979*)". *Braña. Boletín da Sociedade Galega de Historia Natural*. Ano III, N.º 2 (1979), pp. 75-94.

GUERRA, A.: "Sobre la alimentación y el comportamiento alimentario de *Octopus vulgaris*". *Inv. Pesq.* N.º 42, 2 (setembro 1978), pp. 351-364.

GUERRA, A.: "The fishery of *Octopus vulgaris* of Finisterre (NW of Spain)". ICES (International Council for the Exploration of the Sea), C.M 1981/K:4 Shellfish Comitee. Instituto de Investigacións Pesqueiras. Peirao de Bouzas. Vigo. Traballo mecanografado, 13 p.

GUERRA, A.: "Cefalópodos de la ría de Vigo. Resultados preliminares". En *Actas do Primeiro Seminario de Ciencias do Mar: As Rías Galegas. Cuadernos da Área de Ciencias Mariñas*, I. Sada (A Coruña), Ediciós do Castro, 1984, pp. 333-348. (Publicacións do Seminario de Estudos Galegos).

GUERRA A. e PÉREZ GÁNDARAS, G.: "Larvas de cefalópodos". *Investigación y Ciencia*. N.º 89 (febreiro de 1984), pp. 7-15.

LOBO, M.: *Apuntes*. Doc. 28, Fol. 165, s. d. (1869?). Museo Naval de Madrid. Ms. 2139.

LORENZO FERNÁNDEZ, X.: "Etnografía. Cultura material". En: OTERO PEDRAYO, R. (dir.): *Historia de Galicia*. Madrid, Akal, 1979.

MANGOLD-WIRZ, K.: "Biologie des Céphalopodes benthiques et nectoniques de la mer catalane". *Vie et Milieu*. Supl. n.º 13 (1963).

PORTELA, M.ª J.; GARRIDO, M. e ROMANÍ, M.: *Repertorio para las escrituras antiguas del archivo bajo. Catálogo del Archivo monacal de Oseira en 1629*. Santiago, Tórculo Artes Gráficas, 1993.

RAMONELL, R.: *Guía dos mariscos de Galicia*. Galaxia, Vigo, 1985.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, B.: *Diccionario ilustrado, descriptivo, valorado, numérico y estadístico de los Artes, Aparejos e Instrumentos que se usan para la pesca marítima en las costas del norte y noroeste de España*. Madrid, Artes Gráficas Mateu, 1911, p. 11.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, B.: *El patrón de pesca*. Madrid, Imprenta del Ministerio de la Marina, 1919.

SAMPEDRO FOLGAR, C.: *Documentos, Inscripciones y Monumentos para la Historia de Pontevedra*. 3 Tomos. [Tomo I (1896); Tomo II (1902); Tomo III (1904)]. Pontevedra, Publicaciones de la Sociedad Arqueológica, Tipografía de Joaquín Poza Covas, 1896-1904.

TANAKA, J.: "On the stock of Octopus vulgaris Lamarchk, on the East Coast of Böso península. Japan". *Bull. Jap. Soc. Fish*. Vol. 24, n.º 6 (1958), pp. 601-607.

TUMBO o libro de donaciones regalías e ynmunidades que el monasterio de Ossera ti/ene en el Cotto de Marín. Arquivo Concello de Marín. Folio 251.

VARIOS: *A pesca en Galicia*. A Coruña, Artes gráficas "La Voz de Galicia", s. a., 1983.

VARIOS: *Plan de ordenación de los recursos pesqueiros e marisqueos de Galicia*. Xunta de Galicia, Consellería de Pesca, Marisqueo e Agricultura, 1992.

WELLS, M. J. and WELLS, J.: "Hormonal control of sexual maturity in *Octopus*". *J. Exp. Biol.* 36 (1959), pp. 1-33.

A PESCA FLUVIAL NO BAIXO TÂMEGA E DOURO

Teresa Soeiro

Abordaremos nesta comunicação, sinteticamente, as características da actividade piscatória nos tramos finais dos rios Tâmega e Douro, particularmente na área do concelho de Penafiel, alvo do nosso trabalho de campo, procurando contextualizá-la no tempo histórico compreendido entre a segunda metade de setecentos e meados do presente século vinte.

ROMANÍ, A. (1984): "Xeito". *Coloquio de Etnografía Marítima.* Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, pp. 93-105.

SANTOS GRAÇA (1932): *O Poveiro.* Póvoa de Varzim.

SARMIENTO, Fr. M. (1992): *De los atunes y sus transmigraciones.* Edición y estudio crítico de J. L. Pensado, Universidad de Salamanca.

VERMEULE, E. (1981): *Aspects of Death in the early Greek Art and Poetry.* Berkely University of California Press.

VIGON, B. (1980): *Asturias. Folklore del mar. Juegos infantiles. Poesía popular y otros estudios asturianos.* Oviedo, Biblioteca Popular Asturiana.

WENTZ, Evans (1973): *The Fairy-Faith in Celtic Countries.* New York, Lemma Publishing Corporation. (I edición en 1911).

DEVOCIÓNS MARIÑEIRAS: DO CORPO SANTO Á VIRXE DO CARME

Clodio González Pérez
Ponencia de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega

IN MEMORIAM D. XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE, AMIGO E MESTRE

Actualmente poucos son os mariñeiros, pescadores ou navegantes que se lembran doutro santo avogoso que non sexa a Virxe do Carme. Parece que é unha devoción tradicional xa secular, de sempre, que vén polo menos da Idade Media. A realidade, pola contra, é moi distinta: trátase dunha devoción relativamente moderna, e máis se temos en conta que a data clave é a de 1901, que foi cando a raíña rexente María Cristina a declarou patroa da mariña de guerra. Dende entón, debido a que na armada era onde cumprían o servicio militar os máis dos mozos mariñeiros, popularizouse de tal xeito que substituíu a tódolos santos que se tiñan por protectores dende moitos séculos antes.

Tendo en conta os perigos que axexan decote ós que traballan no mar, e na auga en xeral, non é de estrañar que a fe relixiosa destas xentes fose sempre moita, que procurasen a protección de intercesores divinos, aínda que logo ó estaren en terra non se distingan precisamente pola súa práctica. Cómpre situarse mentalmente nun daqueles barcos de antes, en alta mar, cos mastros e as velas esnaquizados polo vento, e as ondas de varios metros xogando co casco, para comprender ó que podía chega-la relixiosidade dos mariñeiros nesas circunstancias tan angustiosas:

> *Quando fueron sobre el cabo se cruzaban los mares, la de España e la de Poniente. Allí eran las olas muy altas, e la tormenta tan grande, que envestían las olas fasta media galera. Lanzaron toda la gente debajo, e cerraron las escotillas: e allí facían los omes, con el miedo de la muerte, votos e prometimientos, unos a Sancta María de Guadalupe, otros a Santiago de Galicia, otros a Sancta María de Finisterra, otros a Fr. Pedro González de Tuy, e otros a Sant Vicente del Cabo; e fallaron ser la mar tan mansa, e non tanto viento*[1].

Aínda que logo despois de pasa-la treboada as máis das promesas non as cumprían, esquecéndose de todo o que xuraran facer se os santos os salvaban dunha morte

[1] DÍAZ DE GAMES, G.: *Crónica de Don Pedro Niño, conde de Buelna*, ... Madrid, 1782, p. 165.

segura. Frei Antonio de Guevara, que foi bispo de Mondoñedo entre os anos 1539 e 1545, escribe no seu *Libro de los inventores del arte de marear y de los muchos trabajos que se pasan en las galeras,* sobre os homes do mar:

> *Lo bueno que ellos de cristianos tienen es que en una peligrosa tormenta se ponen a rezar, se ocupan en suspirar, se toman a llorar, la cual pasada se asien an muy despacio a comer, a parlar, a jugar y aun a renegar, contando unos a otros el peligro en que se vieron y las promesas que hicieron.*

Poucas eran as vilas e parroquias costeiras que non contaban con algunha confraría ou gremio formado exclusivamente por mareantes, figurando sempre nas constitucións os rezos que tiñan que facer cando se atopaban en terra e ó andar embarcados, antes de pescar e logo de remata-la tarefa[2]. Un caso sumamente curioso era o dos mariñeiros do Berbés (Vigo), que antes de saír para o mar asistían dende as embarcacións a unha misa que dicía un frade franciscano nun corredor do convento que dá cara á ría[3].

SANTOS PROTECTORES

Houbo varios ó longo dos séculos, dependendo da época e da situación xeográfica. As relacións entre mariñerios de diferentes países influíron no santoral, chegando a devoción dalgún santo a costas afastadas, como sucedeu con Santo Erasmo ou Elmo, que dende Italia acabou por ser venerado en todo o mar Mediterráneo e parte do océano Atlántico, confundíndose logo con San Pedro González ou San Telmo. As viaxes dos portuguesas e españois estenderon o culto ós seus patróns por tódalas terras descubertas.

Actualmente dalgúns xa case non hai memoria, e menos entre os mariñeiros, por ser trocados por outros, como Santo Erasmo por San Telmo, ou porque se fomentou a substitución dende as propias institucións, tanto eclesiásticas coma civís, como aconteceu coa Virxe do Carme. Os máis coñecidos son os seguintes:

Santo Elmo, Elm, Erm, Erasmo:

A lenda conta que foi bispo de Antioquía e logo de Formia (Italia), a onde o transportou un anxo para libralo do tormento. A súa vida sitúase cronoloxicamente na época do emperador Diocleciano, pero sábese tan pouco dela que hai autores que din que se trata de dous santos do mesmo ou semellante nome. Polo menos dende o século IX, en que foron trasladados os seus restos a Gaeta, é patrón dos mariñeiros italianos, e, en particular, dos do sur da Península, que celebran a súa festa o 2 de xuño.

---

2 FILGUEIRA VALVERDE, X.: "O esprito relixioso e comunitario dos mareantes da Moureira". *Nodales*, Pontevedra, 25-V-1990.

3 ESPINOSA RODRÍGUEZ, J.: *Tierra de Fragoso (Notas para la historia de Vigo y su comarca).* Vigo, 1949, p. 194.

O culto estendeuse polas costas de Cataluña, Valencia e illas Baleares, segundo foron a máis as relacións mariñas entre os diferentes países e, en particular, coa expansión catalanoaragonesa polo Mediterráneo. En Barcelona o principal santuario estaba no desaparecido mosteiro das clarisas, situado na Ribera (a actual Ciudadela), que era onde se achaba a súa confraría.

Acabou por confundirse con San Pedro González, recibindo este o cognome de San Telmo, derivado de Santo Elmo ou Erasmo, como xa escribía a mediados do século XVI o cosmógrafo Martín Cortés, no seu *Breue compendio de la sphera y de la arte de nauegar* (Sevilla, 1551), ó referirse ó lume ou luz que aparece nos mastros das embarcacións nas treboadas:

> *[...] pudo ser que tomase principio desde Sant Erasmo obispo de Nápoles, el qual no sólo después de muerto, mas en vida ayudó a los marineros que le pedían socorro en las tormentas. Este nombre d'Erasmo dizen los de Nápoles Eremo y por discurso de dias quitada vna .e. por sincopa ha quedado en el nombre de Santermo. Los españoles que jamás saben guardar vocablo ageno o estrangero le llaman Santelmo la .r. conuertiéndola en .l. Desde Santelmo que los marineros dizen ni ay escriptura que hable ni autoridad que lo confirme. Oygo dezir que los frayles predicadores touvieron vn religioso natural de Galizia y que viuiendo, nuestro Señor hizo por el algunas marauillas y'este es el que resplandece y da luz en las tormentas. No dudo q. Dios haga marauillas en sus santos y por sus sanctos como dize Dauid. Mas si este sieruo de Dios fue fray Pero Gonçales cómo será Santelmo* (Ilust. I).



Ilustr. I. Santo Erasmo ou Sant Elmo. Gravado popular.

San Pedro González, San Pedro González Telmo ou San Telmo:

Como xa dixemos, os mariñeiros acabaron por identificalo co anterior, non só polo nome, senón tamén por un dos atributos: o barquiño que porta na man esquerda (máis raro na dereita). Diferénciase nas vestiduras, pois mentres que as do primeiro son as propias dun bispo, as do segundo corresponden a un frade dominicano, así como tamén no báculo ou na vela que levan na outra man. Quizais unha das imaxes galegas máis antigas sexa a que figura nos restos dun baldaquino de Caldas de Reis (Pontevedra), datable no XV. Do século seguinte é a representación máis vella de América, nunha pintura ó fresco do convento de San Domingos de Porto Rico.

Esta é a iconografía tradicional, pero ás veces a nave está pousada no chan, ós seus pés, como na fermosa escultura do século XIV do Museu Municipal de Etnografia e História da Póvoa de Varzim (Ilust. II). Ou, mesmo, lévaa coas dúas mans, como o de Zumaia (Guipúscoa).

Quedan, por último, as imaxes que carecen de atributos vinculados co mar, portando en vez do barco un libro e en lugar da vela un bordón, como a da entrada da cripta da súa capela en Tui (Ilust. III), e nunha das portas laterais da igrexa de Santa María de Pontevedra, ambas son obras de mediados do século XVI. Aínda existen outras, pero xa son moi raras, como levando un prato con peixes (aludindo a un dos milagres), como figura nun gravado existente en Mergenthein (Stuttgart, Alemaña), ou vestido de



Ilustr. II. San Telmo ou Corpo Santo. Pedra calcaria policromada, séc. XIV (Museu Municipal de Etnografia e História da Póvoa de Varzim).

deán, atendendo a que desempeñou este cargo na catedral de Palencia sendo mozo, como unha talla que se conserva no museo diocesano tudense, do ano 1778[4].

Á vida e obra de San Telmo ou San Pedro González dedícase por enteiro a primeira parte deste artigo.

San Vicente ou Vicenzo:

Diácono de Zaragoza, martirizado en Valencia a comezos do século IV sendo emperador Diocleciano, onde botaron logo o seu corpo ó mar atado a unha moa de muíño. Gracias a un corvo foi descuberto polos cristiáns, que o trasladaron ata o Algarve



Ilustr. III. Imaxe de San Telmo sobre a porta da súa cripta. Debuxo do historiador F. Ávila y La Cueva (+ 1859) (Arquivo da catedral de Tui).

[4] IGLESIAS ALMEIDA, E.: "Sobre el culto e iconografía de San Telmo". *Boletín de Estudios del Seminario Fontán Sarmiento*. 13. Santiago de Compostela, 1992, pp. 15 ss.

portugués, enterrárono xusto no promontorio que se coñecería dende entón por cabo San Vicente. Cóntase que foron tantos os milagres que realizou, que non só os cristiáns construíron naquel lugar unha igrexa, senón que os mesmos musulmáns tamén fixeron a súa mesquita. Os almorábides arrasaron este santuario cristián-musulmán no século XI, esquecéndose dende entón o seu culto, ata que foron redescubertos os restos polo rei portugués que os mandou trasladar a Lisboa o ano 1173[5] (Ilust. IV).

Os irmáns pontevedreses García de Nodal déronlle o nome deste santo ó paso que comunica o Atlántico co Pacífico, na expedición que fixeron a Terra do Fogo en 1619, aínda que posteriormente pasou a denominarse estreito de Le Maire [6].

San Cremenzo ou Clemente:

Foi papa e viviu no século primeiro. En Galicia son restos do seu culto por parte dos mariñeiros as capeliñas existentes na costa dedicadas a el, algunha mesmo situada



Ilustr. IV. San Vicente co barco na man esquerda e unha moa de muíño na dereita. Gravado popular.

[5] Cf. NASCIMENTO, A. A. e GOMES, S. A.: *S. Vicente de Lisboa e seus milagres medievais*. Lisboa, 1988.

[6] *Relación del viaje que por orden de su Magestad y acuerdo del Real Consejo de Indias tuvieron los capitanes Bartolomé García de Nodal y Gonzalo de Nodal, hermanos, naturales de Pontevedra, al descubrimiento del Estrecho de San Vicente*, Madrid, 1621.

nunha illa, como a que canta o trobeiro Nuno Pérez ou Fernández, que viviu no século XIII. Neste caso en particular, actualmente é coñecido polo "santo do mar", non quedan máis que as ruínas situadas nun illote da ría de Pontevedra, entre Bueu e Marín, preto de Ardán[7]:

¡San Clemenço do mar,
se mi del non vingar,
non dormirei!

San Cremenzo represéntase cunha áncora na man, alusiva non a que fose mariñeiro ou pescador en vida, senón a que se considera un atributo do seu martirio, pois amarrado a unha botárono ó mar Negro, despois de estar condenado a traballos forzados nas minas de Crimea. O martirio sitúase no ano 101. Unha das mellores imaxes que temos en Galicia é a da catedral de Santiago de Compostela, de prata dourada, doada polo arcebispo Sanclemente en 1594. Coa man esquerda terma dun libro e da áncora.

San Pedro apóstolo:

Por antigüidade quizais fose o primeiro patrón con que contaron os navegantes e, en particular, os pescadores, pero foi sendo substituído ó longo dos séculos por outros santos. Con todo, aínda o festexan nalgunhas poboacións costeiras, mesmo en Galicia.

Santo André:

Irmán de Pedro, que tamén como el antes de ser apóstolo foi pescador. Ás veces a imaxe represéntase cuns peixes na man ou mesmo con algún instrumento alusivo á pesca, como unha rede. Hai unha cantiga mariñeira que se refire a este santo:

Meu Señor San Andresiño
póñano-lo vento en popa
que sómo-los de Cariño
traémo-la vela rota.

Neste caso non hai dúbida que é o do santuario de Teixido. A lenda conta que o santo chegou aquí (ó cabo do mundo) en barco, que logo lle envorcou e se petrificou converténdose nunha rocha.

---

[7] A este illote refírense as ordenanzas de pesca de Pontevedra, do 9 de abril de 1768: *Item se declara, que de estas sacadas altas solo se pueda usar en la Ría de Vigo, desde Teis en derechura al Arroas para fuera: en la Ria de Arosa desde el Chazo, y Sinas para fuera: y en la de Pontevedra desde la punta de Festiñas a S. Cremencio para fuera...* (CORNIDE, J.: *Memoria sobre la pesca de sardina en las costas de Galicia*. Madrid, 1774, p. 91).

Nosa Señora do Carme ou Virxe do Carme:

Actualmente é a advocación mariñeira máis popular, sobre todo dende o ano 1901, en que foi nomeada por decreto patroa da mariña de guerra. Á difusión do seu culto, e en particular en Galicia, dedícase toda a segunda parte deste artigo.

Aínda existen máis santos avogosos, pero deles non hai memoria de se en Galicia se tiveron algunha vez por protectores dos navegantes, como acontece en Cataluña con Raimundo de Penyafort, María de Cervelló (que porta unha carabela na man dereita), Matrona, que chegou ata Barcelona nunha barca, etc.

Quedan, por último, as advocacións locais, propias dunha determinada zona ou mesmo dunha única poboación, como sucede coas seguintes, de todos ben coñecidas: o Cristo de Fisterra, o Cristo de Vigo ou da Victoria, nosa señora da Barca, a Virxe da Pastoriza, a Virxe de Chanteiro, a Virxe do Camiño de Muros, nosa señora da Guía de Vigo, nosa señora do Monte Faro, nosa señora da Lanzada, etc. No cancioneiro hai moitas cantigas vinculadas co mar e, en particular, con algúns destes populares e concorridos santuarios:

Vamos xunto á Virxe
do monte do Faro
que nos mande o vento
para que chegue o barco.

Nosa Señora da Barca
Nosa Señora, valeime,
que estou no medio do mar
non hai barqueiro que reme.

Indo polo mar abaixo
o vento rachoume a vela
miña Virxe da Lanzada
dáme o pano para ela.

Nosa Señora da Guía
que eres estrela do mar
protéxenos ós mariñeiros
cando imos a pescar.

Santo Cristo de Fisterra
Santo da barba dourada,
axúdame a remontar
a laxe da Touriñana.

I. DO CORPO SANTO...

1. Frei Pedro González

Naceu na vila de Frómista cara ó ano 1190[8]. Primeiro foi deán da catedral de Palencia, pero logo ingresou na orde de San Domingos, chegando a confesor do rei Fernando III o Santo -xunto co que participou na reconquista de varias poboacións andaluzas, entre elas Córdoba[9], pero non Sevilla, como xa demostrou no século XVIII o P. Flórez[10]-, prior de Guimarâes, constructor de pontes e amigo persoal do bispo tudense e historiador Don Lucas. Os seus principais centros de predicación foron as terras galegas e as portuguesas, onde as lendas piadosas contan que obrou feitos portentosos, como cando emprendeu a construcción da ponte de Castrelo do Miño (agora desaparecida), que non tendo que darlles de comer ós operarios procurou milagrosamente peixes para todos. Tamén se debe a el a ponte da Ramallosa, entre Vigo e Baiona, que como recordo ten no medio a súa imaxe. Nos dous casos substituíron vellas barcas que eran un perigo para os que tiñan que pasar tanto o Miño coma o Miñor.

Ó presenti-la morte tentou ir para o convento de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela, pero non o puido facer, e faleceu en Tui o ano 1246, nunha casa situada no mesmo lugar onde agora se ergue a súa capela, na rúa do *Corpo Santo*; foi enterrado na catedral. Esta é, en síntese, a súa biografía[11].

¿E os mariñeiros...? Os haxiógrafos non dan unha explicación convincente de como e por que chegou este frade a se-lo patrón e protector dos navegantes. Ós poucos anos de falecer, o bispo tudense Exidio Pérez de Cerveira ordenou que se fixese unha relación dos prodixios que se estaban obrando por intercesión de frei Pedro. Testemuñáronse 180, dos que se enviou en 1258 unha copia ó capítulo xeral da orde dominicana que se cele-

---

[8] Segundo os diferentes autores que trataron da súa vida, a data pode estar entre 1180 e 1196, considerándose a máis aceptada a finais da década dos oitenta ou comezos dos noventa. Basilio GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ (*Biografía ascéptica de San Pedro González Telmo...* 3ª ed. Tui, 1995, p. 9), di textualmente: *Sin embargo sabemos, con certeza documentada, el año en que nació San Pedro González. Y este año fue el 1184*. Descoñecemos a que documentación se refire, pois, por exemplo, Lorenzo GALMÉS (*San Telmo*. Salamanca, 1991, p. 27), despois de recolle-las diferentes opinións dos haxiógrafos, chega á conclusión de que a máis indicada é cara a 1190.

[9] Posiblemente fose el o fundador do convento dominicano desta cidade, xa que a quen se atribúe, frei Domingo de Segovia, nesta época atopábase moi lonxe, na Lombardía (Italia).

[10] FLÓREZ, H.: *España Sagrada...* XXIII. Madrid, 1767, p. 161.

[11] Os principais episodios da vida, así como tamén os milagres, figuran nos taboleiros baixos do coro barroco da catedral de Tui, desmontado do sitio orixinal no ano 1954. O sitial principal está presidido por unha preciosa imaxe do santo, co barco na man esquerda e o facho ou vela na dereita, sendo o único policromado de todo o conxunto. O coro foi executado por Francisco de Castro Canseco, entre 1699 e 1700 (a segunda data figura no sitial central). Consta na escritura de contrato, do 6 de febreiro de 1699: *... hes condiçion que en los tableros de la silleria vaja demostrados en la letra e se ha de hazer la historia de medio relieve de la vida y milagros de la vida de san Pedro gonzalez thelmo Patron de este obispado* (IGLESIAS ALMEIDA, E.: *Arte y artistas en la antigua Diócesis de Tui*, Tui, 1989, p. 153). A bibliografía sobre a súa vida é moi ampla, sendo a máis importante a que recollen H. Flórez (*España Sagrada*. XXIII. Madrid, 1766), X. FILGUEIRA VALVERDE (*El 'Corpo Santo' de Fray Pedro González, San Telmo...* Pontevedra, 1983) e L. GALMÉS (*San Telmo*. Salamanca, 1991).

braba na cidade francesa de Toulouse. Na parte que agora se coñece desta relación -só 126 milagres-, non figura ningún vinculado co mar, trátase en todos eles de curacións de doenzas dos ollos, oidos, gorxa, dentes, cutáneas (espullas, ampolas, ...), dores de cabeza, brazos, pernas, etc.

No ano 1610 o bispo tudense Prudencio de Sandoval daba a seguinte explicación sobre o comezo da devoción mariñeira santelmiana:

> *y assí se vio muchos años manar aceyte de la sepultura del Santo, con el qual cobrauan vista los ciegos: y por aver dudado deste milagro un marinero, esperó el tiempo en que solía salir el aceyte: obró Dios el milagro por los merecimientos de su Santo, y el marinero admirado, y abrasado con devoción, levantó una trompeta que traya, para que en ella cayese el aceyte, que por este milagro entiendo tomaron los marineros la devoción que con este Santo tienen, y por otros que en vida le vieron obrar en Bayona*[12].

O P. Flórez recolle dous milagres referidos ó mar, que figuran en escritos antigos sobre a vida do santo:

> *Estando una vez un Marinero en la gavia alta del Mastil mayor de su Navio, se levantó un viento tan furioso, que dio con el hombre en la mar: y como entonces traian todos en el pico de la lengua el nombre de S. Pedro González, encomendose a el en este peligro, y el Santo Confesor en hábito de su Orden le travó por la mano, diciendo: Pues me has llamado, yo quiero socorrerte: y con esto lo llevó al Navio, que ya se había alargado un buen trecho.*

O outro:

> *En otra tormenta de las muy grandes, y peligrosas que suelen acontecer en la mar, perdida ya la esperanza de la vida, y del remedio, se acordaron los Marineros del nuevo Santo Fr. Pedro González, y llamándole a voces y con grandes plegarias, se vieron milagrosamente en salvamento.*

E conclúe o escritor agostiño:

> *De aquí comenzó la devoción que los Navegantes tienen con este Santo, quando se ven en tormenta; y se han visto y ven cada día muchos y muy señalados milagros...*[13].

A sona dos prodixios obrados pola súa intercesión estendeuse por tódalas partes, en particular nas costas de Galicia e do norte de Portugal. A tanto chegou que, no século XVI, xa se cría que en vida fora mariñeiro, como afirma o Licenciado Molina:

> *Este es un cuerpo glorioso de los que mas milagros conoscidamente haze en esta tierra y muchos mas en la mar. Hállase aver sido*

[12] SANDOVAL, P.: *Antiguedad de la ciudad y iglesia cathedral de Tuy...* Braga, 1610, f. 151 e 151v.

[13] FLÓREZ, H.: *op. cit.*, p. 146.

marinero y todos los que siguen la mar: y en qualquiera parte que aya mareantes le tienen tan gran veneración y devoción: que en muchos navíos: aun que sean estrangeros al tiempo de su oración y en la salue que alas noches continamente acostumbran a hazer: la hazen tambien a este sancto: i yo los vi encomendarse a el en nao: no gallega sino Ragocí[14]*, llamando este nombre de fray Pero Gonçales: i dizen que visiblemente ha librado navios de grándes peligros: y parecido en la mar: y hecho otros muchos milagros: y ansi paresce que se comprueua en la devoción que todos los marineros le tienen y muchos navíos sin tener otra ocasión vienen a surgir a este puerto* [de Tui] *por solo visitalle, y se llama por mas común nombre Santelmo*[15].

Os principais propagadores foron os seus compañeiros de hábito, é dicir, os frades predicadores de San Domingos. Á vez que conseguiu importancia social esta orde mendicante, así tamén foi medrando o culto a Pedro González, tornándose misteriosa non só a súa vida real, senón que mesmo despois de morto hai datas e feitos que non se explican, coma o de que se dixese que fora beatificado inmediatamente, pasados non máis de oito anos dende o falecemento, polo papa Inocencio IV en 1254[16], cando aínda había de agardar varios séculos para chegar á gloria dos altares de xeito oficial, porque popularmente xa estaba nela dende o mesmo intre do pasamento.

No tempo do bispo tudense Rodrigo de Torres, entre 1427 e 1430, xa se estaba traballando verbo da canonización. Anos despois, en 1466, rexendo a sé Luis Pimentel tamén se tratou do mesmo asunto (*pa a canoniçaçon do bem abenturado Corpo de ffray Pedro Gonçalves*[17]). O lento proceso seguía a comezos do século XVII[18], como o testemuñan estas palabras de Fr. Prudencio de Sandoval:

cuya vida y milagros pide particular historia, como se hará siendo Dios servido, que la santidad del Papa le canonize, como al presente se trata en Roma a suplicación, y ruego de la Illustrísima ciudad de Braga, y del Reyno de Portugal, y desta santa Iglesia , donde su santo cuerpo descansa[19].

---

[14] O autor refírese ás naves da república de Ragusa (dende 1918 integrada en Iugoslavia), que chegou a ser durante os séculos XVI e XVII un dos emporios navais máis importantes de Europa, con barcos no Mediterráneo e no Atlántico.

[15] *Descripción del Reyno de Galicia y de las cosas notables en el*, 1ª edición, Mondoñedo, 1550-51, "De los cuerpos sanctos".

[16] SANDOVAL, P. de: *op. cit.*, f. 151v.

[17] Arquivo da catedral de Tui: *Protocolos*, XIV, 14-16 (1466).

[18] O bispo Francisco Terrones del Caño, *protegió, presidiendo en Tuy, la Causa de la Canonización de Sn. Pedro Telmo mandando ecsaminar cuanto constaba en su Yglesia a petición de Andrés de la Cruz, morador en Lisboa, Procurador general de aquella Causa pr. la Yglesia y Ciudad de Tuy, pr. los pueblos, Puertos, y Hermandades de entre Duero y Miño, el qual Sustituyó sus Poderes en el P. Fr. Simón de Barros, portugués Dominico, y este en el P. Fr. Benito de Castro Superior del Convento del mismo Orden de Tuy, quien hizo formar Proceso...* (ÁVILA Y LA CUEVA, F.: *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*. Consello da Cultura Galega, 1995, IV, p. 203).

[19] SANDOVAL, P. de: *op. cit.*, f. 150v.

Nas constitucións do sínodo de D. Diego de Avellaneda, do ano 1528, consta:

> *Item hallamos de costumbre en la dicha yglesia que los abades, acabada la Prima o missa de aniversario, va todo el coro al sepulcro de fray Pero Gonçalez cantando "Te Deum laudamus" y dizen su verso de los confessores, y tres oraçiones, una del cuerpo santo, y otra de nuestro Señor, y otra del Spiritu Santo, y acaban con "Benedicamus Domino". Mandamos que se guarde, pues tanto tiempo a questa venerado y reputado por sancto en esta yglesia, y es verisimil estar canonizado*[20].

Chegou a intervir o rei Felipe III ante o papa Paulo V, en 1608. O 8 de marzo de 1672 o bispo entregou copia de tódolos documentos que se achaban no arquivo catedralicio ó prior do convento dos dominicanos de Tui, que eran os que promovían a causa de canonización, que aínda non se materializaría ata o ano 1741 (Ilust. V).



Ilustr. V. San Telmo, protector de mariñeiros e navegantes. Gravado de Manuel Rivera, Santiago de Compostela, 1766.

[20] BOUZÓN GALLEGO, A.: "Diego de Avellaneda. Un obispo reformador, Tuy 1526-1537". *Tui, Museo y Archivo Diocesanos*. T. VI (1992), p. 127.

Filgueira Valverde coidaba que o culto ó *corpo santo* xurdiu co gallo desta tardanza, evitando así ter que nomear a Pedro González, porque oficialmente non era santo. Aínda que isto non foi atranco para que ademais dos mariñeiros, o propio bispo e dignidades da catedral fundasen o 19 de xaneiro de 1667 unha confraría baixo a súa advocación, propia e privativa dos bispos, cóengos e racioneiros da catedral. Que, por certo, axiña foron imitados polos tudenses, que constituíron a congregación e confraría de nenos fillos de veciños, aprobada o 1 de febreiro de 1681[21].

2. O Corpo Santo

Dende o mesmo día do pasamento, o seu corpo foi obxecto de veneración, segundo a maioría dos haxiógrafos, non só pola xente sinxela, senón pola propia xerarquía relixiosa, como o demostra o feito de que o bispo da diócese, o historiador Lucas, deixase dito que o enterrasen de par da tomba de frei Pedro, como se cumpriu ó falecer en 1249[22]. Ós poucos anos, como xa se dixo, o bispo sucesor enviou ó capítulo xeral da orde unha relación dos seus milagres. O culto seguiu estendéndose, sobre todo por Portugal e Galicia, recibindo veneración os seus restos e os obxectos que lle pertenceran, como o bordón e a capa, que no mes de maio de 1379 estaban no tesouro da catedral: *Item a capa e o bordom do Corpo Santo.* Esta é unha das primeiras veces que se documenta esta denominación para os restos de frei Pedro. Polo mesmo inventario tamén sabemos que na tumba ardían varias candeas entregadas polos devotos: *Item çinquo lanpaas de prata as todas con cadeas de prata as quatro lanpaas seem ante o Corpo Santo...*[23].

No ano 1381 xa existía unha confraría de pescadores en Tui baixo a advocación do *Corpo Santo*[24]. Non sabemos se a ela pertencían tamén os barqueiros, pois o 19 de maio de 1723 foron aprobadas as súas constitucións, que substituían a outras moi antigas que se perderan[25].

[21] ÁVILA Y LA CUEVA, F.: *op. cit.*, IV, pp. 288, 298, 309.

[22] ÁVILA Y LA CUEVA, F.: *op. cit.*, III, p. 217: *Logró también comunicar con otro Santo de sus días Fr. Pedro Telmo de la Orden de Predicadores, a quien fue muy devoto pr. su predicación y maravillas qe. obraba Dios en el. Pudo el Obispo mostrar su devoción, pr. el favor con que el Cielo dispuso qe. la Ciudad de Tuy fuese ennoblecida con el Cuerpo de este glorioso Padre en tiempo de Dn. Lucas, pues murió el Santo en Tuy en el año de 1246. El Prelado se esmeró en asistir a su entierro, colocando el mismo pr. sus manos consagradas en la sepultura: y mandó qe. le enterrasen a el en la sepultura inmediata a la del Santo, deseando conseguir su patrocinio pr. aquella inmediación al Santo Cuerpo: y así lo cumplieron sus testamentarios.*

[23] Arquivo catedral de Tui: *Protocolos capitulares*, V, 52.

[24] PARDO VILLAR, A.: "El convento de Santo Domingo de Tuy". *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*. XI.

[25] ÁVILA Y LA CUEVA, F.: *op. cit.*, IV, p. 320: *En el año de 1723, a 24 de Abril se dieron nuevas Constituciones a la Cofradía de Sn. Pedro Telmo de los Barqueros de esta Ciudad pr. José de Anca, Lorenzo de Cruces, Julián Álvarez y otros, las qe. aprovó el Prelado actual en 19 de Mayo de aquel año: y se espresa en ella qe. esta Cofradía ya era muy antigua, pero qe. quando vinieron los Yngleses y pusieron la Ciudad en consternación ocultaron el dicho libro de sus estatutos, y qe. con este motivo se perdió.*

En 1450 a barca que cruzaba a foz do Miño, entre A Guarda e Caminha, era coñecida pola *barca do corpo santo*, pois o que se xuntaba era para o seu culto[26]. Tamén aumenta o número de persoas que visitan o seu sartego, que ademais de esmolas, entregan outros presentes, como o infante Pedro de Portugal (1392-1449), que deu un manto para cubrilo que, por certo, xa non existía no tesouro da catedral en 1463, como o testemuña esta nota do reconto que se fixo o 23 de abril:

> *Falta hum manto grande de seda prata bordado con bolanças do Infante don Pero de Portugal que Ferran Eans de Souto mayor que enno reyno de Deus con todos os que o serviron deu a esta iglesia que cobria a tomba do corpo santo*[27].

A confraría do Corpo Santo de Pontevedra, do gremio dos mareantes, foi, sen dúbida, a máis importante do seu tempo, non só en Galicia, senón tamén no norte de Portugal, debéndose a ela a construcción da igrexa de Santa María a Grande, na que figura nunha das portadas a imaxe do santo tudense. Xa estaba constituída na primeira metade do século XV (case seguro que a súa fundación foi no anterior), coma o testemuña o seguinte acordo do 21 de xaneiro de 1435:

> *Rui Guerra, mareante, bigario da confraria do Corpo Santo, dou seu poder conplido a Juan Domingues o bello para que el et en seu nome podese procurar et aministrar a dita confraría et faser et requerir todas las cousas que se deveren faser et a el perteesçen faser como bigario dela...*[28].

Aínda que non se conseguira a canonización, a devoción era alentada pola propia igrexa e, en particular, polos dominicanos, sobre todo dende que fundan o convento de Tui, o ano 1272. O cabido tudense alugaba a un particular o dereito de recoller esmolas, que pola súa vez se encargaba de procurar predicadores que se dedicasen a loa-los seus milagres, e persoas que andasen pedindo para o *Corpo Santo*. No ano 1460 foi asasinado un destes esmoleiros na Coruña[29]. En 1463 fíxose cargo de tal labor o propio alcalde de Tui, Pero Ferrández, comprometéndose a poñer *predicadores que prediquen os millagres e maravillas que por méritos de este santo corpo noso Señor Deus faz enno*

[26] Arquivo catedral de Tui: *Protocolos capitulares*, XII, 18.

[27] Arquivo catedral de Tui: *Protocolos capitulares*, XIII, 106.

[28] *Minutario notarial de Pontevedra (1433-1435)*, transcrición de Ángel Rodríguez González e José Armas Castro, Consello da Cultura Galega, 1992, p. 162. Cómpre non confundir esta confraría coa do Corpo de Deus, que é actualmente a celebración coñecida por Corpus Christi, que tamén se documenta en Pontevedra por estes mesmos anos, coma o 10 de maio de 1437: *e aos bigarios da confraria do Corpo de Deus da dita billa duzentos maravedis de moneda bella branca em tres dineiros para fazeren e ordenaren as cousas que fosem nesçesarias para a festa do Corpo de Deus...* (*Livro do concello de Pontevedra (1431-1463). Transcrición e estudio por Ángel Rodríguez González.* Museo de Pontevedra, 1989, p. 90).

[29] Arquivo catedral de Tui: *Protocolos capitulares*, XIII, 32.

mar e enna terra[30]. Tal debía se-lo afervoamento que poñían os frades nos seus sermóns, que a nivel popular eran coñecidos por *ynchacorvos*. O único que tiñan prohibido por orde do cabido era que nas prédicas non se podían referir para nada á canonización, se non querían ser sancionados: *que alguno predicase et falase en calonizamiento do corpo santo que lles pagasse por ese mesmo feito cinquo mill pares de brancas*[31].

Ademais de por toda a Península, o seu culto esténdese a África e a América, levado polas naves portuguesas e españolas. De cara ó ano 1540 data unha pintura ó fresco da igrexa do convento de San Domingos de Porto Rico, na que se representa coa barquiña na man esquerda e a vela na dereita. Como proba abonda o feito de que só nas illas Azores existen once imaxes noutras tantas igrexas e capelas, estando seis das segundas baixo a advocación do *Corpo Santo* ou San Telmo[32].

Nos séculos XVI e XVII alcanza o cume a súa devoción, favorecida polo tránsito naval que se desenvolve entre Europa e América, principalmente. Co XVIII empeza a decadencia, acentuándose cada vez máis, de xeito que na segunda metade xa hai persoas cultas que identificaban o *Corpo Santo* co Corpo de Deus ou Corpus Christi, descoñecendo que era o de frei Pedro González. No ano 1770 escribía o P. Sarmiento:

> *En este mismo tomo, que no suele ser raro*[33], *se hallará que Pontevedra era el lugar de Galicia de mas población, que cargaba mas de cien Navíos; y que allí se congregaba la Cofradía de mas de dos mil Mareantes, que celebraban la Fiesta del Corpus Santo de Christo, y no de algún Santo particular*[34].

Como se pode ver, o noso bieito, que destacaba entre os contemporáneos pola súa erudición e coñecemento da historia de Pontevedra, xa descoñecía de quen era o *Corpo Santo* que veneraban dende séculos os mareantes da confraría deste nome, da que a súa grande obra foi a igrexa de Santa María. Sen dúbida, a causa deste descoñecemento ou falta de identificación debeuse á tardanza da canonización, o que impedía representar en imaxe o *Corpo Santo*, chegándose a considerar como algo que non tiña nada que ver con Pedro González ou San Telmo, que fora elevado oficialmente ós altares pouco antes, en 1741[35].

---

30 Arquivo catedral de Tui: *Protocolos capitulares*, XIII, 111.

31 Arquivo catedral de Tui: *Protocolos capitulares*, XIII; GALINDO ROMEO, P.: *Tuy en la Baja Edad Media. Siglos XII-XV*. Madrid, 1950, p. 116.

32 IGLESIAS ALMEIDA, E.: "El culto de San Telmo en Las Azores", anexo do libro de GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ, B.: *Biografía ascética de S. Pedro González Telmo*. Tui, 1995, pp. 47 ss.

33 Refírese á *Descripción do Reyno de Galicia* do licenciado Molina, publicada por primeira vez en Mondoñedo, entre 1550 e 1551.

34 CORNIDE, J.: *Memoria sobre la pesca de sardina en las costas de Galicia*. Madrid, 1774, p. 137 ("Carta del clarísimo Fr. Martín Sarmiento, Benedictino, a D. Gerónimo Hijosa, vecino de la Coruña, sobre pesca en la Costa de Galicia").

35 Sobre esta cuestión escribía Xosé Filgueira Valverde nunha das súas documentadas publicacións: *Fue tendencia cultista de fines del siglo XVI, y es corriente en documentos pontevedreses, identificar el Corpo Santo y el Corpus Christi. En el XVII, la versión erudita va más lejos, y busca equivalencia en el Cuerpo*

3. San Telmo

Cando se aproxima ou vai rematar un forte temporal, nos extremos dos mastros e das gabias dos barcos aparecen unhas luces ou chamiñas. Este meteoro eléctrico, con descarga en efluvios prateado-verdosos, vénse considerando dende a máis remota antigüidade como un aviso dos deuses protectores, para que os mariñeiros se poñan ó axexo polo perigo que se acerca. O P. Flórez no século XVIII, e nos nosos días Xosé Filgueira Valverde, publicaron documentadas notas sobre esta *luz* ou *lume santo* que se atribuíu a divindades lumínicas, como en Oriente os Acvinos, e na mitoloxía clásica ós tres fillos de Leda: os xemelgos Cástor e Pólux (os Dioscuros) e Helena. Pero non os tres irmáns se comportaban por igual, pois se alumeaban dúas ou máis luces era bo agoiro (tratábase dos xemelgos), pero cando non era máis que unha, entón había perigo, porque alí estaba a irmá que non se caracterizaba precisamente pola súa bondade [36].

Segundo parece, había de se-la nefasta filla de Leda quen lle dese nome a este fenómeno natural, sendo coñecido polo lume ou luz de Helena (*sidus Hellenae*), que logo pasou ó cristianizárense os costumes a ser de Santa Helena (*focus Sanctae Helenae)*, dando orixe a unha serie de nomes semellantes ós que a igrexa procurou varios santos, dende Santo Erasmo ata San Anselmo, atendendo soamente á semellanza fonética, que acabarían por se identificar co de San Telmo, atribuíndolle por último este cognome ó noso dominicano en substitución do seu nome propio, como *Sanctu Erasmu, Sant'Elmo, Santeramo, Saint Elme, Saint Elmo, Sanct Elmes,* etc. A identificación entre este fenómeno atmosférico e San Telmo chegou a tal extremo, que tamén recibiu outras denominacións vinculadas exclusivamente con el, como lume do *Corpo Santo, Frey Pero Gonçalvez, Sam Pero Gonçalves Telmo, Sam Pero Gonçalves Bento, Cuerpo Santo, San Pedro González Telmo, San Pedro Telmo,* etc.[37].

O máis coñecido de todos foi Santo Erasmo ou Elmo, que conta con devotos mariñeiros dende antigo na Península, en particular nas costas catalanas. Non sabemos cando chegou a Galicia o seu culto, pero o P. Flórez, ó que siguen despois outros autores, opinaba que quizais fose na época do arcebispo Diego Xelmírez, no século XII,

---

de Cristo en la Cruz, o en el sepulcro. Así, en las Memorias del Arzobispado de Santiago, *redactadas por el Cardenal compostelano Hoyo a comienzos del siglo. Su autoridad acalló las dudas del eruditísimo P. Sarmiento, sobrado de datos, ciertamente, para buscar otra interpretación más segura. Entre estudiosos de nuestro tiempo sigue pesando este criterio; lo siguió el seguro pesquisidor de tradiciones marineras que fue mi maestro, don Casto Sampedro (El 'Corpo Santo' de Fray Pedro González San Telmo,...* Pontevedra, 1983, p. IX).

O texto do cardeal Jerónimo del Hoyo, de 1607, a que se refire o profesor Filgueira Valverde é o que figura no cabo do artigo dedicado á igrexa de Santa María a Grande: *Hay asimismo otra capilla o altar con un buen crucifixo devoto que llaman el Cuerpo Santo donde hay una cofradía que hace decir una misa cantada todos los viernes (Memorias del Arzobispado de Santiago...* Santiago de Compostela, s.d., p. 443).

[36] FLÓREZ, H.: *op. cit.*, XXIII, Madrid, 1767; e FILGUEIRA VALVERDE, J.: *El "Corpo Santo" de Fray Pedro González, San Telmo...* Pontevedra, 1983, pp. XIII ss.

[37] GELLA ITURRIAGA, J.: "La bella tradición santelmista hispano-lusa". *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. XVII (1961), Madrid.

cando mandou vir varios constructores e mariñeiros xenoveses e pisanos para facer aquí dúas galeras[38].

A comezos do século XV este lume xa se identifica con frei Pedro, que con el avisaba do perigo ós mariñeiros. A proba témola neste texto de Ruy González de Clavijo, que conta o sucedido o 17 de xullo de 1403:

> *[...] a tres horas de la noche fizo gran tormenta [...] fizo el Patrón cantar las letanías y que todos pidiesen misericordia a Dios. E acabada la oración, andando en la tormenta, paresció una lumbre de candela en la gabia encima del mástil de la carraca, y otra lumbre en el madero que llaman bauprés, que está en el castillo de avante, e otra lumbre como de candela en una vara de espinelo que está en la popa, e estas lumbres vieron cuantos estaban en la carraca que fueron llamados que las viniesen a ver, y duraron una pieza, desí desaparecieron, e non cesaba en todo esto la tormenta y a poca hora fueron a dormir, salvo el nauchel y ciertos marineros que habían de guardar. E estando el nauchel y dos marineros que velaban despiertos, oyeron a par de la carraca, un poco arredrado, voces como de homes, y el nauchel preguntó a dos marineros si oyeran aquel ruido, ellos dixeron que sí y en todo esto la tormenta non cesaba. E a esta hora vieron otra vez las dichas lumbres tornadas onde primero estaban, e entonces despertaron a la gente de la carraca, e vieron las lumbres e contóles el nauchel lo que oyera y duraron estas lumbres cuanto dura una misa, e luego cesó la tormenta.*
>
> *E estas lumbres que así vieron decían que era Fray Pedro González de Tuy, que se habían encomendado a él, e otro día amanecieron cerca destas islas e a ojo de la isla de Sicilia, con buen tiempo seguro*[39].

Ata o século XV cando se refiren a el ou é polo seu propio nome e apelido ou polo de *corpo santo*. A partir desta época empeza a figurar Telmo como cognome ou mesmo como nome. O primeiro haxiógrafo que dixo que Telmo era apelido propio da súa familia foi o portugués Jorge Cardoso, pero sen achegar probas nin documentos[40]. Do último tercio do XVI dispoñen dun documento oficial no que figuran as catro posi-

---

[38] *Historia Compostelana o sea Hechos de D. Diego Gelmirez, primer arzobispo de Santiago*. Santigo de Compostela, 1950, libro 1, capítulo 103.

[39] *Historia del Gran Tamorlán e itinerario y enarración del viage y relación de la Embajada que Ruy González de Clavijo le hizo por mandado del Muy Poderoso Señor Rey Don Henrique el tercero de Castilla*. Sevilla, 1582, f. 4.

[40] FLÓREZ, H.: *op. cit.*, p. 154. A obra de CARDOSO é o *Agiologio lusitano dos Santos e varoes ilustres en virtude do reinho de Portugal e suas conquistas*. Lisboa, 1651-57.

bles denominacións do santo: o ano 1579 foron trasladados os seus restos á capela onde se achan actualmente, constando no escrito de testemuño que asinaron os presentes: *para esta alabanza y honra tiene esta Santa Iglesia de Tuy en este arco y sepulcro depositado y elevado el Cuerpo del Bienaventurado Sant Telmo, que por otro nombre llaman Sant Pedro González...* E máis adiante: *y de allí para mas honra y veneración de el Bienaventurado San Pedro González Telmo,...* E logo: *hicieron fiesta a la translación del glorioso Sto. S. Pedro Telmo...*[41].

O P. Flórez refire o seguinte feito de finais do século XVII, que demostra que o cognome Telmo, aínda sendo de dominio popular, non era aceptado plenamente pola igrexa: *En el traslado de la Misa del Santo que existe en el Santoral de Tuy, puso el copiante (en la primera oración)* B. Petri Telmi Confessoris*: pero el Notario público Jacinto Rodríguez Varela, al tiempo de autorizar la Copia en 4 de setiembre del 1690, testó la palabra* Telmi, *y certificó al fin:* No vale lo testado do decia = Telmi, &c.[42]

No decreto de canonización do ano 1741 consta que é do beato Pedro González, chamado San Telmo*: Canonizacionis B. Petri Gonzalez, Sacerdotis professi Ordinis Praedicatorum, San Telmi nuncupati*[43].

A nivel popular aínda se segue coñecendo este fenómeno atmosférico coa denominación de lume ou luz de San Telmo, como o testemuñan varios refráns que durante séculos sabían todos aqueles que andaban no mar, fosen navegantes ou pescadores:

– *Cando olles a luz de San Telmo, non che faltarán desvelos.*
– *Cando San Telmo brilla, ninguén periga.*
– *Cando San Telmo, cerra ben a escotilla.*
– *Cando vexas a luz de San Telmo, ponte á vela mariñeiro.*
– *San Telmo na arboladura, o bo tempo pouco dura.*
– *San Telmo na arboladura, mala noite segura.*
– *San Telmo na arboladura, moito vento e mar dura; mais se na cuberta brilla, aferra ben a escotilla.*
– *San Telmo na cuberta, non deixes a escotilla aberta.*

Hai outros que, en vez do nome do santo, refírense ó que foi en vida: frade dominicano:

– *O Frade no mastro brilla, mariñeiro pecha a tilla.*
– *O Frade no mastro, mariñeiros ferra-los cabos.*
– *Luz do Frade no mastro, compañeiros non vos faltarán traballos*[44].

No último tercio do século XVIII o tantas veces citado P. Flórez chegaba a esta acertada conclusión, que segue sendo totalmente válida hoxe en día:

---

[41] FLÓREZ, H.: *op. cit.*, pp. 174 e 175.

[42] Ídem, p. 154.

[43] Ídem, p. 289.

[44] C. GONZÁLEZ PÉREZ: *O refraneiro do mar*. Deputación de Pontevedra, 1988, pp. 25-26.

El que adopte lo prevenido, deducirá, que el nombre de Sant-elmo es mas antiguo que S. Pedro González: que no fue apellido del Santo, ni de su familia [...] Item, que no huvo apellido de Telmo: pues esta voz asi escrita, es corrupción moderna de pronunciar y escribir S. Telmo por Sant-Elmo[45].

Acabou por triunfa-lo cognome sobre o nome propio, de forma que actualmente poucas son as persoas, e mesmo ben devotas de San Telmo, que saben que o seu verdadeiro nome é *Petrus Gundisalvi*, na nosa lingua e na portuguesa medieval *Pero Gonsalves*, e agora en galego e castelán *Pedro González* (Ilust. VI).



Ilustr. VI. San Pedro González ou San Telmo. Baixorrelevo do sitial central do cadeirado do coro da catedral de Tui (1700).

---

[45] FLÓREZ, H.: *op. cit.*, p. 160.

II. ... Á VIRXE DO CARME

1. Orixe

No culto a esta advocación mariana distínguense varias etapas, dende a fundación da orde carmelitana, ata a grande devoción que por ela profesan os mariñeiros e as persoas crentes nas ánimas do purgatorio.

Tivo a súa orixe en Palestina, no monte Carmelo, no que residían algúns anacoretas dende os primeiros séculos do cristianismo. Neste lugar sitúase unha visión do profeta Elías, que viu sobre o devandito monte unha nube *como a palma da man dun home, que sube do mar*, que a eséxese carmelita considera como unha promesa da Purísima Concepción (*Reis*, 18, 43-44). Logo de reconquistada a zona polos cruzados, cara ó ano 1156, constitúese a primeira comunidade relixiosa formada por anacoretas e baixo a dirección do cruzado San Bertoldo. En 1224 foi aprobada a primeira regra, aínda que a definitiva seríao en 1245 polo papa Inocencio IV, sendo xeneral da orde San Simón Stock, pero residentes xa en Ayesford (Inglaterra), para onde tiveran que fuxir ó recupera-los mahometanos aqueles territorios en 1240. Atopándose en Londres Simón Stock aparecéuselle a Virxe e fíxolle entrega do escapulario, co que se librarían do inferno todos os que morresen con el posto.

Anos despois volveu ser noticia, pois o 3 de maio de 1317 din que se volveu aparecer a Virxe tamén baixo esta advocación, pero esta vez ó papa Xoán XXII, facéndolle a denominada *promesa sabatina*, consistente en que baixará os sábados ó purgatorio e levará consigo tódalas almas que morreron co escapulario. Aínda que case trescentos anos despois o papa Paulo V (1605-1621) prohibiu as representacións iconográficas da Virxe baixando ó purgatorio, a nivel popular en Galicia esta escena será a máis representada, non só nos petos, senón tamén nos retablos das igrexas.

Ata o ano 1451 a orde foi exclusivamente masculina, pero nesta data o beato Jean Soreth funda a rama feminina, que no Estado Español sería logo reformada por Santa Teresa de Jesús no século XVI. Tamén por esta mesma época reforma a de homes San Juan de la Cruz, o que orixinou unha escisión, deu lugar a que os reformados ou *descalzos* e *descalzas* fosen eximidos de toda dependencia da antiga orde en 1593, polo papa Cremenzo VIII.

O papa Sixto V (1585-1590) deulle o pulo definitivo ó aproba-la celebración da festividade da Virxe do Carme para toda a cristiandade.

2. En Galicia

O convento carmelita máis antigo da Península é o de Perelada (Xirona), fundado o 4 de abril de 1206. Nos primeiros tempos a súa área cinguíuse exclusivamente a terras catalanas, baleáricas e aragonesas. A proba témola en que en 1330 a "provincia" de *Hispania* pasou a denominarse *Aragoniae*. Anos despois, en 1354, había no territorio do actual Estado Español 19 cenobios, dos cales o que quedaba máis preto de Galicia era o de Toledo, o que indica que a presencia destes frades na nosa terra debeu ser durante toda a Idade Media case inexistente.

Nos séculos sucesivos aumentou considerablemente o número de conventos, dividíndose España en oito provincias, pertencendo o territorio galego á de Castilla la

Vieja, pero sen presencia de ningún centro, aínda que paseniñamente van aparecendo os primeiros devotos, así como os que andaban co escapulario. A mellor proba da escasísima presencia desta advocación é a de que no *Diccionario de artistas* que traballaron en Galicia nos séculos XVI e XVII, de P. Pérez Costanti, non hai ningún encargo relacionado coa Virxe do Carme, nin imaxes nin retablos, mentres que son abundantísimos os dedicados á Nosa Señora (é dicir, Santa María ou a Asunción), e tamén á Virxe do Rosario, culto espallado polos dominicanos[46].

A situación cambia nos anos sucesivos, ó intensifica-lo seu labor propagandístico os frades carmelitas, participando activamente en misións organizadas polos cregos das parroquias ou por segrares devotos. Empézanse a difundi-los primeiros milagres, como o acontecido no convento compostelán das Orfas, en que a Virxe do Carme lle dixo á rectora Constanza de Xesús: *Constanza sé constante en mirar pola miña debida veneración e honra*[47].

Organízanse as primeiras confrarías que terán por distintivo o escapulario, e cada vez faise máis fincapé no de salvadora das ánimas do purgatorio, tema de grande importancia a nivel popular, e que viña desempeñando San Francisco de Asís. A primeira confraría de Tui foi confirmada polo bispo frei Anselmo Gómez de la Torre, o 28 de xullo de 1711, con sé na capela de San Rafael ou do Anxo da Garda, situada extra muros da cidade, na aldea de Pazos de Reis. Sendo bispo Fernando Ignacio de Arango y Queypo, o ano 1734 o papa Cremenzo XII agregou e incorporou esta confraría á arquiconfraría do Carme de Roma. A este mesmo bispo tamén se lle debe a aprobación da constituída na propia catedral, o 22 de agosto de 1723[48].

Dedícanselle as primeiras capelas, algunhas feitas de novo, entre as que destaca a de San Xiao de Bastavales (Brión), situada por detrás da igrexa parroquial, formando xunto co adro un fermoso conxunto arquitectónico-paisaxístico, que se considera obra de Domingos de Andrade ou da súa escola: *Edificada en 1706, por el dignísimo rector L. D. Juan Santos Viera a sus expensas y de los devotos del Carmen de 2 leguas de radio. La reparó en 1869 un protegido de la Virgen.* Da mesma época son o retablo e as imaxes.

O 12 de maio de 1688 faleceu en Quito (Perú), onde era bispo, o padronés Alonso de la Peña, a quen se lle debe a fundación do primeiro convento de carmelitas en Galicia, situado na súa vila natal, en terreo cedido pola marquesa de Parga. Os frades chegaron en 1692, pero a primeira pedra da igrexa non se puxo ata o 8 de xullo de 1729, sendo bendicida o 16 de xullo de 1752 coa celebración de grandes festas relixiosas e profanas que duraron varios días, non faltando entre estas últimas corridas de touros, de carneiros e de galos. A este acto dedicou Diego Cernadas e Castro, cura de Fruíme

---

[46] Ernesto IGLESIAS ALMEIDA, no libro *Arte y artistas en la antigua Diócesis de Tui*, Tui, 1989, que chega ata os últimos anos do século XIX, só rexistra o traslado do retablo do Carme da colexiata de Vigo para a igrexa de San Cibrán de Paredes (Ponteareas), en 1816; e a pintura da imaxe de Vide (As Neves), en 1898 (pp. 14 e 22).

[47] *Del Árbol Chronologico seráfico de esta santa y apostólica provincia de Santiago*, parte III, libro IV, p. 633.

[48] ÁVILA Y LA CUEVA, F.: *op. cit.*, IV, pp. 309, 321 e 320.


(Lousame), un extenso capítulo das súas *Obras en prosa y verso*, ó que pertence esta estrofa:

Hoy bendicen con gran zelo
su Templo los Carmelitas,
es un Cielo, y con consuelo,
como unas almas benditas,
se van derechas al Cielo...[49].

Poucos anos despois fundaba en Santiago de Compostela o primeiro de mulleres Sor María Antonia de Xesús, coñecida pola *Monxiña do Penedo*, debido a que naceu neste lugar do actual concello de Cuntis. Púxose a primeira pedra o 16 de agosto de 1753, aínda que as monxas xa residían nesta cidade dende o 16 de outubro de 1748. A monumental igrexa do Carme de Arriba aínda se remataría en 1792[50].

Estes dous conventos habían de ser dende entón os centros principais de difusión do culto carmelitano, en particular o padronés, participando en misións, sermóns da semana santa, etc. Pero, curiosamente, non pertenceu a el o frade que máis traballou en Galicia a prol do culto da súa patroa: o P. Francisco Colmenero:

O ano 1754 saíu do prelo en Valladolid *El Carmelo ilustrado, con favores de la Reyna de los Ángeles, con indulgencias, y privilegios, con Tropheos y esclaricidas Virtudes de sus Hijos...* da autoría do devandito padre Colmenero (Ilust. VII). Nel conta os froitos que conseguiu espallando durante varios anos a devoción á Virxe do Carme, non só en Galicia, senón noutras partes de España e de Portugal (bispados de Astorga, Zamora, Calahorra, Barbastro e Segovia, e arcebispado de Braga). Publica a relación das


EL CARMELO
ILUSTRADO,
CON FAVORES
DE LA REYNA
DE LOS ANGELES,
CON INDULGENCIAS, Y PRIVI-
[illegible]
SU AUTHOR
EL P. DON FRANCISCO COLME-
[illegible]

Ilustr. VII. Capa de *El Carmelo Ilustrado...* do P. Francisco Colmenero, Valladolid, 1754 (Museo Provincial de Pontevedra).

[49] CERNADAS E CASTRO, D. A.: "Padrón festivo del Carmen empadronado en la Ilustre Villa de Iria Flavia. Relación epicena en verso y prosa, joco-seria de noche y de día de la solemnidad, con que se dedicó al gloriosísimo y purísimo Esposo de María Santísima el Patriarca San Joseph la nueva Iglesia de los Rmos. PP.

poboacións onde entronizou a imaxe do Carme, que en Galicia foron en total 506, repartidas do seguinte xeito por dióceses: 155 na de Ourense, 135 na de Santiago de Compostela, 80 na de Lugo, 57 na de Mondoñedo, 56 na de Tui e 23 na de Astorga[51].

Ademais da correspondente imaxe, en varias parroquias tamén se puxeron retablos; constituíronse moitas confrarías, e mesmo se ergueron os primeiros cruceiros con esta advocación, coma os de Cereixo (A Estrada) e Cornazo (Vilagarcía de Arousa): na primeira *se colocó una Imagen de nuestra Señora de el Carmen, en una hermosa, y elevada Cruz de piedra, a devoción de el Señor Abad de San Martín de Lage Don Jorge Bernárdez*. Na segunda, *otra Imagen en otra elevada Cruz de piedra*[52].

Descoñecémo-la procedencia das imaxes. É de supoñer que moitas fosen labradas en talleres galegos, pero tamén as habería de fóra. Polo que atinxe á representación iconográfica, case seguro que na maioría era a que agora se considera tradicional: co neno Xesús no brazo esquerdo e o escapulario na man dereita. Así é, por exemplo, a de Melias (Ourense), que se reproduce ó comezo do libro, pero que neste caso está acompañada de Santa Teresa de Jesús e San Juan de la Cruz (Ilust. VIII). A este tipo pertencen tallas de gran valor artístico, debidas ós escultores Xosé Gambino, Xosé Ferreiro e Felipe de Castro, entre outros.



Ilustr. VIII. Retablo e imaxe do Carme na igrexa de Melias (Ourense). Gravado de Palomino, 1753 (F. Colmenero: *El Carmelo Ilustrado...*, Valladolid, 1754).

Carmelitas Descalzos del Padrón". *Obras en prosa y verso del Cura de Fruíme...* Madrid, J. Ibarra, 1780, pp. 33 ss.

50 UNA CARMELITA DESCALZA DEL CONVENTO DE SANTIAGO: *Una mística gallega en el siglo XVIII. La Venerable Madre María Antonia de Jesús*. Fundación "P. Barrié de la Maza", A Coruña, 1991.

51 COLMENERO, F.: *op. cit.*, pp. 333 ss.

52 Ídem, p. 364.

As demais representacións xa son moi raras, como a relacionada coa nube do monte Carmelo, é dicir, a Virxe sen neno, coas mans dereitas como se se tratase da Inmaculada Concepción (hai unha imaxe barroca no Carme de Abaixo de Santiago de Compostela); ou acollendo baixo o manto a dous santos ou santas da orde, ou ás ánimas do purgatorio, sen neno e co escapulario na man dereita ou nas dúas (como a da igrexa compostelá das Orfas e a dun peto da Xironda (Ilust. IX))[53].



Ilustr. IX. A Virxe do Carme acolle baixo o seu manto as ánimas do Purgatorio. Peto da Xironda (Cualedro, Ourense).

[53] Cfr. OTERO TÚÑEZ, R.: "Vírgenes 'aparecidas' en la escultura santiaguesa". *Compostellanum*. Santiago de Compostela, 1958.

Unha parte do libro está dedicada exclusivamente ós *diversos prodigios* obrados pola intercesión desta Virxe, na maioría contemporáneos e, en casos, dos que o propio P. Colmenero foi testemuña ou tratou con persoas ben informadas. Entre todos só hai dous relacionados co mar, aínda que rexistra outros tamén na costa (A Pobra do Deán, O Caramiñal, Baiona,...). O primeiro tivo por escenario a ría de Muros-Noia e o segundo a de Arousa:

FAVORECE MARÍA SANTÍSSIMA A UN HOMBRE QUE CAYÓ EN EL MAR.

En el tiempo, que hize Missión en la Villa de Noya, de el Arzobispado de Santiago, y Puerto de Mar, se me entregó un Testimonio auténtico, cuyo contenido es de el tenor siguiente: Alexandro de Queiruzga, Escrivano de su Magestad, vecino de la Villa de Noya, Arzobispado de Santiago, Reyno de Galicia: Certifico, y doy fee, en verdadero testimonio, como ante mi oy dia de la fecha, pareció personalmente Joseph de Chouza, vecino de esta dicha Villa, y dixo, que viniendo por mar en su embarcación con sus Compañeros para su casa, hallándose en la Ría de Muros, para efecto de arribar a esta citada Villa: Siendo entre las ocho, y nueve de la noche de el día once de el mes de Marzo de el año passado de mil setecientos y quarenta y seis, haviendo sobrevenido una grande tempestad, con lluvias rigurosas, estando en el medio de dicha Ría le faltó el remo de couce, govierno de la embarcación, y roto el estrivo, se cayó en la mar el susodicho, y prosiguiendo el barco en ella, y viageando con violencia se alexó un fuerte trecho la embarcación, quedando muy atrás el mencionado Joseph, y entonces clamó a la Virgen Santíssima de el Carmen, y baxó diversas veces a lo profundo de el mar, y viéndose ya desanimado, y no sabiendo nadar, nuevamente bolvió a clamar a la Virgen Santíssima de el Carmen, con las más esforzadas ansias, por hallarse ya con las congojas de la muerte, y al instante se tranquiló el mar, y se sossegó la tempestad tan impetuosa, y se halló sostenido sobre las aguas, sin ser ofendido de ellas; en este tiempo le hecharon de menos los Compañeros, que no le avían sentido caer, y bolvieron atrás en busca de el, y aviendo logrado el encontrarlo, amainando la vela, le levantaron, y metieron en la embarcación, dando todos repetidas gracias a la Reyna de los Ángeles [...][54].

O outro tivo lugar entre Vilanova de Arousa e A Pobra do Deán:

[54] COLMENERO, F.: *op. cit.*, pp. 289-290.

LIBERTÓ MARÍA SANTÍSSIMA DE EL CARMEN A DIVERSAS PERSONAS DE UNA FURIOSA TEMPESTAD, QUE SE LEVANTÓ EN EL MAR.

En el mes de Abril de el año passado, de mil setecientos y cinquenta y dos, caminaban diversas Personas en una embarcación desde la Villa de Villa-Nueva, junto a Cambados, a la de la Puebla de el Deán, y en medio de la Ría se levantó una tan pavorosa tempestad, que todos se vieron en el más evidente peligro de ser sumergidos de las aguas, avía entrado tanta en el Barco, que les daba ya por las rodillas; las olas, que por todas partes los cubrían, parecían amenazas, que los querían tragar; en tanto conflicto, y desconsuelo todos a una voz (serían más de quarenta) clamaban con imponderables ansias, invocando el patrocinio sagrado de la Virgen Santíssima de el Carmen, cuyo Escapulario vestían, en fuerza de la universal devoción, que en todos aquellos Paises tienen con la Divina Señora, y luego experimentaron el amparo de su Piedad Soberana, aviendo cesado la tempestad, y aportaron a la Puebla de el Deán, en donde inmediatamente que salieron, fueron a dar gracias a la Reyna de los Ángeles [...] [55].

Aínda que a aceptación foi boa en xeral, vai ser en Galicia onde mellor acollida teña a advocación carmelita, baseada case exclusivamente na salvación eterna das ánimas por medio do escapulario[56].

Durante o século XIX, malia a desamortización e exclaustración relixiosas que obrigaron ós frades a abandona-los conventos (ó de Padrón non volverían máis os carmelitas, pero si as monxas ó de Santiago de Compostela), a influencia desta orde relixiosa

---

[55] Ídem, p. 294.

[56] Escribe o P. Colmenero no limiar do seu libro: *La Celestial prenda del Santo Escapulario la visten comúnmente desde los niños, hasta los ancianos; apreciándole con tan fervoroso desvelo [...] En las iglesias, por las calles, en los caminos y los campos, resuenan en las lenguas de todos los Elogios de la Virgen Santíssima del Carmen; es certísimo que en diversas partes de Castilla, y algunas de Asturias, y Portugal, se experimenta todo esto, que llevo dicho, pero es constante, y seguro, que Galicia se lleva la primacia; acreditando, que la Virgen Santíssima del Carmen es el dulce Imán de sus devotos corazones, y el embeleso Celestial de sus desvelos.*

No 1787 o P. Hermenexildo Amoedo no seu *Carmen Patrium sive Pontevedra*, publicado por primeira vez este ano en Bolonia, aínda se lembra do labor do P. Colmenero, neste caso en Pontevedra:

Ergo situs, quo natus eram, fuit illa plateae
Alta domus (quam argenti olim dixere plateam)
Et Batalla Astur pinguis mercator adhaesit
Vir pius innocuum quem Colmenerus amavit.
Nempe ab eo fuerat tune Missio sacra peracta,
Qui grato Mariae referebat pectore salvam,
Quam degit vitam mortis jam ad limina ductam,
Carmeli hinc totus Scapulare ad sydera tollens.

foi en aumento, tanto a nivel popular ó proseguir coas misións, exercicios espirituais, sermóns, etc., como nos medios oficiais. O froito deste labor materializarase xa no XX, ó decretar en 1901 a raíña rexente María Cristina que a patroa da mariña de guerra será a Virxe do Carme. Dende esa data os cuarteis da armada convértense nos principais centros de espallamento da devoción carmelita, ó pasar por eles milleiros de mozos, en particular das terras costeiras, na maioría pescadores.

PROTECTORA DAS ÁNIMAS E DOS MARIÑEIROS

San Francisco foi o avogoso das ánimas do purgatorio durante séculos, el era quen intercedía pola súa remisión. Mostra deste culto agora case esquecido son os retablos, os petos e os cruceiros onde se representa ó santo de Asís situado preferentemente pola parte de arriba das chamas, entregándolle-lo cordón ás almas que se achan no lume, entre as que case nunca adoitan faltar as que portan atributos propios dos cargos que gozaron de vivos, como a tiara do papa ou as mitras dos bispos.

Se facemos un estudio polo miúdo de tódolos petos existentes na provincia de Ourense -que polo de agora é a única que conta con dous catálogos exhaustivos publicados-, compróbase como nos máis antigos figura San Francisco; logo hai un tempo intermedio en que se pon xunto a el a Virxe do Carme (Ilust. X), e, por último, soamente ela. Pero, aínda así e todo, a presencia do santo de Asís en casos illados chega polo menos ata 1867, como se pode ver no peto da capela de Eiradela (Foramontaos, Nogueira de Ramuín)[57].

¿É os mariñeiros? Xa queda visto que en Galicia o P. Colmenero refire só dous "prodixios" obrados pola intercesión da Virxe do Carme, en 1746 e 1752, respectivamente. Descoñecémo-lo momento en que se vinculou




Ilustr. X. Nun principio o protector das ánimas era San Francisco, logo pasou a comparti-lo posto coa Virxe do Carme; finalmente quedou esta soa. Peto de man de Vilar (Crecente, Pontevedra), do século XVIII (Museo Diocesano de Tui).

[O sitio onde eu nacín foi aquela alta casa da praza da Pratería (así chamada dende antigo polos seus prateiros) e vivía tamén a carón dela o rico mercador astur Batalla, home bo e piadoso, moi querido de Colmenero. Dera este por entón unha santa misión, e nela atribuía co peito acendido á Virxe María o terlle salvado a vida estando xa ás portas da morte; e por iso todo o seu empeño era o de enxalzar polas nubes o escapulario do Carme]; AMOEDO, H.: *Carmen Patrium sive Pontevedra...* Santiago de Compostela, 1788, p. 1.

[57] MENOR CURRÁS, M. e outros: *Os petos de ánimas en Ourense*. Seminario de Estudos Galegos, O Castro, 1985. Os autores confunden varias veces a San Francisco por Santo Antonio de Pádua. A diferencia iconográfica é clara: o segundo sempre porta ó neno Xesús nos brazos. Ás veces forma parte do peto

esta advocación mariana cos homes da mar, pero aínda que antes houbese algo, non hai dúbida de que foi durante os séculos XVIII e XIX cando se afianza, en detrimento dos demais santos tradicionais.

Do ano 1740 xa coñecemos un documento que ten certa relación entre o culto carmelita e os *mareantes*. Pertence á vila pontevedresa de Redondela: en tal data testou María Calvo Salcedo e manda que se complete a fundación da capelanía do Carme que comezara seu irmán, figurando as normas polas que se ha de rexer, entre as que está a obriga de celebra-la festividade o 16 de xullo, tanto relixiosa como profana (*buscar dicho Capellán y los que le subcedieren Gaytero que toque en la tal Fiesta*), e o nomeamento do capelán: *Por la primera vez, hagan el nombramiento en quien quisieren, y a su Arbitrio y Voluntad, en la segunda lo hagan hacer precisamente en Hijo de Vecino de dicha villa de Redondela descendiente de Mareantes, y a falta de éstos en los Hijos de los de la Tierra...*[58].



Ilustr. XI. San Telmo non só contou con moitos devotos en Galicia e Portugal, senón tamén nos portos do Mediterráneo. A mostra témola nesta "Acción de la Real Compañía de Comercio establecida en Barcelona...", do ano 1759, pois entre os santos protectores da cidade tamén figura el, co barco velciro nas mans. Debuxo de Emmanuel Tramullas, gravado por Ignacio Valls.

(coma no de Cenlle), pero sen ter relación coas ánimas, que para iso está San Francisco ou a Virxe do Carme. O outro catálogo publicouno BARRIOCANAL LÓPEZ, Y.: *Arte popular. Los petos de Ánimas, Boletín Auriense*, anexo 3, Ourense, 1985.

Un caso que non deixa de ser curioso é o dun retablo da igrexa franciscana de Ourense, de factura relativamente moderna, que preside a Virxe do Carme, pero por debaixo dela está San Francisco entregándolle o cordón ás ánimas. Deste xeito participan na salvación os dous santos.

[58] GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, X. M.: *As vilas de Redondela nos tempos do Catastro de Ensenada*. Concello de Redondela, 1997, pp. 62 e 63.

Do mesmo xeito que medra a devoción pola remisión das ánimas, así tamén se vai afianzando a devoción dos homes do mar, substituíndoa polas anteriores, en particular San Telmo (Ilustr. XI). Difúndense as primeiras estampas nas que a Virxe aparece protexendo ós barcos, entronizada sobre eles, mentres os mariñeiros e os navegantes lle imploran auxilio. Os devotos conseguen do goberno da rexente María Cristina que se lles conceda o padroado da mariña de guerra a comezos do século XX, feito de suma importancia que repercutirá inmediatamente na súa consolidación como avogosa de todos aqueles que traballan ou andan no mar. Superados os anos da II República, coa dictadura nacional-catolicista de Franco a armada volveu se-lo principal centro divulgador do seu culto entre os homes, como mariñeiros, mentres que a advocación das ánimas queda reservada case exclusivamente para as mulleres. De non ter en conta esta ideoloxía e praxe nas que non se distingue o relixioso do político, non se explica que aínda agora en varias procesións sexan soldados os que porten a imaxe.

Actualmente existen, polo menos, catro freguesías con esta advocación, das que tres están situadas na beiramar (Vigo, Seixo-Marín e Aguiño-Ribeira), e unha no interior (Mondoñedo). Pero a proba máis elocuente da difusión da patroa do Carmelo témola en que actualmente o seu nome é o segundo máis común entre as mulleres galegas, só superado polo de María:

nome	%
María	22,45
Carme	10,10
Concepción	8,22
Xosefa	4,84
Dores	4,63[59]

EPÍLOGO

O 6 de setembro de 1757 o bispo e cabido de Tui contrataron a feitura dun altar dedicado á Virxe do Carme, que se situaría na catedral. Procuráronlle para colocación a mesma que ocupaba o da Concepción, que era dentro da capela de San Telmo[60]. Esta data, na que no mesmo local xuntan os tudenses as dúas advocacións mariñeiras máis populares, pódese considerar como o comezo da fin do secular padroado mariñeiro de San Telmo. Mentres a partir de agora o culto mariano ía medrar a pulos, o santelmiana empezábase a apagar paseniñamente ata quedar reducido a unhas poucas poboacións, entre as que sobresae a súa cidade.

[59] Porcentaxes tiradas a partir dos datos publicados por FERRO RUIBAL, X.: *Diccionario dos nomes galegos*. Ir Indo Edicións, 1992, pp. 43 ss.

Varios foron os factores relixiosos, políticos e sociais que influíron favorablemente na divulgación e popularización da Virxe do Carme:

a) O labor dos frades carmelitas, que se dedicaron durante moitos anos a loar e a difundi-los prodixios ou milagres que Deus obraba pola súa intercesión. En Galicia destaca o P. Colmenero, que a mediados do século XVIII chegou a entronizar máis de cincocentas imaxes. A todo isto cómpre engadi-la boa acollida que tivo por parte do clero secular en xeral, e mesmo dalgúns membros do alto clero, como é o caso de Alonso de la Peña Montenegro, bispo de Quito, fundador do convento de Padrón.

b) O influxo socioeconómico dalgúns membros da nobreza (a marquesa de Parga doou o terreo para construí-lo convento padronés), de varios militares e mesmo dalgúns políticos, que remataría por materializarse no nomeamento de patroa da mariña de guerra en 1901. Os cuarteis convértense dende esta data en centros de divulgación do Carmelo.

c) O interese económico de moitos párrocos, que na devoción das ánimas tiñan unha das principais fontes de ingresos, polo que fomentan esta devoción sobre todo entre as mulleres (misas, responsos, actos fúnebres...).

d) O perigo decote de traballar no mar, que propicia a devoción relixiosa, principalmente naqueles momentos en que circunstancias angustiosas levan a facer promesas, ofrecer actos..., aínda que logo en terra a práctica sexa case inexistente.

e) Por último, tamén influíu a emigración transoceánica, que contaba cos barcos como único medio de transporte, polo que a Virxe do Carme se tornou avogosa de tódolos que marchaban para terras americanas, pregándolle non só eles, senón tamén os familiares que quedaban aquí agardando a que tivesen boa viaxe.

Actualmente son moi poucas as persoas que se lembran de San Telmo ou San Pedro González como protector dos mariñeiros e dos navegantes, e de San Francisco de Asís como intercesor na salvación eterna das ánimas do purgatorio, pois ámbolos dous foron substituídos, sobre todo a nivel popular, pola Nosa Señora do Carme:

Virxe do Carme, querida,
ós mariñeiros non deixes,
dalles bo vento de popa,
dalles tamén moitos peixes.

BIBLIOGRAFÍA

ÁVILA Y LA CUEVA, F.: *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*. Consello da Cultura Galega, 1995.

CERNADAS Y CASTRO, D. A.: *Obras en prosa y verso del Cura de Fruíme...*, V, Madrid, 1780.

COLMENERO, F.: *El Carmelo Ilustrado, con favores de la Reyina de los Ángeles, con indulgencias, y privilegios, con Tropheos, y esclaricidas Virtudes de sus Hijos,...* Valladolid, 1754.

FERRANDO ROIG, J.: *Iconografía de los Santos*. Ediciones Omega, Barcelona, 1950.

FERRO RUIBAL, X. (dir.): *Diccionario dos nomes galegos*. Ir Indo, 1992.

FILGUEIRA VALVERDE, X.: "San Telmo y la advocación del 'Corpo Santo'". *Revista General de Marina*. Madrid, marzo, 1943.

FILGUEIRA VALVERDE, X.: "A Virxe do Carmen". *El Ideal Gallego,* 16-VII-1981.

FILGUEIRA VALVERDE, X.: *El "Corpo Santo" de Fray Pedro González. San Telmo (c. 1194-c. 1246), Patrón de marineros y navegantes*. Pontevedra, 1983.

FILGUEIRA VALVERDE, X.: "O esprito relixioso e comunitario dos mareantes da Moureira". *Nodales*. Pontevedra, 25-V-1990.

FLÓREZ, H.: *España sagrada, Theatro geográphico-histórico de la iglesia de España. Tomo XXIII. Continuación de las memorias de la Santa Iglesia de Tuy...* Madrid, 1767.

GALINDO ROMEO, P.: *Tuy en la Baja Edad Media. Siglos XII-XV*. Instituto "E. Flórez", CSIC, Madrid, 1950.

GELLA ITURRIAGA, J.: "La bella tradición santelmista hispano-lusa". *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. XVII (1961).

GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ, B.: *Biografía ascética de San Pedro González Telmo...* 3ª ed. Tui, 1995.

IGLESIAS ALMEIDA, E.: "Sobre el culto e iconografía de San Telmo". *Boletín de Estudios del Seminario Fontán Sarmiento.* 13. Santiago de Compostela, 1992.

IGLESIAS ALMEIDA, E.: "El culto de San Telmo en Las Azores", anexo do libro de GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ, Tui, 1995.

IMBERT, E. d': *Sant Erasme, vulgarment apel.lat Sant Elm, primitiu patro dels navegants. Notes històriques*. 1950.

UNA CARMELITA DESCALZA DEL CONVENTO DE SANTIAGO: *Una mística gallega en el siglo XVIII. La Venerable Madre María Antonia de Jesús*. Fundación "P. Barrié de la Maza", A Coruña, 1991.

SANDOVAL, P. de: *Antiguedad de la ciudad y iglesia cathedral de Tuy y de los obispos que se saue que aya avido en ella*. Braga, 1610.

OS EXVOTOS DE TEMA MARIÑEIRO EN GALICIA

Xosé Fuentes Alende
Museo de Pontevedra
Ponencia de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega

As xentes de mar de Galicia en xeral, e en particular as de Pontevedra a través do seu Gremio de Mareantes de orixe medieval, tiveron na persoa do profesor Xosé Filgueira Valverde un profundo historiador e coñecedor, desde a súa historia ós seus costumes. Sirvan como exemplo, por unha banda, os seus estudios sobre Fr. Pedro González "San Telmo" e sobre outros "Pontevedreses Universales", homes de mar de renome[1], e, por outra, a publicación do *Archivo de Mareantes*[2] custodiado no Museo de Pontevedra e reunido por don Casto Sampedro y Folgar, de suma importancia para o coñecemento desde a Idade Media da vida dos mariñeiros da Moureira pontevedresa e da súa preponderancia sobre os dos outros portos da Ría. Valla esta análise sobre a faceta relixiosa dos homes do mar, a través dunha das súas manifestacións prácticas, tales como son os exvotos, como tributo de recoñecemento a don Xosé Filgueira, mestre e guía nos nosos traballos, e en concreto no estudio dos exvotos en Galicia, incluído desde 1987 na "Catalogación Arqueológica y Artística de Galicia" que el dirixía e que, custeada pola Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa", se elabora no Museo de Pontevedra[3].

—-oo0oo—-

A relixiosidade mariñeira non deixa de ser semellante nas súas manifestacións, internas e externas, á labrega e tamén, nalgunhas circunstancias, á urbana, froito, en tódolos casos, dunha mesturanza de rituais que vén a dar nun fondo sincretismo relixioso. Ben é certo que o medio en que viven e no que desenvolven o seu traballo é moito máis perigoso e proclive a accidentes ca en terra firme. Así se manifesta no refraneiro popular galego, con exemplos como que "Quen anda polo mar aprende a rezar", aludindo así á necesidade de pedir amparo a Deus ou a unha forza sobrenatural para protexerse dos

[1] Véxase a serie de folletos da súa autoría publicados anualmente pola Deputación Provincial de Pontevedra, co gallo do Día da Hispanidade, desde 1956 a 1995.

[2] Editado polo Museo de Pontevedra a custa do Instituto Social da Mariña en 1946 e reeditado facsimilarmente por Caja de Madrid en 1993.

[3] O primeiro traballo de catalogación de exvotos en Galicia, tema totalmente inédito, fixémolo co gallo da exposición que con corenta bretóns e outros tantos galegos se celebrou en Brest (Francia) e Pontevedra. *Ex-voto marins de Bretagne et Galice / Exvotos mariñeiros en Galicia e Bretaña*. Textos de X. FUENTES ALENDE e D. M. BÖELL, Rennes, Carrefour des Régions d'Europe, 1987.

perigos que a navegación entraña, ou "Cando Deus vai diante cheo anda o mar", facendo referencia á axuda propiciatoria do sobrenatural para conseguir boa pesca[4].

Antes de falarmos dos exvotos de carácter mariñeiro en Galicia temos que facer algunha consideración previa, principalmente no tocante, en primeiro lugar, ó propio concepto de "exvoto", e, en segundo lugar, á conceptualización da divindade actuante.

Canto ó exvoto en si, considérase como tal, desde un punto de vista cristián, toda ofrenda feita a Deus, á Virxe, baixo as súas diversas advocacións, ou ós santos nun intre de perigo, promesa que ha de ser cumprida, como voto que é, unha vez conseguido o favor impetrado, práctica que xa era tamén habitual nas relixións precristiás[5]. No que se refire en concreto ós mariñeiros, Horacio, na segunda das *Sátiras* do libro segundo, cóntanos que nos templos de Roma eran ofrecidos, entre outros, cadros votivos fondamente descritivos[6] e na canción quinta do primeiro libro dos *Carmina* que incluso tamén a roupa de faena no mar[7]. Pero, a diferencia deste tipo de exvoto, que podemos considerar como "a posteriori", é dicir, prometido nun momento puntual por extrema necesidade, que se fai efectivo no santuario para cumpri-la promesa feita coa divindade, debemos amplia-lo contido da palabra "exvoto" a aquelas ofrendas realizadas coa finalidade de conseguir unha axuda ou un don especial e de dar gracias polos favores recibidos, así como a aquelas froito dunha veneración especial a unha advocación ou a un santo determinado. Así, atopámonos con outros feitos cun carácter rutineiro, pedindo o favor sobrenatural, aínda que o perigo non sexa totalmente latente, de cara a obte-la protección durante un certo período de tempo ou nunha empresa concreta. Serán estes os exvotos "a priori", feitos antes de que o perigo apareza, cunha finalidade impetratoria e precautoria, que nas máis das veces se poden confundir, porque reúnen ámbalas dúas condicións, cos de acción de gracias.

Polo que atinxe á divindade obxecto de ofrecemento de exvotos, xa sexan "a posteriori" ou "a priori", despois ou antes do perigo e conseguinte necesidade, hai que considera-lo carácter que de sagrado teñen as augas en xeral, e en particular as do mar, tido por un ser vivo, con personalidade e con forza propia, ademais de estaren habitadas por certos xenios que lles dan vida[8]. A estas fánlle-los mariñeiros diversos rituais que, como veremos, poden ser tidos por exvotos propiciatorios: por unha banda, para acalmalas e

---

[4] GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *O refraneiro do mar*. Vigo, Deputación Provincial de Pontevedra, Servicio de Publicacións, 1987, pp. 130 e 20 respectivamente.

[5] Ítem "Exvoto". En *Enclopedia de la Religión Católica*. Tomo III. Barcelona, Dalmau y Jover, S.A., 1952, p. 886.

[6] "... uo fit, ut omnis / votiva pateat veluti descripta tabella / vita senis...". Tomado de *Les auteurs latins expliqués d'après une méthode nouvelle par deux traductions françaises...* Par une Société de Professeurs et de Latinistes, París, 1876, p. 128.

[7] "Do tempro os sagros muros ben amosan / como eu deixei na táboa dos exvotos / a roupiña pingando, / ofrenda ó poderoso deus do mare". Tomado da edición con traducción, prólogo e notas de Aquilino IGLESIA ALVARIÑO, Santiago de Compostela, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 1951, p. 9.

[8] BOUZA BREY, Fermín: *La Mitología del agua en el Noroeste Hispánico*. Separata do Boletín de la Real Academia Gallega. A Coruña, 1942, en especial pp. 16 e 28-29.

para que non supoñan un perigo para a navegación; por outra, para facelas fecundas e abondosas en pescado, sustento para as xentes que viven a cotío do extraído do mar.

Segundo o que antecede, tendo en consideración a amplitude do concepto de "ex-voto" e a sacralidade das augas mariñas, deteñámonos primeiro nos diversos rituais realizados polos mariñeiros e os seus familiares, rituais tachados uns de pagáns, polo que foron condenados polo cristianismo, outros de carácter plenamente cristián, as máis das veces complementarios uns dos outros, e que levan parello algún tipo de ofrecemento á divindade.

Así, os pescadores do arrabalde pontevedrés da Moureira, ó saír ó mar, unha vez en mar aberto tirábanlles ás augas anacos de pan de millo coa dobre finalidade de acalmalo e facelo propicio para unha boa pesca[9]. Unha mostra de exvoto propiciatorio realizado "a priori" a un ser sagrado, complementado con outras prácticas máis cristiás, recollidas polo miúdo por Casto Sampedro y Folgar, fundador e Presidente da "Sociedad Arqueológica de Pontevedra" e tamén primeiro Director do Museo de Pontevedra: tras saíren dos peiraos, ó pasaren diante da desaparecida capela dos Santos de Mollabao rezaban comunitariamente a San Francisco e ós seus compañeiros un "Padrenuestro" e á altura da igrexa dos Praceres o patrón da embarcación daba a voz de "Unha Salve á Virxe", coñecida polos mariñeiros pontevedreses como "Nosa Señora do Mar"[10], tal e como nos di a cantiga popular:

Miña Virxe dos Placeres,
sempre vos van a rezar
os pobriños mariñeiros
cando marchan para o mar[11].

Logo, xa no mar, cada faena de pesca ía acompañada das correspondentes oracións debidamente estipuladas: unha "Salve" ó bota-la primeira peza do xeito, un "Credo" ó Nazareno coa última, un "Padrenuestro" polas Ánimas benditas do Purgatorio ó poñe-la boia e un Rosario durante o tempo da pesca[12].

Ofertas ó mar semellantes, e coa mesma finalidade propiciatoria, referiúnolas o prof. Alonso Romero na súa comunicación coa que participa neste mesmo Simposio[13]. O capitán dun buque francés que saíra de Camariñas cara a Terranova levaba consigo un

---

[9] BOUZA BREY, Fermín: *op. cit.*, p. 16.

[10] *Documentos, inscripciones, monumentos, extractos de manuscritos, tradiciones, etc. para la historia de Pontevedra.* Publicados pola "Sociedad Arqueológica". Tomo III. Pontevedra. 1904. P. 482.

[11] FRAGUAS Y FRAGUAS, Antonio: "La Virgen en el cancionero popular gallego". *El Museo de Pontevedra.* Tomo XIV. 1960. Pp. 67-88, en concreto p. 72.

[12] *Documentos...*, op. cit. Pp. 354-355.

[13] ALONSO ROMERO, Fernando. "Los ritos propiciatorios de los pescadores gallegos y de otras comunidades europeas". Nestas mesmas *Actas*, pp. 269-281.

anaquiño da Pedra da Barca de Muxía, nun claro exemplo de furto de algo sagrado para consegui-la protección. Ó pouco de saír ó mar, sorprendeunos un forte temporal, polo que invocou a Nosa Señora da Barca e logo botou o cacho de pedra ó mar, calmando a tempestade ó momento. Despois, o capitán regaloulle á Virxe un barco de prata en recoñecemento[14]. É este un caso en que podemos apreciar, por un lado, un feito propiciatorio no lanzamento de algo sagrado a un ser, o mar, con forzas sobrenaturais e a impetración á Virxe para acalmalo, e, polo outro, un exvoto de agradecemento "a posteriori".

De volta ó porto, os pescadores da Ría de Pontevedra cumprían co seu voto de acción de gracias entregando no correspondente santuario unha parte da pesca recollida[15], un tipo de exvoto en especie: en Cantoarea para a Virxe dos Remedios, en Sanxenxo para Santa Rosalía, en Portonovo para San Roque, Santa Catarina e a Virxe do Carme...[16] e en Pontevedra capital, a Santa María, o exvoto colectivo e gremial máis artístico e de maiores dimensións, como é a Basílica, que acollería as imaxes doutros santos de devoción mariñeira. Ofrecementos en especie que figuran tamén no noso cantigueiro relativos a outros santuarios de Galicia. En Teixido:

O Divino San Andrés
ten a sardiña no cinto
que lla deu un mariñeiro
que andaba no mar perdido[17];

e desde terra a moza pídelle ó home de mar:

Pescador que andas pescando
péscame unha robaliza,
para levar de regalo
á Virxe de Pastoriza[18].

Prácticas estas que non eran exclusivas dos Mareantes de Pontevedra, senón habituais tamén doutras rías.

En canto ós exvotos plenamente cristiáns que se custodian aínda nos nosos santuarios, son os cadros pintados os que teñen unha maior significación artística e documental e os que nos ofrecen unha visión máis ampla da relixiosidade mariñeira, xa que,

---

[14] *Novena en honor de la Virgen de la Barca cuya milagrosa imagen se venera en su famoso santuario de Mugía*. Santiago. 1926. Pp. 55-56.

[15] *Documentos...*, op. cit. Pp. 524-525.

[16] *Documentos...*, op. cit. P. 348.

[17] FRAGUAS, Antonio: *Romarías e santuarios*. Vigo. Galaxia. Biblioteca Básica da Cultura Galega. 1988. P. 43.

[18] FRAGUAS Y FRAGUAS, Antonio: "La Virgen en el cancionero...". *Op. cit.* P. 76.

ademais de representa-la escena plasticamente, dunha maneira máis ou menos fiel, na habitual lenda explicativa figuran datos de importancia no que atinxe á identidade da persoa que o ofrece, á data, á causa, á localización do barco e a outras circunstancias que leva o ofrecemento.

En liñas xerais, os cadros están realizados ó óleo sobre lenzo ou sobre madeira (agás dúas acuarelas na Pastoriza e dúas estampas: unha en Vilaselán - Ribadeo e outra en Santa Clara de Pontevedra) e constan de dúas partes totalmente definidas: por unha banda, unha superior, que acolle a representación plástica do intre de perigo presidida desde o alto, a non ser en Vilaselán, pola imaxe da divindade; pola outra, unha franxa inferior, na que se sitúa a inscrición, máis ou menos explícita, que narra o feito.

Se nos deixamos levar pola data que figura na lenda, o máis antigo atopámolo no santuario da Pastoriza (Arteixo - A Coruña), que representa un milagre acaecido no 1640. Sen embargo, a realización do cadro nese ano é cuestionable, sen que isto supoña nega-lo acaecemento do milagre tal como a lenda nos manifesta. No referido santuario da Pastoriza hai tamén cinco cadros máis, de tema mariñeiro, o último deles relativo a un suceso do 1746, coas mesmas características pictóricas que o de 1640 de Juan do Río: idéntica distribución do lenzo en tres partes (de abaixo a arriba: lenda, escena marítima e zona celestial), alternando a situación da Virxe, no medio dun circo de nubes acastañadas, entre o ángulo dereito e o esquerdo, liña de horizonte totalmente recta en todos e mesma caligrafía da inscrición. Isto lévanos a aventurar que os seis, xunto con outros seis derivados de enfermidades (o primeiro de 1631 e o último de 1750), sexan dunha mesma autoría, caso de difícil aceptación se fosen realizados inmediatamente despois do respectivo milagre e pagados polas persoas en perigo en cumprimento do voto feito. Máis ben cabe pensar que en determinado momento do século XVIII, valéndose da presumible existencia dun Libro de Milagres do Santuario, como había na Franqueira (A Cañiza - Pontevedra)[19] ou nos Milagres do Monte Medo (Baños de Molgas - Ourense)[20], por citarmos dous exemplos, un rector decidise plasmalos en lenzos cunha finalidade propagandística. É por iso que ousamos non consideralos propiamente exvotos, senón máis ben cadros de milagres, que podemos cualificar de pseudoexvotos, como o son tamén os que narran os feitos que dan orixe ó culto nos santuarios da Escravitude (Padrón - A Coruña), os Milagres de Amil (Moraña - Pontevedra) e os citados do Monte Medo.

Sen embargo, convén que nos deteñamos na súa análise polo que teñen de feitos históricos e pola forma de representa-los milagres.

O primeiro (óleo sobre lenzo, de 71 x 78 cm) dinos que no ano de 1640 Juan do Río, veciño da Coruña, estaba a pescar na súa lancha con outros compañeiros no Porto de Bens, preto da cidade e do propio santuario, cando foron apreixados por un barco de mouros; logo clamaron pola Virxe de Pastoriza e milagrosamente deu a volta ("se trastornó") o barco e foron collidos os mouros. Na escena aparece a lancha de Juan do Río

19 RODRÍGUEZ SOBRINO, J.: *El Santuario de Ntra. Sra. de la Franqueira.* 3ª edición. Vigo, s.a. Pp. 40-46.

20 RIVAS QUINTAS, Eligio. *Historia del Santuario de los Milagros. Orense.* Orense. 1983. Pp. 88-94.

preto dun promontorio terrestre, nun mar totalmente calmo, con cinco tripulantes a bordo, dous remando, un atendendo á única vela, outro cunha man ergueita, como pedindo axuda, e o quinto apreixando a un dos sete mouros caídos na auga, da que só emerxen as cabezas toucadas ó estilo árabe. Á dereita, o barco envorcado, coa quilla para arriba e tres remos aboiando ó seu redor, e sobre el a imaxe da Virxe (fig. 1). Trátase dunha petición colectiva, tal como nos di a inscrición ("clamaron por la Virgen de Pastoriza"). En canto ó patrón da lancha, Juan do Río, debemos apunta-la posibilidade, sen que poidamos polo de agora aseguralo, de que coincida a súa identidade coa do capitán Juan del Río, tamén residente na Coruña, que a finais do século XVII impulsa as reformas efectuadas no santuario[21].



Fig. 1. Nosa Señora de Pastoriza (Arteixo - A Coruña)
(Arquivo Gráfico do Museo de Pontevedra)

[21] PARDO BAZÁN, Emilia. *La leyenda de Pastoriza*. A Coruña. 1887. Pp. 29 e 43-47.

De 1685 é o de Pedro de los Ríos, así mesmo da Coruña, que viaxaba nun navío de herexes, que o quixeron botar ó mar porque o viron reza-lo oficio de Santa María, pero turbáronse e deixárono libre ó pedir favor á Virxe de Pastoriza. No cadro (óleo sobre lenzo, de 71 x 79 cm) represéntase nun mar calmo o navío por babor, collido en escorzo de popa a proa, de tres mastros, coas súas cofias, e longo bauprés, con case todo o velame despregado, ocupando practicamente todo o campo pictórico e invadindo, polo tanto, a zona celestial. Na punta do pao maior leva un gallardete e nunha das cordas de popa unha bandeira, ámbolos dous elementos de tela vermella con manchas marelas. Sobre a cuberta, Pedro de los Ríos parece ser ameazado por dous dos herexes con tiralo ó mar, mentres outros dous contemplan o feito, todos eles vestidos de musulmáns. No ángulo superior dereito, a imaxe da Virxe, da que o coruñés debía ser devoto e á que reza durante a viaxe.

O de 1688 (óleo sobre lenzo, de 71,5 x 78,5 cm) cóntanos que unha dorna facía a travesía de Sada a Pontedeume, na Coruña, con dous homes e unha muller, sen especificar ningunha identidade, e unha onda deulle a volta, foise a muller ó fondo e volveu saír a flotación, intre en que invoca a Virxe de Pastoriza, e pon outra onda a dorna dereita. A muller salvada foi á igrexa a da-las debidas gracias, sen que conste outro tipo de oferta. O pintor preséntanos no centro do cadro, no medio dun mar ondulante pero non embravecido, a embarcación, cun dos homes posto de pé cos brazos estendidos, como dando gracias, e o outro tratando de introducir pola proa á muller dentro da dorna, nunha posición forzada e de fotografía. A imaxe da Virxe ocupa aquí o ángulo superior esquerdo.

Practicamente idéntico ó anterior, aínda que sen indicárno-la data, é o de Baltasar López, natural de Santiago, que, facendo unha viaxe a Roma, embarcou e tivo tres naufraxios, non sabemos se no Atlántico ou no Mediterráneo, dos que saíu ben por invoca-la imaxe da Pastoriza, cualificada xa como "Milagrosa". No cadro (óleo sobre lenzo, de 70,5 x 79 cm), dous homes navegan nunha embarcación e por un mar en todo semellante ó visto da ría de Sada, ocupando a imaxe da Virxe o mesmo ángulo. Un dos navegantes, tal vez Baltasar López, aparece na proa co rosario na man, en actitude de rezar. Non consta aquí ningún tipo de ofrecemento.

Un dos dous que nos dá a data exacta (fig. 2) dinos que o 15 de febreiro de 1711 os mouros de Fez que pasaban nunha fragata inglesa dispararon sobre os homes que tripulaban unha chalupa, atacándoa pola popa, matando dun balazo ó patrón e ferindo no brazo esquerdo a Francisco Méndez, provocándolle unha importante hemorraxia, polo que invocou a Virxe de Pastoriza e quedou libre de perigo. Tampouco consta ningún tipo de oferta. Na representación plástica (óleo sobre lenzo, de 70,5 x 78 cm), nun mar en calma, a fragata de tres mastros con dúas cofias cada un, e con case todo o pano despregado, navega cara á dereita do cadro, tocando as partes superiores de proa e de popa na liña do horizonte. Bandeira e gallardete semellantes ós do cadro de Pedro de los Ríos. Sobre a cuberta, a tripulación disparando sobre a chalupa, que vai cara á esquerda, con tres homes en actitude de remar, dous a babor e un a estribor, e un cuarto, tal vez Francisco Méndez, na proa, de pé, cos brazos como rezando, todos con sombreiro de copa, notándose a ausencia do patrón no temón, polo que a chalupa está representada despois de recibi-lo ataque. Suceso acaecido a uns mariñeiros posiblemente da Coruña e non lonxe da capital. Trátase dunha petición formulada á Virxe de xeito individual despois de resultar ferido e en perigo.



Fig. 2. Nosa Señora de Pastoriza (Arteixo - A Coruña) (Arquivo Gráfico do Museo de Pontevedra)

Máis explícito é o último da serie, correspondente a Antonio López, que o 4 de marzo de 1746 viaxaba de Cádiz á Habana no navío "San Vicente" e á altura do Canal Vello unha forte tormenta botou a embarcación contra uns rochedos, partíndoa en dous anacos, e permanecen así dezaseis horas a once leguas de terra firme, polo que tiraron ó mar todo o que levaban a bordo para poderen saír a flotación, o que non conseguiron ata que el invocou a Virxe da Pastoriza. No cadro (óleo sobre lenzo, de 70 x 76,5 cm) o barco, de tres mastros, co trinquete esmoucado, aparece enteiro, non partido en dous como di a lenda, representado en escorzo de popa a proa, semiinclinado cara a estribor, con todo o velame recollido, navegando cara á esquerda, preto dun promontorio. Leva as insignias españolas: a bandeira despregada nun pao na popa e un gallardete vermello no maior. A imaxe da Virxe ocupa aquí o ángulo dereito.

Seguindo no mesmo santuario da Pastoriza, ten o carácter de exvoto no máis amplo sentido da palabra a acuarela que representa o embarrancamento do Bergantín "Fernando 7º", acaecido fronte ás illas de San Blas en Norteamérica ás seis e media da tarde do 23 de agosto de 1851. Nel viaxaba como pasaxeiro Andrés Rodríguez Velo, que, ó verse en tal perigo, ofreceu o cadro, en acción de gracias, a Nosa Señora de Pastoriza por salvarlle a vida e, ó mesmo tempo, pídelle o descanso eterno para os compañeiros de viaxe que faleceron no accidente. Na representación plástica (acuarela sobre papel, de 34,5 x 44 cm) aparece a embarcación embarrancada e desartellada, como se dunha fotografía se tratase. É de nota-la ausencia da figura humana e da imaxe da Virxe. A diferencia cos cadros vistos anteriormente neste santuario é notable, tanto no que se refire á súa configuración como ó tipo de letra.

Tamén diferente é a acuarela (papel, de 41,5 x 54 cm) motivada polo temporal sufrido polo buque coruñés "Juan de la Vega" na desembocadura do Canal da Mancha

o 13 de abril de 1874. Por iso o seu capitán, Bernabé González Llanos, ofreceuse á Virxe de Pastoriza, acalmando a tempestade. Tomada en lixeiro picado desde arriba, a embarcación, de dous mastros e con case todo o velame recollido, aparece no medio dunhas fortes ondas, emproada cara á dereita. Ausencia tamén da figura humana e da representación divina. Malia que non conste a oferta do cadro como tal exvoto á Virxe, si se ofrece o capitán, e é de supoñer que con outras dádivas, a diferencia da simple invocación que constaba nos dos séculos anteriores.

O cadro máis completo, tanto narrativa como pictoricamente (fig. 3), e tamén o de maiores dimensións (83 x 123 cm, ó óleo sobre lenzo), atopámolo no santuario da Virxe do Camiño de Muros (A Coruña). Representa as desgracias acaecidas ó patrón José de Lojo e a outros seis muradáns que viaxaban no barco "La María" cara a Sevilla a partir de que o día 4 de setembro de 1758, á altura do Cabo Santa María, fose cativado por un xabeque de mouros, cativerio do que se libraron despois de ofrecerlle ás Ánimas, de moi fonda devoción en Galicia, o pao de proa co seu aparello, podendo saltar ó bote e chegar ata Setúbal, onde embarcaron nun iate portugués que saía cara a Galicia xunto con outros trinta e cinco. O día 19 do mesmo mes, fronte a Hovar, un forte temporal de vento e mar acomete ó convoi, foi a pique o que transportaba ós muradáns e estivo debaixo da auga dúas horas, polo que afogaron cinco viaxeiros. Novo ofrecemento, esta vez á Virxe do Camiño, a San Ramón e ás Ánimas, tralo que puideron chegar a Viana o 23 e ó santuario de Muros o 26 para da-las rendidas gracias. Logo coñeceron os avatares de "La María", que despois de once días sen goberno chegou ó Castelo de San Sebastián de Cádiz. Todo iso aconteceu gracias á intercesión da Virxe, de San Ramón e das Ánimas. E remata a lenda coa recomendación de que "encomienden a Dios sus Almas". Graficamente, represéntase todo o acaecido ós mariñeiros de Muros. Nun primeiro plano, o ataque dos mouros: á esquerda, o xabeque pirata, visto por estribor, de tres mastros, con todo o velame despregado e unha bandeira a popa, de cor vermella, cunha media lúa en devalo, levando na cuberta a oito musulmáns e a un subido á cruceta do pao mesana; diante del, e dándolle popa, o barco "La María", de dous mastros, a toda vela, xa abandonado pola tripulación, no intre de recibi-lo impacto dun canonazo no seu tercio traseiro; máis cara á dereita, navegan cinco mariñeiros nun bote, catro remando e un, tal vez José de Lojo, na popa mirando á fronte; se a representación fose fiel á realidade, quizais falecesen dous muradáns no ataque dos mouros, malia que non nolo manifeste a lenda. A historia segue representándose nun segundo plano: á esquerda, o iate no que embarcaron en Setúbal, de dous mastros, no medio do temporal e con todo o velame recollido; ó seu estribor aparecen cinco homes na auga, sen dúbida os cinco que afogaron segundo nos di a lenda; no lado oposto, "La María", sen tripulación e sen velame, fronte ó Castelo de San Sebastián, do que se representa a torre circular, con escaleiras "ad destrorsum", como se pode adivinar polos catro fachineiros cadrados a distintas alturas. No centro dese segundo plano, a representación da divindade á que imploraron: de tamaño máis grande, a Dormición ou Tránsito da Virxe, semellante á que preside o altar maior da capela da Virxe do Camiño; a un lado, San Ramón, vestido de mercedario e coa súa iconografía habitual; ó outro, as Ánimas, representadas por tres figuras humanas que sofren o tormento do lume purificador do Purgatorio. Ó fondo, e nunha liña case recta todo ó ancho do cadro, pequenas casas inidentificables dan a sensación dunha terra firme.




Fig. 3. Nosa Señora do Camiño (Muros - A Coruña)
(Arquivo Gráfico do Museo de Pontevedra)

O outro cadro de carácter mariñeiro existente no referido santuario muradán data de 1766, tamén de considerables dimensións (óleo sobre lenzo, de 86 x 66,5 cm). É importante posto que nos ofrece, tanto na representación plástica como na inscrición, unha práctica habitual nas nosas romarías e tan ligada, aínda que como tal non apareza manifestada, a todo tipo de exvotos: a peregrinación, o face-lo camiño a pé, e neste caso descalzos; idea da peregrinación derivada, sen dúbida, da propia advocación mariana, a Virxe do Camiño, e tamén relacionada coa xacobea pola cuncha de vieira na que se inscribe a lenda. Esta cóntanos que José Irjón, con outros tres mariñeiros e un rapaz, todos veciños de Muros, navegaba o 12 de febreiro de 1766 no barco chamado "San José y Ánimas" cara á Graña, preto de Ferrol, cando na de Laxe, ou Corme, os sorprendeu un forte temporal do sur e se viron obrigados a recoller todo o velame; ós tres días rompéulle-lo temón, tiveron que goberna-lo barco con dous remos, sen ver nese tempo terra nin embarcación que lle puidese valer; ante tal perigo, ofrecéronse a ir descalzos, "moi de veras", á Virxe do Camiño, e nese intre acalmou o temporal, chegando ós cinco días ó porto de Llanes en Asturias, faltos de pan, viño e auga desde había tres días. Na inscrición, ademais da propia narración do suceso, atopamos dúas palabras que fan referencia, por unha banda, á construcción de embarcacións, e, por outra, á preparación da pesca, malia que as dúas non figuran no "Diccionario" da Real Academia Española:

"falqueado", en relación ó barco, e "cochada", á sardiña que transportaban. Polo que se refire á primeira, temos que entendela como unha deformación de "falcado", ben como participio do verbo "falcar", que significa asegurar con cuñas, ben en relación con "falca", como táboa que nas pequenas embarcacións vai de proa a popa sobre a borda para evitar que a auga entre nelas[22], debendo inclinarnos pola segunda acepción, poñéndoa en relación co adxetivo galego "falcado" co que se cualificaba o barco ou a lancha de doce a quince toneladas que transportaba a sardiña salgada das Rías Baixas a Portugal e que tiña a borda postiza[23]. Polo que atinxe á segunda, "cochar" pode significar en castelán antigo "cocer"[24], en portugués "apertar, calcar, prensar"[25] e en galego, ademais de "tapar, abrigar, acochar", "acama-la sardiña"[26], o que nos pon de manifesto unha maneira habitual no século XVIII de exportala, sen que poidamos saber se se refire á propia sardiña ou ó arenque. O cadro preséntanos ós mariñeiros no momento de cumpriren a promesa, todos cos pés espidos, dous aínda chegando e os outros tres xa de xeonllos diante do altar da Virxe do Camiño, representada sentada no leito e sendo coroada por dous anxos. Na metade superior esquerda aparece o barco, dun único mastro, co velame recollido, con dous tripulantes na cuberta utilizando coas dúas mans cadanseu remo por babor, recibindo unhas raiolas que saen da imaxe divina.

Outro santuario importante no que respecta a exvotos, principalmente de tema mariñeiro, é o de Santa María de Vilaselán (Ribadeo - Lugo). Os cadros nel custodiados diferéncianse dos doutros santuarios galegos por dous motivos fundamentais: en primeiro lugar, a ausencia en todos eles da representación da divindade, e, en segundo, a pouca importancia que lle dan á figura humana, tamén ausente nos máis deles e representada nalgúns de maneira diminuta. Por iso poderiamos consideralos como cadros puramente históricos, máis ou menos ben situados, a non ser pola inscrición, que lles dá un carácter relixioso e explica literalmente o suceso.

O primeiro da serie de Vilaselán (óleo sobre táboa, de 42,5 x 42,5 cm) data o feito no 4 de marzo de 1775 (fig. 4), en que o paquebote "Purísima Concepción", gobernado polo capitán Josef Reguera, veciño da localidade asturiana de Figueras, tal vez Santiago de Figueras no concello de Castropol, limítrofe co de Ribadeo, despois de saír de Londres, sofre unha forte borrasca polo leste, acompañada dunha "travesía", entendida como vento que impide apartarse dun perigo e saír a mar aberto desde unha ría[27], na illa de Wik, segundo a inscrición, pero que seguramente sexa a de With. Os tripulantes perderon toda

---

22 *Diccionario de la Lengua Española*. Real Academia Española. Tomo I. Madrid. 1984. P. 628.

23 RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Eladio. *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Tomo II. Vigo. Editorial Galaxia. 1960. P. 327.

24 *Enciclopedia Universal Ilustrada Europeo-Americana*. Tomo XIII. Madrid. Espasa-Calpe, S.A. P. 1.175.

25 *Grande Enciclopédia Portuguesa e Brasileira*. Vol. VII. Lisboa-Rio de Janeiro. Editorial Enciclopédia, Limitada. P. 10.

26 ALONSO ESTRAVÍS, Isaac: *Diccionario da Lingua Galega*. Tomo I. Madrid. Alhena Ediciones, S.A. 1986. P. 635.

27 MARTÍNEZ-HIDALGO Y TERÁN, José Mª. (Dir.): *Enciclopedia General del Mar*. Vol. VI. Madrid-Barcelona. Ediciones Garriga, S.A. 1958. P. 584.

a esperanza de vida nos seus propios medios e buscárona no divino a través de Nosa Señora de Vilaselán, conseguindo unha feliz chegada a Ribadeo, se por el entendemos "esta Ría". Vemos aquí, ademais dun exvoto colectivo, posto que se refire a toda a tripulación, unha promesa múltiple, facendo voto de cumprila: visita-lo seu templo, exemplo claro de peregrinación, aínda que non se nos manifesten outras circunstancias da mesma; dar esmola para unha misa, sen que saibamos se rezada ou solemne, e poñer "este", entendemos que cadro, para memoria. É, pois, un cadro exvoto no seu máis amplo sentido: ofrecido, por un voto, nun intre de perigo, custeado pola tripulación do barco e coa finalidade de perpetua-lo recordo do milagre, é dicir, cunha finalidade propangandística unida á de dar gracias á divindade. A escena marítima ocupa una franxa máis estreita cá da lenda. Nela aparece en primeirísmo plano o paquebote, inmerso nunha forte ondada movida por un vento que lle dá pola popa, como se pode ver no movemento da bandeira e nas dúas velas que leva semirrecollidas. A embarcación aparece flanqueada por dous promontorios, ou entrantes de terra, a proa e a popa: á esquerda, unha pequena vila ou cidade, na que destacan dúas altas torres cadradas rematadas por cupuliñas con bólas na cima e outra máis baixa con cúpula semicircular sobre cornixa; á dereita, unha torre ou un faro, troncocónica e con fachineiros cadrados na parte inferior, rematada por cornixa redondeada, sobre a que se apoia un cilindro, no que se sitúan, con hasta inclinada, dúas bandeiras vermellas.



Fig. 4. Santa María de Vilaselán (Ribadeo - Lugo) (Arquivo Gráfico do Museo de Pontevedra)

O do bergantín "Ana" é do 12 de outubro de 1861, cando facía unha viaxe de Labrador a Cádiz. A lenda sitúano-lo suceso por medio de coordenadas: a 51º 48' de latitude norte e 44º 36' de lonxitude oeste en relación con Cádiz. O seu capitán, José Rodríguez, ofreceuse á Virxe de vocación, é de supoñer que á de Vilaselán. O barco sitúase no centro do cadro (óleo sobre lenzo, de 60 x 80 cm) visto por babor, con parte do velame recollido. A ondada eleva a popa, afundindo case a metade da banda de proa. Non nos consta ningún tipo de ofrecemento, a non se-lo do propio capitán, polo que é de supor que cando menos acudiría ó santuario.

Un feito non habitual, como é o de pedir pola tripulación doutra embarcación, atopámolo aquí en Vilaselán. O 10 de decembro de 1872, viaxando de Ribadeo a Montevideo o bergantín "Flora Paquita", cun furioso temporal do SO, e a 60 leguas de Vessant, encontrouse coa corveta "Albión" que ía a pique, estando os seus tripulantes rendidos e sen esperanza de salvación. O capitán do bergantín, de apelido Reinante (familia de certa notoriedade en Ribadeo no século XIX[28]), vendo impotentes os esforzos humanos para salvalos, buscou protección na Virxe de Vilaselán e así foron todos libres de perigo, e desembarcaron en Ribadeo a noite do 13 do mesmo mes. En canto ó que nos di a lenda, non coñecemos ningún topónimo "Vessant", pero, tendo en conta que a viaxe era cara a América e os tres días que tardaron en volver ó porto ribadense, o suceso acaecería a uns trescentos quilómetros dalgún punto da costa occidental peninsular. Non consta que no intre de perigo fixese ningún ofrecemento, pero dedícalle "este humilde recuerdo" en agradecemento a "esta soberana Reyna, amparo y consuelo, refugio y puerto seguro de los navegantes". No cadro (óleo sobre lenzo, de 60 x 81 cm) figura á esquerda o bergantín, e máis á dereita a corveta, os dous vistos por estribor, un con dous mastros e outro con tres, como corresponde ó tipo de embarcación; os dous levan na popa as respectivas bandeiras, o "Flora Paquita" a uruguaia e a "Albión" a española, e os dous teñen despregada unha vela do pao maior e maila tormentiña; sobre a cuberta do bergantín apréciase diminuta a súa tripulación, mentres que a da corveta abandonou o barco e navega nun bote de remos cara ó "Flora Paquita". O cadro, ofrecido en acción de gracias e, ó mesmo tempo, para constancia, foi rematado en Montevideo o 22 de outubro de 1875, case tres anos despois do accidente, e aparece asinado no ángulo inferior dereito por un pintor tal vez uruguaio: "JOE BOTTO DIP".

Consérvase en Vilaselán o único exvoto pictórico de Galicia, relacionado co mar, totalmente anepigráfico, polo que non podemos coñecer ningún dato sobre o naufraxio nin referente á identidade nin á data. Representa unha embarcación de tres mastros, desprovista de todo o seu velame, vista por estribor e inclinada cara ó costado de babor, no medio dun mar embravecido, cunha onda case cubríndoa. É un cadro (óleo sobre lenzo, de 66 x 97 cm) de boa factura, asinado por E. GONZÁLEZ, tal vez o pintor de Avilés (Asturias) Esteban González, activo na segunda metade do século XIX[29].

---

[28] Manuel Reinante Cancio (1816-1909) destacou como Auxiliar Facultativo de Minas, traballou nas Fábricas de Sargadelos e foi deputado provincial. Véxase A.V.R. Ítem "Reinante Cancio, Manuel", en *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 26, pp. 137-138.

[29] E.L.T. Ítem en: VV.AA.: *Cien años de pintura en España y Portugal (1830-1930)*. Tomo III. Madrid. Ediciones Antiquaria, S.A. 1989. P. 223.

O último exvoto bidimensional de Vilaselán é unha estampa alemana (litografía sobre papel, de 36 x 45,5 cm) que representa ó barco a vapor "City of Paris". A única inscrición impresa limítase a da-lo seu nome e a indicar que pertencía á Compañía "Inman Line", así como as súas características técnicas: 580 pés de longo, 63 pés de ancho, 59 de alto desde a ponte superior á quilla, e 20.000 cabalos de forza. Seguramente se trate do botado baixo bandeira inglesa en 1888. Ocupa todo o ancho do papel, visto por estribor, con tres mastros e tres chemineas fumeando, así como con botes salvavidas sobre a borda. Ignórase, loxicamente, se foi ofrecido por alguén que viaxaba no propio "City of Paris" ou foi mercada a estampa meramente como representación simbólica de calquera outra embarcación.

O santuario da Escravitude, en Padrón (A Coruña), malia se-lo que conta co maior número de exvotos pintados, cun total de cincuenta e catro do século XIX, ademais do citado que alude ó milagre orixinario do culto e outro de comezos do XX, tan só posúe un de tema mariñeiro. O cadro (óleo sobre táboa, de 32 x 41 cm) refírese á tempestade que puxo en perigo en mar aberto a unha embarcación en que regresaba de América Enrique Uzal Rodríguez, posiblemente en 1825, data que, con parte da inscrición, non demasiado explícita, debeu de quedar tapada polo listón de madeira ó ser integrado en 1919 nunha especie de retablo en que se reúne a totalidade dos exvotos pictóricos deste santuario. Plasticamente representa, ademais da imaxe da Virxe no ángulo superior esquerdo, a un gran trasatlántico, emproado cara á dereita, navegando nun mar non bravo en demasía, pero que si o levanta lixeiramente pola popa, permitindo vela pintura vermella por debaixo da liña de flotación en contraste coa negra da parte superior. Provisto de dous mastros con cadansúa cofia, coa súa cordame pero exentos de todo velame, e unha robusta pero curta cheminea no centro da cuberta, da que sae fume levado polo vento cara á proa.

En Camariñas (A Coruña) un santuario de fonda devoción mariñeira é o dedicado á Virxe do Monte. Cando hai temporal, as mulleres moven unha tella do seu tellado para acalmalo e para propiciar un vento favorable. Pero tamén no mar se encomendan a ela, como fixo Fernando Méndez o 23 de agosto de 1872, que partira no "San Antonio e Ánimas" do porto portugués de Viana, e sufriu unha forte tempestade con cerrazón e mar, polo que se ofreceu a Nosa Señora do Monte pedíndolle que lle descubrise terra, e ó mesmo tempo da petición clarexou (fig. 5).



Fig. 5. Nosa Señora do Monte (Camariñas - A Coruña)
(Arquivo Gráfico do Museo de Pontevedra)

Na igrexa do Convento de Santa Clara de Pontevedra é venerada a Virxe baixo a advocación dos Desamparados. Ademais dun cadro motivado por unha grave enfermidade, posúe unha estampa (litografía sobre papel, de 26 x 40,5 cm de caixa), gravada en Montevideo na casa Wiegeland, que, malia que na inscrición non alude a ningún accidente nin ó seu ofrecemento como exvoto, debemos considerala como tal. Representa á Goleta de S.M.C. "Cruz", collida desde un plano aéreo, amosando a súa cuberta, cos seus mastros partidos e cun bote sobre ela. A lenda impresa dinos que era do porte de seis canóns e que ía mandada polo Tenente de Navío Emilio Catalá, ás catro da mañanciña do día 10 de xuño de 1857, situando xeograficamente o posible suceso nun punto do Océano Atlántico encadrado entre os paralelos 26 e 27 de latitude sur e os meridianos 34 e 35 de lonxitude oeste tomados en referencia ó de Cádiz.

Os exvotos pintados de tema mariñeiro vistos ata agora estaban dedicados á Virxe, aínda que ningún deles á do Carme. Sen embargo, en San Vicente de Noal, en Porto do Son (A Coruña), temos un no que se lle pide o favor a Cristo, Xesús Redentor, representado como Nazareno; o mesmo que un que se custodia na capela particular da Santa Cruz de Viveiro, pero este como Ecce Homo e por un accidente traumático dunha rapaza caída dun balcón. O de Noal (óleo sobre lenzo, de 33,5 x 41,5 cm) refire o acaecido o 13 de decembro de 1827 ó bergantín-goleta "Nuestra Señora del Rosario", atracado sobre o porto de Cádiz, cun tempo borrascoso, forte e escuro. O capitán, do que se descoñece o nome, e mailos outros tripulantes ofreceron o valor do pao trinquete, e foron librados do perigo. A embarcación represéntase vista por estribor e, malia que di que estaba "acostado" no porto, aparece no medio do mar sen ningunha alusión ó peirao; sobre a cuberta catro homes, dous deles na proa, con traxes de faena verdes e sombreiros negros e cos brazos abertos como impetrando a axuda de Xesús, no ángulo superior dereito (fig. 6). Non é un cadro exvoto en si, xa que o exvoto propiamente dito sería o que custaba o mastro ofrecido.



Fig. 6. San Vicente de Noal (Porto do Son - A Coruña)
(Arquivo Gráfico do Museo de Pontevedra)

Notable diferencia atopámola no cadro (óleo sobre lenzo, de 74 x 54 cm) entregado a Santa Ana na parroquia de San Adrián de Calvos, en Fornelos de Montes (Pontevedra). Na inscrición figura: "Milagro que hizo Nuestra Señora Santa Ana con María Cabadas de Oitavén y compañeros a tiempo de naufragar en la mar". Non se pode saber, pois, nin a data, nin o barco, nin o lugar, nin tampouco que tipo de ofrecemento fixo. Graficamente aparece a embarcación, vista por babor, de dous mastros con toda a vela recollida, e cunha alta cheminea fumeando cara a popa, así como con oito fachineiros cadrados no seu casco e o gallardete e bandeira española ondeando no mesmo sentido que o fume impulsados polo vento. No ángulo superior dereito, Santa Ana, coa Virxe nena pola man, sobre uns círculos que queren representar nubes, nubes que do mesmo xeito figuran no ángulo esquerdo. Se a diferencia plástica é importante, máis o é o feito de que a lenda comece dicindo "Milagro que hizo...", equivalente ó habitual "Miragre que fez..." dos portugueses.

A pesar da grande importancia que teñen estes exvotos pintados para o coñecemento do mundo do mar en tempos pasados, "verdaderos tesoros de ese arte popular ingenuo y expresivo que muchas veces tiene el carácter de las pinturas medievales, y otras el de marinas realizadas por excelente pintor anónimo o desconocido, y siempre son documentos valiosos... para estudiar las características técnicas de los buques de determinadas épocas"[30], non son os únicos que os mariñeiros ofrecen á divindade, posto que é frecuente atopar nos nosos santuarios outro tipo de ofertas, entre as que destacan as maquetas ou reproduccións de embarcacións penduradas das paredes ou das bóvedas.

Sen embargo, a diferencia coa maioría dos cadros, que contan cunha maior ou menor lenda explicativa, que nos leva a consideralos como exvotos "a posteriori", unha vez realizado o milagre, as maquetas, dado o seu carácter, agás excepcións, anepigráfico, preséntannos certas dúbidas no que se refire ó momento do seu ofrecemento, antes ou despois, en acción de gracias ou en busca de protección do barco en que habitualmente traballa ou no que vai a realizar determinada viaxe.

Temos que dubidar tamén da súa fidelidade reproductiva dunha embarcación en concreto. Así, mentres que o destructor "Oquendo" da capela de Nosa Señora da Lanzada (Sanxenxo - Pontevedra), feito e entregado por un mozo que cumpriu o servicio militar nel despois de rematalo, ou o "Ariete" (fig. 7) da dos Remedios de Miñarzo (Carnota - A Coruña) ofrecido, xunto co temón, pola Armada Española tralo seu afundimento o 26 de febreiro de 1966 preto do santuario sen ningunha perda persoal[31], se corresponden co modelo orixinal, atopámonos con outras de fabricación industrial re-

---

[30] AMICH BERT, Julián: *Mascarones de proa y exvotos marineros*. Barcelona-Buenos Aires. Librería Editorial ARGOS, S.A. s.d. P. 32.

[31] Construída e botada en Ferrol o 7 de febreiro de 1961, facía a viaxe desde a cidade departamental galega cara a Cartaxena, cunha tripulación de 190 homes, e foi abatida por un forte temporal, cooperando co "Legazpi" e co petroleiro "Camporraso" as xentes da zona na salvación da totalidade dos tripulantes. MORENO, Salvador: "La pérdida de la fragata 'Ariete'", *Revista General de Marina*, tomo 170, abril de 1966, pp. 502-504. Sobre as características da fragata, véxase "Naufragio de la fragata 'Ariete'", *Revista General de Marina*, cit., pp. 530-531.

producindo vellos barcos, como o "Galeón español. S. XVI. Spanish galleon" de San Andrés de Teixido (Cedeira - A Coruña) ou a "Fragata Española. Año de 1780" dos Milagres de Amil (Moraña - Pontevedra) realizadas en plástico moderno, e outras que non se poden corresponder con ningunha embarcación en concreto, como tres artesanais deste último santuario, unha en madeira que semella un barco viquingo, outra dun taco de madeira maciza e a terceira de cunchas (fig. 8), totalmente desproporcionada, ou unha de Vilaselán, tamén en madeira.



Fig. 7. Nosa Señora dos Remedios de Miñarzo (Carnota - A Coruña)
(Arquivo Gráfico do Museo de Pontevedra)



Fig. 8. Nosa Señora dos Milagres de Amil (Moraña - Pontevedra)
(Arquivo Gráfico do Museo de Pontevedra)

Outros, a pesar de que son reproducción do orixinal, non deben ser considerados propiamente exvotos. É o caso do cruceiro "Reina Regente" na igrexa de Santa María de Centroña (Pontedeume - A Coruña), afundido o 10 de marzo de 1895 entre Tánxer e Cádiz sen salvarse ningún dos 412 tripulantes, feito en marquetería bastantes anos despois por Manuel Leira (1889-1981), que non foi ofrecido por ninguén no momento de perigo nin en agradecemento pola salvación, xa que afogaron todos[32].

Desde Ribadeo ata A Guarda son moitos os santuarios que, ó longo da costa, e mais algún do interior, posúen maquetas e reproduccións de embarcacións, anónimas unhas, identificadas co seu nome ou co seu número de matrícula outras, e da máis diversa tipoloxía: de guerra (fig. 9), a vela e a vapor, de diferentes épocas; trasatlánticos; de cabotaxe; deportivos, como o "Gaviota" da Virxe da Barca (Muxía - A Coruña), ou de pesca, como o ofrecido á Virxe do Carme en Santiago de Celeiro (Viveiro - Lugo), xa a motor, coa inscrición "Niño Jesús" na borda de estribor, matrícula "FE.2.1954", que leva nunha vela a popa a lenda "Recuerdo de los chicos del Manuel Luisa" (fig. 10).



Fig. 9. Fragata "Tránsito". Nosa Señora do Camiño (Muros - A Coruña) (Arquivo Gráfico do Museo de Pontevedra)

[32] LÓPEZ CALVO, Andrés: "El naufragio del 'Reina Regente' (1895) en un exvoto de la iglesia parroquial de Santa María de Centroña". *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios*. Núm. 2 (1995), pp. 57-62.



Fig. 10. Santiago de Celeiro (Viveiro - Lugo)
(Arquivo Gráfico do Museo de Pontevedra)

Diferentes son as de Santa Minia (Brión - A Coruña), consistentes en semi-cascos pegados ó fondo dunha urna de cristal, semellantes en todo ós "demi-coques" frecuentes na Bretaña francesa.

Estes son algúns dos exvotos que claramente podemos considerar como de carácter mariñeiro. Outros, sen embargo, poden ser comúns ós da cultura labrega, e incluso ós da urbana: figuras de cera, velas, en metálico, cadaleitos, mortallas... O noso cantigueiro popular recolle, entre outras, dúas dádivas atribuídas a mariñeiros, pero que tamén poderían ser ofrecidas por xente doutra calquera condición:

Miña Virxe do Xurés,
ten o tellado de vidro,
que llo dou un mariñeiro
que andaba no mar perdido,

mostra de ofrecemento realizado nun momento de perigo, ou:

Miña Virxen de Aguasantas
ten unha anda de vidro,
que lla dou un mariñeiro
por devoción que lle tiña[33],

claro exemplo de oferta devocional froito dun sometemento á súa protección durante todo o ano.

[33] FRAGUAS Y FRAGUAS, Antonio: "La Virgen en el cancionero...", *op. cit.*, pp. 77 e 78.

LENDA E POESÍA POPULAR NAS NOSAS RÍAS, NO NOSO MAR

Antonio Fraguas Fraguas

A costa do mar de Galicia ten 1 195 km. Imos facer un paseo polas rías; a ría é a entrada do mar na terra seguindo o rumbo que lle sinala un río. Non sabémo-la súa orixe. O primeiro que se ocupou delas foi un alemán, Von Richtofen (1886); para el son "unha transgresión mariña que invadiu un relevo preexistente xerado pola acción fluvial, e a costa das rías é unha costa transversal". Para Schurtz (1902) a orixe das rías está nos movementos corticais da costa de Galicia. Para Scheu (1913) foron movementos epiroxénicos positivos e negativos. Para Lautensach teñen unha orixe fluvial e trátase de vales anegados polo mar. Para Carlé (1947) foron movementos epiroxénicos que levarían a un levantamento xeral de Galicia, a cal fragmentada en bloques potenciaría pequenos escorrementos dos límites entre os distintos bloques.

O primeiro investigador galego que traballa sobre ellas foi Torre Enciso, que as clasifica en Rías Altas, Rías Centrais e Rías Baixas, relacionándoas con tres bloques diferenciados: bloque montañoso setentrional, bloque penechaira galega e bloque montañoso sur-occidental.

Mesching valora positivamente a baixada do nivel do mar durante o Cuaternario xunto cun levantamento lento do relevo galaico durante este período. Despois, os traballos de Pannekock, Nonn, Pérez Alberti e ata Wegener resumen que foi durante o Eoceno cando se orixinaron as rías e as fosas tectónicas de Galicia e que durante a fase final, denominada a postoroxénica, tivo lugar unha subsidencia rexional progresiva do bordo continental, que ocasionou a inmersión da plataforma continental e das rías.

A ciencia non fai máis que dar un parecer científico pero témo-lo saber lendario, que sabe moi ben a orixe das rías: Estaba Deus ordenando as terras e puxo un bo puñado de terra para face-la Península Ibérica, colocouno moi ben posto, pero estaba acugulado e para mellora-la forma, Deus, coa man aberta, deulle dúas palmadas e quedou a planicie feita. Faltaba a esquina do Noroeste e colleu un puñado de terra mollada, apertouna un pouco, pousouna e quedaron as rías do oeste feitas. Quedaba falto o bordo do norte e para rematar colleu unha pouca terra e apertouna, quedando ó pousala as Rías Altas; por se-lo dedo pequeño, o do río Eo, moi curtiño, para alongalo, coa man dereita aberta e simulando un corte na terra mollada, marcou o lugar para o río en liña recta. A orixe das rías é a obra directa de Deus. E preguntamos a nós mesmos: ¿Está rematado o proceso formativo?

Temos oído moitas veces a lenda do milagre de San Gonzalo. Acercábase a Ribadeo unha escuadra numerosa con ánimo de entrar na vila. Foron pedirlle a San Gon-

zalo, que estaba rezando na igrexa de San Martiño, e o santo saíu coa xente en rogativa e, dende o camiño por onde ían, vían a loita no mar. San Gonzalo axeonllábase e o mesmo facían tódolos orantes que acompañaban ó Cristo en rogativa. En cada parada do Santo ía a pique un barco inimigo. Nun momento o sancristán que levaba o farol grande alumeando con vela dixo: - Xa só quedan dous. E xa fuxían. San Gonzalo volveu axeonllarse e rezou para que chegasen sans e salvos ó seu porto para que informasen de como e onde quedaban os compañeiros.

Hai tamén lenda e misterio na orixe de varios ríos:

OS RÍOS ERAN NINFAS; TRES RÍOS: MASMA, LANDROVE E XUBIA

As tres ninfas gardaban un segredo. Un misterioso poder de encanto amoroso e fortuna como posuidora dun tesouro e dun grandioso palacio para morada. Sería o premio. Gañaría a que chegara primeiro ó mar, onde está sinalado un punto, habendo outros nove ó longo do camiño. Camiñaron por carreiros e por penedos de monte ata chegar ó lugar do nacente fluvial. Chegaron ó nacente con moito sono e, denantes de dormir, prometeron as tres dormir e a primeira que espertase chamaría ás outras e as tres collerían ó mesmo tempo o rumbo ó mar. A promesa está feita e quizais no seu interior había un principio de camiñar, de seguir un rumbo con atallos.

Adormeceron. Espertou unha, era a primeira, as compañeiras dormían. Se non as chamaba faltaba á palabra dada pero gañaba camiño para chegar ó mar. Botouse a correr sen que as compañeiras espertasen.

Espertou a segunda, veu que faltaba a primeira e, coma ela, fuxiu correndo na procura do mar polo camiño para o río.

Espertou a terceira, veu a traizón das compañeiras e con máis forza marcha con máis coraxe á conquista do tesouro por gañar, e chegou ó mar denantes que as compañeiras; libre de prexuízos foi ela a gañadora.

A ría de Foz está formada polo río Masma; e ó abrigo de Fazouro vai para-lo Ouro, que leva consigo o incalculable valor se puidera facerse un cambio: "Se a Frouxeira fose manteiga e o río Ouro viño mouro. ¿Quen podería con Valadouro?". O castro de Fazouro, coma tódolos castros, ten a lenda das vigas de ouro e de alcatrán, que ó tocarlle queima nun círculo dunha legua. Non faltan nos museos obxectos como o torque máis grande de ouro, quizais procedente do castro de Fazouro.

O río Landro ou Landrove fai a ría de Viveiro, a vila a onde teñen ansias por chega-los mariñeiros:

Vila de Viveiro alegre,
¿non virá un ventiño norte
que pra viveiro nos leve?

Na cantiga popular está moi presente a graciosa voz no canto da serea:

Alá no medio do mar
oín cantar a sirena;
¡válgame Dios que ben canta
unha cousa tan pequena!

O canto atrae ós navegantes, pero aquí engaiólanos:

A sirena cando canta,
canta no medio do mar,
os mariñeiros dan volta
sólo pola oír cantar.

O ilustre escritor Nicomedes Pastor Díaz y Corbelle titulou unha das súas obras *La sirena del Norte*, título que tamén tivo un xornal de Ribadeo. O poeta remataba con estes versos de despedida á serea o silencio do seu cantar:

No más oí de la gentil sirena
el cántico divino,
sinó el tumbo del mar sobre la arena
y el ronco son del caracol marino.

Unha lembranza xeográfica:

Tocan o pandeiro en Bares,
as ferriñas no Barqueiro
e as nenas que o tocan
sonche do val de Viveiro.

A ría do Barqueiro está feita polo río Sor. A vila do Barqueiro é unha das máis, quizais a máis fermosa do mar Cantábrico. Nesta zona do litoral, das cousas do mundo antigo aínda se conserva o crebaondas fenicio no porto de Bares.

A ría de Ortigueira, formada polo río Mera, está comprendida entre as puntas do cabo Estaca de Bares e do cabo Ortegal, que termina en punta de frecha, e son as puntas máis setentrionais da Península Ibérica. O gracioso dito:

Santa Marta de Ortigueira
a muller que come a nata
non pode ter a manteiga.

Dende Ortegal a Cedeira o litoral está formado por altos acantilados con máis dun 80º de perpendicularidade. Nun entrante da costa, sen porto e sen praia, está San Andrés de Teixido, e no seu mar hai preto unha pedra que os romeiros van ver e coñecen co nome de "O Barco de San Andrés", por ser, hai moitos séculos, o barco en que veu o santo. Os romeiros baixan dende o Santuario á fonte dos tres canos con pía chea de auga, onde botan a miga de pan como adiviñanza segundo nade ou afonda. Procuran leva-la herba namoradeira como di o cantar:

A herba de namorar,
a herba namoradeira,
a herba de namorar,
lévocha na faltriqueira.

Segundo este verso a herba é para conquistar marido ou muller, é unha herba casadeira. Frei Martín Sarmiento, que estivo aquí, preguntoulles a varios veciños e déronlle o nome de *herba empreñadeira*, este nome cambia o significado, será herba para ter familia a que procuran os casados. É curiosa a viaxe da alma acompañada de dous familiares para cumpri-lo prometido por Noso Señor a San Andrés para que quedase aquí, pois "ou de vivos ou de mortos, todos te virán a ver"; poden vir en forma dun animal. É curioso o relato de Castelao *Un ollo de vidro*: un pai faille o encargo ó fillo; móstralle un lagarto e dille que vai face-la viaxe nel a San Andrés de Teixido, cousa en que vai empregar moito tempo; e encárgalle que vixíe o seu esqueleto porque viu un veciño coxo e pode roubarlle unha perna. O cantar mostra o longo camiño que era preciso percorrer:

Meu glorioso San Andrés
que estás no cabo do mundo;
sólo por te ver, meu Santo,
tres días hai que non durmo.

Pasamos Cedeira co seu río Condominas e imos arrimándonos a Ferrol pero paramos na lagoa de Doniños, onde a lenda fixa unha cidade asolagada, unha das moitas Valverdes que se sitúan en Galicia e arredores. Isto supón unha viaxe por este lugar feita pola Virxe co Neno, que foi maltratada polos veciños e soamente dous nenos a tratan ben, quizais a mesma familia dos nenos sería doutras crenzas. A cidade é asolagada por unha orde que dá a Virxe e tendo ó seu lado os que lle fixeron ben. A Virxe ordena: "Arrebírate Vila co de baixo para riba", e no momento a Vila queda enterrada nun tremendo lamazal. Pasado tempo quedan descubertos restos de edificacións como ó parecer se teñen atopado na lagoa de Doniños, que está na parroquia do mesmo nome e no Concello de Ferrol.

Chegamos á Coruña. Defendían a vella cidade os castelos de Santa Cruz, Santo Antón, e ten na cantiga popular o encanto da súa beleza:

Se me deran a escoller
non sei o que escollería,
se entrar na Coruña de noite
ou entrar no ceo de día.

Tamén as cantoras do Burgo:

As rapaciñas do Burgo,
vivan elas, vivan elas,
que non as hai que millor canten
debaixo destas estrelas.

Non falta nunca a escala de valores enxalzando unha e nun segundo plano outras:

En Redes hai boas mozas,
en Ares hai a flor delas,
en Mugardos refugallo,
non hai quen case con ellas.

A pesca repartida coa especialidade de cada porto que expón con claridade:

Para parrochas en Redes,
para sardiñas en Ares,
para pulpos en Mugardos
e na Graña calamares.

O fino humor ben medido cun paseo no tranvía, un medio de comunicación que non debería ser apartado en ningunha cidade:

Pasei por Santa Lucía,
e montei no tranvía
e vin a estación:
dei a volta ó relleno
e estaba Calero
de moito bastón.

O mareo que pode padecerse polo mar da Marola, o paso que se valora en calquera viaxe amorosa:

Pasei o mar da Marola
queridiña, por te ver,
pasei o mar da Marola
a piques de eu morrer.

O río Mero é o que forma a ría da Coruña, a ría mais estudiada por Torre Enciso. A Torre de Hércules, un dos faros antigos dos que orientaban a navegación de cabotaxe, debe considerarse símbolo da cidade. A poesía di quen foron os canteiros que a fixeron:

Esta torre fai mil anos
que a fixeron os fenicios,
mais parece que hai indicios
de que é obra de romanos.
Pois non foron os primeiros,
nin os segundos. Aposto
tíranos da duda. Aposto
di: ¿quen foron?
- Os canteiros.

Dende A Coruña a Fisterra o litoral comprende unha costa diferente, costa acantilada granítica de grandes penedos engarzados uns nos outros, figuran como pezas aparafusadas. Dixemos moitas veces que se lle dera o nome de *Costa Brava*, pero prefiren o que eles lle deron, *Costa da Morte*. A voz do Roncudo anuncia na parte norte a entrada na ría de Corme e Laxe, ría formada polo río Anllóns; nas súas augas chegan a Ponteceso os sons das campás que tocan as saudades de Pondal.

No monte de Corme está a Pedra da Serpe, moi semellante a outras que se encontran en diferentes lugares de Galicia. Na parte alta do monte está a capela da Virxe, de moi grande tradición mariñeira. Un dos costumes das mulleres dos mariñeiros era *a tella* da capela. Para que cambiase da chuvia para o bo tempo dábanlle a volta a unha tella e para que cambie a dirección do vento colocaban a tella do xeito apetecido. Dous canteiros de Brantuas construíron aquí unha especie de torre para que sirva de base para unha imaxe do Sagrado Corazón de Xesús, en cumprimento dunha promesa.

No cantigueiro popular figura a preocupación polo estado do mar:

Para ser bo mariñeiro
hai que ser como os de Corme;
que cando vén o mal tempo
neste porto ninguén dorme.

Os veciños colleron moita froita, que era a carga dun barco que botou a pique un submarino alemán:

Guadalajara en Roncudo,
México na Ferrateira:
hei de levar os tomates
cunha cestiña prá feira.

O amor require a visita á amada:

A Corme, patrón, a Corme,
a Corme se pode ser;
en Corme collín amores
a Corme quero volver.

Unha visión da indumentaria da moza, que leva dous refaixos:

A Xuliana de Barizo
vai para San Xulián;
leva o refaixo marelo
por enriba do de lan.

A vixilancia protectora da Virxe do Faro ós que pasan para o mar ou veñen do mar para ó porto:

Nosa Señora do Faro
está no alto, fai que dorme
mais Ela ben veu pasar
ós mariñeiros de Corme.

Un diálogo dos mariñeiros de Corme coa Virxe do Carme:

A virxen do Carmen
quérena levar
os mozos de Corme
para navegar.
Ela xa lle dixo:
¡iremos, iremos!
nunha barca nova
de corenta remos.

As duras inquietudes dos amores:

Son de Laxe, son de Laxe,
teño os amores en Corme;
o que ten amores lonxe
non sei como sono dorme.

Navegamos un pouco rumbo sur e entramos na pequena ría de Camariñas, que ten como lindeiros: na parte norte o saínte Punta da Barca e no sur Cabo Vilán, famoso polo mar bravo do que informa o Faro que está no seu cume. O comezo da ría está

en Ponte do Porto, onde desemboca o río Grande. Camariñas é un porto de mar de moita importancia pesqueira pero Camariñas é coñecida en todo o mundo polos encaixes, traballo das mulleres de tal finura e elegancia que non ten rival. No encaixe traballan tamén as de Corme e quizais na aldea veciña. Na canción popular figura unha ameaza de venda:

A vila de Camariñas
disque que a van vender;
o que merque Camariñas,
moito diñeiro ha de ter.

O inquedo padecer de amor:

Camariñas, Camariñas
xa me vou camiñando
por unha de Camariñas
vou polo mundo penando.

Conserva costumes antigos como seca-lo peixe ó sol. Hai tempo no traballo das palilleiras había tamén pequenas festas populares, a son de canto e pandeireta.

No mar bravo de Muxía está un dos grandes Santuarios da nosa terra: a Virxe da Barca, que ten a pedra abaladoira, agora rota. A min nunca me bailou. Era lugar de procura de familia e a xente arrima as costas á Pedra dos Cadrís. A cantiga lembra a negativa ás pretensións de baile:

Veño da Virxe da Barca
veño de abala-la pedra;
abalei a máis pequena,
a grande non quixo ela.

Rosalía describe as galas das mozas dos diferentes lugares que van á romaría.

É preciso pedir axuda para buscar unha importante peza do barco que caeu ó mar:

Na altura de Camariñas
caeume o risón ó mar:
rapaciñas de Muxía
víndemo a levantar.

Chegamos ó cabo Fisterra. No abrigo da prolongación do monte está a vila, Fisterra, a onde chegaban os peregrinos que viñan a Compostela e querían ve-lo cabo do mundo; para atendelos había un hospital de peregrinos. Houbo unha cidade: Duium,

que desapareceu din que asolagada; algunha vez pensamos se sería por un maremoto. No cabo está o faro a modo de palmatoria con potente luz e forte bramido, para cando o espeso neboeiro non deixa ve-la luz. O cantar eloxia a luz:

Voga Pepe, voga Pepe,
voga Pepe, para terra,
xa verás como che alumbra
a farola de Fisterra.

Ó lado da capela de San Guillerme parece ser que había unha sepultura antropomorfa, que usaban de cama os matrimonios que desexaban ter familia. Frei Martín Sarmiento denunciou o feito como escandaloso á autoridade eclesiástica, a sepultura rompérona e Frei Martín escribiu: "y se acabó todo". Os ansiosos de familia ían pedirlle a San Guillerme que se obrara nos peticionarios un milagre. A devoción máis grande é o Santo Cristo, a canción popular indícao:

Veño da Virxe da Barca
veño de abala-la pedra;
agora veño a rezarche
Santo Cristo de Fisterra.

A axuda cando se produce unha avaría:

Santo Cristo de Fisterra
mándano-lo vento en popa,
para pasar Touriñana
que témo-la vela rota.

A imaxe é igual á de Ourense.

A prolongación do cabo Fisterra, longo e estreito, cerra a ría ou abrigo de Corcubión, e na outra banda destaca O Pindo coa Moa a xeito de gorra a máis de 600 metros de altitude, onde estaba a grandiosa fervenza do Xallas no Ézaro, agora perdida, e onde recollemos notas dun misterioso palacio dunha moza. O tesouro está gardado, coma en todos estes palacios, con dous canos pechados cun testo de bronce; un ó abrilo mata, por iso ninguén vai busca-las riquezas; o palacio e a guapa moza esperan. En Carnota está un dos hórreos máis grandes de Galicia; é moi grande a praia. As vilas de Corcubión e Cee, situadas na parte do norte, teñen un importante desenvolvemento. Tamén aquí a cantiga pide axuda para vence-lo vendaval:

Vendavaliño amoroso,
vendavaliño, ponte quedo,
deixa pasar meu irmán
dos baixos de Corrubedo.

Pasado o Monte Louro, que é monte-illa, entramos na ría de Muros e Noia, que forma o río Tambre. Pero á ría van parar outros ríos de menos importancia. Penso que a nota máis singular é saber que Noia foi fundada por Noé e a arca parou no cume do Monte Louro ou Monte Ararat de Galicia. Dende alí soltou o corvo e non volveu, dese feito sae o dito: "Fixo ida de corvo". Soltou a pomba e volveu axiña co ramiño de oliveira para face-lo niño na arca. A copla ten a súa diversión:

Vexo Muros, vexo Noia,
tamén vexo Corcubión,
e vexo as nenas de Faro
que andan ó mexilón.

Os de Noia son bos mozos,
os de Muros baloqueiros,
os de Fisterra morenos,
os do Son bos mariñeiros.

Cando pasaban nun barco por diante da Creba, en lembranza á Virxe do mosteiriño, o patrón descubríase e tamén os mariñeiros, e dicía en voz alta:

Salve Señora
que estamos na Creba.

e rezaba unha Ave María, á que todos respondían.

Denantes de saír ó mar aberto témo-lo castro de Baroña e o faro de Corrubedo, que guía as xentes que navegan, pasean ou namoran co seu ollar largacío, e pasado Aguiño, magnífico porto, e Santa Uxía de Ribeira, entramos na ría de Arousa, formada polo río Ulla, que ten ás súas costas o núcleo montañoso do Barbanza, que a separa das rías de Muros e Noia. A ría ten nos comezos Rianxo e A Pobra. En Rianxo é mester o canto á Virxe de Guadalupe, o que máis voltas deu ó mundo enteiro no seu tempo:

A Virxen de Guadalupe
cando veu para Rianxo
a barquiña que a trouxo
era de pau de laranxo.

Ondiñas veñen, ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van;
non te embarques, rianxeira,
que te vas a marear.

Como o canto:

Se vas a San Benitiño,
non vaias ó de Paredes,
que hai outro máis milagreiro
no conventiño de Lérez.

A imaxe da Virxe de Guadalupe, de pedra, obra de Asorey, está colocada nun fermoso recanto marítimo da vila, en Tanxil. Por ser lugar de cantores así o comenta a cantiga popular:

Aprendéronme a cantar
as meniñas de Rianxo;
aprendéronme a cantar
indo polo mar abaixo.

É sempre forte a retesía nos lugares en toda Galicia, como podemos ver:

Aí veñen as lanchas do xeito
pescando sardiñas a eito,
e van cara a banda do mar
porque os de Rianxo
non saben pescar.

A xeito de resposta:

Ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van,
as lanchiñas de Rianxo
gánanlle ás de Vilaxoán.

O eloxio da ría:

Pasei a ría de Arousa
nunha lanchiña de vela;
non vin cousa máis bonita
nin penso volver a vela.

Para que impere a paz na ría:

Santo san Bartolomé
está no medio da ría:
dun lado ten a Rianxo
do outro Vilagarcía.

Repetimos que os xeólogos consideran esta ría diferente na orixe ás outras. Agora lembrémo-la escuadra que visitaba Vilagarcía:

¡Ai Sálvora! Vou ve-la ría
que xa entrou a escuadra
en Vilagarcía.

Agora Cambados coas saudades amorosas:

Cambados, vello Cambados,
os mozos téñenche medo,
van a ti co peito ledo
e tornan enamorados.

E a xente de Cambados:

Polo mar vén un barquiño
vamos ver que xente leva
leva xente de Cambados
que é xente de boa terra

As illas de Arousa e da Toxa, a praia da Lanzada co baño das nove ondas e cando o vento forte sopraba do mar a voz das ondas oíase en Pontevedra. Denantes de saír da ría o eloxio das vilas:

Non hai portos como o de Arousa
vilas como elas non vin
Vilaxoán e Vilanova
Vilagarcía e Carril.

O grupo das illas de Ons, que co seu faro alumean a entrada na ría de Pontevedra, que vén a ela o río Lérez:

O Alba verte no Lérez,
o Lérez verte no mar,
sólo os meu suspiriños
non sei a donde van dar.

O encontro amoroso no río:

Sempre te encontro lavando
no río Lérez lixeiro;
quen me dera ser o río
onde ti lavas primeiro.

Tamén a laranxa amorosa:

Eu tirei unha laranxa
de Marín a Portonovo,
dentro daquela laranxa
iba o meu corazón todo.

Lembranza do chafariz e de San Bertolameu o Vello:

Pontevedra é boa vila,
dá de beber a quen pasa:
a fonte na Ferrería
San Bertolameu na plaza.

A navegación de Marín:

Para ser bon mariñeiro
hai que nacer en Marín
que de alí son os millores
de cantos eu conocín.

Xa fun a Marín
xa pasei o mar
xa son mariñeiro
xa sei navegar.

É curiosa a volta, ó parecer de Cuba ou de Filipinas, onde estiveron os que mo dixeron:

Xa fun a Marín
xa o mar pasei
xa veño de volta
de servir ó rei.

A península do Morrazo separa as rías de Pontevedra e Vigo. Os portos de Aguete, Bueu e Aldán. As illas Cíes están na entrada da ría e dentro as de San Simón e os portos: Cangas, Moaña, Redondela, Bouzas, Baiona.

O carballo do Galleiro
heino de mandar cortar,
cando vou pra Redondela
tírame a vista do mar.

Polo mar abaixo vai,
polo mar de Redondela,
polo mar abaixo vai
quen o meu corazón leva.

A volta do emigrante:

Vexo Vigo, vexo Cangas
tamén vexo Redondela,
vexo a Ponte de San Paio
camiño da miña terra.

O movemento do porto:

Na ría de Vigo
non se pode entrar
con tanto xeiteiro
que sal para o mar
que vai para o mar
a entrar e saír
á ría de Vigo
non se pode ir.

A ría de Vigo é a derradeira das rías baixas. De Baiona ata A Guarda xa non hai rías.

E co medo ás ondas que asustaron a Mendiño, deixamos pacificamente o noso mar.

A MUSEALIZACIÓN DO MUNDO DO MAR EN GALICIA: APROXIMACIÓN Ó SEU PROCESO

Francisco Fariña Busto

Unha parte importante da poboación galega vive en relación co mar, pero probablemente son poucos os galegos que teñen unha visión en profundidade do mar e da súa significación. Sen embargo, dende hai moito tempo os galegos percorren os camiños do mar, procuran a súa riqueza no peixe e no transporte e sofren os seus embates. A conciencia do que é o mar, da súa significación, de como andan nel os homes e como condiciona a súa vida, as actividades que se articulan no seu contorno e como se desenvolve a vida das comunidades ribeirás que viven para e polo mar, ten unha certa tradición, e do estudio pasouse á colección dos obxectos e ó proceso de educación ó seu través, é dicir, ó proceso de musealización.

Cando menos dende o século XI, aínda que poderiamos esculcar con detalle dende moitos anos atrás, no tempo en que é organizada unha mariña polo bispo, logo arcebispo de Compostela, don Diego Xelmírez para defensa das costas galegas dos ataques "piráticos" de normandos e sarracenos, as noticias sobre o mundo do mar son constantes, continuas e, moitas veces, épicas. E o mar convértese en tema poético, en campo de batalla e lugar de traballo. Os marineiros galegos coñecen a fondo os problemas da navegación, ensaian novas técnicas e desenvolven novos barcos e tamén novas artes de pesca que os levan á procura de novos caladoiros e novos rumbos e mundos.

Pero non imos face-la historia e crónica do mundo do mar, senón asomarnos a outra realidade, á percepción e ó interese polo mundo do mar como fonte de coñecemento e información, como colección de obxectos que serven para informar e formar ós relacionados con el e para tódolos demais cidadáns. Con todo, esa aproximación non inclúe un programa descritivo do que pode ser un museo do mar, da súa organización, articulación e potencial, que non é o caso, xa que a análise museolóxica dos posibles contidos, orientacións ou directrices funcionais dun museo, previamente definido o seu ambito de acción, desborda amplamente as posibilidades de seren abordadas no marco dunha intervención neste Simposio que hoxe nos reúne aquí, no Museo de Pontevedra, que hoxe nos acolle nesta singular lembranza de quen foi singular artífice do seu labor e o seu guieiro, don Xosé Filgueira Valverde.

As primeiras informacións neste sentido, de organizar un coñecemento e uns datos para facer unha aproximación científica e informativa verbo do mundo do mar a través da recolección dos útiles, artes de pesca e modelos de embarcacións así como da información productiva, xorden no século XVIII da man do frade bieito, Fr. Martín Sarmiento, tamén nesta materia adiantado do seu tempo.

Na súa obra xorden en moitas ocasións reflexións verbo do mundo do mar en Galicia, relacionado tanto coas obrigas militares dos homes, como coas devesas reais -parques de materia prima para os barcos da armada-, reflexións sobre os problemas da escaseza da pesca e de como deberían empregarse as distintas artes ou analiza-los costumes dos peixes en relación coas pesquerías, descrición das costas, dos útiles e da vida dos homes. Temas tratados en diferentes ocasións, sexa a propósito de atúns e almadrabas, da pesca da sardiña, do cerco e dos "cataláns", das súas viaxes a Galicia, etc.[1] Na súa correspondencia[2], sobre todo a que mantén con seu irmán, Francisco Javier, que desempeña un posto de mariña en Pontevedra, aparecen suxestións que fan pensar, en máis dunha ocasión, na proposta de crear un centro onde se informe e se recollan artes de pesca para coñece-lo seu e melloralos, é dicir, na creación dun primeiro museo do mar de Galicia, ende ben, cómpre dicir que é máis unha suxestión difusa que talmente expresada coa rotundidade coa que eu o interpreto, moi afastada doutras propostas explícitas en relación coa flora, fauna e a descrición xeo-histórica de Galicia[3].

Indubidablemente, o vínculo entre recolección de obxectos, organización e información ó seu través é o nó no traballo fundamental do museo, aínda que non se presente baixo este nome concreto. Coidamos que son estas as primeiras propostas para a creación dun museo do mar en Galicia. E descubrimos dende o principio a relación nuclear entre recolección de obxecto e educación do público como formula específica do museo, en relación cunha idea de progreso e avance que debe guia-lo funcionamento, que seguirá vixente ó longo do século XIX.

A segunda etapa desenvólvese dentro deste marco de relación coa idea de progreso no marco das sociedades eruditas e de promoción económica (as academias de fins do primeiro tercio do século, as sociedades de amigos do país, as comisións de monumentos) na liña do que se formulaba no século anterior, ata chegar á exposición específica dunha idea de recolección para formar unha colección coa idea xa, plenamente entendida e formulada, de crear un museo. A idea desta creación, dun Museo de Galicia, aparece xa nos finais do primeiro tercio do século XIX, acorde con certos movementos románticos que se producen en Europa nese período e dentro dese museo cóntase coa presencia e atención ós aspectos relacionados coa pesca, a navegación e a armada.

---

[1] Sobre a obra do insigne polígrafo pode verse J. Filgueira Valverde: *Fray Martín Sarmiento (1695-1772)*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde Fenosa, 1994. Tamén J. L. Pensado Tomé: *El Padre Sarmiento*; e J. Filgueira Valverde: *Ideas y sistema de la Historia en el P. Sarmiento. Discurso de ingreso en la Real Academia de la Historia el 14 de junio de 1981. Respuesta del Excmo. Sr. D. Antonio Blanco Freijeiro*. Pontevedra, 1981. Sobre os problemas pesqueiros relacionados coa súa obra F. López Capont (ed.): *1767. ORDENANZA DE PESCA que se debe observar en todos los puertos y Rías de Pontevedra*. Pontevedra, Caixa de Aforros de Pontevedra, 1995.

[2] Fr. Martín Sarmiento: *Epistolario* (disposto por X. Filgueira Valverde e M.ª Xesús Fortes Alén). Santiago, Consello da Cultura Galega, 1995. Esp. carta 147.

[3] Temas todos explícitos e ós que dedica "divagacións" extensas e pormenorizadas na súa obra. Cf. o Índice da súa producción en X. L. Pensado Tomé, unha visión máis superficial pero suxerente en *Para achegármonos a Frei Martín Sarmiento*. Santiago, Ed. Citania, 1994.

Evidentemente, esas propostas precisan dun soporte teórico de estudio e coñecemento, que articule e oriente as propostas. Pasos específicos nesa liña coidamos que aparecen na obra de Paz Graells cando, na descrición das costas do departamento marítimo de Ferrol, inclúe unha serie de datos que nos informan sobre facetas non sempre valoradas da actividade mariñeira. Atende as condicións de vida dos homes, da súa organización social e dos instrumentos que se empregan, os barcos e as súas características, reflectidas mesmo en láminas que permitan a súa construcción[4].

Non só na obra de Paz Graells, tamén nunha publicación estatística, como é o *Anuario de Pesca*, aparecen informacións de clara orientación científica e de recollida de datos sobre facetas concretas do mundo do mar, sobre todo relacionado coas embarcacións tradicionais, como é o caso da gamela da Guarda[5].

As propostas en relación coa musealización das actividades do mar, como das da terra e da actividade artesá, vincúlanse coas propostas de articulación dun Museo de Galicia, que, reunindo restos históricos, servirá tamén como expositor permanente e lugar de aprendizaxe para o futuro das técnicas, modos de producción e posibilidades de progreso e desenvolvemento[6]. Estas ideas aparecen reiteradamente nos manifestos que anuncian a celebración das exposicións rexionais ou nacionais ó longo de todo o século e chegan tamén ata a grande Exposición de 1909. O seu soporte teórico, as propostas concretas de musealización e a idea central xa tivemos ocasión de analizala noutra ocasión polo que evitámo-lo seu pormenor[7].

Outra faceta do estudio está en relación coa actividade investigadora promovida pola Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, que realiza un esforzo considerable, xa no

---

4 Mariano de la Paz Graells: *Exploración científica de las costas del Departamento Martímo de Ferrol desde La Guardia hasta el límite...* Madrid, 1870.

5 *Anuario Estadístico de Pesca. Año 1859*. Madrid, 1860. É un interesantísimo traballo, a penas citado, cun estudio pormenorizado das gamelas, que inclúe planos e outros aspectos da construcción, usos e aparellos. Existe un exemplar na Biblioteca da Real Academia Galega, na Coruña. Noutros anos estúdianse outras embarcacións.

6 Cf. a modo de exemplo "Testimonios y documentos. La Exposición agrícola, industrial y artística de Galicia en 1858". *Revista de Economía de Galicia*, 5-6, set.-dec. 1958, 44-49 (Vigo, Galaxia). Tamén os manifestos en relación coa exposición de 1868 e os relacionados co "Dictamen presentado a la Sociedad Económica de Santiago acerca de la fundación del Museo Arqueológico de Galicia, siendo ponente de la Comisión don Bernardo Barreiro de V.V., director propietario de Galicia Diplomática", *Revista de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*, ano III, n.º 30, 30 de xuño de 1884. Ou incluso o *Manifiesto de la Exposición Regional Gallega de 1909, encabezado por don Antonio López Ferreiro*. Santiago, Tip. El Eco de Santiago, 1908, 4 p.

7 F. Fariña Busto: "A idea dun Museo de Galicia. Aproximación á historia dun Museo do Pobo Galego". *Grial* (c.p.). Valoracións nesa liña aparece reflectidas tamén no folleto *Museo do Pobo Galego. 10 anos de traballo*. Santiago, MPG, 1986. Dende una perspectiva estrictamente arqueolóxica hai contribucións suxerentes en C. Llana, José Villaamil e Castro: *Revista de Arqueología*. Tamén N. Serrano Téllez: "El Museo municipal de Santiago de Compostela en el convento de Santo Domingo de Bonaval", *Boletín de ANABAD*, 1/1995.

derradeiro tercio do século, para achegárno-la realidade social e organizativa das comunidades mariñeiras do século XV e XVI como fenómeno histórico vinculado á historia da propia cidade de Pontevedra[8]. Finalmente, nesa liña de traballo de documentación histórica, cómpre sinalar tamén os estudios sobre aspectos relacionados coa pesca de Rábago no marco dunha perspectiva máis ampla[9].

Existe tamén unha corrente paralela que atende basicamente o mundo do mar en relación coa conquista de novos mundos e, sobre todo, da mariña militar, que nalgún momento conflúen, pero que parecen marchar por canles diferenciadas. En efecto, dende o ámbito máis tradicional da mariña militar, no seu núceo de Ferrol, só se considera a evolución histórica articulada sobre este suposto, as técnicas de navegación, armamento e modelismo naval. Non interesan, nin sequera neste período, as cuestións relacionadas coa antropoloxía social do que non sexa a elite considerada.

As propostas definidas e os pasos dados no século anterior callan en realidades no primeiro tercio do século XX, unindo realizacións e estudios científicos. Por unha banda, os realizados por Benigno Rodríguez Santamaria[10], que están na orixe das coleccións, fondos e exposición do Museo Naval de Madrid, onde existe unha importante colección e exposición do mundo do mar de Galicia. Doutra banda porque na idea dos homes que promocionaban a idea dun museo de Galicia, diante da imposibilidade de conseguir un museo histórico unitario, xurdiu o proxecto dun museo antropolóxico, etnográfico como se dixo entón, galego que incluía o mundo do mar.

Velaí as declaracións de principios de Vilar Ponte[11], de Maciñeira[12], de Bouza Brey[13] nos varios artigos que nos xornais daquela creaban ambiente cultural e social. A realidade comezou a tomar corpo, paseniñamente, no seo do Seminario de Estudos Galegos, da man dos primeiros estudios da realidade mariñeira con criterios etnográficos[14] e a realización de modelos de barcos e dos sistemas de pesca, pero todo o esforzo do Seminario encallou na realidade da Guerra Civil.

---

[8] *Colección de Documentos, Inscripciones y Monumentos para la Historia de Pontevedra. III. Ordenanzas del Gremio de Mareantes y Cofradía do Corpo Santo*. Pontevedra, 1904.

[9] J. Díaz de Rábago: *Obra completa*. Santiago, 1900. Vol. V.

[10] Benigno Rodríguez Santamaria: *Diccionario ilustrado... de las artes de pesca, aparejos e instrumentos que se emplean para la pesca marítima en la costa Norte y Noroeste de España*. Madrid, 1911.

[11] As propostas de A. Villar Ponte publicadas no diario *El Sol* de Madrid, 1923.

[12] Xa con motivo da Exposición Rexional Galega, don Federico Maciñeira Pardo de Lama lanzou en artigos de prensa as súas propostas, parcialmente coincidentes coas dos propios promotores da Exposición: "Para la exposición regional de Santiago", *La Voz de Galicia*, martes 10 nov. 1908. Especificamente no que agora indicamos: "Un museo-exposición", *La Voz de Galicia*, 15 de abril 1915, "Aspectos regionales. Insistiendo en los del Museo Etnográfico", *La Voz de Galicia*, vernes 3 de xullo 1925, e "Aspectos regionales. Volviendo sobre lo del Museo Etnográfico", *La Voz de Galicia*, mércores 13 de xaneiro de 1926.

[13] F. Bouza Brey: "A creación do Museo de Galicia", *Faro de Vigo*, domingo 25 out. 1923. Esta faceta da súa actividade non se recolle nas publicacións biográficas editadas con motivo do Día das Letras Galegas de 1994 que se lle dedicou.

[14] "Notas para un cuestionario de Etnografía. Embarcacións". *Nós*, ano XV, n.º 111 (1933), 49 ss. Cf. tamén X. Lorenzo: "As dornas do Porto do Son", *Nós*, ano XVI, n.º 126-127 (1934), 109-116.

Das iniciativas que xorden nese anos finais da década dos 20 do presente século só unha iniciativa se mantén, o Museo Massó, directamente vinculado á tradición empresarial familiar, reunindo unha importante colección, lamentablemente moi pouco coñecida e valorada fóra dos núcleos especializados. Esta colección reúne importantísimos fondos, tanto bibliográficos e documentais como propiamente navais, relacionados coa actividade propia da empresa (a pesca, as embarcacións usadas, salgadura e industria conserveira derivada), tamén outra serie de materiais traídos doutras áreas, pero sempre relacionados co mar: fósiles, cunchas e diversos restos así como embarcacións.

O museo, situado inicialmente nunha parte da instalación fabril de transformación da praia de Bueu, xorde en 1928, trala visita de Marconi ás instalacións segundo contaba don José María Massó, quen traballou arreo no enriquecemento das coleccións e coidado das mesmas, realizando mesmo da súa man diversas maquetas coa reconstruccións de embarcacións históricas como as "naves sarcinarias" e "galeras" que mandara construír Xelmírez[15]. As importantes e variadas coleccións reunidas, a súa posición nun edificio fabril que podería servir de marco incomparable para a súa exposición e as posibilidades de ampliación existentes -parcialmente perdidas pola transformación da beira do mar en Bueu- facíano candidato a ser unha das máis grandes realidades museográficas de Galicia. Infelizmente, logo da morte de don José María, unha serie de feitos relacionados coa marcha da empresa conserveira e pesqueira manténeno pechado e mesmo estivo a piques de desaparecer. Na actualidade, os fondos están sendo sistematicamente inventariados para transformarse nun novo museo de promoción pública trala adquisición das coleccións pola Xunta de Galicia; existe un avanzado proxecto de instalación museográfica que descoñecemos pero existe o compromiso político de reinstalalo e mantelo na mesma vila de Bueu[16].

As circunstancias históricas marcan novos rumbos. Nos anos cuarenta declinan algunhas das iniciativas anteriores, debido a que estaban vinculadas con movementos políticos e culturais que non eran facilmente aceptables. Doutra parte, as novas directrices favorecen o desenvolvemento das aproximación imperiais ó mundo marítimo e cobran maior vigor iniciativas tendentes a facer unha presentación dos grandes buques

[15] J. Mª. Masso y García-Figueroa: *Barcos en Galicia de la prehistoria hasta hoy y del Miño al Finisterre*. Pontevedra, 1982 (2ª ed. Pontevedra, 1992).

[16] En efecto, dende 1989 xurdiron rumores da venda da colección ante os problemas que lle xurdiran á empresa conserveira e suscitouse a posibilidade do seu traslado a Vigo, onde se daban pasos para a creación do Museo do Mar. Con todo, logo dun tempo de debate do que poden ser mostras os artigos de Juan Ferradanes Pousada: " O Museo marítimo Massó en Bueu", *Faro de Vigo*, 21 feb. 1993, ou ou a recensión dun debate aberto celebrado no mes de xuño seguinte baixo o título: "Filgueira se une al pueblo de Bueu en la lucha para la apertura del Museo Massó", *Faro de Vigo*, 13 xuño 93. Posteriormente adquiriuno a Xunta de Galicia e fixose público o compromiso de mantelo en Bueu cunha nova instalación. "Portomeñe quiere convertir el Museo Massó en el complejo histórico naval de Galicia", *Faro de Vigo / El Correo Gallego*, sábado 19 de marzo de 1994. Parece ser que está en curso a definición do proxecto museolóxico desta nova instalación.

de guerra a través de modelos e da presentación de elementos vinculados con esta forma de traballo no mar, que teñen o seu centro en instalacións da Armada[17].

Con todo, nalgúns museos, como no Museo de Pontevedra, que xorde en 1927, con carácter de museo histórico, a carón de iniciativas en relación coa gloria militar e a significación persoal dun persoeiro como don Casto Méndez Núñez, hai aproximacións tamén a facetas do mundo da pesca tradicional a través de útiles e pequenos dioramas[18] e, paralelamente, o desenvolvemento dunha Cátedra de Alta Cultura Naval. Así mesmo, no Museo, e particularmente polo impulso de don Xosé Filgueira Valverde, a quen con este simposio recordamos e que tan coñecidas mostras de interese pola historia e polos temas do mar nos ofertou, mantense unha liña de investigación histórica importante en relación coa temática mariñeira. Velaquí, como xa se dixo, a *Guía das Salas do Mar*, pero sobre todo a súa obra *Arquivo de Mareantes*, onde se recolle unha serie de datos, aínda por explotar a fondo, en relación coa tradición, a vida e as características do mundo do mar na historia galega dos séculos XV ó XVIII[19].

É evidente que o interese histórico polo mundo do mar abranguía novas iniciativas e expectativas. Os estudios históricos de carácter xeral, ou de embarcacións en particular, inclúen capítulos que estudian facetas importantes relacionadas co ámbito galego. Non é o caso de facer aquí unha relación pormenorizada delas, pero sería imperdoable non telas en conta e facer mención explícita da súa existencia. Moitas delas teñen, tamén coma no século pasado, a súa raigaña en acontecementos concretos de natureza comercial, as grandes feiras ou exposicións, que adoitan tamén incluír propostas e exposicións temporais, de tipo histórico e antropolóxico relacionadas co mundo do mar, como é o caso da Feria do Mar de Vigo, en 1945[20], primeira dunha serie que foi crecendo co paso do tempo ata chegar ás actuais World Fishings Exposition, e que tivo outras manifestacións máis restrinxidas como a Feira Galimar, de Vilagarcía, pero con marcado interese polas mostras complementarias[21].

Outra iniciativa, posterior, tamén de impulso particular, que acabou recibindo un recoñecemento institucional pouco definido na práctica, é o Museo do Mar de Celeiro, xurdido da iniciativa de don Francisco María Rivera Casas, mestre en Celeiro, San Cibrao, na comarca das mariñas lucenses, que dedicou parte do seu tempo a reunir unha

---

[17] A súa existencia é coñecida pero o seu acceso é relativamente restrinxido, o que lles impide desenvolver unha acción museográfica eficaz. Sobre o de Ferrol pode verse "El Museo Naval de Ferrol muestra la evolución de la Armada española". *El Correo Gallego*, 2 febreiro 1993; unha recensión na prensa en data recente *El Correo Gallego*, 16 xullo 1997. Tamén nalgúns números da *Revista General de Marina* existen artigos e datos diversos sobre as coleccións e as súas características.

[18] X. Filgueira Valverde: "Las salas del Mar del Museo de Pontevedra". *El Museo de Pontevedra* (EMP), Pontevedra.

[19] X. Filgueira Valverde: *Arquivo de mareantes*. Pontevedra, Museo de Pontevedra, 1946.

[20] *Pabellón de los museos (fondos del Museo de Pontevedra y del Museo Massó). Catálogo-Guía*. Vigo, 1945, 50 p.

[21] Por exemplo a do ano 1989: Vid. *La Voz de Galicia*, luns 13 de novembro 1989.

interesante colección. Esa colección pasou a ter recoñecemento oficial ó te-lo apoio da Excma. Deputación Provincial de Lugo dende outubro de 1969.

A colección ocupa unha ampla sala nun nobre edificio da vila de San Ciprián e cabe agrupala nas seguintes series, tal e como describe o seu fundador: Modelos artesanos de embarcacións tradicionais e algúns barcos de guerra; aparatos e obxectos relacionados coa navegación e equipamenteo dos buques, fauna marina -incluíndo cunchas, corais, restos dos grandes mamíferos, algas e peixes disecados, etc.; fósiles mariños, traballos de artesanía mariñeira e aparellos, completándose cunha pequena e interesante biblioteca[22].

No mesmo 1969 acordouse a creación dun Museo de Artes e Costumes Populares do Mar en Combarro por Decreto do 25 de setembro. A súa finalidade era: "exhibir adecuadamente, además de las muestras representativas de la vida colectiva y pública y de la vida familiar de la Galicia costera, las distintas variedades de utensilios empleados en las artes de pesca"[23].

Adquiriuse un edificio na propia vila, situado no conxunto histórico declarado, de traza singular pero pouco adaptado ás necesidades propias dun museo. De feito, o museo non chegou a entrar en servicio e a recollida das coleccións a penas comezou (as recollidas deberon pasar ó Museo de Pontevedra) pero a súa análise serviu para unha aproximación global ó tema dos museos de Galicia e unha proposta inicial de articulación dun museo do mar cun carácter máis participativo no que se incorporasen posibilidades de aprendizaxe, concentrado agora cara ó ocio e ó deporte[24], abrindo novas perspectivas en relación cos problemas da dinámica museográfica. A pesar da disposición legal, e quizais como consecuencia da inadecuada situación e falta de estudio previo, o museo non se converteu en realidade e segue sendo unha serpe de verán[25].

Pouco despois proliferaban novos pulos no estudio da antropoloxía mariñeira e desa recolección sairán publicacións e estudios que axudan a configura-la base operativa das máis novas propostas museográficas[26].

---

22 F. M. Rivera Casas: "El Museo provincial del mar". *Lvcvs*. Boletín Informativo. Excma. Deputación Provincial de Lugo, n.º 39, maio 1989, 50-51.

23 D. 2123/1969, do 16 de agosto (BOE n.º 284, 20 set. 1969). Art. 1º. Na mesma disposición ten interese, máis alá do organizativo e administrativo que se regula noutros puntos, o art. 4: "Los fondos del Museo se constituirán: a) con los utensilios, artefactos, y aparejos de pesca utilizados tradicionalmente en Combarro y pueblos marineros de la costa gallega, cedidos por las Corporaciones locales o adquiridos expresamente a tal efecto; b) con los donativos, legados o depósitos de tales objetos que se realicen por instituciones o particulares, españoles o extranjeros; c) por las obras de arte u objetos histórico-artísticos que se adquieran por cualquier título con destino al museo; y d) con aquellos documentos y reproducciones que por su calidad o poder educativo merezcan ser expuestos en el museo".

24 F. Fariña: "El museo y la exposición. Problemas en torno al museo de Combarro". *Grial*, 50, out-dec. 1975, 440-451.

25 Efectivamente, cada certo tempo retoma actualidade nos xornais o mencionado Museo, sen que as diversas iniciativas formuladas conseguiran darlle o pulo preciso. Actualmente, o edificio é a sede da asociación cultural A Solaina, que promove diversas actividades culturais na propia vila.

26 A publicación do volume monográfico de Xaquín Lorenzo: "Etnografía: Cultura material", vol. III da *Historia de Galicia* editada en Bos Aires, con dirección de R. Otero Pedrayo en 1962 e a súa difusión entre

Evidentemente, o interese pola musealización do mundo do mar debería ir unido ós intereses económicos. Non foi así, non quero dicir con isto que non xurdiran iniciativas xa que como indiquei algunhas exposicións temporais e propostas de aproximación museográfica apareceron no marco das Feiras, pero nin callaron en realidades nin, na práctica, a manifestación pública para a creación dun gran Museo do Mar de Galicia se evidenciou máis que nunha data relativamente recente, cando se comezou a manifesta-lo ocaso dalgunas facetas moi significativas das actividades do mundo do mar para os galegos e a transformación acelerada doutras.

Tampouco noutras circunstancias os proxectos, ardorosamente defendidos nos medios de comunicación, a prol da conservación de significativos barcos, como A Galatea, que fora buque-escola e que remataba o seu período de servicio útil na Mariña de guerra, alcanzaron o seu obxectivo e non se conseguiu convertelos en realidade (neste caso en museo flotante en Ferrol) que si foi posible noutros lugares[27].

A creación do Museo do Pobo Galego significou unha aldrabada importante no proceso de musealización do mundo do mar. As datas e as circunstancias favoreceron, sen dúbida, o seu desenvolvemento pero a decisión de comeza-la súa andaina coa apertura das salas do mar foron toda unha aposta dos que traballaban no seu impulso.

Dentro do espírito e visión globalizadora do proxecto do Museo, o mundo do mar contemplábase como unha necesidade prioritaria, resultando unha das súas primeiras concrecións[28]. O antigo refectorio do convento de San Domingos foi elixido, polas súas dimensións, para acolle-la sala. Constrinxidos polo espacio que require a exhibición de materiais de tal envergadura, reuniuse unha mostra representativa das embarcacións máis peculiares de Galicia. A exposición das embarcacións compleméntase coas maquetas, as artes de pesca e marisqueo, namentres outros aspectos da vida mariñeira están representados por debuxos, planos, fotografías de época e útiles de traballo diverso relacionados coa actividade. Todo ó servicio dunha concepción xeral que considera coma unha totalidade a cultura, entendida como un conxunto de respostas formalizadas perante as necesidades básicas, interaccionando cultura e historia, que desborda rapidamente o concepto de museo como local acaparador e expositor de obxectos descontextualizados.

---

os medios universitarios nos anos seguintes facilitaron o interese polo tema. A título de exemplo F. Calo Lourido: *La cultura de un pueblo marinero: Porto do Son*, Santiago, 1978; os estudios de tipo histórico-etnográfico sobre embarcacións de Staffan Mörling, publicados anos despois pero realizados neses anos, ou os de F. Fariña e F. Alonso Romero, que comeza a súa publicación nesas mesmas datas ou algo anteriores.

27 Pode seguirse a polémica na prensa, *La Voz de Galicia*, 1981-82. Logo decidiuse o seu traslado a Sevilla e en data recente a prensa faise eco da súa utilización no porto inglés de Plymouth do citado Galatea. *La Voz de Galicia*, xullo de 1997.

28 O interese polo tema marca o feito xa indicado de ser unha das primeiras salas do Museo así como o tema escollido para inicia-los cadernos de divulgación e outras series de traballos como coloquios e sesións de traballo: F. Calo Lourido: *As artes de pesca*. Cadernos do Museo do Pobo Galego, 1. Santiago, 1980. O primeiro coloquio tivo como tema a Arqueoloxía naval do Noroeste, cfr.: *Museo do Pobo Galego. Dez anos de traballo. 1977-1987*. Santiago, 1987.

As actividades desbordaron o marco físico do Museo e recuperáronse diversas embarcacións en diversos puntos de Galicia e, ademais, activáronse os xermolos doutras iniciativas.

Dende entón xurdiron novas iniciativas, moitas en relación coa actividade dos socios e patróns do Museo do Pobo Galego, e así, nos últimos tempos, calquera que siga a información dos diarios pode chegar a pensar que os museos de papel que neles se anuncian non van ter espacio suficiente no territorio de Galicia. Citareinos para que se vexa que non é esaxerada a miña afirmación. A carón do Museo do Mar de Vigo, que analizarei polo miúdo despois, contamos coas iniciativas de creación doutro museo do mar en Vigo, iniciativa da Zona Franca[29], no Grove[30], Corrubedo[31], Ferrol, A Coruña, Baiona, etc.[32], que non pasan, no que coñecemos, de ser expresión de bos desexos e, na miña particular opinión, expresión dos celos comarcais ou persoais dalgúns políticos que non saben do que falan.

Nesta visión panorámica e a vista de paxaro da problemática do proceso de musealización do mundo do mar en Galicia, parece conveniente aborda-lo proxecto máis coñecido e publicitado: o Museo do Mar de Galicia, en Vigo.

Xurdiu a súa proposta, no que eu coñezo, dun estudio preliminar elaborado por don Fernando Alonso Romero, que converteu en propio a Asociación de Oficiais da Mariña Mercante da Provincia de Pontevedra, en 1982, ofrecéndolle a iniciativa ó Excmo. Concello de Vigo, que fervorosamente o acolleu e tentou darlle pulo en diferentes ocasións, con iniciativas e acordos sucesivos que ofrecen altibaixos. Así, despois desta primeira iniciativa, un novo pulo dáse en 1988 coa decisión de emprega-lo antigo matadoiro de Alcabre como sede do Museo, elaborándose un proxecto arquitectónico do técnico don Luis Felipe Comesaña Arribas e pouco despois oriéntase un anteproxecto museográfico, cun informe inicial, que non ten continuidade[33]. Paralelamente analízanse as potenciais coleccións para arrancar, actividade que se realiza co apoio da Xunta de Galicia mediante a creación dunha bolsa de traballo para a realización dun inventario de coleccións existentes e potencialmente incorporables no proxecto. O parón derivado dun cambio de goberno na Xunta de Galicia, única administración capaz de articula-lo apoio económico para darlle viabilidade ó proxecto, retardou a iniciativa, aínda que nun primeiro momento se lle dese continuidade, retomándose en 1993 con

[29] *Faro de Vigo*, 27 febreiro 1996: "El nuevo museo de la zona Franca ocupará todo el edificio de la Estación marítima".

[30] Inicialmente previsto como museo, converteuse logo en acuario e centro de experimentación e observación marítima.

[31] *El Correo Gallego*, 11 agosto 1994. Proposta para converte-lo faro de Corrubedo en "museo do mar".

[32] *Faro de Vigo*, 4 agosto 1994: "El Concello de Baiona proyecta habilitar la finca de Carvajal para el Museo del mar". Máis recentemente: *Faro de Vigo*, 4 xullo 1997: "El Plan de excelencia turística de Baiona incluye la creación de un museo etnográfico".

[33] F. Fariña Busto: "Informe preliminar para un programa museolóxico do Museo do mar de Vigo". 1990. 15 p. mecanografadas.

novas perspectivas. En efecto, encárgaselle un novo proxecto arquitectónico a Aldo Rossi e César Portela e con motivo da súa presentación pública articúlase un Seminario técnico, que ten lugar en Baiona en febreiro de 1993 e no que se conclúe o interese de formular un programa museolóxico definido que se acomode ó edificio proxectado (incluíndose as modificacións pertinentes) e poida ser realizable. Logo o asunto decaeu e en datas recentes novos compromisos políticos do actual equipo xestor da Consellería de Cultura e Comunicación Social parecen darlle novos azos[34], aínda que transcorridos algúns meses parece apostarse pola apertura dun centro multimedia, afastado do que, coidamos, debe ser un museo[35]; en calquera caso saudariámo-la súa realidade con entusiamo.

Finalmente, dende outra perspectiva, cómpre sinalar actuacións non sempre estrictamente vinculadas a propostas de museos; que, o mesmo que o emprego das novas tecnoloxías, teñen unha certa importancia cara á definición de actuacións muselóxicas. Refírome, por exemplo, á creación dunhas Escolas-Taller de carpinteiros de ribeira, como a de Marín, iniciativa que tivo unha incidencia notable nos procesos de recuperación de información e no desenvolvemento de novas perspectivas para as embarcacións tradicionais, producíndose un proceso de recuperación, nalgún caso moi notorio, como é o coñecido da dorna, que cobre agora novas e espectaculares singraduras como aínda non hai moitos días tivemos ocasión de ver no Grove e na Illa de Arousa[36]. Outro tanto podemos dicir das "aulas de didáctica" do mar, que cumpren tamén unha xenerosa entrega de iniciación e respecto polas tradicións mariñeiras[37].

---

[34] "El Museo del mar de Galicia". *Faro de Vigo*, domingo 15 decembro 1996. Editorial.

[35] Declaracións nos xornais do Conselleiro de Cultura e Comunicación Social, Sr. Pérez Varela con motivo da súa visita a Vigo: *El Correo Gallego*, 6 e 14 xuño de 1997; *Faro de Vigo*, ídem.

Das declaracións dedúcese que a nova orientación do Centro parece dirixida non tanto a definir un museo senón un parque temático, con poucos ou ningún obxecto e moita aplicación tecnolóxica suxeridora de posibilidades en realidade virtual. Un museo, como expresa tanto a definición xeralmente aceptada, que é a acordada polo ICOM, como as disposicións legais reguladoras da materia (Lei 16/1985, do 20 de xuño, do Patrimonio Histórico Español; Lei 7/1995, do 7 de novembro, do Patrimonio Cultural de Galicia), contempla a presencia de obxectos como medio de aproximación á educación pública xeral e uns fins asociados como son a investigación, conservación e exposición sistemáticas dos obxectos, o que non exclúe a utilización de todos aqueles elementos de información complementarios precisos para o bo fin da educación mediante a comprensión funcional, e, dende logo, certos elementos como a utilización de simuladores, ordenadores e sistemas de apoio informáticos ou de realidade virtual son poderosos instrumentos que se poden empregar con este fin, pero sen esquece-lo feito instrumental e non por seren un fin en si mesmos.

[36] Dende hai algúns anos xa, pero recentemente a celebración do III Encontro de Embarcacións Tradicionais deu a oportunidade de ver navegando a diversas embarcacións tradicionais, as máis delas recuperadas pola iniciativa de grupos vinculados ás aulas citadas, que se suman ás iniciativas do I Encontro de Ribeira en 1993 e o II en Coruxo en 1995. Cf. as publicacións editadas con motivo dos encontros: "III Encontro de embarcacións tradicionais". *Revista de Cultura Marítima. Galicia-97*. O Grove 3, 4 e 5 de xullo.

[37] A modo de exemplo as iniciativas do Grupo Mascato ou o recente lanzamento pola Asociación Cultural Lagareu por Barlovento da revista *RELINGA. Revista de cultura e actividades mariñeiras tradicionais*. N.º 1, primavera 1997.

E como remate, unha perspectiva sobre outra dinámica recentemente xurdida en Galicia e que garda estreita relación coa musealización -a propia definición de museo promovida polo ICOM outórgalle esa categoría- do mundo do mar, o fenómeno dos acuarios. Amais do deseñado case como tal no proxecto do Museo de Mar de Vigo de Rossi/Portela, xa citado, recollendo ecos do proxectado por Portela en Vilagarcía, xorden recentemente varias propostas nesta liña: o do Grove, aberto ó público o pasado mes de abril[38], a Casa dos Peixes da Coruña[39], os proxectados en Corme e, finalmente, un de augas interiores en Allariz, lonxe do mar e orientado ó mundo piscícola de auga doce[40], nunha desas secuencias que se poderían definir como xa alguén titulou: "La locura de los acuarios de Galicia"[41].

En resumo, moitas iniciativas, sucesivas no tempo e probablemente complementarias entre si, nas que non houbo, nin hai, coordinación, nin delimitación de obxectivos, nin definición dos esforzos, o que as converteu en non natas ou deficientemente formuladas, o que as fai merecentes de atención teórica e dun serio estudio de reconversión e relanzamento para que, cando menos aquelas que son precisas, cumpran a misión que lles é propia ós museos: a educación social a través das coleccións. E tamén resalta-la necesidade de articular seriamente as posibles ofertas existentes dándolles continuidade e solvencia para convertelas en realidade social eficaz.

---

[38] *Faro de Vigo*, 30 abril 97.


[39] *El País*, 21 maio 97.

[40] *Faro de Vigo*, 23 maio 97.


[41] Rogelio Seijo: "La locura de los acuarios en Galicia", *El Correo Gallego*, 9 feb. 97, p. 22.

CORRECCIÓN DE ERROS

Nas páxinas 78-79 os planos das velas, que aparecen en posición horizontal, tiñan que figurar en posición vertical.



VELA:
Esta es la vela de una lancha xeiteira de Finisterre. El repique es la esquina arriba a la derecha. Es pequeño, de 90° o algo menos. En consecuencia, la relinga de barlovento resulta muy larga y le da a la vela un aspecto peculiar.



Vela Sup. 21,60 m^2
En esta vela de una dorna de Corrubedo el repique es grande, notablemente superior a los 90°. La relinga de barlovento es, por ello, llamativamente más corta que en la lancha de Finisterre.

Que Galicia foi e é un país cun importantísimo potencial humano e económico adicado ás actividades relacionadas co mundo do mar é innegable. Chegue con dicir –sen entrar agora nos aspectos do marisqueo ou da acuicultura– que ocupa o primeiro lugar, en canto ó total de tonelaxe das embarcacións, de entre tódolos estados que conforman a U.E. (270.577 t fronte ás 259.981 que ten Italia, a segunda na lista). Pero, por coñecidas razóns, os investigadores, tanto historiadores como antropólogos, case sempre se mantiveron de costas a esta importantísima faceta da realidade galega.



ANTROPOLOXÍA MARIÑEIRA

Isto foi o que motivou á Ponencia de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega a organizar un simposio que servira de revulsivo á comunidade científica galega.
Acordouse adicalo á memoria de D. Xosé Filgueira Valverde, Presidente que foi do Consello e estudioso dos mareantes da súa ben amada Pontevedra.

ISBN 84-87172-37-7

